

PERCEPCIÓN DOS CIDADÁNS SOBRE A SITUACIÓN DE GALICIA E O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. 1º INFORME

PERCEPCIÓN DOS CIDADÁNS SOBRE A SITUACIÓN DE GALICIA E O FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA. 1º INFORME

Escola Galega de Administración Pública

Santiago de Compostela, 2006

Edita:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid, 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Tradución:

Combo García, Ramiro Anxo

Deseño e maquetación:

Krissola Diseño, S.L.

Imprime:

I.S.S.N:

84-453-4373-4

Depósito legal:

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	11
1. Obxectivos	13
2. Elementos fundamentais para o enfoque da investigación	13
3. Declaración de intencións. A pregunta é: ¿Para que?	14
4. Cumprimento do mandato. Control da xestión. A información como elemento de cooperación	14
5. ¿Que investigar?. As medidas fundamentais da percepción cidadá	15
6. Breve ficha técnica	19
7. Os bloques de información e a súa organización	19
8. Contidos da análise. Principais resultados	22
2. MAPA SOCIODEMOGRÁFICO BÁSICO DA MOSTRA	43
3. AS PERCEPCIÓNS DOS GALEGOS	53
1. A percepción de Galicia	57
2. Posición comparada	76
3. As percepcións dos municipios, os servizos e a xestión como factores da percepción de Galicia. Perspectiva global	123
4. Os municipios	127
5. Os servizos públicos	159
6. Percepción da xestión da Xunta	188
7. Os servizos privados	209
8. Conclusións	228

4. IDEOLOXÍA , OPINIÓ N SOBRE A XESTIÓ N E OS SERVIZOS PÚ Blicos, ATRIBUCIÓ N DE COMPETENCIAS E INTERESE POLA POLÍ TICA	237
1. A ideoloxía e a identidade	240
2. A xestión da Xunta de Galicia	262
3. Servizos pú blicos	273
4. O interese pola polí tica	339
5. ConclusiÓ ns	347
ANEXO 1: ENFOQUE DA INVESTIGACIÓ N. METODOLOXÍ A.	355
1. IntroduciÓ n. A pregunta é: ¿Por que adoptar un enfoque ou outro?	357
2. ¿Como medir a percepciÓ n? ¿Obteremos informaciÓ n relevante, fiable e exhaustiva?	357
3. A xerarquizaciÓ n dos atributos	362
4. Deseño técnic o	364
ANEXO II: CUESTIONARIO	369



Escola Galega de
Administración
Pública



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
XUSTIZA

1. INTRODUCCIÓN



1. Obxectivos

A xestión pública moderna é imposible sen un subministro continuo de información. Os países teñen sistemas estatísticos que se consideran imprescindibles para a xestión pública e tamén para as empresas. Estes sistemas rexistran feitos e comportamentos. Os gobernos e as empresas preocupápanse, ademais, nos seus ámbitos de acción, do que necesitan ou demandan os seus públicos obxectivos. O sistema de información que está na base desta investigación é, antes que nada, unha ferramenta para a Administración galega, no sentido de producir, para axudar a xestionar mellor os asuntos públicos, información relevante sobre o marco (Galicia, os municipios) e sobre algúns dos principais axentes que operan nel (os gobernos, os subministradores de servizos públicos e de servizos privados).

Sabido é que todo goberno, indefectiblemente, mira cun ollo ao interese xeral e co outro ao mercado electoral. Esta ferramenta atende á primeira destas perspectivas, omitindo explícita e deliberadamente a segunda. E isto é así por dúas razóns principais.

En primeiro lugar, porque o interese dos cidadáns, por razóns epistemolóxicas e metodolóxicas, debe ser abordado a partir do impacto dos acontecementos e da súa análise, o que é propio da percepción (canto e como me afecta algo), en tanto que o voto (a intención de voto medible) se move máis ben ao ritmo da opinión (que xuízo fago sobre...; ou, máis ben, a que xuízo me adscribo sobre...), que tampouco é obxecto deste proxecto, pois non se trata de que as enquisas dirixan a acción da Administración nin de substituír as institucións polas medidas da opinión, por un voto periódico oficioso e cambiante ao ritmo da actualidade.

E, en segundo lugar, porque a produción de información sobre a sociedade, tal como está concibida neste proxecto, non ten soamente un valor para o que pregunta (a administración), senón que pode e debe ter valor para o que responde (os cidadáns), mediante a devolución dos resultados á sociedade para contribuír ao seu crecemento, o que acaso xustifique esta publicación.

Entón, baixo estes supostos fundamentais, o sistema de información proposto terá acadado o seu obxectivo se logramos cumprir catro condicións: producir información relevante, útil en termos do tempo da xestión pública, transmisíbel á sociedade e non redundante co sistema estatístico.

2. Elementos fundamentais para o enfoque da investigación

Cando se aborda un proxecto de investigación, cómpre responder a catro preguntas relacionadas con tres niveis de desenvolvemento deste: o epistemolóxico, o metodolóxico e o técnico.

No primeiro, debemos responder a unha pregunta principal: **¿para que?** ¿Para que facemos a investigación? É, quizais, a pregunta máis importante, pois á resposta que deamos deberase subordinar todo o demais.

A cabalo entre o primeiro e o segundo, debemos responder a outra pregunta: **¿que?** ¿Que investigar? Qué investigar depende, lóxicamente, do propósito ao que ha de servir a investigación, pero tamén pode depender de factores metodolóxicos, vinculados, por exemplo, á natureza dos obxectos da investigación.

No segundo nivel, debemos responder á terceira pregunta: **¿por que?** ¿Por que adoptaremos un ou outro enfoque á hora de abordar os obxectos e os obxectivos da investigación? E no terceiro nivel debemos responder á pregunta: **¿como?** ¿Como imos producir os datos e os resultados? Estas cuestións trátanse no anexo I por seren demasiado prolaxas e relativamente prescindibles para este capítulo introdutorio, aínda que incluiremos un pouco máis adiante unha breve ficha técnica.

3. Declaración de intencións. A pregunta é: ¿Para que?

Como adoita darse por suposto que toda investigación produce coñecemento e que todo coñecemento así producido é valioso, rara vez se fai explícito no enfoque da investigación a cuestión de ¿para que se quere facer?, ou, dito doutro modo, o propósito ao que ha de servir.

Con demasiada frecuencia, os estudos distáncianse, desde o mesmo momento en que se proxectan, do corazón do problema que deben abordar.

Non obstante, os estudos percuten insistentemente sobre os cidadáns, interrogan os cidadáns de mil formas distintas e con artimañas técnicas –de medición e de procesamento– cada vez máis elaboradas.

Pero, ¿non son os cidadáns o punto de referencia principal da xestión pública? A resposta adecuada está vinculada ao que debería ser o centro deste proxecto de investigación: **o valor.**

¿Que é o que ten máis valor na xestión pública? ¿Os equipos? ¿As persoas? ¿O diñeiro? ¿Os sistemas de xestión? ¿A tecnoloxía? ¿As políticas? ¿As accións de goberno? ¿As obras públicas? ¿...?

O valor, na xestión pública, constitúese no preciso momento en que un cidadán percibe un beneficio, unha mellora, un esforzo de desenvolvemento, un impacto na súa calidade de vida... O que percibe o cidadán é a medida de todas as cousas. E todas as cousas teñen que contribuír a que haxa máis cidadáns cunha alta percepción de Galicia.

É dicir, a investigación ten que xerar un sistema de información que lle axude á Administración galega á mellor determinación das súas políticas, dos seus enfoques de xestión, das súas prioridades.

4. Cumprimento do mandato. Control da xestión. A información como elemento de cooperación

Advirtamos xa de que, de ningún xeito, este proxecto se ve animado pola idea de que necesariamente hai que gobernar segundo as preferencias dalgunha sorte de votante medio (ou mediano). Somos conscientes de que todo goberno ten un *mandato*, posto que realizou unhas promesas e porque o partido que o sustenta contribuíu, antes de chegar ao goberno, a xerar unhas expectativas máis ou menos definidas. Entón, a experiencia, as promesas definidas e a comunicación política en xeral producen un efecto de expectativa realista (este carácter só se perde moi excepcionalmente e cada vez menos en democracias maduras) que lles servirá aos cidadáns para avaliaren a acción de goberno. Pero, tamén se lle pide ao goberno que se adapte ás necesidades de cada momento, posto que a realidade é cambiante.

De maneira que os cidadáns *controlan* en todo momento se o goberno o está facendo ben ou mal, tanto se o que fai é o que prometeu como se non. E a maneira en que o goberno se adapta ás necesidades de cada momento non é necesariamente o imaxinado por ese virtual votante medio, xa que, como mínimo, e sen entrar na interferencia doutro tipo de intereses, todo goberno ten unha visión do interese xeral, con distintos horizontes temporais, que pode chocar máis ou menos coa opinión inmediata dos cidadáns. Pois, é hora de dicilo, a nosa investigación non toma como obxecto a opinión en sentido estrito, senón, máis ben, a percepción, isto é, o impacto recibido polo cidadán como consecuencia da acción da administración ou dos acontecementos do marco en que aquela se desenvolve. E, aínda máis, nin sequera nos interesa como elemento central a percepción sobre aquela acción en si mesma, senón unicamente como factor do benestar dos galegos.

Polo tanto, non propomos unha artimaña para gobernar a golpe de enquisa, senón un sistema de información para gobernar sabendo o impacto que os acontecementos, os proxectos, as políticas, as medidas concretas producen na cidadanía, na súa percepción do lugar onde viven, de tal xeito que este impacto se poida ter en conta como dato fundamental que é.

Por outra parte, na xestión pública débese dar preeminencia á idea de cooperación, posto que os responsables de gobernar non son senón delegados dos cidadáns, e, polo tanto, non poden independizarse dos intereses daqueles en ningún caso.

E, nun marco de cooperación, un sistema de información non pode ser soamente un instrumento dunha parte, senón que debe contribuír tamén a que a outra parte, a sociedade en xeral, dispoña dos elementos de xuízo que aquel poida ofrecer. E non se trata de satisfacer un reflexo narcisista, senón de ter acceso ás análises, de modo que se produza eficazmente a súa transmisión, de tal maneira que a consciencia da sociedade sobre o seu propio papel no futuro de Galicia se desenvolva todo o posible e sen manipulacións.

Na medida en que a investigación sirva a estes propósitos xerais, achegará valor; na medida en que non sirva, tanto se está ben executada como se non, tanto se produce coñecemento como se non, será, no mellor dos casos, irrelevante.

5. ¿Que investigar? As medidas fundamentais da percepción cidadá

Partimos, obrigados por canto dixemos ata agora, de Galicia, como obxecto xeral de estudo, e dos cidadáns galegos, como protagonistas principais. É dicir, estudamos a sociedade galega, sobre a voz dos cidadáns galegos.

As perspectivas desde as que, en principio, poderíamos mirar á sociedade galega son catro: o comportamento, a opinión, a imaxe e a percepción.

En primeiro lugar, tendo en conta asemade os obxectivos e cuestións metodolóxicas relacionadas coa natureza dos obxectos posibles da investigación (comportamento, opinión, imaxe e percepción), centramos a investigación sobre a percepción, e iso polas seguintes razóns:

O comportamento xa é o obxecto principal do sistema estatístico, polo que sería redundante entrar aquí nese terreo, sen prexuízo de que o teñamos en conta (por exemplo, medindo o uso de servizos públicos e privados) instrumentalmente, como referencia da percepción ou para dispor de variables de análise.

A opinión é o obxectivo principal dos medios de comunicación, privilexiados construtores dela ou mediadores na súa configuración. Non dubidamos da súa importancia, pero a opinión ten algúns inconvenientes serios como obxecto de investigación.

En primeiro lugar, a estendida idea de que todo o mundo pode opinar (de todo, queda implícito), que, en canto dereito, de ningún xeito imos discutir, conduce a un solipsismo da mesma orde que a do (imaxinario) gusto individual, que atopa o seu espazo privilexiado no consumo, e, mesmo aí, sobre todo, como ideoloxía, a ideoloxía da demanda insaciable e indiscriminada que propón a publicidade. É dicir, o gusto, así construído, inflúe en que se consuma máis, pero non en eleccións máis eficientes. A eficiencia da elección impónena os intereses e os recursos (a súa limitación). Analogamente, a opinión, en si mesma, constrúese como demanda inflada de propaganda e pola propaganda.

Pero esta non é a única característica da opinión, pois, se na súa forma e na súa dinámica a opinión está dominada pola ilusión infantil de demanda ilimitada, certamente, á vez é expresión de ideas, de imaxes, que, como sólidas configuracións simbólicas que son, teñen unha gran influencia en todos os demais planos. Pero esta perspectiva obrigaríanos a trasladarnos ao estudo das imaxes, cuestión que abordaremos máis adiante.

É dicir, hai un compoñente de indiscriminación na opinión que tende a facela ou ben inabordable ou ben irrelevante para a investigación. E hai outro compoñente que a vincula á imaxe.

A imaxe, pola súa parte, consiste en sólidos estereotipos, tópicos ou prexuízos, construídos por un dobre mecanismo, de sedimentación e de articulación (por así dicir, necesitan cimentarse sobre un solo con moitas capas e constrúen sobre el unha estrutura complexa), e iso produce dous efectos que desaconsellan incluíla como obxecto de investigación nun sistema de información que debe moverse ao ritmo da xestión pública:

Por unha banda, a imaxe, pola carga estrutural que a constitúe, soamente pode ser abordada sen grandes limitacións desde un enfoque cualitativo ou estrutural, o que impide xerar índices que poidan ser manexados con facilidade.

Por outra parte, a imaxe tende a ser sólida (adoita utilizarse, para describir a súa natureza, a metáfora da *cristalización*), polo que carece do dinamismo necesario para formar parte dun sistema de información que responda aos tempos da xestión pública.

Polo que toca á percepción, ten a vantaxe da inmediatez, e asemade, pola súa natureza, articula tres elementos do maior interese para a xestión, ao tempo que o nivel de coñecemento dispoñible sobre eles nos permite investigalos. A saber:


O primeiro elemento da percepción actívase por impacto, é efecto de algo que sucede e que afecta o suxeito en maior ou menor medida. Esta medida pode ser representada e constituír un primeiro índice relevante para a xestión.

Pero este impacto afecta o suxeito (máis ou menos, de forma positiva ou negativa) e, polo tanto, dispara un mecanismo de reflexión, unha busca de explicacións, verdadeiras ou falsas, e, polo xeral, non tarda en atopalas (a busca é da orde da análise, que atende, sobre todo, ás preguntas, pero o suxeito quere respostas, polo que lle resulta perentorio cerrar a análise nunha resposta; a resposta é da orde do xuízo, da interpretación). Isto permite descubrir facilmente qué atribucións de causa establece o suxeito e identificar problemas, acertos e oportunidades, tres variables fundamentais en calquera campo da xestión.

Por último, o suxeito debe facer algo. Dependendo do impacto e da forma en que se explica o que sucede, pon en marcha un mecanismo de reacción. Esta reacción pode ser da orde do facer ou da orde do dicir (que, para o que aquí importa, podemos identificar cos conceptos de saída e voz, de Hirschman).

Polo tanto, adoptamos a perspectiva da percepción, pero debemos precisar máis, respondendo á pregunta: ¿a percepción de que?

Comezaremos por describir cales son, desde o noso punto de vista, os compoñentes fundamentais do que poderíamos chamar **percepción global de Galicia e os seus efectos**. O seguinte esquema trata de presentalos da maneira máis sinxela posible, pois non nos interesan agora tanto os detalles como as liñas mestras, os eixes.



No centro está, lóxicamente, o espazo vital dos galegos, que, ao noso xuízo, se move en dous planos interconectados: Galicia, como marco de referencia relativamente uniforme, diferente doutros posibles dentro da nación española, e a localidade ou municipio de residencia, como espazo onde se desenvolve a vida cotiá da xente.

En política, o equivalente de valor é o voto, pois esta é a remuneración que os clientes, os cidadáns, lles dan, en variable medida, ás distintas ofertas. E esta capacidade de remunerar, como sucede nos mercados de bens e servizos, é a condición de posibilidade dos cidadáns como suxeitos políticos. Pero, sen esquecer isto, aquí non nos interesa o mercado, senón o que sucede nos espazos políticos (concernentes aos cidadáns, etimoloxicamente), na súa transformación, construción, reconstrución, degradación, producidas polos múltiples determinantes do público.

Cales sexan eses espazos políticos é de vital importancia para este proxecto, e, se o punto de partida é, por definición, Galicia, como ámbito político territorial específico do Goberno galego, poñemos en paralelo, en intersección, máis ben, a cidade (o municipio, en xeral), pois, cada vez máis, a vida actual da xente desenvólvese en espazos urbanos complexos ou en estruturas complexas de espazos urbanos simples, que configuran comunidades locais e tamén ofertas de servizos, no sentido máis amplo do termo.

Sobre estes dous espazos, que privilexiamos no noso esquema, operan, como elementos constituintes da realidade cotiá da xente, dous tipos de servizos: os servizos públicos e os servizos privados.

Os cidadáns son, cada vez máis netamente, consumidores, clientes, que, por un lado, pagan os prezos dos servizos privados e, por outro, pagan os impostos que financian os servizos públicos e remuneran co seu voto a xestión.

Agora ben, hai un marco máis amplo, ou, mellor, varios marcos. Dado que a localidade está, por definición, inscrita en Galicia, trátase de ver en que marco máis amplo consideraremos Galicia. Podemos dicir que esta é o que é en relación con aquelas entidades de similar nivel das que se distingue, é dicir, coas demais comunidades autónomas de España, pero tamén co que as contén a todas elas, isto é, España.

Todas estas percepcións, co filtro das ideoloxías, inciden, ademais, sobre tres grandes espazos da vida social, de prioritario interese para os responsables políticos da xestión pública:

- As demandas dos cidadáns, políticas, económicas e sociais.
- As identificacións, sexan con Galicia, sexan coa cidade, localidade ou municipio, ou co público, coas institucións, cos actores sociais e económicos en xeral.
- A capacidade da sociedade (*competence*) e a actuación colectiva (*performance*) ou agregada na dirección do interese xeral, tanto na vida política (que non é soamente a dos políticos) como na económica (que non é só a dos políticos e os banqueiros) como na social.

Nesta perspectiva, as medidas pertinentes da percepción son moitas, pero nun primeiro momento, e no que concirne a este traballo, centrarémonos nalgunhas delas, que iremos explicando ao seu debido tempo, é dicir, ao fío da análise de resultados, onde poderán entenderse de forma máis concreta.

Pero, ¿todo debe ser observado soamente desde a óptica do cidadán? ¿Non hai actores importantes cuxa percepción poida ser interesante analizar, como determinante intermedio do desempeño dun rol que, en último termo, impacta sobre a sociedade galega?

En efecto, se propuxemos o cruzamento dos espazos en que se producen os impactos, as interpretacións e os seus efectos, cos dous grandes campos dos servizos que reciben os cidadáns, o inmediato é preguntarse ¿cal é a posición dos que prestan eses servizos? ¿Que percepción teñen eles e en que medida podemos vinculala á súa acción?

En suma, ata agora falamos xenericamente dos cidadáns, pero implicamos, como obxectos da investigación, os servizos públicos, campo en que hai dous actores: os políticos e os funcionarios e asalariados públicos. E implicamos os servizos privados, campo en que tamén hai dous actores: os empresarios e profesionais e os asalariados.

En consecuencia, unha investigación global na liña que vimos desenvolvendo ten ante si un amplo e variado campo. Por agora, no entanto, ímonos cinguir ao conxunto dos cidadáns galegos, que, dentro daquel, permite ofrecer a perspectiva máis xeral.

6. Breve ficha técnica

Universo	Poboación xeral de residentes en Galicia con 16 ou máis anos de idade.
Estratificación	Por provincia e tamaño do hábitat.
Mostraxe	Estratificado, non-proporcional, polietápico, por conglomerados, con selección aleatoria de fogares en primeira etapa e con selección de individuos por cotas de xénero, idade, relación coa actividade e estudos.
Mostra	2.000 individuos.
Marxe de erro	Para un nivel de confianza do 95,5%, orientativamente, para unha mostraxe aleatoria simple, no caso máis desfavorable ($p = q = 50$), para datos globais, o erro de mostraxe é de + 2,2%.
Tipo de entrevista	Telefónica asistida por ordenador (CATI).
Traballo de campo	Do 15 de xuño ao 14 de xullo de 2006.

7. Os bloques de información e a súa organización

Se consultamos o cuestionario despregado no anexo II, podemos ver que os bloques de información que produce, variables sociodemográficas á marxe, son os seguintes:

1. Percepción de España como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción).
2. Percepción de Galicia como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción, posición respecto da mellor e da peor comunidade autónoma, voz e saída).
3. Percepción do municipio de residencia como un lugar para vivir (valoración e fontes de mala ou boa percepción, posición respecto do mellor municipio, voz e saída).
4. Percepción dos servizos públicos en Galicia (uso no último ano, servizo máis recente e servizo máis frecuente, valoracións e fontes de mala ou boa percepción, percepción e satisfacción-expectativas-valor, percepción comparativa co pasado inmediato, percepción do balance impostos/servizos, atribución de responsabilidades de xestión dos servizos públicos, saída).

5. Percepción dos servizos privados en Galicia (uso no último ano, servizo máis recente, valoración e fontes de mala ou boa percepción, percepción e satisfacción-expectativas-valor, saída).

6. Percepción da xestión dos gobernos nacional, autonómico e municipal (valoración e fontes de boa e mala percepción para o goberno autonómico, valoración do goberno galego en honestidade, capacidade, cumprimento, relación cos galegos, opinión sobre os servizos nos dous últimos anos).

Pero, á hora de construír a análise, estes bloques deben ser organizados atendendo ás súas relacións lóxicas, na perspectiva dos obxectivos da investigación, non á secuencia da produción da información.

¿Para que producimos toda esta información? Como xa aclaramos preliminarmente, ao servizo da acción da Administración galega, para que dispoña de información relevante, xerarquizada, para incidir eficazmente sobre aquilo que poida mellorar a vida dos galegos, no marco específico do país galego, que se insire, no nivel superior máis inmediato, no conxunto de comunidades autónomas que configuran España.

Entón, na situación actual, ou en calquera momento en que a medición poida ser reproducida, o punto de partida da análise debe ser **Galicia**, globalmente considerada.

A partir de Galicia, debemos facer dous movementos, un cara arriba, é dicir, cara ao conxunto das comunidades autónomas e cara a España, e outro cara abaixo, cara ás cidades e vilas galegas e cara aos servizos en Galicia (públicos, incluíndo a xestión da Xunta, e privados).


Outras cuestións, como as posicións ideolóxicas e as variables sociodemográficas, servirán como descrições xerais da sociedade galega (da súa posición nun campo de incontestable actualidade e sempre controvertido en España, no primeiro caso) e, sobre todo, como variables para unha análise máis en profundidade.

Polo tanto, en primeiro lugar, debemos dar conta da posición de Galicia, como elemento central do proxecto, posición que virá dada pola súa valoración media, como dato máis sintético e, o que é máis significativo, pola distribución da valoración.

Pero, esa posición debe ser explicada, de acordo co proceso de percepción, polas interpretacións dos galegos sobre o que produce as súas boas ou malas percepcións, isto é, polas fontes de mala ou boa percepción.

Por último, a posición de Galicia será analizada en función de diversas variables, tanto sociodemográficas como de posición ideolóxica.

A análise da posición de Galicia, porén, non conclúe aquí, pois, sendo o centro de todo, debe situarse en relación co marco en que está inscrita, isto é, España como globalidade, e as comunidades autónomas, compoñentes desa globalidade e pares de Galicia.



Aquí volveremos á posición de Galicia, pero en termos comparativos: poremos no mesmo plano España, Galicia, a comunidade mellor valorada e a comunidade peor valorada. Saberemos tamén cales son as comunidades autónomas máis coñecidas polos galegos e con que frecuencia foron marcadas como a mellor e con que frecuencia como a peor, o que nos permitirá ver, desde outro ángulo, a posición de Galicia. Tamén compararemos as fontes de mala e de boa percepción.

Na outra dirección, é dicir, cara a dentro de Galicia, o primeiro que nos interesa é saber se o municipio de residencia, os servizos públicos, incluída a xestión da Xunta, e os servizos privados, teñen influencia apreciable na percepción de Galicia.

Para iso, realizaremos unha aproximación elemental de avaliación do risco de Galicia (entendido no sentido que se aclarará na seguinte sección) para os distintos segmentos de valoración do municipio, dos servizos públicos, da xestión, dos servizos privados e tamén unha análise multi-variante, onde consideraremos todos estes factores simultaneamente. Esta análise será unha *regresión lóxística*.

Descendendo a cada un dos factores, reproduciremos o mesmo esquema de análise, que vai da posición (do municipio, dos servizos, da xestión) ás fontes da percepción.

Dependendo do peso dos factores, darémolle maior importancia na análise a uns ou a outros. En todo caso, por tratarse do ámbito de actuación máis inmediato da Xunta, incidiremos especialmente sobre os servizos públicos e a xestión. E tamén sobre os municipios, pois, como veremos, a percepción do espazo local é o factor máis importante da percepción de Galicia.

Por último, dedicámoslle un capítulo á análise autónoma da ideoloxía, pois a información dispoñible permite algo máis que tratala como variable de análise.

8. Contidos da análise. Principais resultados

1. A percepción de Galicia, dentro do marco español e en relación cos seus factores internos

A percepción é o elemento central desta investigación, e para presentar calquera resultado ao respecto necesitamos lembrar superficialmente algunhas cuestións importantes que se tratan con maior detalle ao longo da análise ou no anexo metodolóxico.

A percepción articula dous datos fundamentais: prodúcese nun certo grao e produce unha interpretación do suxeito, pois se a intensidade impulsa á acción, a interpretación é necesaria para dirixir a acción.

Medimos a percepción nunha escala de 0 a 10, onde 0 representa unha percepción pésima e 10 unha percepción óptima. Empiricamente, puidemos establecer que a percepción dun lugar para vivir comparte coa percepción dos servizos en xeral unha fronteira: a que establece unha zona que chamamos de seguridade no intervalo de 8 a 10 e unha zona que chamamos de risco no intervalo de 0 a 7. No caso da percepción da xestión (da Xunta), por razóns que se explican no seu momento, a fronteira está un punto por debaixo, de maneira que o espazo de seguridade é o de 7 a 10 e o de risco o de 0 a 6.

Pero, a un lado e a outro da fronteira marcada, non é o mesmo que unha resposta estea cerca ou lonxe desa fronteira. Pódese construír unha distancia desde calquera punto da escala ordinal á fronteira para calcular volume de risco e volume de seguridade. Trátase dun problema matemático que, unha vez resolto, permite traballar con valores de risco e de seguridade e agregalos e distribuír as agregacións como conveña, especialmente entre as fontes de boa ou mala percepción, para atribuírlles un impacto relativo.

Así, sempre falaremos de **impacto** e non de frecuencia, pois non nos importa tanto que unha fonte de mala ou boa percepción sexa citada por moitos ou poucos, senón o efecto resultante do produto da frecuencia pola intensidade, factores ambos do impacto global.

Outro elemento, instrumental e con interese en si mesmo á vez, é necesario presentar tamén preliminarmente, e está relacionado coa conveniencia de que toda análise da realidade social, por máis global que sexa o seu enfoque, estableza e explique na medida do posible diferenzas entre distintos grupos da poboación, algo que se converte en existencia se a información producida ten algunha pretensión de instrumentalización operativa, como é o caso.

A percepción é o elemento central desta investigación e cómpre darse conta de que artella dous elementos: prodúcese nun certo grao, o que nos permite tratar os datos con medidas de impacto; e produce unha interpretación do suxeito. A intensidade impulsa á acción; a interpretación dirixe á acción. Hai unha norma na percepción que determina un espazo de risco e un espazo de seguridade (0 a 7 e 8 a 10, respectivamente, nunha escala de 0 a 10). O impacto é tanto maior canto máis lonxe está a posición dun suxeito respecto da fronteira do outro espazo (negativo, por distancia coa fronteira da seguridade; positivo, por distancia coa fronteira do risco). En consecuencia, repetiremos dúas operacións: clasificar os individuos da mostra en espazos de risco e de seguridade, e cuantificar o impacto do que sustenta as percepcións positivas e negativas.

Pois ben, tras o exame exploratorio de cantas variables incluímos no cuestionario para caracterizar a mostra, puidemos concluír que existe un mapa sociodemográfico, con asociacións ideolóxicas relevantes, segundo variables potencialmente explicativas, sequera como filtros da percepción, que contén tres grandes zonas, con dúas subzonas de transición na zona central, a saber:

- A área da inactividade, onde están as amas de casa e os pensionistas, as idades superiores da escala e os estudos baixos, área, por outra parte, máis próxima ao hábitat inferior a 10.000 habitantes.

- A área da xuventude, onde están os máis novos, dedicados aos estudos.

- A área da ocupación, onde están as idades intermedias, con distintos niveis de estudos, e, como a área de xuventude, máis cerca do hábitat urbano. Dentro dela, distinguiremos tres subáreas:

a) A de ocupación, propiamente dita, onde se localizan as idades centrais de crecemento na actividade produtiva e reprodutiva, 30 a 44 anos, asociada a niveis máis ben altos de estudos (secundarios ou universitarios).

b) A de transición cara á inactividade, idades onde adoita producirse a culminación dos procesos de desenvolvemento profesional e reprodutivo, 45 a 59 anos, asociada a niveis de estudos máis baixos (primarios).

c) A de transición desde a xuventude, onde se localizan idades en que a xuventude sociolóxica tende a esvaecerse ao perderen as persoas algunha das condicións que a definen (a dependencia económica, a dependencia domiciliar, a dependencia familiar), como primeiro paso cara á transformación en adultos, 25 a 29 anos, asociada a estudos secundarios e próxima á maior presenza de parados, como corresponde a un período vital en que a integración no mercado de traballo é unha actividade importante e, á vez, problemática.

Para analizar a percepción dos distintos grupos da poboación galega representados na mostra, tomamos como referencia un mapa sociodemográfico, composto de 5 zonas:

- Zona de inactividade

- Zona de xuventude

- Zona de ocupación, con tres subzonas:

- Zona de transición da xuventude á idade adulta

- Zona central da traxectoria laboral

- Zona de transición da ocupación á inactividade

Entrando nos resultados da medición da percepción, e comezando polo obxecto central da investigación, a percepción de Galicia ten marxe para a mellora, pois se un 54% dos entrevistados se atopa en posicións de *seguridade* (8 a 10, na escala de 0 a 10), un 46% está en posicións de *risco* (0 a 7, na escala de 0 a 10), isto é, de *división*, de *conflicto*, respecto do marco autonómico onde se desenvolve a súa vida.

Esta percepción de Galicia é moi semellante á percepción que os galegos teñen de España, do marco superior ao autonómico.

Cando Galicia pode ser comparada cos seus pares, con outra ou outras comunidades autónomas, un 70% dos galegos considera que a súa comunidade é a mellor, mentres que un 15% a coloca no peor lugar. Como consecuencia, a posición comparada de Galicia, para os galegos, é relativamente boa. Pero, unha vez máis, a distancia entre Galicia e a mellor comunidade autónoma mostra unha ampla marxe para a mellora, xa que, se a seguridade de Galicia está nun 54%, a da mellor comunidade autónoma distinta de Galicia está nun 79% (a peor comunidade autónoma nun 9%).

Máis dun terzo dos galegos que non prefiren Galicia inclínanse por Cataluña como mellor comunidade para vivir entre as que coñecen. A considerable distancia (con menos da metade de frecuencia) están o País Vasco, Madrid, Asturias e Valencia.

Madrid é a comunidade máis rexeitada, 9 veces máis rexeitada que preferida, en posición algo peor que a de Andalucía, que é rexeitada 7 veces máis que preferida e que Castela e León, 8 veces máis rexeitada que preferida. Cataluña é igualmente preferida e rexeitada, aínda que, se ocupa o primeiro lugar entre as preferidas, queda desprazada ao terceiro lugar das rexeitadas (excluíndo Galicia). O País Vasco está no cuarto lugar entre as rexeitadas, e, aínda que ocupaba o segundo en preferencia, o rexeitamento supera o dobre da elección como comunidade mellor para vivir. Estremadura, cuxa preferencia é case nula, é rexeitada como a peor comunidade para vivir por un 4% dos que coñecen Comunidades distintas de Galicia.

É destacable que o rexeitamento de Madrid baixe ao 16% entre os que se senten máis españois, 11 puntos por debaixo dos que obtén no conxunto da mostra, para subir ao 25% entre os que se senten tan españois como galegos. Esta cifra é moi parecida á do conxunto, alcanzando a proporción do 33% entre os máis identificados con Galicia, máis do dobre que entre os máis identificados con España, o que fai pensar nun compoñente identitario moi marcado no rexeitamento de Madrid, que, se non todo, explica unha parte significativa deste.

A mellor percepción de Galicia encontrámola entre os que mostran unha identidade galega máis marcada, por oposición aos que mostran unha identidade equilibrada ou favorable a España. Polo maior peso da identidade galega entre os novos, o grupo de menor idade ten tamén mellor valoración de Galicia. Non obstante, os maiores de 60 anos teñen tamén mellor percepción de Galicia.

Se comparamos Galicia con España en canto ás fontes de boa e mala percepción, Galicia resulta ser unha fotografía proxectada de España, na que se acentúan os pesos máis altos en positivo e en negativo.

Comparando Galicia coa mellor e a peor comunidade autónoma, as fontes de risco da peor comunidade autónoma resultan ser as que sustentan a seguridade de Galicia (elementos simbólicos e relacionais), en tanto que estes mesmos elementos soportan a seguridade da mellor comunidade autónoma, aínda que con menor peso que en Galicia, pois teñen maior impacto os compoñentes económicos.

A percepción de Galicia é relativamente boa, pero cunha ampla marxe para a mellora. No marco en que se insire, é semellante á percepción de España e está moito máis cerca de ser considerada a mellor comunidade que de ser considerada a peor para vivir. As referencias principais, en positivo e en negativo, respectivamente, son Cataluña e Madrid. A identidade galega (sentirse máis galegos que españois) está asociada a unha mellor percepción, ao tempo que acentúa o rexeitamento de Madrid como a peor comunidade para vivir. Os que se senten máis galegos son máis novos, pero a coincidencia dos máis novos e dos máis maiores na mellor percepción de Galicia indica a existencia de dúas bases diferentes para esa boa percepción. No caso dos máis novos, está asociada a un maior peso da identidade galega, algo que non pasa no caso dos máis vellos.

¿Que factores, entre os que se mediron independentemente, isto é, sen unha vinculación directamente causal coa percepción de Galicia, teñen maior influencia na percepción de Galicia? O que ten maior influencia é a percepción do municipio de residencia. Mellorando a percepción do municipio de residencia, por cada 10 puntos de incremento das posicións de seguridade, obteríamos un rendemento marxinal de 3 puntos de incremento das posicións de seguridade na percepción de Galicia. Polo tanto, as políticas vinculadas ao espazo local serían as máis produtivas na mellora de Galicia como ámbito supramunicipal para vivir.

En segundo lugar, a xestión da Xunta, visible só en parte, pero importante, é capaz de xerar un rendemento global equivalente á metade do anterior, aínda que cómpre ter en conta que as variables son interdependentes e que parte do efecto producido sobre o lugar concreto de residencia se debe ou se atribúe á xestión autonómica.

Dentro destes dous ámbitos interrelacionados, municipio e xestión autonómica, están os servizos públicos, que non teñen unha entidade propia diferenciada e específica, senón que, impactando sobre a percepción de Galicia (e fano significativamente) quedan velados tras a percepción do municipio e da xestión do Goberno autonómico.

Sendo o municipio de residencia o factor interno de maior influencia na percepción de Galicia, e sendo este ámbito, nunha das súas máis importantes dimensións, un espazo de servizos, os servizos públicos son fundamentais e, desde a súa implantación local, irradian influencia na percepción global.

Ademais diso e a pesar da proliferación de elementos simbólicos e económicos, os servizos públicos, como fontes que sustentan a boa e a mala percepción de Galicia e dos municipios en primeiro plano, resultan ser o factor máis importante na percepción dos galegos, tanto no ámbito autonómico como no local, entendendo por máis importante aquilo que ten maior capacidade potencial para producir impacto.

Que, ao mesmo tempo, non sexan o elemento que máis impacto negativo nin positivo está producindo de maneira efectiva no momento presente indica que operan, en xeral, cun grao de axuste ás necesidades e expectativas dos galegos que podemos chamar moderado, no sentido de que as súas prestacións e funcionamento en xeral non están producindo moito dano (non son, polo menos, as que máis dano están a producir) nin tampouco moito beneficio aos cidadáns.

En consecuencia, os servizos públicos constitúen un espazo de oportunidade, pois, tendo gran capacidade para influiren sobre a percepción global de Galicia e, sobre todo, en moita maior medida, sobre o factor independente máis potente daquela, como é a percepción do ámbito local, unha mellora significativa dos servizos públicos é o que produciría maior impacto positivo sobre a percepción global.

Dedúcese que, polo menos, é obrigatorio evitar a súa deterioración, pois o efecto negativo tería similar magnitude.

En suma, o que sucede é que, sendo unha dimensión moi importante, hai un xeral axuste adaptativo ás súas actuais prestacións, de maneira que non produce gran impacto positivo ou negativo, pero produciríao se se deteriorase ou se mellorase, o que sitúa este elemento como unha oportunidade, pero tamén como un risco que hai que vixiar estreitamente.

Servizos públicos e xestión da Xunta están vinculados loxicamente e teñen especial relevancia nun proxecto destinado á Administración autonómica. Os servizos públicos teñen unha posición moi similar á de Galicia (56% de seguridade). A xestión da Xunta, por efecto da división ideolóxica previa coa que se percibe (percíbese e xúlgase á vez), ten, como é habitual na xestión política, unha valoración claramente inferior.

Os servizos privados son os mellor valorados polos galegos (66% de seguridade), aínda que non teñen a importancia dos servizos públicos.

O municipio de residencia ten unha percepción media claramente mellorable (43% de seguridade), que debería ser elevada pola súa proximidade á vida cotiá da xente e pola súa consecuente influencia sobre a percepción global de Galicia, que xa quedou establecida, co obxectivo de elevar a seguridade por encima do 50%.

As fontes que sustentan a boa percepción de Galicia son de orde simbólica, referidas a valores cos que se identifican os galegos (relativos ao contorno e á xente, en xeral), mentres que as que sustentan a súa mala percepción son de orde económica. É importante constatar que, en cambio, o que ten maior capacidade para producir impacto, maior potencial, son os servizos públicos. Entre os factores internos, un modelo loxístico amosa que o que ten máis peso é a percepción da cidade ou vila de residencia. As políticas que poidan incidir no eido local serán as máis produtivas para a percepción global de Galicia.

2. Os municipios. estrutura da construción de Galicia

O municipio é o factor máis influente sobre a percepción global de Galicia, como sabemos pola análise xeral dos factores internos da percepción de Galicia.

Se administrativamente o termo exacto é *municipio*, socioloxicamente, é mellor pensar en cidades, vilas e aldeas e en conglomerados urbanos diversos, como comarcas ou zonas metropolitanas, pois estes conglomerados, ofrécenlle ao individuo (e, polo tanto, fano carente, tamén) un espazo onde instalarse, traballar, estudar, comprar, divertirse, é dicir, basicamente, un espazo de servizos, que funcionarán mellor ou peor, e un espazo de identificación simbólica e de relación social.

O municipio, en Galicia, está peor valorado, por termo medio, que o conxunto de Galicia, con máis da metade dos cidadáns en posicións de *risco*.

A Xunta ten un importante papel, como factor influente, a través da súa xestión, na percepción dos municipios. Se a Xunta mellora a súa xestión, por cada 10 puntos de mellora da seguridade na percepción da xestión da Xunta, obteremos máis de 2 puntos de rendemento en seguridade na percepción do municipio.

Por outra parte, sobre a percepción dos municipios inflúen positivamente ou negativamente certas características destes ou dos cidadáns, ademais das percepcións dos factores.

Así, significativamente, a actividade turística (obxectivamente medida) contribúe a unha mellor percepción.

O que falla, principalmente, nos municipios galegos é o punto crítico do emprego, que se acéntua como problema no medio rural. Pero, en segundo lugar, tamén fallan os servizos públicos e o transporte.

De maneira que, na medida en que a distribución de competencias o permita e na medida en que a cooperación entre administracións poida facer operativas actuacións de mellora, operar sobre o espazo local e, en xeral, sobre infraestruturas, especialmente as vinculadas á mobilidade, con especial atención ao emprego, sobre todo nas vilas e áreas rurais, é a mellor oportunidade para elevar a percepción de Galicia. En segundo lugar, os servizos deben ser mellorados na súa calidade e eficacia, tanto se son privados como se son públicos, e é posible intervir poñendo o foco sobre a formación das persoas que os prestan.

O municipio ideal é o que, cumprindo a condición necesaria de permitir que a xente se gañe a vida, lle ofrece condicións ou elementos de identificación (emblemas, relacións, valores) e lle fai a vida cómoda cuns amplos e bos servizos, cuxa demanda principal se centra nos públicos, fonte de percepción máis importante.

En todo caso, é desexable que o que se faga poida ter efectos sobre o desenvolvemento económico e sobre o emprego, así como un carácter simbólico, no sentido de emblemático e/ou en termos das relacións entre os cidadáns. É así como alcanzará un impacto máximo e se obterá un rendemento óptimo no plano do bo vivir dos cidadáns.

Susténtao a percepción do municipio de residencia, pero tamén a dos municipios que son preferidos ao de residencia, á cabeza dos cales, de forma destacada, aparece A Coruña, cidade en que o peso da transformación urbana que supuxo o paseo marítimo, sobre todo, como símbolo de modernización, de *apropiación* do mar... en beneficio dos cidadáns, foi enorme e produciu fortes identificacións, o orgullo de pertencer á cidade.

A dignificación dos espazos locais reside nas cousas prácticas, pero non todas teñen a mesma potencia, o que aconsella seleccionar aquelas que, producindo algún beneficio tanxible, teñan valor para a maioría.

En todo caso, nisto Galicia non é diferente doutros lugares de España; múltiples estudos sobre percepción de municipios de diferentes tipos e tamaños consolidan os grandes eixes que xa mostramos.

Sendo o municipio o factor interno máis influente sobre a percepción global de Galicia, está peor valorado, por termo medio, que o conxunto de Galicia, o que acéntua a necesidade de desenvolver políticas locais adecuadas para mellorar as cidades e as vilas como lugares para vivir. Se o que sustentaba a mala percepción de Galicia eran elementos económicos, nos municipios sucede o mesmo, con especial influencia do emprego. Pero fallan tamén os servizos públicos e o transporte, cuestións que tamén producen impacto negativo na percepción da xestión da Xunta. O municipio ideal é o que, cumprindo a condición necesaria de permitir que a xente gañe a vida, lle ofrece condicións ou elementos de identificación (emblemas, relacións, valores) e lle facilita a vida con amplos e bos servizos, especialmente públicos.

3. Os servizos públicos, compoñente máis importante da percepción dos municipios e de Galicia

Os servizos públicos teñen unha influencia apreciable nas percepcións dos espazos en que se prestan (o marco global de Galicia, o marco local do municipio de residencia, o marco factual da xestión da Xunta), da que pode predicarse o seguinte.

En primeiro lugar, o impacto non é homoxéneo, pois tende a acentuarse máis nos extremos, especialmente no inferior, o de maior risco, no caso da xestión da Xunta.

Ademáis, o impacto declarado mostra con moita maior claridade o peso dos servizos públicos, cuxa influencia máis acusada se produce, precisando máis radicalmente o punto anterior, en negativo. Esa influencia é maior sobre o espazo máis inmediato, é dicir, sobre o municipio de residencia.

Globalmente considerados, os servizos públicos teñen unha percepción moderadamente positiva, pero con ampla marxe para a mellora, cunha taxa de risco superior ao 40%.

Na percepción dos servizos públicos inflúen moito o xénero, a idade, os estudos, o hábitat e a identidade: perciben mellor os servizos públicos as mulleres, os maiores, os que non teñen estudos, os hábitats máis pequenos e os que se senten máis españois. En cambio, na percepción da Xunta non hai diferenzas tan claras, pois o prexuízo ideolóxico uniformízaos todo, agás cando vemos diferenzas en función da identidade, pois os que se senten máis españois son, con moito, os que peor perciben a xestión da Xunta, baixando o nivel de seguridade ata o 16%, menos da metade que no conxunto.

Nos servizos públicos, a profesionalidade está en primeiro plano, para ben (especialmente) e para mal, seguida da calidade e da eficacia. A percepción dirímese, entón, no *bo facer*, pero, sobre todo, na xeración de seguridade, encarnado en persoas actuantes.

A xestión da Xunta non ten fontes de risco dominantes, salvo se agregamos o rexeitamento global da xestión (moi condicionado ideoloxicamente) e o xuízo negativo aos políticos (ideolóxico, igualmente). Hai diversas cuestións concretas entre as que se dispersa o risco: infraestruturas-transporte, economía... Ten interese ver que os servizos públicos aparecen cun 10% do impacto negativo, incidindo en que si teñen peso en percepcións máis globais (Galicia, xestión), peso que, polo que se refire a Galicia, aparece directamente, en parte, e indirectamente, como aquí, a través da xestión. Outro elemento con algún peso negativo é o (in)cumprimento do prometido, que debemos destacar, pero non polo seu impacto actual, que é relativamente baixo, senón pola súa capacidade para producir impacto, que é a máis alta entre as fontes desagregadas de percepción.

A seguridade na percepción da Xunta si ten un elemento dominante, como é o de *infraestruturas-transporte*, cun 55% do impacto positivo total. As obras e a mobilidade veñen ser, así, feitos e símbolos do impulso público ao desenvolvemento e ao benestar.

O resultado ten máis peso en zonas urbanas e para os que teñen máis estudos, en tanto que as persoas (profesionalidade) teñen maior peso en zonas rurais e para os que teñen menos estudos.

Hai, polo tanto, unha demanda implícita de calidade nos servizos, focalizada especificamente sobre as persoas que os prestan, mostrando que as políticas de promoción da calidade seguen tendo un espazo de acción e que deben centrarse, quizais, na formación para o servizo.

Dito isto, non debemos perder de vista que, por un lado, o espazo local é o factor máis influente na percepción global de Galicia, polo que calquera actuación, incluída a actuación sobre os servizos, debe articularse en boa parte nese espazo e, por outro lado, é na percepción dese ámbito local onde vemos maior impacto dos servizos.

Desagregando os servizos públicos, encontramos dúas áreas de servizo cunha extensión do uso na poboación que supera o 50%: a sanidade, en primeiro e destacado lugar, e o transporte público. Dentro destas dúas áreas destaca un servizo concreto en cada unha: na primeira, é dominante o uso da atención primaria, mentres que no segundo é dominante o uso do autobús.

Por áreas, a dos servizos sociais, aínda que cun uso marxinal (como corresponde ao núcleo central da asistencia social, en principio), é a mellor valorada e a única que está por encima de 8,0. A área máis próxima é a sanidade, cerca de 8,0, pero por debaixo desta fronteira. A xustiza e os servizos de seguridade son as áreas con peores valoracións, a primeira no bordo do que consideramos na segmentación da valoración global perigo (5,1) e a segunda pouco por encima (5,7).

A sanidade produce unha percepción en que o impacto da dimensión profesional das persoas que prestan o servizo é máximo, por contraste co que sucede no transporte, onde pasa a un lugar marxinal, por detrás de Calidade, Eficacia, Recursos e Oferta.

Polo que se refire ao balance dos dous últimos anos, xa con independencia do uso, é dicir, máis ben no terreo da opinión, hai un bo balance xeral, segundo o xuízo ou opinión dos galegos, ben que con algunhas lagoas que exixen atención na medida en que poidan entrar no ámbito de competencias da Xunta. En particular, a vivenda require unha actuación da Xunta que nos remite á recomendación, xa feita, acerca da pertinencia de actuar sobre os municipios con carácter xeral, que agora encontra unha concreción na mencionada área da vivenda.

As competencias da Xunta nos servizos públicos, do que falaremos máis amodo despois, están lonxe de quedar claras para os galegos, o que sinala outro espazo de traballo (de información e comunicación) de considerable importancia.

O balance fiscal (recíbese máis, menos ou de acordo co que se paga) ofrece uns resultados moderadamente negativos. Se sumamos o saldo positivo e o equilibrado, este agregado oporíase ao saldo negativo cun valor do 42% fronte ao 48%. É dicir, domina o saldo negativo, pero non totalmente.

Os homes, os máis novos (16 a 24 anos), os que teñen estudos secundarios, os que se sitúan na dereita da escala ideolóxica e os máis nacionalistas son os grupos que perciben un balance fiscal máis positivo, en tanto que as mulleres, as idades centrais (25 a 59 anos), os que teñen estudos universitarios e posicións ideolóxicas centradas, eclécticas, quizais, perciben que pagan demasiados impostos para o que reciben a cambio. Resulta así que o liberalismo non florece nas posicións de dereita, senón máis ben no centro e, mesmo, algo máis na esquerda. Desde logo, no espazo do nacionalismo tampouco vemos liberalismo ningún se xulgamos polo crucial elemento da fiscalidade.

Por outra parte, tratando de observar a asociación entre percepción e balance fiscal, con carácter xeral podemos ver que a *seguridade* e o *risco* están claramente polarizados na súa asociación ao balance fiscal. E, efectivamente, isto mostra unha clara asociación entre percepción e balance fiscal. Partindo do suposto de que, xeralmente, á xente non lle gusta pagar impostos, parece razoable afirmar, con estes datos na man, que, como cabía esperar e como desexaría calquera xestor público responsable que sucedese, un servizo público ben percibido reconcilia os cidadáns coa carga fiscal. Sen embargo, non se pode descartar que a boa percepción mesma dos servizos poida estar en parte condicionada por posicións ideolóxicas acerca da propia fiscalidade, o que podería fortalecer a asociación sen que toda ela se poida atribuír a unha causalidade unidireccional.

Se os servizos públicos son fonte de problemas na percepción dos municipios, factor, pola súa vez, con maior peso na percepción global de Galicia, e, ademais, son o elemento con maior potencial de impacto nesa percepción global de Galicia ¿como melloralos?. Os galegos centran a atención sobre unha área de mellora, a das persoas actuantes nos servizos públicos, pois a profesionalidade é a fonte de risco con maior impacto, de maneira que as políticas de calidade dos servizos, destacando a formación das persoas, seguen a ter plena vixencia. Por outra parte, cando os galegos comparan a presión fiscal co que reciben a cambio, a boa percepción dos servizos públicos fai tolerable aquela, mentres que a mala percepción ten o efecto contrario.

4. Os servizos privados

Engadido ao que xa anticipamos acerca da posición deste obxecto da percepción (o mellor valorado), debemos referirnos ás fontes da percepción e aqueles servizos que, de forma desagregada, teñen mellor e peor percepción.

Prezos á marxe, que sempre son fonte de risco, todo xira, para ben e para mal, en torno á profesionalidade en primeiro termo (compoñente con maior capacidade para producir impacto e o que máis impacto positivo produce) e á calidade en segundo. Nisto parécese moito aos servizos públicos, poñendo por diante sempre o persoal actuante, que encarna o servizo e os seus valores, aínda que aquí irrompe, ademais, a oferta como elemento relevante. É destacable que na oferta todo o peso se concentra sobre a *variedade*, correlato da fantasía de elección ilimitada do consumidor.

Hai, xa que logo, unha demanda implícita de calidade nos servizos, focalizada especificamente sobre as persoas que os prestan, mostrando que as políticas de promoción da calidade seguen tendo un espazo de acción e que deben centrarse, quizais, na formación para o servizo.

O tipo de servizo mellor valorado é o dos servizos de saúde, con 8,6 sobre un máximo de 10, seguido de mobiliario-equipos para o fogar, con 8,4. Con 8,0, seguen os servizos de ocio-espectáculos e os transportes privados, moito mellor valorados que os públicos, aínda que a base estatística é pequena neste caso. Os servizos peor valorados son os seguros (7,2), e despois os servizos financeiros, os produtos e servizos para o coidado persoal e as comunicacións.

Será conveniente contrastar no futuro a diferenza entre servizos públicos e privados, pois hai un punto de diferenza a favor do transporte privado, 0,8 puntos a prol da sanidade privada e, aínda que a comparación da educación non é posible por falta de base na educación privada, o valor (a título puramente indicativo) é tamén favorable ao servizo privado. Certamente, hai que relativizar estes datos atendendo ao uso, que é moito máis alto nos servizos públicos, para todos os servizos citados na comparación.

As fontes de risco distinguen as compras máis cotiás, sobre todo a alimentación, polo impacto dos prezos. O vestido sobresa tamén polo impacto da profesionalidade, como a sanidade privada, a hostalaría e os servizos financeiros, distinguíndose igualmente estes dous servizos pola calidade (mala, neste caso). Na sanidade privada ten tamén un impacto sensible a cuestión das instalacións e equipos. Por último, as comunicacións e o ocio quedan diferenciados pola oferta, en ambos os casos, e o primeiro tamén pola eficacia.

A profesionalidade, é dicir, as persoas e a súa actuación directa lastran os servizos de vestido, saúde, hostalaría e financeiros, nos que parece razoable que a intervención humana sexa crítica, tanto se produce confianza como se esa confianza quebra ou non alcanza o nivel requirido. Destes servizos, todos teñen tamén un impacto superior ao medio da profesionalidade como fonte de seguridade, pero só podemos destacar claramente os de saúde, hostalaría e financeiros. Sen dúbida, son os tres onde a interacción persoal e a necesidade de confianza son máis intensas.

Prezos á marxe, nos servizos privados todo xira, para ben ou para mal, arredor da profesionalidade e da calidade. Como sucede cos servizos públicos, a clave está nas persoas actúantes. Ademais, nos servizos privados ten un peso apreciable a oferta, que pivota sobre a variedade, aspecto fundamental da ilusión de elección do consumidor típico. En xeral, cando podemos comparar servizos públicos e privados, estes últimos teñen mellor percepción, como mostran a sanidade e o transporte.

5. Fontes de mala e boa percepción e mapa sociodemográfico. Resultados para unha xestión segmentada

Os elementos que sustentan as posicións de risco e de seguridade, para cada un dos obxectos sobre cuxa percepción tomamos medidas na mostra compórtanse de forma discriminada atendendo ao mapa sociodemográfico, como se detalla nos distintos puntos do capítulo 3.

Unha visión sintética e comparada pode verse no seguinte cadro, en que, axudándonos de cores, tratamos de sinalar as diferenzas máis acusadas reducíndoas a grandes dimensións.

Así, a cor verde sinala o factor económico nos espazos para vivir, en tanto que a vermella o fai cos elementos relativos á identidade dos ditos espazos; os servizos públicos están marcados en azul; o que se refire á mobilidade, en amarelo; o da seguridade (cidadá), en negro; o da calidade de vida, en tipografía sen resaltar; e con outra cor sinálanse, tanto nos espazos para vivir como nos servizos e a xestión da Xunta, os políticos; por último, en relación cos servizos e a xestión da Xunta, ademais, distínguese o factor persoal, en vermello escuro; as condicións económicas, en amarelo escuro; a oferta en gris, incluíndo os recursos que se poñen en xogo (equipos, instalacións); e quedan sinalados sen cor os elementos que teñen que ver coa actuación (calidade, eficacia, e, en canto á Xunta, os xuízos xerais sobre a xestión).

Nos espazos para vivir domina a cor vermella dos elementos referidos a valores simbólicos que contribúen ás identificacións, aínda que a súa presenza é sensiblemente superior na área de xuventude e, a continuación, na área de inactividade: mozos e maiores encóntranse afectados de maneira diferencial por elementos da identidade; en particular, este tipo de elementos sustenta en ambos os casos a súa boa percepción de Galicia (os dous grupos teñen mellor percepción de Galicia que o resto), pero difiren na percepción de España, pois para os mozos son motivo destacado de mala percepción (conflicto de identidade con España) e para os maiores de boa percepción (identificación con España, á vez, polo tanto, que con Galicia).

FONTES DIFERENCIAIS DE RISCO E DE SEGURIDADE		Área da xuventude	Transición xuventude-ocupación	Área da ocupación	Transición ocupación-inactividade	Área da inactividade
Galicia	Fontes de risco	- Economía, emprego - O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Servizos públicos insuficientes - Vivenda	- Economía, emprego - Infraestruturas, transportes	- Economía, desenvolvemento económico	- Servizos sociais para maiores
	Fontes de seguridade	- O contorno natural (identidade)		- Economía - Identidade		- Identidade
España	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Vivenda	- Seguridade - Xestión pública		- Servizos públicos - Economía, emprego
	Fontes de seguridade	- Calidade de vida - Economía	- Calidade de vida	- Economía - Contorno natural (identidade)		- Vinculos persoais (identidade)
CCAA	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía	- Seguridade	- Vinculos persoais (identidade) - Seguridade - Contorno social (identidade) - Os políticos
	Fontes de seguridade	- O contorno natural e social (identidade)	- O contorno natural (identidade) - Economía, emprego	- Economía, emprego		- Vinculos persoais (identidade) - Desenvolvemento económico - Calidade de vida
Municipios	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Infraestruturas, transportes	- Infraestruturas, transportes - Economía, emprego - Servizos públicos		- Economía, emprego - O contorno, a xente (identidade) - Os políticos
	Fontes de seguridade	- O contorno, a xente (identidade)	- Servizos públicos	- Marco urbano (identidade) - Contorno natural (identidade)		- Vinculos persoais (identidade)

Servizos públicos	Fontes de risco	- Eficacia en transportes - Oferta de servizos		- Calidade - Oferta - variedade - Condicións económicas, prezos	- Persoas, profesionalidade - Eficacia na sanidade pública - Calidade
	Fontes de seguridade	- Calidade, Eficacia, Equipos - Instalacións, Oferta	- Calidade	- Eficacia	- Persoas, profesionalidade
Servizos privados	Fontes de risco	- Persoas, profesionalidade - Calidade	- Persoas, profesionalidade - Oferta - variedade - Instalacións, equipamento	- Instalacións, equipamento - Condicións económicas, prezos - Oferta - Eficacia	- Condicións económicas, prezos
	Fontes de seguridade	- Eficacia - Oferta, variedade - Condicións económicas, prezos	- Calidade - Condicións económicas, prezos	- Calidade	- Persoas, profesionalidade
Xestión Xunta	Fontes de risco	- Calidades políticas dos líderes - Xestión da educación	- Política de emprego - Política de vivenda	- Calidades persoais dos líderes - Política social - Política de vivenda	- A xestión en xeral - Os políticos - Incumprimento de promesas - Política social
	Fontes de seguridade	- Xestión económica	- Infraestruturas - transportes - Xestión medioambiental	- Xestión económica - Xestión en educación - Política social - Infraestruturas - transportes	- A xestión en xeral - A xestión medioambiental - Política social

Os maiores, por comparación coa xente nova, difiren no maior impacto atribuíble a cuestións de orde práctica, como os servizos públicos, e ao factor económico, no cal se parecen máis á grande área da ocupación, coa que integran o mundo adulto. Agora ben, aí acaba a semellanza, pois na área da ocupación só os que definimos como subárea de transición cara á inactividade comparten con esta un impacto diferencial da seguridade como elemento de percepción negativa de España ou doutras comunidades autónomas.

Nesa área de transición, sobresa o problema da vivenda, o que é consistente coa fase biográfica característica daquela, de paso da xuventude á vida adulta, o que, entre outras cousas, exige independencia domiciliaria.

É interesante, porén, subliñar que, se este factor é distintivo da área, non o é ata o punto de acadar un impacto máis alto que, por exemplo, o factor económico, de maneira que hai que concluír, como se argumenta na análise, que ten máis peso o ingreso que o gasto e que iso está vinculado á convicción de que o acceso á vivenda é un obxectivo irrenunciable, custe o que custe, como seguro de solidificación e crecemento patrimonial.

Do modo máis sintético posible, como conclusión máis xeral, e con interese operativo, á vez, podemos dicir que formas de integración na comunidade, elementos con alto valor simbólico que son capaces de produciren vinculación ou pertenza, (contorno natural, contorno social, vínculos persoais), o son case todo para a boa percepción de Galicia. Sentirse ben en Galicia susténtase fundamentalmente neste tipo de factores e isto é certo para todos os grupos sociais, por máis que poidamos sinalar diferenzas significativas entre eles.

En sentido contrario, os problemas económicos, sexa o nivel xeral de desenvolvemento económico, sexa o emprego, tamén en todos os grupos sociais, non sen diferenzas entre eles, constitúen o factor con máis impacto no risco asociado á deficiente ou mala percepción de Galicia.

No medio desta polarización, que vén debuxar un país dividido entre o risco e a seguridade, do que uns galegos, os que o perciben ben, destacan virtudes esenciais, non continxentes (cómo é, cómo somos), en tanto que para outros ao mesmo país o bota relativamente a perder algún tipo de déficit económico, xeral ou de emprego, os servizos públicos constitúen unha área de especial interese, por canto o seu impacto, sendo menor e máis localizado, é negativo e continxente, é dicir, modificable. Correspóndelles á xestión pública e aos actores mellorar os servizos, a oferta e a actuación. Recordemos, neste sentido, a demanda, implícita na percepción, de servizos sociais para maiores (grupo de pensionistas e amas de casa; persoas maiores en xeral) e a demanda de máis servizos públicos nas idades de 25 a 34 anos, probablemente de natureza ben diferente, por ser idades tipicamente reprodutivas e tamén de entrada no mercado de traballo, pois tamén esta demanda é dos parados.

Nos espazos para vivir (Galicia, España, outras comunidades autónomas, municipio de residencia) dominan os elementos referidos a valores simbólicos que contribúen ás identificacións, malia que a súa presenza é sensiblemente superior na área de xuventude e, deseguido, na área de inactividade: Novos e maiores están afectados de maneira diferencial por elementos da identidade. En particular, este tipo de elementos sustenta nos dous casos a súa boa percepción de Galicia (ambos os grupos teñen mellor percepción de Galicia que o resto), pero difiren na percepción de España, pois para os novos son motivo destacado de mala percepción (conflito de identidade con España) e para os maiores de boa percepción (identificación con España, á vez, polo tanto, que con Galicia). Os maiores, por comparación cos novos, difiren no maior impacto atribuíble a cuestións de orde práctica, como os servizos públicos e o factor económico, no cal se parecen máis á grande área da ocupación, coa que integran o mundo adulto. Na inactividade e na área de transición cara a ela, déixase ver un impacto diferencial da seguridade, como elemento de conflito con España ou con outras comunidades autónomas. Dentro do núcleo central da área de ocupación teñen máis peso que en ningunha outra zona os factores económicos, e, xunto coa área de transición desde a xuventude, destacan tamén polo peso do factor da mobilidade (infraestruturas relacionadas cos transportes). Nesa área de transición sobresa o problema da vivenda, o que é consistente coa fase biográfica característica daquela, de paso da xuventude á vida adulta, o que, entre outras cousas, exige independencia domiciliaria.

6. Ideoloxía e identidade

A ideoloxía –tanto na súa escala esquerda-dereita como nacionalismo-non nacionalismo– e a identidade etnoterritorial constitúen un elemento importante á hora de analizar e entender a percepción de Galicia, pero tamén como elemento autónomo e definitorio da sociedade galega.

Recordemos que a identidade, como analizador da percepción, nos permite saber que:

- Os que se senten máis galegos son os cidadáns que teñen unha mellor percepción de Galicia.
- Os que se senten máis españois que galegos son os que manifestan unha percepción de perigo maior na súa percepción do municipio de residencia.
- Os que se senten máis españois que galegos teñen unha percepción claramente máis baixa da xestión da Xunta de Galicia e un nivel de seguridade maior na súa percepción dos servizos privados.
- Os que se senten máis galegos que españois perciben peor os servizos públicos.

A ideoloxía tomada como elemento autónomo á percepción móstranos, en primeiro lugar, que a sociedade galega non é distinta da maioría das sociedades democráticas, xa que os galegos tenden a ocupar maioritariamente o punto medio da escala ideolóxica esquerda-dereita.

A sociedade galega, no seu conxunto, autoposiciónase lixeiramente á esquerda, ocupando o punto 4,85 onde 0 representa a esquerda máis extrema e 10 a dereita máis extrema.

Obsérvase que a maior idade do enquisado, maior desprazamento cara a posicións máis conservadoras. Neste sentido, resulta revelador o feito de que os maiores (máis de 60 anos) sexan o único grupo de idade que se sitúa claramente na dereita (5,35)

Podemos concluír que a maior nivel de estudos, maior localización en valores de esquerda. Tendo en conta a ocupación, o sector social máis conservador é o das amas de casa, superando mesmo os pensionistas. Tamén é importante sinalar que no medio rural a ideoloxía é máis conservadora que no urbano

A poboación galega sitúase no punto 4,37 da escala nacionalismo-non nacionalismo, isto é, lixeiramente inclinada ao non nacionalismo.

Os máis maiores (60 anos e máis) son os que máis claramente amosan ser non nacionalistas, alcanzando un autopoñemento medio do 3,35.

Ser estudante inflúe positivamente no autopoñemento ideolóxico de pertenza á ideoloxía nacionalista, probablemente influenciado pola idade.

A sociedade galega no seu conxunto tende a situarse no centro da escala ideolóxica de nacionalismo e no centro dos literais de identificación.

O grao de nacionalismo diminúe coa idade e, polo contrario, aumenta co nivel educativo.

A ideoloxía esquerda-dereita é a fonte de distinción entre partidos políticos máis importante para os galegos, moi por encima da nacionalista-non nacionalista.

Canto máis urbano é o contorno do individuo, máis aumenta a consideración do eixe esquerda-dereita como factor determinante para a identificación das diferentes formacións do sistema de partidos galego. A poboación sitúa á Xunta de Galicia lixeiramente escorada máis á esquerda e ao nacionalismo que a súa propia posición en ambas as escalas.

Cando aumenta o nivel de estudos do individuo, aumenta tamén a consideración do Goberno galego como de esquerdas e nacionalista.

A ideoloxía tomada como elemento autónomo á percepción amósanos, en primeiro lugar, que a sociedade galega non é distinta da maioría das sociedades democráticas, pois os galegos tenden a ocupar maioritariamente o punto medio da escala ideolóxica esquerda-dereita, neste caso moi lixeiramente cara á esquerda. Igualmente, no eixe nacionalismo-non-nacionalismo, a posición media está bastante centrada, lixeiramente desprazada cara ao non-nacionalismo. Neste marco, a Xunta é considerada algo máis á esquerda e algo máis nacionalista do que se recoñece a sociedade galega.

7. A xestión da Xunta, do Goberno español e dos concellos

O labor desempeñado pola Xunta de Galicia no último ano obtén a nota máis alta de entre os tres executivos obxecto de medición.

Por outra parte, os máis novos (16-34) son os entrevistados que mellor valoran o labor desempeñado pola Xunta de Galicia. De feito, o Goberno galego é o executivo mellor considerado por todos os grupos de idade menos nun, o dos cidadáns que teñen 60 ou máis anos.

A Xunta de Galicia é mellor puntuada por aqueles cidadáns sen estudos ou con estudos primarios, e son os estudantes e os pensionistas os dous colectivos que mellor nota outorgan ao labor desempeñado pola Xunta no último ano.

O Goberno galego é o executivo mellor valorado en todos os grupos ocupacionais e, a unha distancia considerable, polo colectivo dos parados e ocupados. Tamén hai que destacar aquí que os empregados manuais son a categoría socioeconómica que mellor puntúa o labor desempeñado pola Xunta de Galicia.

Obsérvase unha lixeira tendencia entre vivir no ámbito rural e puntuar mellor a xestión da Xunta de Galicia no último ano. O dato provincial máis relevante quizais sexa o que ofrece a provincia de Lugo, único lugar en que a Xunta non é o executivo mellor valorado, senón o Goberno central.

Pasando xa a analizar a puntuación da Xunta en honestidade, capacidade, cumprimento e relación co pobo, hai que dicir que se cumpre a ecuación de que a maior idade, maior valoración positiva da Xunta de Galicia no apartado de honestidade. As puntuacións da Xunta en capacidade de goberno reparten a súa mellor valoración nos dous extremos: os máis novos e os máis vellos.

A Xunta suspende no grupo de idade 25-29, que se revela como o máis crítico en cuestións de cumprimento de promesas, xa que é aquí o único lugar en que o Goberno galego non chega ao aprobado.

Os dous extremos da escala educativa son os que máis puntuación lle conceden ao Goberno galego, e son especialmente os universitarios os que máis confían na honestidade do executivo. Por outra parte, observamos que, no referente á capacidade de goberno da Xunta de Galicia, cúmprese a ecuación de que a maior nivel de estudos, menor puntuación.

A evolución das notas no apartado de cumprimento de promesas segue o percorrido contrario ao que xulgaba a capacidade da Xunta de Galicia, isto é, a maior nivel educativo, maior puntuación. Os universitarios son, unha vez máis, o colectivo que lle concede unha nota máis alta.

O grupo ocupacional que, por encima dos demais, valora en maior medida o Goberno galego é o dos pensionistas. A iso hai que engadir que a Xunta recibe a súa mellor puntuación no apartado de cumprimento de promesas, unha vez máis, no grupo ocupacional dos estudantes (5.6)

A maior puntuación alcanzada e, ademais, con moita diferenza se temos en conta a posición que o individuo ocupa no fogar, é a que rexistra a categoría "outras", formada maioritariamente, como sabemos, por persoas maiores e xubilados. E se falamos de capacidade do Goberno galego, volven ser os integrantes da categoría "outras" os que ofrecen, con moita vantaxe, a nota máis alta, que, ademais, roza o notable (6.8).

A Xunta está mellor valorada que o Goberno español e que os concellos, por termo medio. A única excepción a esta posición de vantaxe atopámola nos de maior idade, máis conservadores, que, non obstante, ao mesmo tempo, tenden a valorar todo mellor que outros grupos de idade. A honestidade da Xunta é máis recoñecida entre os maiores, mentres que a desconfianza é máis frecuente entre os novos. Ademais, o grupo de transición desde a xuventude á idade adulta penaliza o cumprimento de promesas.

8. Os servizos públicos. Opinión sobre a súa xestión nos dous últimos anos e atribución de competencias

Os servizos sociais, o transporte público e a sanidade son os servizos públicos que mellor evolución experimentaron nos dous últimos anos. A vivenda e a xustiza constitúen o outro lado da balanza e son os que peor comportamento tiveron.

A porcentaxe de mulleres que pensan que o funcionamento da educación pública empezou é lixeiramente maior que a de homes. Por outra parte, a porcentaxe de homes que entenden que houbo unha mellora nos dous últimos anos é maior que a de mulleres que pensan así, para todos os servizos excepto sanidade, seguridade e educación.

Os que valoran mellor o funcionamento da sanidade son os estratos sociais de maior idade, quizais porque son os que máis a utilizan e coñecen. O grupo dos que teñen entre 25 e 29 anos destaca por ser o que peor opinión ten do o funcionamento dos servizos administrativos e, ademais, fano dobrando as porcentaxes dos demais grupos de idade. Os servizos públicos de seguridade cidadá son sensiblemente mellor valorados no seu funcionamento polos estratos sociais máis novos.

A tendencia na valoración negativa da xustiza é a aumentar coa idade. Os menos pesimistas son os máis novos e, a partir de aquí, a idade marca un aumento do pesimismo ata chegar ao grupo de maior idade, que é tamén o máis pesimista. Porén, os máis vellos –ademais dos máis novos– son os que valoran claramente mellor o transporte público.

Os mozos adoitan ser os sectores de idade máis proclives á compra ou alugamento dunha vivenda e, mediante o seu descontento na evolución do servizo, poden estar externalizando a dificultade de acceso á propiedade ou o elevado prezo dos alugamentos.

A maior nivel de estudos, menor valoración positiva da evolución do funcionamento da sanidade, a educación pública e os servizos sociais.

A xustiza ofrece o nivel de aceptación (enquisados que responden que o seu funcionamento é mellor que hai dous anos) máis baixo de todos, incluso superando á vivenda, que é o servizo público que peor evoluciona nos dous últimos anos.

Segundo a ocupación, os que mellor valoran o funcionamento da educación pública, os servizos sociais e a seguridade nos dous últimos anos son os estudantes, e as amas de casa son as que, con diferenza, valoran mellor o funcionamento do sistema sanitario.

Todos os grupos ocupacionais superan o 50% de descontento sobre a evolución da vivenda, sendo o máis descontento de todos o dos parados.

O pesimismo na valoración da seguridade é maior entre os que máis teñen que perder, é dicir, entre os decisores e os autónomos non expertos.

O transporte público, polo contrario, encontra as cifras máis positivas entre aqueles sectores máis baixos dentro da categoría socioeconómica, é dicir, entre os empregados manuais e os non clasificados. Existe tamén unha clara tendencia a un maior pesimismo no tema da vivenda entre estas dúas categorías, probablemente porque son eles os que notan en maior grao os rigores do mercado hipotecario e de alugamentos.

A sanidade pública é maioritariamente avaliada cun saldo positivo polos integrantes da categoría “outros” dentro do fogar e polos cónxuxes. Esta categoría “outros” –formada maioritariamente por xubilados e persoas maiores– avalía positivamente e, ademais, de maneira masiva o funcionamento dos servizos sociais. Os descendentes (mozos e, moitos deles, universitarios) son os que valoran máis positivamente a evolución nos últimos anos da seguridade.

Os enquisados do medio rural son moito máis optimistas que os do medio urbano nos seus xuízos sobre a evolución do funcionamento dos servizos públicos de educación, sanidade, servizos administrativos, servizos sociais, seguridade e vivenda. E, ao revés, os habitantes das cidades son, en xeral, máis pesimistas que os dos vilas e aldeas á hora de avaliar a evolución do funcionamento dos principais servizos públicos.

Para a maior parte da sociedade galega, o organismo que xestiona a educación é a Xunta de Galicia. Por idade, o colectivo máis seguro de que é a Xunta o organismo encargado de xestionar os servizos públicos de educación son todos aqueles cidadáns encadrados no que convimos en denominar as idades medias, é dicir, os comprendidos entre os 35 e 44 anos, por un lado, e os que teñen entre 45 e 59, por outro. Ademais, obsérvase unha relación directa entre un maior nivel de estudos e a consideración de que a educación é unha competencia que xestiona e desenvolve a Xunta de Galicia.

As persoas da categoría “outros” (xubilados e persoas maiores) dentro da variable de cabeceira que se fixa na posición que o individuo ocupa no fogar son as que máis seguridade mostran no seu xuízo de que é a Xunta de Galicia o organismo que se encarga da xestión da educación. Idéntico xuízo tenden a facer aqueles galegos que viven nas cidades e nas provincias da Coruña e Pontevedra.

As competencias en materia de sanidade tamén son maioritariamente percibidas pola poboación como en mans da Xunta de Galicia. Así, algo máis da metade da mostra sostén que é o Goberno galego o que xestiona a competencia. As diferenzas na opinión entre sexos son moi significativas: o 60% dos homes fronte ao 47% de mulleres falan da Xunta como o executivo competente en sanidade.

Aqueles enquisados que admiten non estar en posesión de ningún tipo de estudos colocan en moita menor proporción a competencia sanitaria en mans da Xunta de Galicia que aqueles que si cursaron estudos (secundarios ou universitarios). Neste mesmo sentido, a Galicia urbana considera en moita maior proporción que a Galicia rural que é a Xunta a encargada de xestionar as competencias sanitarias.

As persoas maiores e os xubilados contidos na categoría “outros” dentro do fogar constitúen o único grupo en que a consideración de que as competencias Sanitarias están en mans do Goberno central supera á que ve na Xunta de Galicia o organismo xestor.

A maioría dos homes cren que é o Goberno central o responsable da seguridade cidadá, mentres que as mulleres, na súa maior parte, responsabilizan á Xunta de Galicia de tal xestión.

Destaca aquí que o grupo socioeconómico dos decisores sexa o único que coloca en primeiro lugar o municipio na súa consideración de quen é o organismo institucional encargado da xestión en materia de seguridade.

A maioría dos galegos considera a Xunta de Galicia o organismo que posúe as competencias en materia de servizos sociais e, ademais, fano dunha maneira moi clara. O grupo de idades medias é o que en maior medida considera que o Goberno galego é responsable deses servizos sociais.

A maior nivel de estudos maior conciencia de que é a Xunta a encargada de xestionar a política social en Galicia. O feito de ser supervisor técnico ou empregado non-manual favorece tamén a consideración da Xunta como responsable da xestión dos servizos sociais. Por outro lado, a categoría “outros” na posición do individuo no fogar é a que lle atribúe máis claramente á Xunta as competencias de política social.

Os servizos públicos de xustiza son considerados maioritariamente polos galegos como xestionados a escala estatal. A tendencia observada máis clara aquí é a que sostén que a maior nivel de estudos, maior atribución a escala estatal das competencias sobre xustiza.

As competencias sobre transporte público, para a maioría dos galegos, correspóndenlle á Xunta de Galicia, e, novamente, un maior nivel de estudos fai que o número de individuos que ven o concello como o depositario de tales servizos aumente.

As competencias sobre vivenda non están demasiado claras entre os galegos aínda que unha lixeira maioría se decanta por consideralas autonómicas. Cando o nivel de estudos medra, aumenta tamén a proporción dos que consideran que é a Xunta de Galicia a encargada de xestionar a vivenda.

Os estudantes son o único grupo ocupacional que considera maioritariamente que é o Goberno central o que xestiona a vivenda. A persoa principal do fogar, por outro lado, é o grupo que sinala máis inequivocamente que é o Goberno galego o responsable en vivenda.

A maioría dos galegos pensa que é o Goberno central o que ten no seu poder as competencias de xestión económica. Un 26% da sociedade cre que a Xunta de Galicia é a responsable e só un 6% fala dos municipios. A categoría Non sabe / Non contesta, moi avultada cando falamos de economía, descende espectacularmente conforme o nivel educativo do individuo aumenta.

Os descendentes son os membros do fogar que, con moita diferenza, falan do Goberno central como o principal responsable do funcionamento da economía, e o grupo codificado como "outros" ofrece a peculiaridade de ser o único que cre que é a Xunta de Galicia a responsable do funcionamento da economía e non o Goberno central. Se nos fixamos agora no hábitat, vemos que a porcentaxe de entrevistados que sosteñen que é o Goberno central o responsable do funcionamento da economía é maior no mundo urbano que no rural.

A maioría dos galegos cre que a xestión do medio ambiente é un asunto propio da Xunta de Galicia, aínda que unha porcentaxe nada desdeñable (29%) coloca tal competencia en mans do Goberno central.

Os cidadáns encadrados na mediana idade sinalan en maior medida que os novos que é a Xunta o principal organismo encargado da política medioambiental. Do mesmo modo, estar en posesión dun maior nivel de estudos implica que a porcentaxe de resposta favorable á Xunta de Galicia en materia de competencias sobre medio ambiente tamén aumente. Finalmente, o hábitat urbano identifícase máis claramente que o rural coa consideración de que é a Xunta a responsable de xestionar o medio ambiente.

Os servizos sociais, o transporte público e a sanidade son os servizos con mellor evolución recoñecida pola mostra. A vivenda e a xustiza son os que peor foron nos dous últimos anos. A vivenda está peor considerada na súa evolución polos novos e polos parados, mentres que a xustiza foi peor en opinión dos maiores. O coñecemento de competencias das administracións é irregular e está lonxe de ser completo. Pero, máis que facer que a xente saiba ben unha lección que, quizais, non lle interese gran cousa, a oportunidade que isto mostra é a de racionalizar as competencias, coa debida atención ao ámbito local en que moitos servizos se prestan.

9. O interese pola política

A tendencia xeral é a que a política autonómica se sitúe entre a política local, a que máis interesa en termos relativos, e a nacional, a que menos.

O grao de interese da sociedade galega sobre política é máis ben escaso e próximo ao punto 2 dunha escala de 1 a 4 (cuxo punto medio é 2,5), que revela pouco interese polos asuntos políticos. Esta tendencia non é diferente da observada na maioría das sociedades occidentais avanzadas.

Tendo en conta o sexo do entrevistado, observamos que os homes demostran un pouco máis de interese pola política que as mulleres nos tres ámbitos obxecto de enquisa (autonómico, nacional e municipal).

O dato máis sobresaínte tendo en conta a idade dos entrevistados é o que ofrecen os que teñen entre 25 e 29 anos, que rexistran un 1,97 de interese pola política, é dicir, traspasan a fronteira do 2 e entran no terreo do nulo interese pola política nacional (que se situaría no valor 1).

A maior nivel de estudos, maior interese pola política, tanto autonómica como nacional e local. Neste sentido, os universitarios son o único grupo que se sitúa en valores positivos para os tres tipos de política analizados.

O colectivo das amas de casa, referido á política nacional, é o grupo que, polo contrario, menos interese mostra e alcanza un valor, 1,81, que entra no territorio do nulo interese.

O hábitat do individuo marca unha tendencia interesante, aínda que moi suave, no interese pola política autonómica: cando se pasa do mundo urbano ao rural aumenta o interese relativo pola política galega.

Os homes –como vén sendo habitual– mostran cifras sensiblemente superiores que as mulleres, e o apartado referente ao nivel de información sobre as actividades da Xunta de Galicia non é unha excepción.

Por encima de calquera outra circunstancia, destaca o feito de que todos os grupos de idade ofrecen cifras negativas en canto ao nivel de información dispoñible, mesmo en política municipal, esfera política coa que os enquisados afirman estar máis familiarizados.

Mención especial merece a cifra dos universitarios no seu nivel de información sobre a política local, un 2,52, único momento en que se alcanzan cifras positivas.

As categoría de “outras” e a dos cónxuxes, cando falamos da posición que ocupa o individuo no fogar, descenden da barreira dos dous puntos, que marca a posición do “pouco informado” e o comezo do “nada informado”.

A tendencia xeral é a que a política autonómica se sitúe entre a local e a nacional, a que menos interese. En xeral, o interese pola política é máis ben baixo, como na maioría das sociedades occidentais. Como consecuencia, o grao de información dos individuos respecto das cuestións políticas é tamén escaso. ¿Oportunidade ou distancia inevitable? Os líderes políticos deben optar por definir dun xeito ou doutro o seu papel: poder puro e duro (democrático, desde logo) ou participación.

2. MAPA SOCIODEMOGRÁFICO BÁSICO DA MOSTRA



Non é o propósito deste traballo emprender unha análise xeral da poboación galega, pero é obrigado recoller algúns datos básicos que orienten o lector sobre o marco sociodemográfico, e tamén sobre as posicións ideolóxicas, e, en particular, sobre as asociacións entre ambos os espazos, pois un e outras van aparecer reiteradamente na análise, ben para segmentar a información, ben como variables explicativas, como analizadores.

Tendo en conta isto, imos presentar en primeiro lugar uns datos básicos que permitan ver algunhas distribucións conxuntas de variables sociodemográficas na mostra obxecto de estudo, ás que faremos referencia durante a análise.

En segundo lugar, dedicaremos outra parte do capítulo a observar e analizar o que podemos chamar o mapa multivariable de asociacións fundamentais entre características da poboación e posicións ideolóxicas e identidades. Ese mapa construíuse mediante análise factorial de correspondencias múltiples, e permite establecer asociacións, por proximidade, de dous tipos:

- Entre categorías da mesma variable: se dúas categorías da mesma variable están próximas é por seren similares en termos dos seus perfís, definidos polo resto de variables da análise.
- Entre categorías de distintas variables: se dúas categorías de distintas variables están próximas é porque cada unha delas ten un peso diferencialmente acusado no perfil da outra.

Posto que analizaremos resultados continuamente tendo en conta as variables de estratificación, isto é, a provincia e o hábitat, imos ver que trazos sociodemográficos distinguen os distintos espazos. Agregamos os dous tamaños de hábitat máis pequenos porque xa se fixera así no desdén técnico debido ao desigual peso que ten cada un deles por provincia.

A caracterización máis clara ofrécena a idade, que mostra unha asociación co hábitat moi clara, con maior peso diferencial das persoas maiores no estrato inferior de tamaño, maior presenza diferencial de idades intermedias no tamaño intermedio e maior presenza de mozos nas cidades de máis de 50.000 habitantes. Correlativamente, as provincias máis rurais, Ourense e Lugo, teñen maior presenza de persoas de 60 ou máis anos.

	Total	HÁBITAT			PROVINCIA			
		Ata 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL	2000	691	603	706	817	265	251	668
XÉNERO								
Home	48	39	45	59	48	48	48	48
Muller	52	61	55	41	52	52	52	52
IDADE								
De 16 a 24	12	9	11	15	12	11	11	13
De 25 a 29	9	7	9	11	9	8	8	10
De 30 a 34	9	9	12	7	9	7	7	10
De 35 a 44	17	16	21	14	18	16	15	18
De 45 a 59	23	23	21	23	23	21	21	23
60 e máis	30	35	26	30	29	37	38	26
POSICIÓN NO FOGAR								
Persoa principal	40	38	35	45	39	44	43	38
Conxuxes	28	32	31	21	31	25	28	25
Descendentes	32	28	33	34	30	30	28	35
Outras	1	1	1	0	0	1	2	1

De forma consistente con estas diferenzas en canto ao peso relativo dos grupos de idade, no hábitat de inferior tamaño atopamos máis amas de casa e pensionistas, en tanto que nas cidades máis grandes hai máis ocupados. As provincias máis rurais teñen, como era de esperar, máis pensionistas. A isto podemos engadir que nas vilas máis pequenas hai máis autónomos non-expertos¹ e nas cidades máis empregados non-manuais.

No hábitat de menor tamaño é menor o nivel de estudos, por comparación, sobre todo, coas cidades máis grandes. A asociación de Ourense e Lugo a aquel tipo de hábitat fai que nestas provincias o nivel de estudos tamén sexa inferior ao das outras dúas, que contan con máis poboacións grandes, entre elas as maiores de Galicia.

1 A "categoría socioeconómica" usada na análise construíuse a partir das características da ocupación (forma de emprego, categoría do posto, persoal ao seu cargo e tipo de traballo) e da formación. As categorías resultantes defínense como segue:

1. Decisores: directivos e profesionais independentes con formación universitaria.
2. Supervisores e técnicos: mandos intermedios con persoal ao seu cargo e persoal técnico con formación universitaria.
3. Autónomos non-expertos: autónomos sen formación universitaria, é dicir, maioritariamente relacionados con oficios diversos.
4. Empregados non-manuais.
5. Empregados manuais.

	Total	HÁBITAT			PROVINCIA			
		Ata 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL	2000	691	603	706	817	265	251	668
OCUPACIÓN								
Ocupados	44	40	44	48	45	43	39	46
Estudantes	11	9	11	13	13	10	8	10
Amas de casa	18	22	20	11	17	11	21	19
Pensionistas	22	24	19	23	21	30	26	19
Parados	5	5	7	4	4	7	6	6
CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA REDUCIDA								
Decisores	2	2	2	1	2	2	4	1
Supervisores e técnicos	9	7	11	10	11	8	7	8
Autónomos non-expertos	11	13	10	8	10	13	10	11
Empregados non-manuais	14	11	13	18	14	12	12	16
Empregados manuais	8	7	9	8	8	8	7	9
Non-ocupados	56	59	55	55	55	57	61	56
ESTUDOS								
Sen estudos/Primarios	73	81	72	66	71	77	77	73
Secundarios	16	12	17	19	17	14	14	17
Universitarios	11	7	10	15	12	9	9	10

Tamén encontraremos con frecuencia na análise diferenzas segundo o xénero e a idade. Por iso, é interesante ver cales outras características diferencian as categorías destas variables.

En primeiro lugar, os xéneros veñen reflectir as tradicionais diferenzas de roles, que colocan a muller con menor nivel de ocupación e maior dedicación aos labores do fogar e con menor nivel de estudos, ben que, como é sabido, polo menos en nivel de estudos, coexisten realidades moi distintas, xa que, se nas idades altas se acentúan os roles tradicionais e a menor formación das mulleres, hai xa anos que as mulleres estudan máis que os homes e, conseguintemente, fan valer o seu investimento formativo no mercado de traballo, tendendo a igualar a presenza masculina.

As maiores porcentaxes de ocupados atopámolas nas idades comprendidas entre 25 e 44 anos, pois antes o que predomina claramente son os estudantes, mentres que a partir dos 45 anos, boa mostra de que por encima desa idade hai unha fronteira para o conxunto das mulleres, desce bruscamente a ocupación, cuxo nivel máis alto estaba no grupo de idade anterior, aumentando tanto os pensionistas como nas amas de casa. Por encima dos 60 anos dominan, loxicamente, os pensionistas.


O nivel de estudos, determinado pola categoría dominante na poboación, que é a dos inferiores aos secundarios, decrece coa idade de forma continua, desde o segundo grupo de mozos (25 a 29 anos), ata alcanzar un tamaño do 92% do total o nivel inferior de estudos nas idades máis altas.

	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
TOTAL	2000	961	1039	239	185	179	342	450	605
OCUPACIÓN									
Ocupados	44	57	32	25	69	65	73	57	12
Estudantes	11	11	11	69	13	5	2	2	1
Amas de casa	18	1	33	1	4	15	18	27	22
Pensionistas	22	25	20	0	2	1	2	10	64
Parados	5	6	5	6	12	14	5	4	1
CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA REDUCIDA									
Decisores	2	3	1	0	4	0	4	2	1
Supervisores e técnicos	9	13	5	3	14	17	19	10	2
Autónomos non-expertos	11	15	6	0	8	16	19	16	4
Empregados non-manuais	14	12	16	15	26	21	19	18	3
Empregados manuais	8	12	5	5	21	14	11	10	2
Non-ocupados	56	45	67	77	28	31	29	45	88
ESTUDOS									
Sen estudos/Primarios	73	69	77	62	46	63	61	78	92
Secundarios	16	19	13	29	24	20	23	14	5
Universitarios	11	12	10	10	31	18	15	8	3
POSICIÓN NO FOGAR									
Persoa principal	40	56	24	1	12	30	42	51	56
Conxuxes	28	10	44	1	15	31	32	35	34
Descendentes	32	33	31	98	71	37	24	13	10
Outras	1	1	0	0	3	1	1	1	0

Pero o nivel de estudos tamén está determinado polas outras categorías, estudos secundarios e universitarios. Os primeiros alcanzan o seu nivel máis alto entre os máis novos, decrecendo a medida que aumenta a idade, mentres que os segundos teñen o seu máximo no grupo de 25 a 29 anos, baixando bruscamente por encima desta idade.

	Total	Estudos		
		Sen estudos/ Primarios	Secundarios	Universitarios
TOTAL	2000	1460	322	218
OCUPACIÓN				
Ocupados	44	37	61	67
Estudantes	11	9	17	17
Amas de casa	18	22	8	3
Pensionistas	22	28	7	8
Parados	5	5	7	6
CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA REDUCIDA				
Decisores	2	1	3	6
Supervisores e técnicos	9	7	10	25
Autónomos non-expertos	11	11	10	10
Empregados non-manuais	14	10	27	25
Empregados manuais	8	9	8	1
Non-ocupados	56	63	41	33

O nivel de estudos, pola súa vez, discrimina a relación coa actividade e a categoría socioeconómica (neste caso, ademais, por formar parte da súa propia definición). Así, a ocupación concéntrase en maior medida nos niveis de estudos considerados *profesionais* (secundarios e universitarios), aínda que isto é efecto combinado do nivel de estudos e da idade, á que, en parte, o vimos asociado. Os universitarios teñen, por definición, maior presenza nos dous primeiros grupos de nivel socioeconómico, pero tamén están asociados diferencialmente aos empregados non-manuais, o mesmo que lles sucede aos que teñen estudos secundarios, malia que estes últimos, xunto cos que teñen estudos primarios ou inferiores, se distinguen dos universitarios pola presenza de traballo manual, puramente testemuñal entre estes últimos.



No entanto, convén ter unha visión sintética destas asociacións, ao tempo que conxunta, é dicir, implicando á vez a todas as variables, e incluíndo tamén ás variables de tipo ideolóxico.

Se observamos o gráfico anterior, vemos que os seus dous eixes están constituídos por dúas variables, que son as que máis claramente contribúen a discriminar posicións nas súas dúas direccións perpendiculares: a relación coa actividade, que distingue, horizontalmente, entre inactivos (amas de casa e pensionistas) e ocupados² e verticalmente entre ocupados e estudantes; e a idade, que distingue horizontalmente entre maiores e menores de 60 anos e verticalmente entre mozos e adultos³.

2 Na terminoloxía oficial, universalmente aceptada, activo significa ocupado ou parado e inactivo non-ocupado nin demandante de emprego, pois todo está organizado por referencia ao mercado de traballo nun momento dado. Agora ben, se introducimos unha perspectiva temporal, xustamente a referencia ao mercado de traballo distingue, no espazo da inactividade, os estudantes, pois a partir dos 16 anos a educación ten valor específico profesional, de maneira que o que fai un estudante é investir para desenvolver unha actividade no mercado de traballo. Iso achega máis os estudantes ao espazo da actividade que ao da inactividade.

3 Aadoita delimitarse a xuventude atendendo á idade, como se fose unha cuestión biolóxica, porque, certamente, hai unha forte correlación entre o tempo biolóxico, pouco relevante en si desde o punto de vista sociolóxico, e o tempo biográfico, e é fácil referirse a unha variable ordenada e aparentemente linear como a idade, pero, se nos remitimos ao que constitúe a condición de ser novo (dependencia económica, domiciliar e familiar), no intervalo típico de 16 a 29 anos, o grao de xuventude é moito menor a partir dos 25 anos, como puidemos ver nas táboas precedentes, sequera pola incorporación ao mercado de traballo conseguinte á finalización dos estudos. Por iso, que lles chamemos mozos aos membros do grupo de 16 a 24 anos e adultos ao resto non é unha simple cuestión de oportunidade.

Estas dúas variables, por si soas, debuxan, entón, tres áreas que nos van permitir identificar grandes asociacións de categorías de todas as variables:

- Área de inactividade, que é a área das idades de 60 ou máis anos, asociadas diferencialmente ás posicións de pensionistas e amas de casa, cunha proximidade diferencial tamén con mulleres (a discriminación da muller no mercado de traballo en termos xeracionais fai que o xénero non sexa neutral), máis ben rural, medio onde os roles tradicionais dos xéneros manteñen a súa vixencia con forza, en parte por razóns culturais, pero tamén polo envellecemento da poboación; o nivel de estudos é baixo e moi distintivo. Finalmente, esta área está máis ben asociada a posicións ideolóxicas conservadoras ou de dereita e a un maior peso da identidade española.
- Área de ocupación, que é a área das idades comprendidas entre 25 e 59 anos, sobre todo entre 30 e 44 anos, dos homes (sempre entendido como asociación diferencial) e do hábitat urbano; o nivel de estudos tende a crecer a medida que se acerca á ocupación, centro de gravidade da área. Ideoloxicamente, é unha área de centro-esquerda.
- Área de xuventude, que é a área das idades de 16 a 24 anos, integrada por persoas dedicadas preferentemente aos estudos, cunha lixeira asociación aos estudos secundarios (por razón da idade) e cunha maior propensión á autoidentificación como galego.

De forma paralela a esta zonificación do mapa, pódense ver asociacións moi claras, sobre todo na dirección horizontal, onde a relación coa actividade, idade e estudos, cun despregamento máximo de esquerda a dereita, mostran unha asociación moi estreita, cunha clara vinculación tamén ao hábitat, ao xénero, á posición no fogar á posición ideolóxica e á identidade (etno)territorial, variables de menor percorrido no mapa, pero que sempre presentan unha certa variabilidade horizontal.

Verticalmente, en cambio, salvo a distinción sinalada para os máis novos, as asociacións son menos claras. En suma, trátase dun mapa varrido horizontalmente polo compoñente biolóxico e biográfico, aínda que a frecha do tempo se debuxase invertida, coa desagregación do segmento máis novo, que marca algunhas tendencias verticais, tal como xa sinalamos.

Retenamos estas asociacións fundamentais, pois aparecerán na análise en diversas ocasións a partir de agora, cando estas variables sexan utilizadas como variables explicativas.

3. AS PERCEPCIÓNS DOS GALEGOS




A percepción é o elemento central desta investigación e, en consecuencia, a ela lle dedicaremos o capítulo central da análise. No anexo metodolóxico inclúese unha explicación detallada dos elementos compoñentes da percepción e do seu reflexo na medición, pero debemos lembrar aquí superficialmente algunhas cousas importantes ao respecto.

A percepción artella dous datos fundamentais: prodúcese nun certo grao e produce unha interpretación do suxeito, pois se a intensidade impulsa á acción, a interpretación é necesaria para dirixir a acción.

Medimos a percepción nunha escala de 0 a 10, onde 0 representa unha percepción pésima e 10 unha percepción óptima. Empiricamente, puidemos establecer que a percepción dun lugar para vivir comparte coa percepción dos servizos en xeral unha fronteira: a que establece unha zona que chamamos de *seguridade* no intervalo de 8 a 10 e unha zona que chamamos de *risco* no intervalo de 0 a 7⁴.

Pode parecer sorprendente que incluíamos un valor como 7 na zona de risco, pero sucede que, malia ser un valor alto en relación co punto medio da escala, a distribución é asimétrica e, xustamente, encontra o seu valor máis frecuente en 8. De non haber outros datos contrastados en múltiples estudos sobre a percepción de cidadáns e clientes (posiblemente, a segunda condición tende a superporse á primeira), sería suficiente observar a distribución e, establecendo unha posición que podemos chamar *normal*, como posición máis frecuente que é, o 8 neste caso, para cualificar todo o que está por debaixo como anormalmente baixo e todo o que está por enriba como anormalmente alto. A decisión de incluír aquel valor no espazo de seguridade fúndase na forte e recoñecida tendencia adaptativa, que fai que os cidadáns ou consumidores consideren aceptable o que é normal.



4 Seguridade e risco: nos mercados de bens e servizos, seguridade e risco están claramente definidos en relación con dous elementos centrais dos intereses das empresas comerciais, a permanencia do cliente e a circulación de mensaxes positivas ou negativas (saída e voz). Neste caso, as restricións do cidadán á hora de saír son moito maiores e iso condiciona tamén, por razón da disonancia cognitiva, a súa voz. Pero que as restricións obxectivas limiten as posibilidades de acción non elimina o risco asociado á mala percepción.

Un uso arcaico do término “risco” dá-lle un significado particularmente pertinente ao caso que nos ocupa, como *división*, *conflicto*. É dicir, fronte ao significado común que resalta o que pode suceder (saída e voz) como consecuencia de algo (mala percepción), este uso particular destaca o que de forma máis inmediata sucede cando algo falla, o conflito intrínseco ao propio fallo. A *seguridade* viría ser, por oposición, *identificación*, *ausencia de conflito*.

En consecuencia, tomaremos como referencia fundamental a fronteira sinalada e os dous espazos que delimita. En segundo termo, dentro de cada un dos dous espazos, distinguiremos dúas categorías:

No espazo do risco:


- Risco, sen máis, que comprende os valores 6 e 7, agás para a xestión, onde se desprazan aos valores 5 e 6.
- Perigo, que comprende os valores de 0 a 5, salvo para a xestión, onde se desprazan aos valores 0 a 4.

No espazo da seguridade:

- Seguridade, sen máis, que comprende os valores 8 e 9, excepto para a xestión, onde se desprazan aos valores 7 a 9.
- Excelencia, que comprende o valor 10.

Presentamos xa esta categorización completa da valoración global para evitar repeticións na presentación das distribucións, pero imos centrar a análise sobre a fronteira principal, a da *seguridade* e o *risco*.

É importante darse conta de que a percepción, na súa representación por unha valoración nunha escala ordinal (0 a 10, neste caso), a medida que se distancia da norma, cara a calquera dos extremos, produce un impacto de intensidade crecente, sexa negativo ou positivo.



Esta idea está contida na segmentación proposta da valoración global, de forma categorizada, pero no interior das categorías propostas existe variabilidade: non é o mesmo estar na zona de perigo cun 5 que cun 0.

Isto é importante, porque, se no futuro facemos un seguimento da percepción dun obxecto calquera, non chegará con observar se crecen ou decrecen as áreas de risco ou de perigo ou de seguridade, senón que deberíamos poder construír índices de risco e de seguridade que empregasen toda a información.

Para iso, deberíamos poder sumar unidades de risco e unidades de seguridade. No anexo metodolóxico explícase que esta operación exige construír unha distancia, de tal maneira que cando observamos unha valoración, por exemplo, 3, saibamos que, estando na zona de risco, representa unha cantidade de risco determinada, maior que a de 4 e menor que a de 2.

Para non complicar a explicación, pois non se trata máis que de entendermos a idea, á marxe dos cálculos necesarios, razoemos do seguinte xeito:

- Establecemos que hai risco por debaixo dun valor dado, por exemplo, por debaixo de 8.
- Supoñamos que a escala representase distancias, non soamente orde.
- Entón, a distancia de 7 a 8 sería unha unidade, a de 6 a 8 dúas unidades, etc.
- Polo tanto, 7 representaría unha unidade de risco, 6 dúas unidades, e así sucesivamente, ata 0, que representaría 8 unidades de risco.
- Entón, para calcular o risco total que acumula calquera agregado poboacional, non teríamos máis que sumar as respostas da zona de risco, ponderadas polas unidades de risco que representa cada unha.
- O resultado sería unha masa total de risco, coa que se pode construír un índice para o seu seguimento no tempo ou que se pode distribuír entre o que chamaremos as súas fontes: os elementos que, segundo a interpretación dos suxeitos, sustentan a percepción global, por un lado; por outro, tamén o podemos distribuír entre segmentos dunha poboación e observar cales producen maior proporción de risco e se esa proporción é maior ou menor que o seu tamaño relativo.

Como non estamos en condicións de facer ningún seguimento, por agora, na primeira medición, reteñamos que usaremos a masa total de risco (ou de seguridade) que obteñamos no cálculo, en calquera agregado mostral, para dar unha medida relativa do impacto negativo (ou positivo) das fontes de mala (ou boa) percepción.

Así, sempre falaremos de **impacto** e non de frecuencia, pois non nos importa tanto que unha fonte de mala ou boa percepción sexa citada por moitos ou poucos, senón o efecto resultante do produto da frecuencia pola intensidade, factores ambos do impacto global.

1. A percepción de Galicia

¿Cal é a posición de Galicia? Un dato exprésaa en termos da fronteira establecida: un 54% dos galegos está na zona de *seguridade* (46% en risco).

Os máis novos (16 a 24 anos) e os maiores (60 ou máis anos), así como os que teñen menos estudos (estes, asociados ás idades altas, como sabemos), as amas de casa e os pensionistas (idéntica asociación), os que se sitúan en posicións ideolóxicas conservadora e os que teñen unha identificación preferente con Galicia son os que teñen mellor percepción de Galicia. Vemos, por tanto, dado que os novos se identifican en maior medida como galegos antes que como españois (nun 45% dos casos, os máis novos séntense máis galegos, fronte a un 26% do conxunto da poboación), un primeiro indicio da influencia da identidade galega, por oposición á identidade española, na percepción: a identidade galega implica mellor percepción de Galicia.


Agora ben, se a asociación entre boa valoración e identidade parece clara para os máis novos, no outro extremo (60 ou máis anos) encontramos tamén unha percepción mellor que a do conxunto da poboación que non podemos asociar xa á identidade galega, menos estendida que en ningún outro (nun 16% dos casos, os maiores séntense máis galegos, fronte a un 26% do conxunto da poboación). Cos maiores, sucede o contrario que cos novos: hai unha combinación dunha percepción relativamente mellor cunha maior presenza da identidade española.

Non obstante, a identificación co lugar onde se vive ten, en xeral, un papel importante na percepción deste. ¿Constrúese no caso dos maiores doutro xeito que no caso dos novos? Parece que si, en parte, posto que a frecuencia relativa de mozos que se senten máis galegos é sensiblemente máis alta que a equivalente de maiores. Máis tarde teremos ocasión de ver como as fontes da percepción contribúen a aclarar este punto. Polo pronto, podemos dicir que, se os maiores teñen tamén unha forte identidade local, non está construída sobre a oposición con España.


Por outra parte, as diferenzas por posición no eixe esquerda-dereita non poden ser relacionadas coa identidade, xa que non hai asociación entre posicións conservadoras e maior peso dunha identidade predominantemente galega, senón, máis ben, distanciamento. Certamente, si a hai entre idades altas e posicións conservadoras, o que podería explicar a coincidencia na mellor percepción dos que se sinten máis galegos que españois e dos conservadores, coincidencia na percepción baseada nunha importante diferenza na determinación da citada percepción, como explicabamos anteriormente.

En posicións diverxentes, é dicir, con peor percepción (maior risco), mesmo cun risco igual ou superior ao 50%, atopamos as persoas de 30 a 34 anos, os que teñen estudos universitarios ou secundarios, o hábitat máis baixo (ata 5.000 habitantes), os decisores, supervisores e técnicos e os empregados manuais, os ocupados en xeral, as posicións de esquerda e os que teñen unha maior identificación como españois que como galegos.


SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIR



SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIR




Lembrando o mapa sociodemográfico da mostra, coa excepción do hábitat de menor tamaño, ao que hai que suporlle problemas específicos, pois ten peor percepción malia estar asociado a segmentos con mellor percepción, sobre todo ás idades altas, podemos dicir que o risco se asocia principalmente á área da ocupación, mentres que a seguridade está vinculada ás áreas de inactividade e de xuventude, a primeira delas asociada a posicións máis conservadoras, a segunda a un maior peso da identidade galega.




En suma, é maioritaria a fracción con boa percepción, pero a marxe para a mellora é moi ampla. A maioría está lonxe de ser abraiante. Sen atender, polo momento, a outras referencias necesarias, como son as do marco en que Galicia se inscribe, España, no que se compara cos seus iguais, as comunidades autónomas españolas, podemos afirmar xa que o Goberno galego e as institucións galegas teñen, en principio, un traballo de mellora pendente importante, xa que tende a ampliarse no espazo de maior complexidade social e con maior peso absoluto e específico, o constituído arredor da ocupación, especialmente con maior formación, nas idades intermedias da vida das persoas, sen esquecer a particular afectación territorial no hábitat máis rural.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR




SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR




Outro xeito de velo, máis habitual na presentación deste tipo de resultados, é a través das valoracións medias. Este estatístico non informa ben da cantidade de risco, pero é facilmente comparable e, en todo caso, o seu valor para Galicia (7,4, entre 0 e 10) indica ben claramente que hai marxe para a mellora, ao tempo que permite ver as mesmas diferenzas que xa sinalamos anteriormente en canto aos segmentos da poboación con mellores e peores posicións.


**VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo XÉNERO e IDADE**




**VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo ESTUDOS**




**VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo NIVEL SOCIOECONÓMICO E RELACIÓN COA ACTIVIDADE**



**VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo HÁBITAT E PROVINCIA**



VALORACIÓN GLOBAL DE GALICIA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo IDEOLOXÍA E IDENTIDADE




¿Que é o que explica directamente a mala ou a boa percepción de Galicia? ¿Que interpretacións fan os entrevistados das súas posicións e que conclusións podemos sacar ao respecto?

Antes de responder directamente a estas preguntas, imos ver cales son os puntos críticos da percepción, é dicir, aqueles con maior *capacidade potencial* para impresionar (para ben ou para mal), pois estes son os que deberán guiar unha estratexia xeral, dentro da cal haberá que atender con prioridade inmediata a aqueles que *actualmente* están producindo danos, isto é, os que *activaron* a súa capacidade para impresionar e o fixeron para mal.

Antes de continuar, debemos remitirnos ao anexo metodolóxico para lembrar qué entendemos por capacidade para impresionar. Dito sexa moi esquemáticamente, entendemos esta capacidade como capacidade empírica, é dicir, unha fonte de percepción será tanto máis importante canto máis asociada estea, por termo medio, a valoracións extremas, é dicir, a impactos positivos ou negativos altos.

Pois ben, en primeiro lugar, son os servizos públicos o elemento que ten maior capacidade para impresionar sobre a percepción global. Más adiante veremos que, en cambio, o impacto actual desta dimensión non a coloca en primeiro plano, o que podería resultar enganoso acerca do seu papel. En realidade, o que sucede é que, sendo unha dimensión moi importante, hai un xeral axuste adaptativo ás súas actuais prestacións, de maneira que non produce gran impacto positivo ou negativo, pero produciríao se se deteriorase ou se mellorase, o que sitúa este elemento como unha oportunidade.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto)



Inmediatamente despois, aparecen dous elementos que máis tarde agregaremos como elementos de natureza simbólica, relativos á identificación. Aparecen varios, pero estes dous son os máis importantes: a xente e o contorno social e político.

Cun valor lixeiramente inferior a 9,0 asoma a terceira dimensión importante, a económica, representada pola actividade económica (que, polo xeral, se refire a se hai moita ou pouca actividade).

Seguidamente, a seguridade, outra vez o contorno, agora o natural, o emprego, integrante da dimensión económica, a calidade de vida e o desenvolvemento económico xeral (téñase en conta que, certamente, os aspectos económicos veñen ser redundantes en parte, pero ten cada un a súa especificidade; por exemplo, actividade económica e desenvolvemento económico diferéncianse en que a primeira se refire á conxuntura, en tanto que a segunda se refire a un estado, resultante dun proceso, máis sólido que a conxuntura). Mantívose a desagregación para este índice para non aplanar os resultados. Neste sentido, os elementos particulares das grandes dimensións operan como alertas ou sinais do impacto posible daquelas.

Despois de ter visto nos parágrafos anteriores que elementos ou factores da percepción teñen unha maior capacidade potencial para producir impacto, podemos volver á nosa pregunta inicial: ¿que é o que explica directamente a mala ou a boa percepción de Galicia?, é dicir, ¿cales son os factores que teñen activado a súa capacidade de impactar sobre a percepción de Galicia, cales son os que están degradando máis esa percepción, cales a están elevando e cal é a contribución positiva e negativa de cada un? Para iso, xerarquizamos as fontes de mala e de boa percepción atendendo ao seu impacto global, isto é, á cantidade de risco que ofrecen (cando están asociadas a valoracións de risco, pola distancia desas valoracións co espazo de seguridade) ou á cantidade de beneficio (cando están asociadas a valoracións de seguridade, pola distancia delas co espazo de risco).

Comezando polas fontes de risco na percepción de Galicia, vemos que se concentran principalmente na área *económica*, cun 46% do peso total para o conxunto da mostra. A continuación, os servizos públicos e as infraestruturas do transporte suman 12 e 10 puntos, respectivamente, alcanzando algo máis de 2/3 do peso total de forma agregada.

Só secundariamente aparecen elementos máis simbólicos, como os *valores do contorno e da xente*, para, axiña, volver a cuestións prácticas como a *calidade de vida*, a *mala xestión*, a *seguridade*, etc., xa con pouco peso todos.


Fontes do risco na percepción de Galicia	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Economía	46%	45%	47%	54%	54%	43%	47%	50%	38%
Emprego	31%	29%	33%	36%	39%	41%	37%	30%	21%
Actividade -desenvolvemento económico	13%	14%	12%	16%	12%	2%	9%	19%	15%
Servizos públicos	12%	9%	15%	6%	11%	12%	9%	6%	21%
Servizos públicos en xeral-insuficiencia	7%	6%	8%	5%	11%	12%	7%	4%	6%
Servizos sociais para maiores	5%	2%	7%	0%	0%	0%	2%	2%	13%
Infraestruturas-transportes	10%	12%	8%	12%	7%	17%	10%	12%	7%
Valores do contorno e da xente	9%	8%	11%	16%	10%	11%	10%	6%	9%
Calidade de vida	7%	7%	6%	7%	6%	4%	8%	6%	7%
Mala xestión	6%	7%	5%	5%	1%	5%	7%	6%	8%
Seguridade	3%	4%	2%	0%	0%	6%	3%	4%	4%
Os políticos	2%	4%	1%	0%	4%	0%	3%	1%	4%
Vivenda	1%	1%	1%	0%	6%	1%	1%	2%	0%
A inmigración	1%	1%	0%	0%	0%	0%	0%	2%	0%

Polo tanto, percepción de problemas económicos que lastran a percepción global de Galicia, principalmente relacionados co *emprego*.

E, en segundo lugar, deficiencias nos servizos públicos en xeral, e, en particular, nos relacionados coas *persoas maiores*.

En terceiro lugar, as infraestruturas vinculadas ao transporte e, en xeral, os problemas relacionados co *transporte*, máis ben cabería falar de mobilidade, de desprazamentos, sinalan outra área de posibles melloras que tería impacto na percepción global de Galicia.

Para unha análise destes resultados en relación coas características da poboación, imos retomar o mapa sociodemográfico presentado no capítulo 2 e imos consideralo en termos das súas capacidade como analizador da percepción, reducido ás variables que mellor a poidan expresar, á vez que de forma máis simple e parsimoniosa.



Identificáramos tres grandes áreas, que viñan representar tres espazos sociodemográficos e asemeade ideolóxicos, entendidos como espazos de asociacións privilexiadas de características. Pero, mirado máis de cerca, o mapa presenta algúns problemas de fronteira, como case sempre pasa cos mapas, principalmente un: hai dúas variables, as que organizan o mapa en toda a súa extensión, con dúas grandes diferenzas nos seus extremos, que son as que permiten delimitar con maior claridade as tres grandes áreas a que nos referimos, a idade e a relación coa actividade: o grupo de idade máis alto, xunto cos pensionistas e as amas de casa, debuxa claramente o espazo da inactividade, do declive da vida; o grupo de idade máis baixo, xunto cos estudantes, debuxa claramente o espazo da xuventude, do investimento no crecemento da vida. No medio, queda un espazo dunha certa complexidade, presidido pola integración no mercado de traballo. Porén, nesta área, lindando coas dúas restantes, encontramos, gravitando cara á de xuventude, os de 25 a 29 anos, os de estudos secundarios e, próximos a estes dous grupos estreitamente asociados, os parados; e gravitando cara á inactividade, os de 45 a 59 anos, con menor nivel de estudos. Chamámoslles a estas zonas, pola contigüidade que amosan na idade, zonas de transición, e quedan marcadas no mapa cunha elipse discontinua, mentres que os núcleos centrais das áreas quedan marcados cunha elipse continua.

Polo tanto, o mapa indica que deberíamos ter en conta, á hora de analizar a percepción, polo menos tres grandes zonas sociais, con atención tamén a tres subzonas, dentro da zona de ocupación, como zonas de transición ou de fronteira:

- A área da inactividade, onde están as amas de casa e os pensionistas, as idades superiores da escala e os estudos baixos. Área, por outra parte, máis próxima ao hábitat inferior a 10.000 habitantes, e ás provincias de Ourense e Lugo.
- A área da xuventude, onde están os máis novos, dedicados aos estudos.
- A área da ocupación, onde están as idades intermedias, con distintos niveis de estudos, e, como a área de xuventude, máis cerca do hábitat urbano e das provincias da Coruña e Pontevedra. Dentro dela, distinguiremos tres subáreas:
 - a) A de ocupación, propiamente, dita, onde se localizan as idades centrais de crecemento na actividade produtiva e reprodutiva, de 30 a 44 anos, asociada a niveis máis ben altos de estudos (secundarios ou universitarios).
 - b) A de transición cara á inactividade, onde se localizan as idades centrais de estabilidade na actividade produtiva, e onde adoita producirse a culminación dos procesos de desenvolvemento profesional e reprodutivo, 45 a 59 anos, asociada a niveis de estudos máis baixos (primarios).
 - c) A de transición desde a xuventude, onde se localizan idades nas que a xuventude sociolóxica tende a esvaecerse ao perderen as persoas algunha das condicións que a definen (a dependencia económica, a dependencia domiciliaria, a dependencia familiar), como primeiro paso cara á transformación en adultos, 25 a 29 anos, asociada a estudos secundarios e próxima á maior presenza de parados, como corresponde a un período vital no que a integración no mercado de traballo é unha actividade importante e, á vez, problemática.

As variables que seleccionamos para representar tanto as diferenzas entre estas áreas como, sobre todo no caso da máis complexa, a da ocupación, as diferenzas internas son as seguintes:

- Xénero (homes e mulleres).
- Idade (16-24 anos, 25-29, 30-44, 45-59, 60 ou máis anos).
- Estudos (sen estudos, primarios, secundarios, universitarios).
- Relación coa actividade, con distinción xeral entre ocupados e non-ocupados e con especificación da inactividade (ocupados, non-ocupados; amas de casa, pensionistas, parados sen subsidio, parados con subsidio, estudantes).
- Provincia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra).
- Hábitat (ata 5.000 habitantes, 5.001 a 10.000 habitantes, 10.001 a 50.000 habitantes, máis de 50.000 habitantes).

Efectuaremos a análise, por tanto, atendendo a estas variables, tal como foron presentadas. Resumiremos os resultados, no entanto, sinalando as diferenzas máis importantes nunha reprodución esquemática do mapa que estrutura realmente a análise.

Entrando xa nas diferenzas máis significativas, as cuestións económicas teñen maior impacto entre os mozos, e, por asociación, entre os que teñen estudos secundarios, aínda que son os parados con subsidio de desemprego os máis afectados, sobre todo, como é lóxico, polos problemas de emprego. Non obstante, os problemas de emprego estenden a súa presenza con pesos diferencialmente superiores ata os 44 anos.

Fontes do risco na percepción de Galicia	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Economía	46%	42%	46%	55%	43%
Emprego	31%	29%	29%	41%	29%
Actividade -desenvolvemento económico	13%	12%	15%	10%	12%
Servizos públicos	12%	21%	13%	5%	6%
Servizos públicos en xeral-insuficiencia	7%	6%	9%	4%	5%
Servizos sociais para maiores	5%	14%	3%	1%	1%
Infraestruturas-transportes	10%	5%	10%	12%	18%
Valores do contorno e da xente	9%	9%	9%	10%	11%
Calidade de vida	7%	6%	7%	4%	8%
Mala xestión	6%	8%	5%	7%	4%
Seguridade	3%	4%	4%	2%	2%
Os políticos	2%	1%	2%	4%	3%
Vivenda	1%	0%	2%	0%	2%
A inmigración	1%	1%	1%	1%	1%

Por outra parte, o impacto da área económica localízase en maior medida no hábitat inferior a 10.000 habitantes e en Lugo e Ourense.

Fontes do risco na percepción de Galicia	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Economía	46%	50%	43%	45%	38%	46%	62%	47%
Emprego	31%	34%	29%	29%	26%	31%	48%	30%
Actividade -desenvolvemento económico	13%	14%	13%	15%	11%	12%	12%	15%
Servizos públicos	12%	8%	17%	19%	19%	16%	15%	6%
Servizos públicos en xeral-insuficiencia	7%	6%	8%	10%	6%	14%	12%	5%
Servizos sociais para maiores	5%	1%	8%	9%	13%	1%	3%	0%
Infraestruturas -transportes	10%	11%	10%	8%	9%	12%	10%	12%
Valores do contorno e da xente	9%	10%	9%	7%	8%	11%	3%	23%
Calidade de vida	7%	7%	6%	6%	7%	7%	3%	6%
Mala xestión	6%	6%	6%	6%	7%	5%	5%	5%
Seguridade	3%	3%	4%	6%	4%	0%	0%	0%
Os políticos	2%	2%	2%	0%	6%	0%	0%	0%
Vivenda	1%	2%	0%	1%	0%	0%	0%	1%
A inmigración	1%	1%	1%	1%	1%	0%	0%	0%

O segundo agregado de fontes de impacto negativo sobre a percepción de Galicia por parte dos galegos, os servizos públicos, afecta en maior medida os maiores de 60 anos; o conxunto dos non-ocupados, dentro dos cales, sobre todo, os pensionistas; e as amas de casa. No nivel de estudos inferior a primarios completos tamén ten un peso apreciablemente superior o agregado dos servizos públicos.

Fontes do risco na percepción de Galicia	Total	PROVINCIA				HABITAT			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Economía	46%	45%	53%	55%	41%	51%	59%	44%	42%
Emprego	31%	32%	28%	37%	29%	30%	37%	34%	29%
Actividade -desenvolvemento económico	13%	13%	21%	16%	10%	19%	18%	9%	11%
Servizos públicos	12%	15%	10%	8%	11%	13%	5%	11%	12%
Servizos públicos en xeral-insuficiencia	7%	9%	3%	4%	7%	8%	1%	6%	7%
Servizos sociais para maiores	5%	5%	8%	2%	4%	4%	4%	3%	6%
Infraestruturas-transportes	10%	11%	8%	8%	12%	8%	8%	7%	15%
Valores do contorno e da xente	9%	7%	9%	9%	12%	8%	12%	11%	9%
Calidade de vida	7%	6%	7%	8%	7%	5%	11%	10%	4%
Mala xestión	6%	6%	5%	7%	6%	7%	1%	6%	6%
Seguridade	3%	4%	1%	0%	6%	3%	1%	5%	3%
Os políticos	2%	3%	2%	2%	3%	1%	1%	2%	4%
Vivenda	1%	1%	2%	1%	1%	2%	0%	1%	1%
A inmigración	1%	0%	1%	0%	1%	0%	0%	1%	1%

Agora ben, dentro dos servizos públicos, hai dous tipos de deficiencias: unha, xeral, de insuficiencia; outra, particular, de servizos sociais para maiores. A observación do primeiro deles permite identificar unha demanda de máis servizos públicos nas idades comprendidas entre 25 e 34 anos e entre os parados; a do segundo, pola súa parte, mostra maior incidencia entre os maiores (beneficiarios da demanda), pensionistas e amas de casa e persoas sen estudos.

Outros tres elementos destacan nalgún dos espazos do noso mapa analítico: as infraestruturas-transportes, no grupo de universitarios, que está asociado principalmente á área central da ocupación; a vivenda, que ten un peso diferencialmente superior no grupo de idade de 25 a 29 anos, é dicir, na área de transición desde a xuventude á vida adulta e produtiva; os elementos simbólicos de identidade, que teñen un peso importante entre os estudantes e que nos remiten á relativamente superior asociación da área de xuventude a unha maior identificación como galego.

É curioso, porén, que a vivenda, asunto acerca do cal hai un estado de opinión lindante co que tipicamente os medios chaman a alarma social, apenas ten peso nas percepcións dos cidadáns e, malia destacar no grupo que se atopa no momento, precisamente, de acceder a unha vivenda independente, non acada un impacto comparable ao dos problemas económicos e é inferior ao dos servizos sociais e, mesmo, ao dos elementos simbólicos de identidade. Sendo como son moi altos os prezos da vivenda, obxectivamente, o feito de que os cidadáns, incluso aqueles máis afectados, por estaren na transición cara á vida adulta, non destaquen isto como problema, relegándoo na súa percepción a un lugar marxinal respecto doutros problemas económicos, indica unha concepción da situación económica persoal que articula dous elementos. Un, obvio, é que se lle dá moita máis importancia ao ingreso que ao gasto; bótase de menos unha maior abundancia de recursos, pois ao mercado non se lle discute: os prezos son os que son e o caso é ter diñeiro para pagalos. O outro elemento, algo máis especulativo ou hipotético, susténtase no contraste dos nosos datos coa unánime (e fundada, neste caso) voz mediática que afirma que o acceso á vivenda é imposible ou soamente se pode lograr a custa de destinar ao seu custeo unha fracción dos ingresos tan alta que apenas deixa lugar para o consumo típico dunha familia ou dun mozo/a e moito menos para o aforro. Así as cousas, cabe supor que, por moito que se tenda a aceptar a lei do mercado, debería aparecer o problema da vivenda no primeiro plano da percepción ou, polo menos, en lugar destacado. É posible que o coñecido amortecedor familiar, produto do pacto interxeracional que presidiu as relacións entre pais e fillos nos últimos vinte ou trinta anos, estea reducindo a percepción do problema, pero trátase dun mecanismo con data de caducidade, polo que soamente en parte estaría reducíndoo e en parte só aprazándoo. Por iso cabería esperar que na cohorte seguinte (de 30 a 34 anos) tivese tamén un impacto diferencial superior e en ambas de maior magnitude en todo caso. Non sendo así, poderíase pensar que, á hora de acceder a unha vivenda, os galegos que carecen dela comparten a expectativa que move case todo o resto da poboación (é dicir, os que xa teñen vivenda), segundo a cal, a propiedade habitacional é moito máis que iso, é un seguro de crecemento patrimonial (imaxinariamente) ilimitado.



Na reprodución esquemática do mapa sociodemográfico, reflíctense sinteticamente as fontes de mala percepción que, segundo vimos de ver, marcan cada área, cunha mención específica ás diferenzas territoriais no centro do mapa.

A seguridade na percepción de Galicia, por outro lado, baséase maioritariamente en cuestións que, sendo obxectivas, boa parte delas, na súa existencia e natureza, e outras máis subxectivas, tenden a elevarse a valores que producen identificacións: refírense ao contorno e á poboación. Este conxunto acumula un 76% do impacto total. E este peso distribúese entre as referencias ao *contorno natural*, as referencias ao *contorno social*, e as referencias aos *vínculos persoais*.

A unha gran distancia do agregado máis marcado simbolicamente, aparecen a *calidade de vida*, a *economía* e os *servizos públicos*.

Por último, cun peso apreciable, hai un grupo de respostas que expresan a súa valoración positiva de Galicia mediante unha identificación global e indeterminada: todo o que compón Galicia lles parece ben; non dan ningunha información concreta, pero a mesma expresión de identificación incondicional ten interese en si.

Fontes de seguridade na percepción de Galicia	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Valores do contorno e da xente	76%	75%	77%	85%	78%	80%	82%	73%	70%
Contorno natural	35%	33%	36%	42%	34%	38%	36%	36%	30%
Contorno social	24%	25%	24%	27%	24%	22%	27%	24%	24%
Vínculos persoais	17%	17%	17%	15%	20%	20%	18%	14%	17%
Economía	5%	5%	4%	2%	3%	5%	3%	6%	7%
Calidade de vida	8%	9%	8%	4%	9%	6%	9%	9%	10%
Servizos públicos	2%	2%	2%	1%	1%	2%	1%	3%	4%
Todo	8%	7%	8%	7%	10%	8%	4%	8%	9%

É destacable que os mozos perciban maior impacto negativo dos factores económicos e positivo dos simbólicos, mentres que os maiores vinculan máis a súa percepción a cuestións prácticas, queixándose dos servizos sociais, como puidemos ver anteriormente.

Fontes de seguridade na percepción de Galicia	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Valores do contorno e da xente	76%	74%	75%	82%	78%
Contorno natural	35%	33%	35%	35%	35%
Contorno social	24%	22%	26%	24%	24%
Vínculos persoais	17%	18%	14%	22%	19%
Economía	5%	5%	5%	3%	4%
Calidade de vida	8%	8%	8%	8%	11%
Servizos públicos	2%	3%	2%	1%	2%
Todo	8%	10%	8%	6%	4%

Máis en detalle, os máis novos, dentro dos elementos simbólicos de identificación, destacan positivamente o contorno natural, terra e paisaxe, que, sendo o que maior impacto produce en xeral, o acentúa neste grupo. Tamén os elementos simbólicos teñen un peso maior no grupo de 35 a 44 anos, entre os que teñen estudos secundarios, entre os pensionistas e en Pontevedra.

Que os pensionistas tamén destaquen estes elementos obríganos a matizar o resultado constatado para o grupo de 60 ou máis anos, pois mostra que neste grupo hai posicións perceptivas diferentes: se o grupo de idade no seu conxunto destaca menos que a totalidade dos galegos os elementos simbólicos, dentro del, os pensionistas distínguense polo contrario, e destacan, sobre todo, o contorno social, o mesmo que sucede en Lugo e en Ourense, asociación territorial que non ten o seu correlato en diferenzas por hábitat, polo que hai que considerala característica destas provincias no seu conxunto. O que parece máis verosímil como explicación desta discrepancia no interior do grupo de idade superior é que haxa unha diferenza de xénero, pese a que tal diferenza non é visible no total de cidadáns. Permite supor isto que as amas de casa, que están na mesma área que os pensionistas, ben que non en idéntica posición, atribúen 10 puntos menos de peso aos elementos simbólicos e, particularmente, 16 puntos menos ao contorno social, do que, seguramente, se benefician moito menos, a causa, precisamente, de estaren máis vinculadas ao fogar e menos a boa parte dos espazos de relación social externos.


Fontes de seguridade na percepción de Galicia	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Economía	76%	72%	77%	75%	85%	69%	77%	74%
Contorno natural	35%	27%	35%	37%	37%	31%	36%	33%
Contorno social	24%	25%	27%	20%	36%	22%	25%	25%
Vínculos persoais	17%	20%	16%	18%	10%	15%	16%	15%
Economía	5%	9%	5%	4%	0%	7%	4%	7%
Calidade de vida	8%	8%	8%	8%	10%	10%	8%	8%
Servizos públicos	2%	5%	2%	2%	0%	4%	2%	3%
Todo	8%	6%	7%	10%	5%	10%	7%	7%

Dentro do campo simbólico, os vínculos persoais, que son o terceiro elemento destacable daquel, sobresaen polo seu impacto no grupo de cidadáns con estudos secundarios.

Por último, a economía é recoñecida como factor cun impacto positivo comparativamente superior (respecto doutros grupos sociais) polos ocupados. Ningunha outra fonte de boa percepción (de seguridade, na nosa terminoloxía) ten diferenzas importantes segundo as variables consideradas. O mapa, neste caso, non contén moitos elementos.

Fontes de seguridade na percepción de Galicia	Total	PROVINCIA				HABITAT			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Valores do contorno e da xente	76%	76%	78%	73%	77%	74%	72%	77%	78%
Contorno natural	35%	34%	33%	28%	39%	31%	29%	38%	35%
Contorno social	24%	23%	29%	29%	23%	25%	27%	21%	28%
Vínculos persoais	17%	19%	16%	16%	15%	18%	15%	18%	15%
Economía	5%	4%	6%	5%	5%	3%	4%	6%	4%
Calidade de vida	8%	10%	6%	10%	7%	10%	11%	7%	8%
Servizos públicos	2%	3%	1%	1%	2%	3%	2%	2%	2%
Todo	8%	7%	8%	10%	8%	10%	9%	7%	7%

Podemos dicir, entón, que formas de integración na comunidade, elementos que, sen ter propiamente un sentido nacionalista, si son capaces de producir vinculación, pertenza, con alto valor simbólico (contorno natural, contorno social, vínculos persoais), o son case todo para a boa percepción de Galicia. Sentirse ben en Galicia susténtase fundamentalmente neste tipo de factores, e isto é certo para todos os grupos sociais, por máis que poidamos sinalar diferenzas significativas entre eles.




En sentido contrario, os problemas económicos, sexa o nivel xeral de desenvolvemento económico, sexa o emprego, tamén en todos os grupos sociais, non sen diferenzas entre eles, constitúen o factor con máis impacto no risco asociado á deficiente ou mala percepción de Galicia.

No medio desta polarización, que vén debuxar un país dividido entre o risco e a seguridade, do que uns galegos –os que o perciben ben– destacan virtudes esenciais, non continxentes (cómo é, cómo somos), en tanto que para outros ao mesmo país o bota a perder relativamente algún tipo de déficit económico, xeral ou de emprego, os servizos públicos constitúen unha área de especial interese, por canto o seu impacto, sendo menor e máis localizado, é negativo e continxente, é dicir, modificable. Correspóndelle á xestión pública e aos actores mellorar os servizos, a oferta e a actuación. Recordemos, neste sentido, a demanda, implícita na percepción, de servizos sociais para maiores (grupo de pensionistas e amas de casa; persoas maiores en xeral) e a demanda de máis servizos públicos nas idades de 25 a 34 anos, probablemente de natureza ben diferente, por seren idades tipicamente reprodutivas e tamén de entrada no mercado de traballo, pois tamén esta demanda é dos parados.

2. Posición comparada


A comparación de Galicia co marco español, globalmente considerado, non é desvantaxosa para Galicia. As diferenzas son pequenas, inapreciables nas valoracións medias, pero favorables, xa que, nas distribucións da valoración global, Galicia ten unha lixeira vantaxe, con 3 puntos máis de *seguridade*.


SEGMENTACIÓN DAS VALORACIÓN DE ESPAÑA E DE GALICIA COMO LUGARES PARA VIVIR



A percepción é desigual nos distintos segmentos da poboación, tal como os puideramos delimitar no mapa sociodemográfico. En primeiro lugar, chama a atención o modo en que varía o risco ao percorrer os grupos de idade, desde os máis novos aos maiores, pois, se na percepción de Galicia encontrabamos as mellores posicións nos extremos, sobre todo entre os máis novos, que tiñan a menor taxa de perigo, na percepción de España a mellor posición está no grupo de máis idade e deteriorábase apreciable e sostidamente no desprazamento cara ás idades inferiores. Por debaixo de 35 anos, o risco supera á seguridade; entre os máis novos, o risco alcanza o valor 60%, xusto o valor da seguridade entre os de 60 ou máis anos.

VALORACIÓNS MEDIAS DE ESPAÑA E DE GALICIA COMO LUGARES PARA VIVIR






Comparadas con estas diferenzas, a que concirne ao xénero é pequena, lixeiramente favorable ás mulleres.

Consecuentemente cos datos de idade, o nivel de estudos secundarios é aquel en que atopamos unha percepción máis baixa de España, pola súa asociación preferente coas idades novas, en tanto que os universitarios ou con estudos inferiores a secundarios están en posicións de menor risco. É interesante a análise relativa aos estudos, pois aquí non se dá ningunha inversión respecto da percepción de Galicia. Xa eran alí os estudos secundarios os que mostraban a peor posición tamén, seguidos moi de cerca polos universitarios, ambos netamente distanciados dos estudos inferiores a secundarios, cunha percepción moito mellor.

Polo tanto, se os estudos inferiores coinciden nunha relativamente boa percepción de Galicia e España, de forma converxente coa posición das persoas de maior idade, sempre con mellor percepción, os secundarios están na peor posición en ambos os espazos (Galicia e España), pero sensiblemente peor no segundo, mentres que os universitarios teñen mellor percepción de España que de Galicia. De maneira que, se, provisionalmente, poderíamos apuntar unha tendencia perceptiva máis compracente entre os maiores e os que teñen menor nivel de formación, ao tempo que unha máis crítica entre os que teñen estudos secundarios, neste segundo caso, a crítica acentúase cando o obxecto da percepción é España e, ademais, malia a súa maior asociación cos novos, estes discriminan moito máis entre Galicia e España, ata alcanzar a mellor posición respecto de Galicia e a peor respecto de España. E os universitarios, xeralmente de idades por encima do grupo máis novo, discriminan tamén, pero de forma inversa: valoran mellor España que Galicia.




Entrecrúzanse, entón, a idade e a formación, mostrando novamente que entre novos e maiores hai unha coincidencia na identificación con Galicia (na medida en que a boa percepción se pode considerar un síntoma de boa sintonía), con claros sinais de que os modos en que tal identificación se produce son diferentes, pola dobre identificación dos maiores, con Galicia e con España, que non encontramos entre os novos, cuxa percepción de España é notablemente peor que a de Galicia, diferenza esta última que tende a invertirse entre os universitarios, pese á proximidade deste grupo aos novos, e que tende a anularse entre os que teñen estudos secundarios.

Por outra parte, se nos fixamos na relación coa actividade, os que teñen estudos secundarios son os que están máis próximos aos estudantes, que, como podemos ver, é o grupo con peor percepción de España entre os inactivos.




Os empregados manuais, sobre todo, e os parados, os supervisores e técnicos e os autónomos non expertos, entre os activos, sobresaen pola súa peor percepción de España, que, en todos os casos, é peor que a que tiñan de Galicia.

Menores son as diferenzas por hábitat e provincia, que, unicamente, distinguen aos municipios de 5.001 a 10.000 habitantes e a provincia de Ourense, ambos os estratos pola súa mellor percepción.




No eixe ideolóxico esquerda-dereita atopamos pequenas diferenzas, que apenas distinguen á esquerda pola súa mellor percepción de España, mellor que a que tiña de Galicia (era a categoría desta variable con peor posición). Hai unha diferenza algo máis grande asociada á identidade territorial, pois os que se senten máis galegos que españois teñen unha percepción de España peor que o resto e bastante peor que a que tiñan de Galicia. Non ten a mesma forza discriminante que na percepción de Galicia, pero volvemos a atopar unha diferenza significativa que distingue aos suxeitos que se identifican preferentemente como galegos, cunha forte sintonía con Galicia e un paralelo distanciamento de España.




A presentación de resultados en valores medios vén corroborar, xeralmente de forma máis suavizada (polos efectos de compensación intrínsecos ao cálculo) canto destacamos anteriormente.


VALORACIÓN GLOBAL DE ESPAÑA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo XÉNERO e IDADE




VALORACIÓN GLOBAL DE ESPAÑA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo ESTUDOS




**VALORACIÓN GLOBAL DE ESPAÑA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA E RELACIÓN COA ACTIVIDADE**



**VALORACIÓN GLOBAL DE ESPAÑA COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo HÁBITAT E PROVINCIA**




VALORACIÓN GLOBAL DE ESPAÑA COMO LUGAR PARA VIVIR segundo IDEOLOXÍA E IDENTIDADE



¿Están vinculadas estas diferencias nas posicións a fontes de percepción distintas tamén? En primeiro lugar, como fixeramos en Galicia, imos examinar os puntos críticos resultantes da análise conxunta de fontes de mala e boa percepción, amosando cales son os elementos que teñen unha maior capacidade potencial de producir impacto na percepción de España.

Índice de importancia (capacidad para producir impacto -percepción de España-)



Se en Galicia se poñían en primeiro plano os servizos públicos no seu conxunto, na percepción de España aparecen fraccionados en servizos para maiores, que ocupa a segunda posición na orde de importancia, e servizos públicos en xeral, que queda relegado a posicións secundarias. Reteñamos, polo tanto, que a dimensión dos servizos públicos, máis alá do lugar concreto no ranking, tanto en Galicia como en España, está en primeiro plano.

Feita esta precisión, si hai, en cambio, unha diferenza importante entre Galicia e España, como é que no ámbito rexional primaban os elementos que despois agregabamos como elementos de natureza simbólica, mentres que aquí, na percepción de España como un lugar para vivir, ocupa a primeira posición a dimensión económica, concretamente, na vertente do emprego. Os elementos simbólicos, sendo importantes, quedan en segundo plano.

A xestión governamental destaca en España máis que en Galicia, situándose entre as cuestións con maior capacidade de impacto na percepción. O Goberno de España é importante, para ben ou para mal. Por contraste con Galicia, onde este factor queda relegado ás últimas posicións, poderíase dicir que a distancia fai que en España sexa máis difícil separar o conxuntural do permanente, de forma que o goberno forma parte da paisaxe, en tanto que en Galicia a proximidade fai que esta distinción se estableza con claridade, producindo o efecto un tanto paradoxal de que o Goberno galego, o que representa politicamente a propia existencia da comunidade autónoma, quede separado do país galego, como algo adventicio.

¿Que sustenta o risco e a seguridade na percepción de España? Segundo as dúas táboas seguintes, o risco de España, como o de Galicia, pon en primeiro plano, con menor intensidade que en Galicia, a área económica, principalmente o *emprego*. Pero tamén hai no caso de España un problema percibido de *seguridade*, que relega os *servizos públicos* á terceira posición, ben que cun peso moi similar. E tamén aparece cun peso moi similar a *xestión governamental* como problema que xustifica percepcións de risco.

En canto aos motivos das valoracións máis altas, concéntranse, como en Galicia, nos *valores do contorno e das persoas* (con menor peso que en Galicia, en todo caso) e, en segundo lugar, na *calidade de vida*.

Fontes de risco (España)			
Economía	35%	Emprego	28%
		Actividade-desenvolvemento económico	6%
Seguridade	12%		
Servizos públicos	11%		
Xestión	10%		
Valores do contorno e da xente	9%		
Calidade de vida	9%		
Vivenda	3%		
Inmigración	2%		
Os políticos	2%		
Infraestructuras-transporte	1%		

É dicir, as composicións do risco e da seguridade na percepción de España son moi similares na orde ás correspondentes a Galicia. A diferenza fundamental é que aquilo que en España destaca en primeiro plano, para ben ou para mal, en Galicia queda claramente acentuado.

Fontes de seguridade (España)			
Valores do contorno e da xente	66%	Contorno social	38%
		Contorno natural	14%
		Vinculos persoais	13%
Calidade de vida	19%		
Economía	6%		
Servizos públicos	2%		
Seguridade	1%		
Infraestructuras-transporte	0%		
Xestión	0%		
Todo	6%		

Para poñer en relación as fontes de percepción coas diferenzas da percepción mesma, segundo as variables de análise anteriormente consideradas, imos observar o que sucede ao cruzar fontes e variables de análise.

Fontes do risco na percepción de España	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Economía	35%	31%	38%	34%	54%	34%	36%	35%	25%
Emprego	28%	25%	31%	30%	48%	30%	28%	27%	18%
Actividade -desenvolvemento económico	6%	5%	6%	3%	5%	3%	8%	7%	6%
Seguridade	12%	12%	13%	10%	6%	20%	12%	14%	13%
Servizos públicos	11%	11%	12%	4%	2%	8%	6%	11%	25%
Xestión pública	10%	13%	8%	11%	3%	7%	16%	12%	8%
Valores do contorno e da xente	9%	9%	8%	12%	9%	11%	9%	6%	8%
Calidade de vida	9%	8%	9%	7%	9%	5%	9%	10%	8%
Vivenda	3%	4%	2%	7%	9%	5%	1%	1%	1%
Inmigración	2%	3%	2%	3%	1%	1%	2%	5%	1%
Os políticos	2%	3%	1%	4%	2%	2%	1%	1%	3%
Infraestruturas-transporte	1%	2%	1%	1%	1%	3%	0%	2%	0%

O primeiro que podemos ver é que, se a xuventude se distinguía pola súa peor percepción de España, aquela non está asociada a un perfil de fontes de mala percepción diferenciado. Encontramos o perfil de fontes de mala percepción máis marcado no grupo de 25 a 29 anos, que destaca extraordinariamente a dimensión económica, moi especialmente o emprego, algo que facía tamén cando da percepción de Galicia se trataba. Aínda que moi secundariamente, este grupo, tamén como en Galicia, ten unha fonte relativamente destacada en negativo: a vivenda. Os maiores, pola súa parte, con mellor percepción, destacan un problema, o dos servizos públicos.

O mesmo que pasa cos mozos, obsérvase no grupo de estudos secundarios, que, tendo a peor posición na percepción global, non ten perfil diferenciado en canto ás fontes desta. O único que destaca en función dos estudos é o maior peso dos servizos públicos no grupo con menos formación, que sabemos que está asociado ás idades altas, onde a demanda de servizos, sobre todo para maiores, cobra un peso superior.

Fontes do risco na percepción de España	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Economía	35%	32%	36%	34%	33%
Emprego	28%	22%	29%	30%	28%
Actividade-desenvolvemento económico	6%	8%	6%	2%	6%
Seguridade	12%	14%	12%	12%	15%
Servizos públicos	11%	19%	12%	3%	8%
Xestión pública	10%	9%	10%	13%	11%
Valores do contorno e da xente	9%	6%	8%	11%	12%
Calidade de vida	9%	8%	8%	10%	8%
Vivenda	3%	0%	3%	5%	4%
Inmigración	2%	1%	3%	2%	2%
Os políticos	2%	2%	2%	4%	3%
Infraestruturas-transporte	1%	1%	1%	2%	2%

Non hai diferenzas significativas entre ocupados e non ocupados, pero si dentro dos non ocupados, onde amas de casa e parados sen subsidios de desemprego destacan negativamente o factor económico, na vertente do emprego.

Fontes do risco na percepción de España	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Economía	35%	34%	35%	45%	25%	51%	24%	33%
Emprego	28%	28%	28%	37%	17%	46%	19%	28%
Actividade-desenvolvemento económico	6%	6%	5%	6%	6%	5%	5%	3%
Seguridade	12%	13%	12%	12%	15%	7%	12%	9%
Servizos públicos	11%	8%	15%	9%	27%	10%	0%	6%
Xestión pública	10%	11%	9%	8%	7%	17%	6%	12%
Valores do contorno e da xente	9%	9%	9%	8%	8%	4%	22%	15%
Calidade de vida	9%	8%	9%	9%	9%	4%	1%	7%
Vivenda	3%	4%	2%	2%	1%	0%	0%	4%
Inmigración	2%	3%	2%	4%	2%	1%	1%	3%
Os políticos	2%	3%	1%	1%	2%	0%	0%	5%
Infraestruturas-transporte	1%	1%	1%	1%	1%	3%	0%	1%

Ademais, volvemos a encontrar a demanda (implícita) dos pensionistas, relativa aos servizos públicos. Os parados sen subsidios destacan tamén a xestión pública e os parados con subsidios e os estudantes sobresaen polo peso dos elementos simbólicos, como fontes de mala percepción, mostrando un síntoma de distanciamento ou conflito co marco español.

Fontes do risco na percepción de España	Total	PROVINCIA				HABITAT			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Economía	35%	35%	25%	41%	30%	38%	31%	24%	36%
Emprego	28%	24%	19%	35%	26%	31%	20%	21%	30%
Actividade-desenvolvemento económico	6%	9%	5%	5%	4%	6%	7%	3%	5%
Seguridade	12%	11%	16%	11%	15%	16%	10%	18%	7%
Servizos públicos	11%	11%	8%	12%	12%	8%	10%	11%	15%
Xestión pública	10%	12%	9%	12%	8%	8%	10%	13%	13%
Valores do contorno e da xente	9%	10%	4%	8%	9%	11%	10%	6%	7%
Calidade de vida	9%	9%	8%	5%	11%	7%	11%	10%	9%
Vivenda	3%	1%	5%	3%	5%	2%	3%	3%	4%
Inmigración	2%	2%	3%	1%	4%	1%	3%	4%	3%
Os políticos	2%	2%	2%	1%	3%	3%	2%	3%	2%
Infraestruturas-transporte	1%	1%	1%	1%	2%	1%	0%	1%	2%

O hábitat de 10.001 a 50.000 habitantes é o único que destaca, e faino polo maior peso que nel ten o problema do emprego e, como consecuencia, a dimensión económica en xeral. Lugo achaca a España, en maior medida que ningunha outra provincia, problemas de seguridade.



A percepción positiva ten diferenzas algo menos acentuadas. Atendendo á idade, a maior delas corresponde tamén ao grupo de 25 a 29 anos, que reconece en maior medida que o resto a calidade de vida como soporte da percepción positiva.

Fontes de seguridade na percepción de España	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Valores do contorno e da xente	66%	65%	66%	66%	64%	60%	67%	64%	67%
Contorno social	38%	37%	40%	40%	40%	30%	38%	40%	39%
Contorno natural	14%	14%	14%	10%	15%	14%	15%	15%	13%
Vínculos persoais	13%	14%	13%	15%	9%	16%	14%	9%	16%
Calidade de vida	19%	22%	17%	21%	27%	22%	19%	21%	15%
Economía	6%	4%	7%	7%	1%	10%	4%	5%	7%
Servizos públicos	2%	2%	2%	2%	1%	3%	1%	2%	2%
Seguridade	1%	0%	1%	1%	1%	1%	0%	1%	1%
Infraestruturas-transportes	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Xestión	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	0%	1%
Todo	6%	6%	6%	3%	5%	4%	9%	6%	7%

Fontes de seguridade na percepción de España	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Valores do contorno e da xente	66%	64%	66%	68%	63%
Contorno social	38%	33%	41%	35%	39%
Contorno natural	14%	13%	12%	18%	15%
Vínculos persoais	13%	18%	12%	15%	9%
Calidade de vida	19%	16%	19%	19%	26%
Economía	6%	8%	5%	6%	4%
Servizos públicos	2%	3%	1%	2%	3%
Seguridade	1%	1%	0%	1%	1%
Infraestruturas-transportes	0%	0%	0%	0%	0%
Xestión	0%	1%	0%	0%	0%
Todo	6%	6%	8%	4%	2%

O grupo de estudos secundarios, cando valora positivamente a España, compartindo con todos os demais os valores simbólicos, pon un acento diferenciado no contorno natural. Os universitarios, como o grupo de 25 a 29 anos, distínguense polo maior impacto positivo da calidade de vida, en tanto que no outro extremo, os que non teñen estudos destacan polo maior peso comparativo dos vínculos persoais.

Fontes de seguridade na percepción de España	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Valores do contorno e da xente	66%	66%	65%	67%	68%	67%	64%	57%
Contorno social	38%	38%	39%	42%	38%	39%	30%	33%
Contorno natural	14%	15%	12%	14%	12%	16%	14%	11%
Vínculos persoais	13%	12%	14%	11%	18%	12%	20%	14%
Calidade de vida	19%	21%	17%	16%	14%	18%	25%	24%
Economía	6%	4%	7%	8%	5%	9%	5%	11%
Servizos públicos	2%	1%	2%	2%	3%	0%	5%	2%
Seguridade	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%	1%
Infraestruturas-transportes	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Xestión	0%	0%	1%	0%	1%	1%	0%	2%
Todo	6%	6%	6%	6%	8%	4%	0%	2%

En canto á relación coa actividade, pensionistas e parados con subsidio presentan un impacto comparativamente superior dos vínculos persoais, aínda que os segundos engaden a calidade de vida, que ten moito menor peso entre os primeiros. A calidade de vida distingue tamén os estudantes, cuxo perfil está marcado, ademais, por outro elemento, a economía.

Fontes de seguridade na percepción de España	Total	PROVINCIA				HABITAT			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Valores do contorno e da xente	66%	61%	65%	66%	69%	67%	60%	65%	66%
Contorno social	38%	31%	32%	42%	43%	44%	34%	33%	37%
Contorno natural	14%	13%	14%	14%	14%	13%	12%	12%	16%
Vínculos persoais	13%	17%	19%	10%	12%	10%	15%	20%	13%
Calidade de vida	19%	21%	19%	20%	17%	20%	23%	15%	19%
Economía	6%	6%	6%	7%	4%	6%	7%	6%	5%
Servizos públicos	2%	2%	0%	2%	2%	3%	1%	1%	1%
Seguridade	1%	1%	1%	1%	0%	1%	1%	1%	1%
Infraestruturas-transportes	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Xestión	0%	1%	1%	0%	1%	1%	1%	0%	0%
Todo	6%	8%	8%	4%	6%	3%	8%	12%	7%


Por último, os vínculos persoais distinguen tamén o hábitat de 5.001 a 10.000 habitantes e a Ourense. O hábitat de maior tamaño diferénciase polo maior impacto do contorno social, no que coincide coa provincia da Coruña. Ourense engade ao trazo distintivo citado a presenza con maior impacto de “todo”, é dicir, un maior soporte indiscriminado da boa percepción.



Cerrando aquí a comparación de Galicia e España e a análise das diferenzas perceptivas desta última, entre as distintas categorías definidas nas variables de análise, imos examinar agora Galicia en relación coas demais comunidades autónomas.


Pois ben, se na comparación da parte co todo non hai diferenzas moi importantes, a división de España en comunidades autónomas, os pares de Galicia, obriga a comparar coas outras partes, pois, se ben é certo que a identidade galega pódese opor á española, España non é un alternativa a Galicia como lugar para vivir, senón que as alternativas son as demais comunidades autónomas.

En primeiro lugar, hai que dicir que as alternativas, para ser tales na conciencia dos suxeitos que responden, deben ser coñecidas. Pois ben, a metade dos galegos entrevistados pode falar doutra ou outras comunidades autónomas, sexa por coñecemento directo ou indirecto, e a metade non.




A partir desta división en fraccións practicamente iguais, encontramos diferenzas relativamente importantes que distinguen algunhas categorías das variables de análise:

En primeiro lugar, entre os homes esténdese máis o coñecemento doutras comunidades que entre as mulleres (10 puntos de diferenza). Igualmente, os máis novos din coñecer algunha outra comunidade en maior medida que o resto dos grupos de idade (superan o 60%), que se moven en cifras similares entre si ata os 59 anos; o grupo de 60 ou máis anos é o que menos coñecemento doutras comunidades recoñece, superando apenas o 40%.




O nivel de estudos é aínda máis discriminante, pois entre os universitarios, que son os que en maior proporción coñecen outras comunidades, e os que teñen estudos primarios ou inferiores, hai máis de 30 puntos de diferenza.

A categoría socioeconómica e a relación coa actividade tamén mostran diferenzas importantes: as máis acusadas distinguen os niveis máis altos da categoría socioeconómica (decisores, supervisores e técnicos) e os empregados non-manuais, por un lado, e aos estudantes, por outro, con taxas de coñecemento relativamente altas (sobre todo, as dos niveis socioeconómicos altos, que roldan o 70%), fronte aos empregados manuais, as amas de casa e os pensionistas (sobre todo os dous primeiros grupos, que non alcanzan o 40%).





En canto ás variables territoriais, hábitat e provincia, as diferenzas son bastante menores. Coas taxas máis baixas de coñecemento, destacan o hábitat máis rural e a provincia de Lugo, mentres que o máis urbano e a provincia de Ourense teñen os niveis de coñecemento máis altos, sempre por debaixo do 60%.

Os entrevistados de esquerdas coñecen en maior proporción outras comunidades españolas que os de dereitas ou os de centro: a taxa é do 66% nos de esquerdas e arredor do 53/54% nos outros dous grupos. Aínda que non incluímos no gráfico os que non se clasifican no eixe esquerda-dereita, o feito de que as tres posicións incluídas teñen taxas superiores á do total da mostra permite afirmar que naquel grupo o coñecemento debe ser moito máis baixo.



Por último, os que se senten máis españois que galegos teñen un maior coñecemento doutras comunidades, cunha taxa do 63% fronte a un 45% nos que se identifican como máis galegos que españois.


Entre os que poden comparar Galicia con outra ou outras comunidades autónomas, o primeiro resultado de interese é o da frecuencia relativa coa que Galicia foi cualificada como a peor ou como a mellor para vivir. Dos que comparan Galicia con algunha outra comunidade, o 69% considéranla a mellor, o 15% a peor e o 16% colócanla nunha posición intermedia. Polo tanto, se na comparación con España a igualdade é dominante, este resultado indica que a maioría dos galegos (un 85% se sumamos os que non coñecen outra comunidade e os que, coñecendo outra ou outras, consideran Galicia como a mellor) ve Galicia sen alternativas ou cunha clara vantaxe sobre as posibles alternativas.




O grupo de idade que se distingue claramente do resto é o que corresponde ao núcleo de transición desde a xuventude á vida adulta (25 a 29 anos), que alcanza un 80% na consideración de Galicia como a mellor comunidade para vivir, con tan só un 9% como a peor.

Nun nivel algo inferior, distínguese tamén positivamente o grupo con menos estudos.


Galicia, peor ou mellor comunidade para vivir



Galicia, peor ou mellor comunidade para vivir




Os supervisores e técnicos e os empregados manuais son as categorías socioeconómicas que en maior medida consideran Galicia como a mellor comunidade, pero as súas posicións son ben diferentes, pois mentres que os primeiros só a consideran a peor nun de cada dez casos, os segundos son o grupo que en maior medida considera tamén Galicia como a peor comunidade para vivir, alcanzando case a cuarta parte dos seus integrantes (trátase dunha categoría na cal ou consideran Galicia como a mellor ou como a peor, sen posicións intermedias).



Territorialmente, Pontevedra e os hábitat intermedios son os espazos en que en maior medida se considera Galicia como a mellor comunidade para vivir.

Por último, os que se senten máis galegos que españois son os que sinalan en maior medida, por comparación con outras identidades, Galicia como a mellor comunidade para vivir.



¿Que comunidades consideran os galegos como alternativas máis desexables e cales como menos desexables? Nas táboas seguintes móstrase o ranking de comunidades preferidas e o ranking de comunidades rexeitadas, podendo observarse tamén as diferenzas máis acusadas atendendo ás variables de análise.

Máis dun terzo dos galegos que non prefiren Galicia inclínanse por Cataluña, como comunidade, entre as que coñecen, mellor para vivir. A considerable distancia (con menos da metade de frecuencia) están o País Vasco, Madrid, Asturias e Valencia.

Baleares, que ten moi pouco peso nas preferencias do conxunto da mostra, alcanza unha aceptación relativamente importante no grupo de 30 a 34 anos de idade.

Mellor CA	Total	Xénero		Idade					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Galicia	69	68	70	69	80	71	65	66	70
Cataluña	11	10	12	10	8	10	15	13	9
Pais Vasco	4	5	3	3	1	2	7	4	5
Madrid	3	4	3	6	2	3	4	2	4
Asturias	3	2	4	4	3	4	2	3	3
Valencia	3	3	3	2	2	0	1	3	5
Andalucía	2	2	2	2	0	0	2	3	1
Canarias	1	1	2	3	2	2	0	2	1
Cantabria	1	2	0	0	1	2	1	2	0
Baleares	1	1	1	0	0	5	0	1	0
Navarra	1	1	0	0	0	0	1	1	1
Castilla León	1	1	0	1	0	0	1	1	0
Extremadura	0	1	0	0	2	1	0	0	1
Murcia	0	0	0	0	0	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Peor CA									
Madrid	27	25	29	40	45	21	27	22	15
Galicia	15	15	14	10	9	15	20	17	14
Andalucía	14	14	13	11	13	31	10	11	13
Cataluña	11	11	12	9	3	6	8	14	20
Pais Vasco	9	7	12	4	7	7	11	10	14
Castilla León	8	8	7	8	11	10	6	9	5
Extremadura	4	6	1	2	3	0	7	4	4
Asturias	3	4	3	3	0	5	2	5	4
Valencia	3	2	3	2	3	3	1	1	5
Castilla - La Mancha	3	3	2	3	4	1	5	2	0
Canarias	2	2	1	2	0	0	2	2	3
Ceuta y Melilla	1	1	1	0	0	0	0	2	1
Aragón	1	1	1	0	0	0	1	1	1
Cantabria	1	0	1	1	1	0	0	1	1
Murcia	0	1	0	2	0	0	0	0	1
Navarra	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Baleares	0	0	0	1	0	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	1	0
	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Madrid é a comunidade máis rexeitada, nove veces máis rexeitada que preferida, en posición algo peor que a de Andalucía, que é rexeitada sete veces máis que preferida e que Castela e León, oito veces máis rexeitada que preferida. Cataluña é igualmente preferida e rexeitada, aínda que, se ocupa o primeiro lugar entre as preferidas, queda desprazada ao terceiro lugar das rexeitadas (excluíndo Galicia). O País Vasco está no cuarto lugar entre as rexeitadas, e, aínda que ocupaba o segundo en preferencia, o rexeitamento supera o dobre da elección como comunidade mellor para vivir. Extremadura, cuxa preferencia é case nula, é rexeitada como a peor comunidade para vivir por un 4% dos que coñecen comunidades distintas de Galicia.

Madrid é moito máis rexeitada pola xente nova e, sobre todo, polo grupo de transición cara á idade adulta (25 a 29 anos), en tanto que Andalucía é máis rexeitada (comparando os grupos de idade) polos de 30 a 34 anos. Cataluña e o País Vasco encontran as súas maiores taxas de adxectivación negativa entre os de maior idade.

Mellor CA	Total	ESTUDOS		
		Universitarios	Secundarios	Inferiores
Galicia	69	67	65	74
Cataluña	11	12	13	8
País Vasco	4	4	5	4
Madrid	3	4	3	4
Asturias	3	4	2	3
Valencia	3	2	3	2
Andalucía	2	3	1	2
Canarias	1	2	2	1
Cantabria	1	1	2	0
Baleares	1	0	1	1
Navarra	1	1	1	0
Castilla León	1	0	0	1
Extremadura	0	0	0	1
Murcia	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0
	100	100	100	100
Peor CA				
Madrid	27	32	30	21
Galicia	15	9	16	16
Andalucía	14	14	15	11
Cataluña	11	6	9	16
País Vasco	9	8	8	12
Castilla León	8	9	9	6
Extremadura	4	4	3	4
Asturias	3	6	3	3
Valencia	3	1	1	4
Castilla - La Mancha	3	4	3	2
Canarias	2	3	1	2
Ceuta y Melilla	1	1	0	1
Aragón	1	0	0	1
Cantabria	1	1	1	0
Murcia	0	0	1	0
Navarra	0	0	0	1
Baleares	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0
	100	100	100	100

Atendendo ao nivel de estudos, alí onde Galicia é seleccionada en maior proporción como a mellor comunidade entre os que teñen menor nivel de estudos, Cataluña encontra o maior rexeitamento, aínda que sempre por debaixo de Madrid. Esta, pola súa parte, presenta a súa peor posición entre os universitarios, cuxo rexeitamento se estende practicamente a un terzo.

Mellor CA	Total	CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA						RELACIÓN COA ACTIVIDADE				
		Decisores e técnicos	Supervisores	Autónomos non-expertos	Empregados non-manuais	Empregados manuais	Inactivos	Ocupados	Estudantes	Amas de casa	Pensionistas	Parados
Galicia	69	59	78	60	72	76	68	70	64	72	70	64
Cataluña	11	7	11	15	10	8	11	11	13	9	7	20
Pais Vasco	4	9	4	6	4	2	4	5	3	4	4	5
Madrid	3	2	1	3	1	5	5	3	6	3	5	1
Asturias	3	3	1	4	4	0	3	3	3	3	4	1
Valencia	3	2	0	4	1	1	4	2	3	4	5	0
Andalucía	2	4	0	4	3	0	2	2	3	1	1	0
Canarias	1	4	0	1	0	0	2	0	3	0	3	4
Cantabria	1	6	2	0	1	5	0	2	0	0	0	0
Baleares	1	0	2	0	0	0	1	0	1	2	0	4
Navarra	1	0	0	1	1	4	0	1	1	0	1	0
Castilla León	1	6	0	0	1	0	1	1	1	0	0	0
Extremadura	0	0	0	4	0	0	0	1	0	0	0	0
Murcia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Peor CA												
Madrid	27	45	22	27	30	13	27	27	35	20	20	32
Galicia	15	23	11	19	8	24	15	15	13	18	14	14
Andalucía	14	13	19	13	18	1	12	16	14	9	9	16
Cataluña	11	9	8	7	12	15	13	9	12	16	17	5
Pais Vasco	9	0	7	8	9	11	11	8	5	10	17	7
Castilla León	8	3	9	10	4	17	8	9	12	8	3	12
Extremadura	4	3	7	10	1	1	2	5	1	3	3	1
Asturias	4	2	9	4	1	0	4	3	1	2	6	1
Valencia	3	0	2	0	4	0	3	2	1	2	5	3
Castilla - La Mancha	3	1	2	0	4	5	2	3	4	2	0	3
Canarias	2	0	2	0	2	2	2	1	2	3	3	0
Ceuta y Melilla	1	0	0	1	1	0	1	0	0	2	1	0
Aragon	1	2	0	1	2	0	0	1	0	0	0	0
Cantabria	1	0	0	0	0	0	1	0	1	1	1	1
Murcia	0	0	0	1	2	0	0	1	0	0	0	0
Navarra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0
Baleares	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0
	100	100	100	100	100	90	100	100	100	100	100	100

Autónomos non expertos e parados son os que con maior frecuencia sinalan Cataluña como mellor comunidade, sobre todo estes últimos, cando observamos o nivel socioeconómico e a relación coa actividade. Os decisores prefiren máis o País Vasco e tamén se distinguen por preferir en maior proporción que o conxunto da mostra Cantabria e Castela e León.

O rexeitamento a Madrid é moito maior entre os decisores e, aínda que en menor medida, tamén na categoría dos estudantes e na dos parados.

Andalucía ten as súas peores posicións entre os supervisores e técnicos e entre os empregados non-manuais, mentres que Cataluña, consecuentemente co que destacamos en relación coa idade e os estudos, é máis rexeitada por amas de casa e pensionistas.

Os empregados manuais colocan Castela e León como a comunidade distinta de Galicia peor parada; Estremadura destaca negativamente entre os autónomos non expertos e Asturias faino no grupo dos supervisores e técnicos.

Por último, Castela-A Mancha queda distinguida polos empregados non-manuais e polos parados.

Mellor CA	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Galicia	69	65	75	74	67	65	70	66	75
Cataluña	11	13	6	9	11	13	7	14	9
Pais Vasco	4	6	3	2	4	4	3	6	4
Madrid	3	5	2	4	3	4	4	3	3
Asturias	3	3	8	3	3	2	8	3	2
Valencia	3	1	1	2	4	4	2	1	2
Andalucía	2	1	1	3	1	2	2	1	1
Canarias	1	2	0	1	1	2	0	1	2
Cantabria	1	1	1	0	2	1	1	1	1
Baleares	1	1	0	1	1	1	1	2	0
Navarra	1	1	2	0	1	1	1	0	1
Castilla León	1	1	0	1	1	0	1	2	0
Extremadura	0	0	0	1	0	1	0	0	0
Murcia	0	0	0	0	0	0	0	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Peor CA									
Madrid	27	24	23	20	33	21	29	31	31
Galicia	15	19	8	16	12	17	11	17	12
Andalucía	14	13	8	14	14	16	8	6	15
Cataluña	11	14	11	10	10	9	15	16	11
Pais Vasco	9	10	13	11	8	10	11	12	7
Castilla León	8	6	14	12	5	7	9	5	9
Extremadura	4	2	1	6	3	5	2	2	4
Asturias	3	4	5	3	4	4	4	4	2
Valencia	3	1	3	3	4	3	2	2	2
Castilla - La Mancha	3	3	3	3	2	3	2	2	2
Canarias	2	1	0	2	2	3	1	1	1
Ceuta y Melilla	1	2	0	0	1	1	0	0	1
Aragón	1	1	3	0	1	0	2	1	1
Cantabria	1	1	1	1	0	0	1	0	1
Murcia	0	0	3	0	1	1	1	0	0
Navarra	0	1	1	0	0	0	0	0	0
Baleares	0	0	2	0	0	0	1	0	0
La Rioja	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	100	100	100	100	100	100	100	100	100

A diferenza positiva máis importante, territorialmente, é a maior preferencia por Asturias por parte da provincia de Lugo (por razóns de veciñanza, hai que supoñer), igual que sucede no hábitat de 5.001 a 10.000 habitantes.

Negativamente, destaca o maior rexeitamento de Madrid no hábitat máis urbano, así como en Ourense e Pontevedra. Cataluña é máis rexeitada en Ourense e Lugo e Castela e León nos tamaños de hábitat intermedios.

Só unha diferenza na elección da mellor comunidade, atendendo ás posicións ideolóxicas: Valencia é elixida en maior medida pola dereita. En canto á elección da peor, Madrid acentúa a súa mala consideración na esquerda. Ademais, Madrid ten unha peor percepción no grupo máis identificado con Galicia e menos con España. É destacable que o rexeitamento de Madrid baixa ao 16% entre os que se senten máis españois, 11 puntos menos do que obtén no conxunto da mostra, para subir ao 25% entre os que se senten tan españois como galegos, cifra moi parecida á do conxunto, alcanzando a proporción do 33% entre os máis identificados con Galicia, máis do dobre que entre os máis identificados con España, o que fai pensar nun compoñente ideolóxico e identitario moi marcado no rexeitamento de Madrid, que, se non todo, explica unha parte significativa deste. Madrid non é, obviamente, santo da devoción dos galegos, e, en parte, é polo que representa como símbolo do centralismo.



Cataluña e o País Vasco son máis rexeitadas pola dereita e Andalucía e Cataluña polos que se senten máis españois.

Volvendo ao principio, Galicia é elixida como a mellor maioritariamente (69%) e só nun 15% dos casos como a peor, claramente por debaixo da comunidade máis rexeitada, que é Madrid. Nun 16% dos casos, Galicia queda entre a mellor e a peor. Parece obvio, por tanto, que está máis cerca do ideal dos galegos que do seu contrario, pero convén examinar isto máis detidamente atendendo á medida que viñemos manexando anteriormente e coa que avaliamos Galicia e España.

As distribucións da valoración global de Galicia, da mellor e da peor comunidade autónoma, mostran, en primeiro lugar, unha diferenza moi importante entre a mellor e a peor, pois se a seguridade ten un peso do 72% na mellor cando incluímos Galicia, redúcese a un 10% na peor tamén cando incluímos Galicia. Dentro deste intervalo, Galicia está nunha posición máis próxima á da comunidade autónoma mellor (54%), consecuentemente coa súa maioritaria consideración como a mellor, pero a unha distancia apreciable. É dicir, hai unha bolsa importante de mala percepción que convén examinar con coidado, tanto globalmente como, en particular, para a fracción de galegos que, comparando Galicia con outros lugares, a encontran en clara desvantaxe.


Cando na mellor comunidade e na peor excluimos Galicia, as diferenzas increméntanse, pois a seguridade da mellor sobe ao 79% e a da peor baixa ao 9%. Galicia segue estando máis próxima á mellor, pero o interesante deste resultado é que Galicia, cando é considerada a mellor, tende a rebaixar a percepción da mellor comunidade autónoma.

Visto a partir das valoracións medias, a distancia entre Galicia e a peor valorada (distinta de Galicia) vén ser o dobre da distancia entre Galicia e a mellor valorada (distinta de Galicia). Se incluímos Galicia na mellor e na peor valoradas, posto que Galicia tende a baixar lixeiramente a mellor valoración, a relación de distancias é aínda máis favorable.



Non obstante, a risco de ser reiterativos, case un punto de distancia en valor medio entre Galicia e a mellor distinta dela, ou, aínda máis se o vemos como diferenza en seguridade, que alcanza 25 puntos, é unha diferenza que corrobora que hai unha marxe para mellorar relativamente ampla.

Valoración global das CCAA mellor e peor (sen incluír Galicia). Posición de Galicia



Mellorar, pero ¿en que? Xa sabemos sobre que elementos se sustenta o risco na percepción de Galicia, pero falta saber que pasa coas outras comunidades autónomas.

Cando as comunidades autónomas distintas de Galicia son elixidas como a peor comunidade, o seu problema máis impactante é, xustamente, a fortaleza de Galicia: *os valores do contorno e das persoas*. Parece lóxico que sexa aquilo que mellor constrúe a identificación con Galicia o que lle falte a unha comunidade que se considera especialmente mala para vivir. Máis especificamente, é o contorno social e o natural o que, a xuízo dos galegos, falla nas comunidades autónomas que rexeitan o lugar da peor comunidade. Tampouco é desdeñable o peso negativo da (falta de) *seguridade*, un 13%.

Cando as comunidades autónomas distintas de Galicia son elixidas como a mellor comunidade, segue ocupando o primeiro plano o agregado de *valores do contorno e das persoas* (45%), pero con menor peso que o que tiña en Galicia, ao tempo que cobra un peso importante, maior que o que tiña como soporte da seguridade na percepción de Galicia, a *área económica* (29%), sobre todo o *emprego*, que é, desagregadamente, o elemento con maior impacto positivo na comunidade considerada como a mellor (21%).

Fontes de risco (comunidade considerada como peor)			
Valores do contorno e da xente	57%	Contorno social	29%
		Contorno natural	17%
		Vínculos persoais	11%
Seguridade	13%		
Economía	10%		
Infraestructuras-transporte	7%		
Calidade de vida	6%		
Os políticos	3%		
Servizos públicos	1%		
Mala xestión	1%		
Vivenda	1%		
A inmigración	1%		

Fontes de seguridade (comunidade considerada como mellor)			
Valores do contorno e da xente	45%	Contorno social	18%
		Contorno natural	16%
		Vínculos persoais	12%
Economía	29%	Emprego	21%
		Actividade desenvolvemento económico	8%
Calidade de vida	14%		
Servizos públicos	10%		

¿Que diferenzas hai no impacto negativo e positivo das fontes de risco e de seguridade, atendendo ás variables de análise? Imos velo reflectido nas seguintes táboas.

Fontes de risco Comunidades peor valoradas	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Valores contorno e da xente	57%	56%	55%	68%	61%	53%	58%	48%	47%
Contorno social	29%	27%	30%	36%	27%	26%	29%	28%	22%
Contorno natural	17%	16%	17%	20%	19%	17%	21%	11%	11%
Vínculos persoais	11%	13%	8%	12%	16%	9%	8%	8%	14%
Seguridade	13%	11%	17%	6%	7%	13%	17%	18%	17%
Economía	10%	13%	7%	4%	5%	20%	15%	10%	11%
Infraestruturas-transportes	7%	5%	8%	10%	11%	5%	2%	9%	2%
Calidade de vida	6%	6%	5%	5%	12%	6%	4%	5%	5%
Os políticos	3%	3%	3%	1%	0%	0%	0%	4%	10%
Servizos públicos	1%	1%	1%	1%	0%	2%	1%	1%	1%
Mala xestión	1%	2%	1%	0%	0%	0%	1%	2%	4%
Vivenda	1%	1%	1%	2%	1%	0%	1%	0%	1%
A inmigración	1%	1%	0%	1%	0%	1%	1%	1%	1%

Comezando polas fontes de risco, apenas discrimina o xénero, pero si o fai a idade: os mozos rexeitan as comunidades que valoran peor fundamentalmente por razóns simbólicas, aínda que no grupo de transición cara á idade adulta teñen un peso diferencialmente superior as infraestruturas-transportes e a calidade de vida. Nos grupos de idade seguintes, é dicir, os centrais, o elemento diferenciador polo seu maior impacto comparado é o factor económico. Na idade anterior á xubilación, en cambio, emerxe o problema da seguridade e no grupo de máis idade, os políticos.

O nivel de estudos permite distinguir o maior peso que ten a economía para os universitarios, fronte ao maior peso que ten a cuestión dos políticos, como factor negativo, para os que teñen menos estudos, que, como sabemos, se concentran nas idades superiores, onde tamén observamos o mesmo elemento distintivo.

Fontes de risco Comunidades peor valoradas	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Valores contorno e da xente	57%	54%	57%	52%	55%
Contorno social	29%	23%	28%	31%	29%
Contorno natural	17%	17%	17%	15%	16%
Vínculos persoais	11%	14%	13%	6%	11%
Seguridade	13%	12%	13%	15%	12%
Economía	10%	11%	9%	10%	15%
Infraestruturas-transportes	7%	3%	7%	8%	4%
Calidade de vida	6%	5%	6%	5%	6%
Os políticos	3%	11%	3%	1%	1%
Servizos públicos	1%	1%	1%	1%	1%
Mala xestión	1%	1%	1%	3%	1%
Vivenda	1%	1%	1%	1%	1%
A inmigración	1%	0%	1%	2%	1%

Se nos fixamos na relación coa actividade, amas de casa, parados e estudantes están marcados polo maior impacto dalgún elemento de orde simbólica, principalmente polo contorno social, mentres que os pensionistas o están máis pola seguridade, como cabía esperar do visto en relación coa idade. Ademais, os parados distínguense tamén polo impacto do factor económico e, no caso dos que gozan de subsidios, polo de infraestruturas-transportes.

Fontes de risco Comunidades peor valoradas	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Valores contorno e da xente	57%	57%	54%	56%	49%	48%	56%	65%
Contorno social	29%	27%	30%	34%	22%	37%	33%	37%
Contorno natural	17%	18%	15%	15%	11%	7%	17%	20%
Vínculos persoais	11%	12%	10%	7%	16%	4%	6%	8%
Seguridade	13%	12%	15%	14%	18%	25%	4%	8%
Economía	10%	11%	9%	10%	8%	15%	23%	6%
Infraestruturas- transportes	7%	7%	6%	5%	4%	3%	13%	7%
Calidade de vida	6%	6%	6%	7%	6%	2%	2%	6%
Os políticos	3%	3%	3%	3%	6%	0%	0%	1%
Servizos públicos	1%	1%	1%	0%	0%	1%	0%	2%
Mala xestión	1%	1%	2%	3%	2%	0%	2%	0%
Vivenda	1%	1%	1%	0%	2%	0%	0%	2%
A inmigración	1%	1%	1%	0%	2%	0%	0%	2%

Territorialmente, a diferenza máis importante afecta os municipios urbanos intermedios, para os que destaca o peso dos elementos simbólicos, de vinculación ás persoas, sobre todo, e os municipios rurais intermedios, que se distinguen polo maior peso da economía. Ourense, pola súa parte, outórgalle maior impacto ao contorno social e á seguridade, coincidindo en canto a este último factor co que sucedía na percepción de España nesta mesma provincia.

Fontes de risco Comunidades peor valoradas	Total	HABITAT				PROVINCIA			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000 a 10.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Valores contorno e da xente	57%	55%	48%	62%	53%	55%	54%	49%	59%
Contorno social	29%	33%	28%	28%	26%	25%	33%	35%	28%
Contorno natural	17%	16%	13%	19%	15%	16%	11%	9%	21%
Vínculos persoais	11%	6%	6%	15%	11%	14%	10%	5%	10%
Seguridade	13%	13%	10%	10%	16%	10%	11%	19%	16%
Economía	10%	11%	16%	10%	10%	14%	13%	9%	6%
Infraestruturas-transportes	7%	6%	10%	3%	8%	6%	6%	9%	6%
Calidade de vida	6%	5%	6%	6%	6%	7%	5%	7%	4%
Os políticos	3%	2%	6%	2%	3%	3%	2%	1%	4%
Servizos públicos	1%	2%	2%	1%	1%	1%	1%	1%	1%
Mala xestión	1%	2%	2%	1%	1%	1%	2%	1%	1%
Vivenda	1%	1%	0%	0%	1%	1%	2%	1%	1%
A inmigración	1%	1%	1%	1%	1%	1%	0%	1%	1%

Pero, ¿hai algo que distinga as comunidades que con maior frecuencia foron sinaladas como peor comunidade para vivir?

Fontes de risco Comunidades peor valoradas	Total	PEOR COMUNIDADE AUTÓNOMA				
		Andalucía	Cataluña	Galicia	Madrid	País Vasco
Valores contorno e da xente	57%	60%	72%	27%	63%	20%
Contorno social	29%	11%	32%	21%	49%	10%
Contorno natural	17%	39%	8%	0%	9%	1%
Vínculos persoais	11%	10%	32%	6%	5%	9%
Seguridade	13%	9%	6%	14%	11%	62%
Economía	10%	19%	4%	15%	1%	4%
Infraestruturas-transportes	7%	1%	0%	0%	11%	1%
Calidade de vida	6%	2%	4%	14%	8%	7%
Os políticos	3%	6%	9%	0%	1%	4%
Servizos públicos	1%	0%	0%	0%	1%	0%
Mala xestión	1%	1%	3%	25%	0%	1%
Vivenda	1%	0%	0%	4%	2%	0%
A inmigración	1%	2%	1%	0%	1%	0%

En primeiro lugar, examinemos as tres peores, deixando a un lado, por agora, Galicia: tanto Madrid como Andalucía e Cataluña distínguense negativamente por elementos simbólicos (en Madrid é o contorno social, en Andalucía o contorno natural e en Cataluña os vínculos persoais). Ademais, en Madrid ten un impacto diferencial o problema de infraestruturas-transportes, en Andalucía o factor económico e en Cataluña os políticos. Se miramos a seguinte comunidade rexeitada, o País Vasco, o seu problema é claro e ten un peso que nin de lonxe alcanza en ningún outro lugar, a seguridade, cuxo impacto é da orde de magnitude do conxunto dos elementos simbólicos nos demais casos, cun 62%.

Galicia, porén, non responde a estes patróns, cando é marcada como a peor comunidade, pois os elementos simbólicos, tendo de forma agregada un peso importante, é moi inferior ao que teñen no conxunto das comunidades peor valoradas e son igualados por un só problema, que é puramente residual noutros casos: a mala xestión.



Ademais, destacan tamén, aínda que en segundo plano, a economía e a calidade de vida. Por tanto, ao rexeitamento a Galicia, que, como sabemos, é minoritario (o 15% dos que coñecen algunha comunidade autónoma distinta, que veñen ser a metade da mostra; é dicir, aquí estamos referindo a un 7-8% do total da mostra), asóciase o rexeitamento ao actual Goberno autónomo en medida significativa, aínda que non dominante (25% do impacto).

Os elementos diferenciadores das distintas áreas sociodemográficas do mapa que vimos usando para resumir as principais asociacións entre resultados e características da mostra están contidos no anterior esquema.

As fontes de seguridade, polo que toca ás comunidades mellor valoradas, concéntranse nos aspectos simbólicos para a xente nova e tamén, aínda que en menor medida, para os de máis idade, en tanto que nas idades intermedias predominan os elementos económicos. O grupo de 35 a 44 anos destaca o impacto dos servizos públicos, elevando o seu peso desde o 10% do conxunto ao 19%.

Fontes de seguridade das CCAA mellor valoradas	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Valores contorno e da xente	45%	45%	46%	61%	45%	40%	31%	44%	53%
Contorno natural	18%	16%	19%	25%	28%	20%	10%	14%	20%
Contorno social	16%	14%	15%	21%	16%	17%	11%	14%	13%
Vínculos persoais	12%	15%	12%	14%	2%	2%	10%	16%	20%
Economía	29%	29%	29%	20%	39%	31%	35%	30%	25%
Emprego	21%	22%	20%	17%	37%	26%	26%	22%	10%
Actividade-desenvolvemento económico	8%	7%	10%	3%	2%	5%	9%	8%	15%
Calidade de vida	14%	14%	12%	9%	13%	17%	12%	13%	18%
Servizos públicos	10%	9%	10%	7%	1%	10%	19%	11%	2%

Fontes de seguridade das CCAA mellor valoradas	Total	Estudos			
		Sen estudos	Primarios	Secundarios	Universitarios
Valores contorno e da xente	45%	59%	37%	55%	46%
Contorno natural	18%	26%	13%	18%	20%
Contorno social	16%	13%	12%	23%	13%
Vínculos persoais	12%	21%	11%	13%	13%
Economía	29%	25%	35%	22%	26%
Emprego	21%	18%	25%	17%	14%
Actividade-desenvolvemento económico	8%	7%	9%	5%	12%
Calidade de vida	14%	12%	14%	11%	16%
Servizos públicos	10%	3%	12%	8%	10%

Os que teñen menor nivel de estudos e os que teñen estudos secundarios distínguense polos aspectos simbólicos, mentres que os aspectos económicos sustentan con maior impacto as valoracións positivas dos universitarios e dos que teñen estudos primarios.

Fontes de seguridade das CCAA mellor valoradas	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Valores contorno e da xente	45%	39%	52%	49%	53%	29%	6%	64%
Contorno natural	18%	14%	20%	21%	19%	10%	0%	29%
Contorno social	16%	15%	15%	14%	12%	8%	0%	19%
Vínculos persoais	12%	10%	17%	13%	21%	11%	6%	16%
Economía	29%	36%	22%	27%	20%	49%	29%	18%
Emprego	21%	26%	16%	20%	11%	43%	28%	14%
Actividade-desenvolvemento económico	8%	11%	6%	7%	9%	6%	1%	4%
Calidade de vida	14%	11%	16%	17%	20%	16%	0%	9%
Servizos públicos	10%	10%	9%	7%	6%	4%	57%	6%

Entre ocupados e non-ocupados a distinción é clara: aos primeiros impáctalles a vertente do emprego, na área económica, mentres que os segundos están máis afectados por elementos simbólicos. Pensionistas e estudantes son os que máis responden a este segundo patrón, dentro dos non ocupados, distanciándose deste os parados, para os que ten maior impacto como soporte da súa boa valoración das comunidades autónomas mellor valoradas a dimensión económica, especialmente o emprego. Ademais, os pensionistas destacan polo impacto positivo da calidade de vida e os parados con subsidios polos servizos públicos.

No plano territorial, no hábitat máis rural importa en maior medida a cuestión económica (emprego) e no seguinte, como no máis urbano, os elementos simbólicos.

Fontes de seguridade das CCAA mellor valoradas	Total	HABITAT				PROVINCIA			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Ata 5.000 a 10.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
Valores contorno e da xente	45%	41%	53%	40%	52%	43%	45%	37%	55%
Contorno natural	18%	17%	11%	18%	18%	20%	11%	15%	18%
Contorno social	16%	10%	20%	13%	19%	13%	17%	11%	18%
Vínculos persoais	12%	13%	22%	9%	15%	10%	17%	11%	19%
Economía	29%	34%	21%	33%	23%	30%	33%	35%	21%
Emprego	21%	26%	15%	22%	16%	21%	23%	28%	15%
Actividade-desenvolvemento económico	8%	8%	6%	11%	7%	10%	10%	6%	6%
Calidade de vida	14%	13%	16%	17%	11%	16%	10%	20%	7%
Servizos públicos	10%	10%	4%	8%	10%	9%	9%	6%	12%

A provincia que máis se distingue polo impacto da economía é Ourense, que tamén o fai pola calidade de vida; Pontevedra é a que máis se distingue polo factor simbólico de identificación.

Por último, se tomamos a única comunidade que ten unha presenza apreciable como a mellor valorada, Cataluña, e a comparamos con Galicia, vemos que economía e servizos públicos acapan a maior parte do impacto total en Cataluña, ao tempo que a distinguen claramente de Galicia, que funda a súa boa posición, cando é elixida como a mellor comunidade autónoma, nos vínculos persoais, como elemento máis diferenciador.

Fontes de seguridade das CCAA mellor valoradas	Total	MELLOR COMUNIDADE AUTONOMA	
		Cataluña	Galicia
Valores contorno e da xente	45%	26%	48%
Contorno natural	18%	8%	16%
Contorno social	16%	12%	9%
Vínculos persoais	12%	5%	23%
Economía	29%	41%	29%
Emprego	21%	26%	18%
Actividade-desenvolvemento económico	8%	15%	11%
Calidade de vida	14%	14%	12%
Servizos públicos	10%	17%	7%

O esquema resume as diferenzas máis importantes, atendendo ás áreas e núcleos definidos o mapa sociodemográfico, tal como vimos facendo sistematicamente.



3. As percepción dos municipios, os servizos e a xestión como factores da percepción de Galicia. Perspectiva global

Se repasamos os obxectos de percepción que medimos, dentro de Galicia, como posibles compoñentes da vida dos galegos, temos catro: o municipio de residencia ou asentamento concreto dentro de Galicia, onde se desenvolve a vida cotiá da xente; a xestión da Xunta, cuxo obxecto é a comunidade autónoma, isto é, Galicia no seu conxunto; os servizos públicos que se prestan en Galicia, aínda que non sempre estean no ámbito de competencia autonómico; e os servizos privados, que remiten á actividade de diversos axentes económicos e sociais presentes na sociedade civil galega.

O primeiro que nos interesa é saber se estes factores contribúen á construción da percepción global de Galicia, canto contribúen e como. Agora ben, tamén nos interesa observar esa contribución en interacción con variables de caracterización da poboación galega.

O dispositivo que empregamos para afrontar esta indagación é a *regresión loxística*. A variable dependente, aquela sobre a cal pensamos que os factores poderían ter influencia, é a que divide a percepción de Galicia en posicións de risco e en posicións de *seguridade*, de acordo co criterio analítico que vimos seguindo.

O resultado final da análise é produto de múltiples probas, conducentes sobre todo a minimizar o conxunto de variables independentes e a optimizar a súa categorización, de maneira que poidamos identificar grupos con comportamentos ben diferenciados da variable dependente. Deixando para un informe máis extenso o exame dos datos e dos estatísticos que directamente ofrece o modelo, resumiremos os resultados en dous momentos.

En primeiro lugar, imos presentar as variables cuxa influencia é estatisticamente significativa, expresando, para as categorías resultantes das agregacións que a análise foi mostrando pertinentes, a contribución positiva (ao incremento da seguridade na percepción de Galicia) ou negativa (ao decrecemento da seguridade na percepción de Galicia), expresada en ganancia porcentual sobre a razón da seguridade e o risco: se unha categoría ten un valor dun 20%, isto indica que pertencer a esa categoría mellora o cociente entre seguridade e risco nun 20% respecto de non pertencer. Por tanto, non se pode entender este valor como unha taxa de variación directa da probabilidade de que un individuo estea en posición de seguridade, pero si indica a tendencia desa probabilidade.

Das 10 variables inicialmente introducidas, que podemos dividir en dous grupos, e que relacionamos a continuación, resultaron significativas 7.

- As variables introducidas foron as seguintes:
 - _ Variables sociodemográficas e de identidade:
 - Actividade-ocupación
 - Estudos rematados
 - Xénero
 - Idade
 - Hábitat
 - Identidade (galega-española)

_ Variables de percepción:

- Xestión da Xunta
- Servizos públicos
- Servizos privados
- Municipio de residencia

Das 7 que resultaron significativas estatisticamente, 4 son do primeiro grupo e 3 do segundo. Figuran na seguinte táboa cos tamaños das categorías e os coeficientes loxísticos, que indican se a contribución dunha categoría é positiva (á seguridade) ou negativa.

VARIABLES		Frequency	B
Estudos terminados	Secundarios ou superiores	783	-0,14
	Primarios ou inferiores	752	0,14
Ocupación	Asalariados públicos, non-funcionarios	115	-0,27
	Inactivos, parados, outros ocupados	1420	0,27
Hábitat	Ata 10.000 habitantes	579	-0,13
	Máis de 10.000 habitantes	956	0,13
Identidade	Máis galego que español	412	0,31
	Igual ou máis español que galego	1123	-0,31
Percepción xestión Xunta	Risco	1006	-0,26
	Seguridade	529	0,26
Percepción servizos privados	Risco	529	-0,22
	Seguridade	1006	0,22
Percepción municipio residencia	Risco	894	-0,56
	Seguridade	641	0,56


O gráfico que presentamos a continuación contén xa un dato que permite ver se unha categoría das que contribúen ao incremento da seguridade o fai en maior ou menor medida que calquera das outras.

Sinteticamente, diremos que os estudos *secundarios ou superiores*, ser *asalariado público* (non-funcionario), o *hábitat inferior* (ata 10.000 habitantes), *non sentirse máis galego que español*, ter unha *percepción de risco* da Xunta ou dos servizos privados ou do municipio de residencia teñen unha influencia significativa tendente a diminuír a seguridade na percepción global de Galicia, isto é, unha influencia negativa.

Contrariamente, os estudos *inferiores aos secundarios, non ser asalariado público, residir en municipios por encima de 10.000 habitantes, sentirse máis galego ou exclusivamente galego, ter percepcións de seguridade da Xunta ou dos servizos privados ou do municipio de residencia* teñen unha influencia significativa tendente a incrementar a seguridade na percepción global de Galicia.

Polo tanto, vemos que non é significativo o xénero nin a idade, advertindo de que unha variable que resulta non ser significativa considerada con outras pode ser así cualificada polo efecto da interdependencia con elas, sen que iso signifique que non presente diferenzas significativas se estas son consideradas illadamente. Así mesmo, sucede que categorías dunha variable que puidesen presentar diferenzas significativas na percepción de Galicia, queden agregadas polo mesmo tipo de efectos, de maneira que tende a distinguirse nunha variable principalmente aquilo que contén diferenzas non explicables por outras variables.


Pero, ¿cal é a magnitude do efecto das variables independentes significativas sobre a percepción global de Galicia? Como as reducimos todas a dúas categorías, hai unha característica en cada variable que incrementa a seguridade, e a medida que ofrecemos permite ordenar as características segundo teñan máis ou menos capacidade para incrementar a seguridade, tal como se ve no gráfico.



Unha forma, quizais máis práctica, de ver isto é mediante curvas de elasticidade, que se obtéñen simulando variacións nas características que contribúen a incrementar a seguridade e observando o efecto esperado sobre a proporción da mostra en posicións de seguridade. Dito doutro xeito, permítenos saber canto tería que crecer un grupo da poboación para obter unha mellora dada na percepción, permanecendo invariables todas as demais condicións.

Agora ben, non é razoable este enfoque con calquera grupo da poboación, pois debemos ter en conta soamente grupos definidos por características que se poidan modificar. Neste caso, hai tres grupos que contribúen positivamente á seguridade e que, teoricamente, poden ser modificados no seu tamaño.

Os que están en posición de seguridade na percepción do municipio de residencia ou na dos servizos privados ou na da xestión da Xunta poderían ser máis, sempre que eses espazos mellorasen de forma apreciable para o cidadán, e esas melloras, segundo o modelo, elevarían a seguridade na percepción de Galicia.



Como mostra o gráfico, a elasticidade da seguridade na percepción de Galicia é maior respecto da percepción do municipio de residencia, pois obtemos un rendemento de 3 puntos de incremento daquela por cada 10 puntos de incremento da seguridade na percepción do municipio.

Este rendemento baixa á metade cando o que melloramos é a seguridade da percepción da xestión da Xunta e algo máis da metade cando o que melloramos é a seguridade da percepción dos servizos privados.

Lembremos que os servizos públicos non tiñan unha influencia significativa estatisticamente. Non obstante, para despexar dúbidas, debemos dicir que a valoración dos servizos públicos ten unha correlación linear positiva e significativa coa valoración de Galicia, como cabería esperar. É dicir, efectivamente, é un factor da percepción de Galicia e cando falla dana esa percepción e cando funciona elévaa. Mais sucede que a súa correlación linear é algo máis alta coa valoración da xestión da Xunta e, sobre todo, coa do municipio de residencia. En consecuencia, estas dúas variables, pola súa vez máis correlacionadas coa valoración de Galicia, recollen xa parte do impacto dos servizos públicos, que, así, no modelo queda sen significación estatística, sen que iso nos deba inducir a descoidar este aspecto fundamental da actuación pública. Se quedase algunha dúbida, non temos máis que recordar que os *servizos públicos* constitúen, aínda que a considerable distancia da primeira, a segunda fonte de risco na percepción de Galicia, cun impacto sobre o risco total dun 12%, de ningún xeito desprezable.

4. Os municipios

1. Introducción

Preguntámolles aos galegos polos seus municipios de residencia e cada entrevistado valorou o seu “*como un lugar para vivir*”. Certamente, tamén fixemos o mesmo con Galicia, pero na cidade, vila ou lugar concreto de residencia é onde este concepto encontra o seu sentido máis natural, pois, efectivamente, eles son os espazos sociais máis inmediatos de desenvolvemento da vida cotiá que é capaz de conter todas as actividades correntes: vivenda, familia, educación, traballo, lecer, comercio... Naturalmente, non todas as localidades teñen a mesma capacidade para conter todas estas actividades ou para procurar o seu desenvolvemento en favor do “ben vivir” dos seus habitantes, pero xeralmente pretenden incrementar a súa capacidade e achegarse o máis posible a unha cobertura total destas.

A localidade lle ofrece ao individuo (ou faino carente de) un espazo onde instalarse, traballar, estudar, comprar, divertirse, é dicir, basicamente, un espazo de servizos, na terminoloxía moderna, que se estenderán máis ou menos, que se desenvolverán máis ou menos, que funcionarán mellor ou peor, e un espazo de identificación simbólica e de relación social.

Como teremos ocasión de ver, arredor destes grandes eixes, sobre os que se enlazan dimensións máis concretas e compoñentes destas, xira a percepción dos cidadáns. Os cidadáns necesitan e aprecian un espazo de servizos, un espazo de desenvolvemento económico familiar, cunha vivenda, etc., e tamén símbolos e un marco de relacións que lles permita unha identificación forte co lugar onde viven. Con frecuencia, o valor simbólico das cidades, vilas ou, en xeral, municipios, reside en características intrínsecas, tales como o contorno natural, o tamaño... pero a xestión municipal tamén pode facer transformacións que doten o conxunto urbano de valor.

En suma, a xestión orientada á mellora do espazo local, tanto se é competencia dos concellos como se o é das comunidades autónomas, debe moverse nestes dous eixes: servizos, no sentido máis amplo, e identificación. Na intersección destes dous eixes, están as infraestruturas e a configuración urbana das poboacións.

2. Os municipios en Galicia. Posición e impacto na percepción de Galicia


Debemos lembrar, antes de nada, que, entre os obxectos de percepción medidos nesta investigación, o municipio era o que máis influencia tiña sobre a percepción global de Galicia. Ao analizar o comportamento da súa percepción, xunto con outros factores internos de Galicia, como os servizos ou a xestión da Xunta, mediante *regresión lóxística*, puidemos ver que, na simulación realizada, se producía un rendemento marxinal de tres puntos de incremento da zona de seguridade na percepción global de Galicia por cada 10 puntos de incremento da zona de seguridade na percepción global do municipio de residencia, o dobre que o rendemento do seguinte factor.

Agora ben, se a influencia do municipio é importante, isto prodúcese nunha situación en que a posición das cidades e vilas galegas, en conxunto, é relativamente deficiente. Poderíase dicir que Galicia supera os seus municipios, pois se a seguridade na percepción de Galicia era dun 54%, no caso dos municipios descende a un 43%. Ademais, un 23% dos entrevistados está na zona de risco extremo.

Sendo, entón, o municipio, o factor con maior influencia na percepción de Galicia, a deficiente posición que ocupa convérteo nun espazo indiscutible de acción urxente e de oportunidades. Un obxectivo inmediato neste ámbito podería ser superar en seguridade os 50 puntos. Teoricamente, daquela, se lográsemos, por exemplo, 10 puntos de incremento na seguridade dos municipios, alcanzaríamos un nivel de 57 puntos de seguridade en Galicia.


O único segmento da poboación en que a seguridade supera os 50 puntos é o das persoas de maior idade (52%). En sentido contrario, hai algúns segmentos especialmente deficientes en seguridade na percepción do municipio:

Atendendo á idade, as persoas de 35 a 59 anos non alcanzan o 40% de seguridade, co agravante, no grupo de 45 a 59 anos, de que o risco extremo (0 a 5) chega ao 30%.




Os estudos inferiores, sen romper o predominio do risco, que caracteriza o conxunto dos entrevistados, teñen unha posición algo mellor que a media, sen grandes diferenzas, pois ao mesmo tempo é o grupo con maior taxa de perigo, de forma que, como poderá comprobarse máis tarde, en valores medios apenas se distinguen as tres categorías de estudos.

SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR




SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR



Só unha categoría de relación coa actividade, a dos pensionistas, ten unha taxa de risco inferior ao 50%, consecuentemente co que sucedía cos de 60 anos ou máis. No outro extremo, os parados elevan a taxa de risco por encima do 70%. As amas de casa, o conxunto dos inactivos e, dentro dos ocupados, os decisores (aínda que coa maior taxa de perigo), son os que teñen taxas de risco lixeiramente inferiores á media. O grupo con menor taxa de perigo, aínda que o seu risco total é moi parecido ao medio, é o dos estudantes.


O hábitat máis rural (ata 5.000 habitantes), non chega ao 40% de seguridade e ten un 30% de perigo. Ourense ten tamén unha taxa elevada de perigo. O hábitat urbano é o que menos perigo ten, dentro de que ningún estrato territorial baixa sensiblemente do 20% e ningún baixa do 50% de risco total.

Unha taxa de perigo alta ten tamén o grupo dos que se senten máis españois que galegos, aínda que a seguridade si está un pouco por encima do 40%. Non así a da esquerda, cuxo nivel de seguridade é o máis baixo, cun 34% (66% de risco, só algo menos que o dos parados). A dereita é o grupo con mellor percepción.




Os gráficos que seguen, con valores medios, veñen ratificar as posicións con diferenzas máis significativas, diferenzas que son máis fáciles de ver polo valor sintético da media, que reduce a información a un só dato.


SEGMENTACIÓN DA VALORACIÓN DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR




VALORACIÓN GLOBAL DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR segundo XÉNERO e IDADE




**VALORACIÓN GLOBAL DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo ESTUDOS**




**VALORACIÓN GLOBAL DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA E RELACIÓN COA ACTIVIDADE**



VALORACIÓN GLOBAL DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR segundo HÁBITAT Y PROVINCIA



VALORACIÓN GLOBAL DO SEU MUNICIPIO COMO LUGAR PARA VIVIR segundo POSICIONES IDEOLÓGICAS



Noutra dirección, antes de entrar nos factores da percepción do municipio e nas fontes de mala ou boa percepción deste, se o municipio de residencia está marcado por unha percepción claramente mellorable, se para mellorar deberemos atacar os problemas ou fontes de mala percepción, ao tempo que traballar por crecer nas fortalezas ou fontes de boa percepción, tamén dispoñemos dalgunha información de referencia sobre aqueles municipios que os galegos consideran mellores para vivir, distintos daquel en que eles viven.

As preferencias dos galegos decántanse en primeiro termo polas cidades máis grandes, A Coruña e Vigo, sobre todo pola primeira.

Cidade grande, asociada a desenvolvemento, emprego, consumo, pero, segundo os motivos da mellor percepción das cidades e zonas preferidas, que máis adiante veremos, sobre todo no caso da Coruña, máis aínda que o emprego pesa o valor simbólico, os elementos que fan forte a identificación coa cidade.

Municipio preferido (ou zona) ao de residencia	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
A Coruña	27%	30%	25%	30%	24%	22%	36%	24%	27%
Vigo	11%	10%	13%	15%	15%	11%	10%	12%	9%
S. de Compostela	8%	8%	7%	12%	8%	12%	9%	6%	5%
Rías Baixas	6%	7%	4%	3%	7%	6%	4%	7%	6%
Sanxenxo	5%	7%	4%	7%	10%	7%	5%	6%	2%
Pontevedra	5%	4%	6%	3%	6%	3%	3%	6%	7%
Lugo	2%	2%	2%	1%	1%	1%	1%	3%	3%
Ourense	1%	1%	2%	2%	1%	1%	0%	1%	2%
Allariz	1%	1%	1%	1%	0%	2%	2%	1%	1%
Baiona	1%	1%	0%	0%	1%	2%	2%	1%	0%
A costa en xeral	1%	1%	1%	1%	2%	0%	1%	1%	1%
Non cita ninguno	19%	15%	23%	15%	13%	26%	14%	18%	24%

Atendendo ás variables de análise, podemos examinar, en primeiro lugar, a proporción en que a mostra non atopa ningún municipio ou zona mellor que aquel onde reside, que nos informa do nivel de conformidade dos cidadáns coas súas cidades e vilas. E, entre os que si encontran un lugar mellor en Galicia, podemos ver se se inclinan máis cara ás cidades grandes ou cara aos lugares costeiros, que son as dúas opcións, con vantaxe clara para a primeira, dominantes.

As mulleres parecen mellor adaptadas ao seu municipio que os homes, como os maiores e os do grupo de 30 a 34 anos o están tamén mellor que os novos (16 a 29 anos) e que os do grupo seguinte (35 a 44 anos).

Os menos satisfeitos co seu municipio inclínanse máis ben polas cidades grandes, malia que o grupo de 25 a 29 anos o fai tamén en maior medida que o resto cara a unha cidade costeira e turística como Sanxenxo.

Municipio preferido (ou zona) ao de residencia	Total	Estudos		
		Universitarios	Secundarios	Inferiores
A Coruña	27%	37%	29%	24%
Vigo	11%	13%	11%	11%
S. de Compostela	8%	14%	9%	5%
Rías Baixas	6%	4%	7%	5%
Sanxenxo	5%	4%	5%	5%
Pontevedra	5%	4%	5%	6%
Lugo	2%	2%	2%	2%
Ourense	1%	1%	1%	2%
Allariz	1%	1%	1%	1%
Baiona	1%	1%	0%	1%
A costa en xeral	1%	0%	1%	1%
Non cita ninguno	19%	8%	18%	22%

Os universitarios forman o grupo menos adaptado, con tan só un 8% dos seus integrantes que non encontra un lugar mellor que o seu en Galicia. As súas preferencias son diferencialmente superiores pola Coruña e Santiago.

Os decisores teñen unha taxa de aceptación do seu municipio incluso algo inferior á dos universitarios. Despois destes, o seguinte nivel socioeconómico, o dos supervisores e técnicos, ten tamén unha taxa de aceptación só algo superior e, en calquera caso, por debaixo da media.

Os decisores preferirían Santiago e a zona das Rías Baixas en maior medida que o conxunto, así como a cidade de Ourense. Os supervisores e técnicos, pola súa parte, acentúan a preferencia pola Coruña e Santiago.

Municipio preferido ou (zona) ao de residencia	Total	CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA					RELACIÓN COA ACTIVIDADE					
		Decisores	Supervisores e técnicos	Autónomos non-expertos	Empregados non-manuais	Empregados manuais	Inactivos	Ocupados	Estudantes	Amas de casa	Pensionistas	Parados
A Coruña	27%	29%	39%	23%	34%	21%	26%	29%	30%	24%	27%	26%
Vigo	11%	5%	8%	11%	13%	18%	11%	12%	14%	10%	8%	13%
S. de Compostela	8%	13%	12%	7%	6%	5%	8%	8%	12%	7%	5%	11%
Rías Baixas	6%	10%	2%	9%	5%	8%	5%	6%	3%	7%	6%	2%
Sanxenxo	5%	0%	9%	5%	5%	12%	4%	8%	4%	2%	3%	8%
Pontevedra	5%	7%	3%	5%	4%	2%	6%	4%	4%	7%	6%	4%
Lugo	2%	1%	1%	2%	2%	0%	2%	2%	1%	2%	3%	2%
Ourense	1%	6%	0%	0%	1%	0%	2%	1%	2%	3%	1%	1%
Allariz	1%	1%	1%	1%	2%	2%	1%	2%	2%	0%	0%	0%
Baiona	1%	0%	1%	2%	1%	0%	1%	1%	0%	1%	0%	4%
A costa en xeral	1%	2%	0%	1%	2%	2%	1%	1%	0%	1%	0%	1%
Non cita ninguno	19%	7%	12%	18%	19%	16%	21%	16%	17%	22%	25%	16%

O grupo máis conformista é o dos pensionistas, cun 25% que non encontra lugar mellor para vivir que o seu, dentro de Galicia.


Municipio preferido (ou zona) ao de residencia	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A Coruña	27%	22%	22%	24%	35%	33%	32%	23%	21%
Vigo	11%	9%	11%	11%	13%	8%	6%	17%	16%
S. de Compostela	8%	8%	6%	5%	10%	10%	4%	6%	6%
Rías Baixas	6%	6%	5%	6%	5%	7%	6%	3%	5%
Sanxenxo	5%	4%	2%	8%	5%	4%	1%	2%	9%
Pontevedra	5%	4%	5%	5%	5%	3%	4%	4%	9%
Lugo	2%	3%	5%	1%	1%	1%	8%	0%	1%
Ourense	1%	1%	3%	2%	1%	0%	1%	5%	1%
Allariz	1%	1%	4%	1%	1%	1%	1%	4%	0%
Baiona	1%	0%	0%	2%	0%	0%	0%	0%	2%
A costa en xeral	1%	1%	2%	0%	1%	0%	1%	3%	1%
Non cita ninguno	19%	24%	15%	19%	15%	19%	20%	21%	17%

O hábitat rural é o mellor acomodado, con case unha cuarta parte dos seus habitantes que non identifican ningún lugar mellor para vivir. Os que habitan en municipios de máis de 50.000 habitantes prefiren en maior medida que o resto a cidade máis grande de Galicia, A Coruña, como os que viven nas provincias da Coruña e Lugo (estes últimos tamén citan con máis frecuencia que o resto a súa capital). Os de Ourense e Pontevedra incrementan o peso de Vigo; os de Pontevedra destacan tamén por preferir en maior medida que o resto Sanxenxo, vila turística próxima á capital.

A esquerda, por último, está máis descontenta co seu lugar de residencia que o conxunto da mostra, ao contrario que os que se senten máis españois que galegos. A dereita destaca pola súa maior preferencia pola Coruña, posición contraria á dos que se senten máis galegos que españois.

Municipio preferido (ou zona) ao de residencia	Total	IDEOLOXÍA			IDENTIDADE		
		Esquerda	Centro	Dereita	Máis español que galego	Síntome tan español como galego	Máis galego que español
A Coruña	27%	30%	28%	33%	26%	30%	22%
Vigo	11%	14%	11%	13%	7%	12%	12%
S. de Compostela	8%	9%	7%	9%	11%	6%	11%
Rías Baixas	6%	7%	6%	5%	5%	6%	5%
Sanxenxo	5%	6%	7%	5%	3%	5%	7%
Pontevedra	5%	6%	5%	5%	7%	6%	3%
Lugo	2%	1%	3%	2%	1%	2%	3%
Ourense	1%	1%	1%	1%	1%	1%	2%
Allariz	1%	3%	1%	0%	0%	1%	2%
Baiona	1%	1%	1%	0%	0%	1%	1%
A costa en xeral	1%	1%	1%	2%	1%	1%	1%
Non cita ninguno	19%	12%	15%	15%	25%	17%	20%


Pero, ¿o municipio preferido é valorado moito mellor que o de residencia ou de modo similar?



A valoración media indica unha diferenza de 1,4 puntos, de 6,9 no municipio de residencia a 8,3 no que se considera mellor para vivir, que é unha diferenza importante e, ademais, que coloca ambos en lados distintos da fronteira da seguridade (8,0). A zona mellor valorada é a das Rías Baixas, xunto coa cidade de Santiago. A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra rozan a fronteira por arriba e Lugo xa está lixeirísimamente por debaixo.

Se observamos a segmentación das valoracións, tal como vimos facéndoos ata agora, vemos, por un lado, que a diferenza en risco e en seguridade entre o municipio de residencia e o preferido é de 35 puntos (57% de risco un, 22% o outro) e a orde cambia nalgún caso á hora de examinar as cidades e zonas. Concretamente, Lugo colócase por diante, con menos risco, de Pontevedra e Vigo. Esta última cidade pasa ao penúltimo lugar polo seu maior risco total, pese a que en media estaba mellor colocada, debido á súa maior taxa de excelencia.

Risco e seguridade. Municipio de residencia e municipio preferido



3. Os factores da percepción do municipio de residencia

Analogamente ao que fixemos con Galicia, descendendo un banzo territorial, imos analizar os compoñentes da vida dos galegos, agora dentro do ámbito municipal.

En canto aos factores que, entre os que medimos, poderían influír na percepción dos municipios, temos tres: a xestión da Xunta, os servizos públicos e os servizos privados.

O primeiro que nos interesa é saber se estes factores contribúen á construción da percepción global do municipio, canto contribúen e como.

Agora ben, igual que na análise de Galicia, tamén nos interesa observar esa contribución en interrelación con variables de caracterización da poboación galega e, o que constitúe unha novidade neste caso, con variables de caracterización dos propios municipios.

O dispositivo que utilizamos para afrontar esta indagación é outravolta a *regresión loxística*. A variable dependente, aquela sobre a cal pensamos que os factores poderían ter influencia, é a que divide a percepción do municipio de residencia en posicións de *risco* e en posicións de *seguridade*, de acordo co criterio analítico que vimos seguindo.

O resultado final da análise é produto de múltiples probas, conducentes sobre todo a minimizar o conxunto de variables independentes e a optimizar a súa categorización, de maneira que poidamos identificar grupos con comportamentos ben diferenciados da variable dependente. Imos resumir os resultados en dous momentos:

En primeiro lugar, presentaremos as variables cuxa influencia é estatisticamente significativa, expresando, para as categorías resultantes das agregacións que a análise foi mostrando pertinentes, a contribución positiva (ao incremento da seguridade na percepción do municipio) ou negativa (ao decrecemento da seguridade na percepción do municipio), expresada en ganancia porcentual sobre a razón da seguridade e o risco: se unha categoría ten un valor dun 20%, isto indica que pertencer a esa categoría mellora o cociente entre seguridade e risco nun 20%, respecto de non pertencer. Polo tanto, non se pode entender este valor como unha taxa de variación directa da probabilidade de que un individuo estea en posición de seguridade, pero si indica a tendencia da citada probabilidade.

Das 17 variables inicialmente introducidas, que podemos dividir en tres grupos, e que relacionamos a continuación, resultaron significativas sete, aínda que dúas delas (hábitat e distancia á capital) foron cruzadas e reducidas a unha.

As variables introducidas foron as seguintes:

- _ Variables sociodemográficas e de identidade:
 - Categoría socioeconómica
 - Estudos rematados
 - Xénero
 - Idade
 - Identidade (galega-española)

_ Variables de caracterización do municipio

- Hábitat
- Distancia á capital
- Superficie
- Renda familiar dispoñible
- Cota de mercado
- Índice de actividade industrial
- Índice de actividade comercial
- Índice de actividade turística
- Localización como municipio costeiro ou de interior

_ Variables de percepción:

- Xestión da Xunta
- Servizos públicos
- Servizos privados

Das sete que resultaron significativas estatisticamente, unha é do primeiro grupo, catro son do segundo e dúas son do terceiro grupo. Figuran na seguinte táboa cos tamaños das categorías e os coeficientes loxísticos, que indican se a contribución dunha categoría é positiva (á seguridade) ou negativa.


Presentamos ademais gráficos que permiten ver se unha categoría das que contribúen ao incremento da seguridade o fai en maior ou menor medida que calquera das outras.

Sinteticamente, diremos que estar en paro, vivir en poboacións de *máis de 50.000 habitantes que non sexan capitais* (é dicir, en Vigo ou Ferrol), e vivir en poboacións *non-turísticas* ou *non-costeiras* teñen unha influencia significativa tendente a diminuír a seguridade na percepción global do municipio de residencia, isto é, unha influencia negativa. Ademais, a medida que a distancia á capital medra, esta tendencia acentúase.

Contrariamente, atoparse fóra do mercado de traballo (*amas de casa e pensionistas*) ou en boas posicións dentro deste (*decisores, supervisores e técnicos*); vivir en poboacións de menos de 50.000 habitantes, se é cerca da capital, mellor; e en municipios canto máis turísticos mellor e próximos á costa, teñen a unha influencia significativa tendente a incrementar a seguridade na percepción global do municipio.

VARIABLES	Frequency	B
Categoría socioeconómica		
Non clasificados	45	-0,51
Decisores, Supervisores e Técnicos	217	0,25
Autónomos e empregados	498	-0,01
Estudantes	244	0,10
Amas de Casa e Pensionistas	510	0,67
Parados	70	-0,49
Tamaño do hábitat e distancia á capital de provincia		
Capital	393	-0,62
Menos de 10 km - De 10.000 a 50.000	24	0,28
Menos de 10 km - Menos de 10.000	25	1,10
Entre 11 e 45 km - Máis de 50.000	77	-2,00
Entre 11 e 45 km - De 10.000 a 50.000	213	1,05
Entre 11 e 45 km - Menos de 10.000	322	0,90
Máis de 46 km - Máis de 50.000	44	-2,00
Máis de 46 Km - De 10.000 a 50.000	234	0,53
Máis de 46 km - Menos de 10.000	252	0,77
Percepción dos servizos privados		
Risco	547	-0,27
Seguridade	1037	0,27
Percepción da xestión da Xunta		
Risco	1044	-0,43
Seguridade	540	0,43
Índice de actividade turística		
Baixo	1059	-1,35
Medio	337	0,38
Alto	188	0,98
Costa-Interior		
Non-Costeiro	1046	-0,22
Costeiro	538	0,22


Pero, ¿cal é a magnitude do efecto das variables independentes significativas sobre a percepción global de Galicia? Isto pódese observar nos gráficos, co dato da variación relativa na razón de vantaxes, que permite, dentro das características que sinalamos como positivas ou negativas á hora de influír na seguridade na percepción do municipio, identificar aquelas con maior peso.




Concretamente, podemos identificar catro pares (+,-) que conteñen as categorías con maior influencia na percepción do municipio:

- [menos de 50.000 habitantes(+), máis de 50.000 habitantes non capital(-)]
- [índice de actividade turística alto(+), índice de actividade turística baixo(-)]
- [inactivos(+), parados(-)]
- [percepción de seguridade na xestión da Xunta(+), percepción de risco na xestión da Xunta(-)].


Relación do índice turístico do municipio coa percepción do municipio.
Razón de vantaxes (incremento / redución do risco)




Relación da proximidade á costa do municipio coa percepción do municipio.
Razón de vantaxes (incremento / redución do risco)




Relación do tamaño do hábitat e distancia á capital de provincia coa percepción do municipio.
Razón de vantaxes (incremento / redución do risco)



Relación da percepción da xestión da Xunta coa percepción do municipio.
Razón de vantaxes (incremento / redución do risco).






Unha forma máis práctica, de ver isto é mediante curvas de elasticidade, que se obteñen simulando variacións nas características que contribúen a incrementar a seguridade e observando o efecto esperado sobre a proporción da mostra en posicións de seguridade. Dito doutra forma, permítenos saber canto tería que crecer un grupo da poboación para obter unha mellora dada na percepción, permanecendo invariables as demais condicións.

Agora ben, non é razoable este enfoque con calquera grupo da poboación, pois debemos ter en conta soamente grupos definidos por características que se poidan modificar. Neste caso, só hai dous grupos que contribúen positivamente á seguridade e que, en teoría, poden ser modificados no seu tamaño: os que están en posición de seguridade na percepción dos servizos privados ou na da xestión da Xunta poderían ser máis, sempre que eses espazos mellorasen de forma apreciable para o cidadán e esas melloras, segundo o modelo, elevarían a seguridade na percepción do municipio.

Elasticidade da eguridade na percepción do municipio, segundo as percepcións dos factores



Como mostra o gráfico, a elasticidade da seguridade na percepción do municipio de residencia é maior respecto da percepción da xestión da Xunta, pois obtemos un rendemento de 2,2 puntos de incremento daquela por cada 10 puntos de incremento da seguridade na percepción desta última.

Este rendemento baixa a dous terzos cando o que melloramos é a seguridade da percepción dos servizos privados.

Lembremos que os servizos públicos non tiñan unha influencia significativa estatisticamente. No entanto, para despear dúbidas, debemos dicir que a valoración dos servizos públicos ten unha correlación linear positiva e significativa coa valoración do municipio, o mesmo que sucedía en Galicia, como cabería esperar. É un factor da percepción do municipio e cando falla dana esa percepción e cando funciona elévaa. Se quedase algunha dúbida, non temos máis que lembrar que os *servizos públicos* constitúen, aínda que a considerable distancia da primeira, a segunda fonte de risco na percepción do municipio, cun impacto sobre o risco total dun 13%, de ningún xeito desprezable, como tivemos ocasión de ver na análise xeral e como veremos novamente deseguido.

4. As fontes de mala e boa percepción do municipio de residencia

¿Que falla nos municipios? Principalmente unha cousa: a economía, dentro da cal o punto crítico é o emprego. A área económica está en primeiro lugar, cun impacto sobre o risco total do 28%.

Con menos da metade de impacto cada compoñente, en segundo plano, están **os servizos públicos**, o transporte, os valores do contorno e da xente. Coa terceira parte de impacto está a xestión municipal e con algo menos de peso os políticos e cuestións concretas da actuación dos gobernos municipais.


Positivamente, como adoita suceder coa percepción dos lugares de residencia, sexan máis ou menos limitados (municipio, rexión...), a identificación co lugar é o que produce máis seguridade. Neste caso, os valores do contorno e da xente, cun impacto do 79%, distribúense entre o marco urbano, o contorno natural e os vínculos persoais, por esta orde, cunha porcentaxe do 6% de identificación indeterminada. As cuestións concretas teñen un peso moi secundario todas elas, incluída a economía.

Se o desenvolvemento económico e o principal aspecto deste para os cidadáns, que é o emprego, son condicións necesarias sen as cales dificilmente unha cidade pode ser considerada boa para vivir (o emprego pode estar na cidade ou pode estar nas proximidades, naqueles casos en que a referencia é unha cidade dormitorio), son os valores simbólicos asociados ao territorio ou enclavados nel (a paisaxe, a configuración urbana, as obras que identifican a cidade, como o paseo marítimo da Coruña) e os referidos á sociedade local (a xente, as relacións, a tranquilidade...) os que fan que unha localidade sexa desexada, idealizada, como mostran moitas das respostas literais dos entrevistados.

A cabalo entre a dimensión económica e a simbólica, o benestar require servizos, tanto privados como públicos, pero o que se lles demanda aos gobernantes refírese máis ben aos servizos públicos.

En suma, o triángulo formado por *economía*, *identificación* (símbolo) e *servizos* é o sistema de referencia sobre o que calquera política debe operar, aproveitando en cada caso as condicións locais para optimizar o rendemento dos recursos postos en xogo.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto -percepción do municipio de residencia-)



Agora ben, se o que produce máis risco e máis seguridade son, respectivamente, os factores económicos e os simbólicos, novamente aparece o terceiro vértice, o dos servizos, en concreto os servizos públicos, cuxa capacidade para producir impacto na percepción global das cidades e vilas é relativamente máis grande que en ningún outro espazo, pois os elementos económicos ou de identificación, que tamén son importantes, están a considerable distancia.

A afirmación inicial do bloque dedicado ao municipio, acerca de que as cidades son espazos de servizos, veríase reforzada pola verificación de que, aínda que os servizos públicos non son os que máis dano están producindo, así como tampouco os que máis seguridade, son, en cambio, os que máis capacidade potencial teñen para o un e para o outro.

Isto define os servizos públicos, que analizaremos especificamente máis adiante, como unha área crítica da xestión, que non debería, polo tanto, ser abandonada ou relegada por ningunha administración, e, ao mesmo tempo, como o espazo máis claro de oportunidades de desenvolvemento das cidades para os cidadáns.

Fontes de risco do municipio de residencia	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Economía	28%	26%	30%	28%	36%	26%	28%	25%	28%
Emprego	19%	16%	22%	18%	27%	19%	19%	15%	20%
Actividade-desenvolvemento futuro	4%	4%	4%	5%	4%	2%	5%	5%	2%
Sectores	4%	5%	4%	4%	4%	4%	4%	5%	5%
Industria	3%	4%	3%	2%	2%	3%	3%	4%	5%
Turismo	1%	1%	0%	1%	1%	0%	0%	1%	1%
Comercio	1%	1%	1%	2%	1%	1%	1%	1%	1%
Servizos públicos	13%	11%	16%	14%	8%	13%	16%	14%	11%
Infraestruturas - transportes	11%	12%	9%	9%	19%	17%	11%	10%	5%
Valores do contorno e da xente	11%	10%	13%	18%	3%	9%	10%	13%	12%
Xestión	9%	8%	9%	4%	6%	7%	9%	10%	12%
Os políticos	7%	10%	3%	3%	3%	7%	7%	5%	11%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	8%	5%	3%	2%	3%	9%	9%	6%
Urbanismo - obras	5%	6%	4%	8%	9%	8%	2%	6%	3%
Calidade de vida	4%	5%	3%	3%	7%	5%	4%	3%	5%
Vivenda	2%	2%	3%	4%	5%	0%	2%	1%	3%
O ocio	1%	1%	1%	3%	2%	0%	1%	1%	1%

Na zona de transición cara á idade adulta acentúase o problema económico, na súa vertente do emprego, así como a demanda de infraestruturas e transportes. Por abaixo, entre a xente nova, o que sobresaé é a dimensión simbólica da identificación, en tanto que un grupo de adultos (30 a 34 anos) destaca o impacto de infraestruturas e transportes e os maiores o do reproche aos políticos.

Ata agora, a sostida tendencia dos novos a fixarse nos elementos simbólicos como principais fontes de impacto (positivo ou negativo) nas súas percepcións (de España, de Galicia, de outras comunidades autónomas) puideramos relacionala cun perfil identitario específico, no que a identificación como galego ten un peso maior, que podería estar asociada á atribución dunha particular relevancia á propia identidade, o que levaría a poñer énfase no (que se pretende) intrínseco en lugar de no contingente ou no conxuntural, como poden ser os problemas económicos.

Pero, sen desmentir esta asociación, a persistencia en destacar os valores simbólicos tamén na cidade podería estar sinalando outro factor, que sería o da busca adolescente dun lugar propio, que tendería a poñer o foco sobre a identidade e sobre a súa falta, como explicación de forte impacto relativo á boa percepción e tamén á mala.

Tanto os que non teñen estudos como os universitarios sobresaen polo impacto negativo dos problemas económicos, destacando entre os primeiros o paro. Os estudos secundarios, como o grupo de 25 a 29 anos, salientan as infraestruturas e transportes.

Fontes de risco do municipio de residencia	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Economía	28%	34%	24%	31%	32%
Emprego	19%	24%	17%	18%	20%
Actividade-desenvolvemento futuro	4%	4%	3%	6%	8%
Sectores	4%	5%	4%	5%	3%
Industria	3%	5%	3%	4%	3%
Turismo	1%	1%	0%	1%	1%
Comercio	1%	0%	1%	1%	0%
Servizos públicos	13%	10%	15%	9%	14%
Infraestruturas-transportes	11%	5%	11%	15%	11%
Valores do contorno e da xente	11%	14%	11%	11%	7%
Xestión	9%	10%	9%	8%	8%
Os políticos	7%	7%	7%	6%	5%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	8%	6%	5%	8%
Urbanismo - obras	5%	2%	6%	5%	5%
Calidade de vida	4%	5%	5%	2%	3%
Vivenda	2%	1%	2%	2%	3%
O ocio	1%	0%	1%	2%	2%

Fontes de risco do municipio de residencia	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Economía	28%	28%	28%	31%	28%	42%	22%	28%
Emprego	19%	18%	20%	23%	18%	34%	14%	19%
Actividade, desenvolvemento futuro	4%	5%	3%	3%	2%	3%	7%	4%
Sectores	4%	4%	5%	5%	7%	6%	1%	5%
Industria	3%	3%	4%	3%	7%	6%	1%	3%
Turismo	1%	1%	0%	0%	1%	0%	1%	0%
Comercio	1%	1%	1%	1%	0%	0%	0%	3%
Servizos públicos	13%	12%	15%	17%	12%	8%	27%	16%
Infraestruturas-transportes	11%	12%	9%	9%	7%	10%	12%	9%
Valores do contorno e da xente	11%	10%	13%	6%	17%	10%	14%	13%
Xestión	9%	10%	8%	10%	7%	3%	9%	4%
Os políticos	7%	7%	7%	5%	11%	4%	3%	4%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	7%	6%	8%	4%	8%	9%	6%
Urbanismo - obras	5%	5%	5%	4%	3%	5%	0%	9%
Calidade de vida	4%	4%	4%	5%	4%	2%	3%	3%
Vivenda	2%	2%	2%	1%	3%	0%	0%	4%
O ocio	1%	1%	2%	2%	0%	2%	0%	3%


As amas de casa e os parados sen subsidios diferéncianse polo maior impacto do problema económico do emprego, mentres que os pensionistas destacan polo dos elementos simbólicos e polo reproche aos políticos. Os parados con subsidios poñen en primeiro plano os servizos públicos.

O hábitat rural coincide con novos e maiores nun maior peso da dimensión simbólica de identificación. Lugo e Ourense destacan polo impacto do emprego, en ambos os casos, ben que no segundo cómpre engadir o dos servizos públicos. Por último, Pontevedra sobresa polas obras e polo urbanismo.

O esquema final resume, como vimos facendo, as diferenzas que destacamos, atendendo aos espazos definidos polas variables sociodemográficas e representados no mapa construído no primeiro capítulo da análise.

Fontes de risco do municipio de residencia	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Economía	28%	30%	27%	24%	29%	27%	38%	42%	19%
Emprego	19%	18%	16%	16%	22%	18%	24%	31%	11%
Actividade, desenvolvemento futuro	4%	5%	6%	3%	3%	3%	7%	5%	4%
Sectores	4%	6%	4%	4%	3%	4%	7%	5%	3%
Industria	3%	5%	4%	2%	3%	3%	5%	4%	2%
Turismo	1%	1%	1%	0%	1%	1%	0%	1%	1%
Comercio	1%	1%	0%	1%	0%	1%	1%	1%	1%
Servizos públicos	13%	16%	15%	16%	8%	13%	11%	18%	13%
Infraestruturas-transportes	11%	10%	12%	10%	11%	9%	14%	8%	13%
Valores do contorno e da xente	11%	17%	12%	8%	9%	12%	10%	13%	10%
Xestión	9%	5%	7%	12%	11%	10%	5%	3%	12%
Os políticos	7%	7%	6%	8%	5%	6%	7%	7%	7%
Mantemento urbano-medio ambiente	6%	4%	7%	6%	9%	7%	4%	2%	8%
Urbanismo - obras	5%	1%	0%	7%	7%	4%	1%	0%	11%
Calidade de vida	4%	4%	6%	3%	5%	5%	4%	4%	4%
Vivenda	2%	1%	3%	1%	4%	3%	1%	2%	1%
O ocio	1%	2%	1%	2%	1%	2%	2%	1%	1%

En suma, as fontes de risco asociadas á percepción do municipio de residencia concilian a perspectiva pragmática da dimensión económica, sobre todo do emprego, dos servizos públicos e dos transportes, coa simbólica da identificación. E esta coexistencia prodúcese sempre, polo que reiteramos que a oferta e a actuación dos polítics no espazo local debe atender a este triángulo: *símbolos, economía e servizos*. Non o fai, porén, de forma homoxénea, pois o pragmatismo é máis propio dos adultos nas idades produtivas centrais, e dos que se atopan en transición cara a esa zona, sobre todo se están parados, estendéndose tamén ás amas de casa, en tanto que os símbolos distinguen aos máis novos, quizais en busca da súa cidade e tamén ós pensio-nistas. Os maiores, pensionistas, sobresaen polo impacto negativo que lles producen os políti-cos, o cal, se ben se mira, ten unha cara netamente simbólica, sequera pola súa función de representación.



Se pasamos, agora, a fixar a atención nas fontes de seguridade —é dicir, na base das percepcións positivas dos concellos de residencia dos entrevistados— novamente, como anticipamos, encontramos os mozos sobresaíndo polo maior impacto dos elementos simbólicos, xunto cos maiores, que destacan sobre todo polos vínculos persoais e coas idades activas centrais, que salientan o marco urbano e o contorno natural.

Fontes de seguridade do municipio de residencia	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Valores do contorno e da xente	79%	76%	81%	83%	73%	73%	78%	80%	80%
Marco urbano	33%	32%	34%	36%	31%	46%	34%	32%	30%
Contorno natural	22%	24%	20%	26%	17%	17%	27%	25%	19%
Vínculos persoais	17%	15%	19%	16%	16%	10%	8%	17%	24%
Todo ben	6%	4%	7%	5%	9%	0%	8%	4%	7%
Servizos públicos	7%	7%	7%	6%	15%	12%	6%	4%	6%
Calidade de vida	5%	7%	4%	3%	6%	2%	8%	6%	5%
Economía	4%	4%	4%	4%	3%	8%	3%	4%	3%
Urbanismo - obras	1%	2%	1%	2%	0%	2%	1%	2%	1%
Infraestruturas - transportes	1%	1%	1%	1%	1%	0%	1%	0%	1%
Xestión municipal	1%	1%	1%	1%	1%	1%	0%	2%	2%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	0%	0%	0%	0%	1%	1%	1%	0%

Os servizos públicos sobresaen entre 25 e 34 anos e a economía no grupo de 30 a 34 anos. Xa que logo, nas fontes de seguridade, priman os elementos simbólicos ao longo de todas as idades e apenas nun ou dous grupos destacan tamén elementos pragmáticos. A identificación coa cidade prodúcese, entón, no plano simbólico, o que é propio das identificacións, que, en cambio, poden ser degradadas por deficiencias materiais, económicas e de servizos.

Fontes de seguridade do municipio de residencia	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Valores do contorno e da xente	79%	83%	80%	74%	72%
Marco urbano	33%	28%	36%	27%	42%
Contorno natural	22%	20%	22%	27%	22%
Vínculos persoais	17%	26%	15%	17%	5%
Todo ben	6%	8%	6%	3%	2%
Servizos públicos	7%	5%	7%	11%	9%
Calidade de vida	5%	5%	5%	5%	9%
Economía	4%	4%	4%	4%	4%
Urbanismo - obras	1%	1%	1%	2%	3%
Infraestruturas - transportes	1%	1%	1%	1%	1%
Xestión municipal	1%	1%	1%	1%	1%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	0%	1%	0%	1%

Segundo o nivel de estudos, só sobresaen elementos de orde simbólica, sexan os vínculos persoais, entre os que non teñen estudos –que son de maior idade, grupo en que tamén atopabamos destacada esta fonte de seguridade–, sexa o contorno natural, no grupo de estudos secundarios, sexa o marco urbano, entre os universitarios.


Amas de casa e pensionistas sobresaen polo mesmo que os maiores e os que non teñen estudos (aos que se asocian), é dicir, polos vínculos persoais; os parados destacan o marco urbano ou o contorno natural e os estudantes o contorno urbano. En suma, positivamente, apenas hai diferenzas significativas que saian do plano simbólico.

Fontes de seguridade do municipio de residencia	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Valores do contorno e da xente	79%	76%	81%	84%	79%	83%	90%	82%
Marco urbano	33%	34%	33%	35%	29%	45%	21%	40%
Contorno natural	22%	23%	21%	18%	22%	22%	36%	20%
Vínculos persoais	17%	13%	20%	24%	23%	8%	19%	10%
Todo ben	6%	4%	7%	7%	5%	8%	14%	11%
Servizos públicos	7%	8%	6%	7%	4%	6%	2%	7%
Calidade de vida	5%	6%	5%	3%	6%	4%	4%	5%
Economía	4%	5%	3%	2%	4%	3%	0%	2%
Urbanismo - obras	1%	1%	1%	1%	1%	2%	0%	2%
Infraestruturas-transportes	1%	1%	1%	1%	1%	0%	1%	0%
Xestión municipal	1%	1%	2%	0%	3%	1%	1%	1%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	1%	0%	0%	1%	1%	2%	0%

Fontes de seguridade do municipio de residencia	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Valores do contorno e da xente	79%	78%	87%	79%	78%	73%	84%	82%	82%
Marco urbano	33%	30%	35%	33%	36%	32%	36%	34%	33%
Contorno natural	22%	20%	20%	22%	23%	21%	20%	18%	26%
Vínculos persoais	17%	20%	17%	18%	14%	14%	20%	19%	18%
Todo ben	6%	7%	13%	5%	4%	4%	7%	11%	4%
Servizos públicos	7%	9%	3%	4%	8%	11%	3%	7%	4%
Calidade de vida	5%	5%	2%	5%	6%	7%	5%	2%	5%
Economía	4%	3%	5%	6%	3%	3%	3%	6%	5%
Urbanismo - obras	1%	0%	0%	1%	2%	2%	1%	1%	2%
Infraestruturas-transportes	1%	1%	2%	1%	0%	1%	1%	1%	0%
Xestión municipal	1%	2%	1%	1%	1%	1%	2%	1%	1%
Mantemento urbano-medio ambiente	0%	0%	0%	1%	1%	1%	1%	1%	0%

Cerramos este capítulo co consabido esquema que resume as diferenzas máis importantes relacionadas co mapa sociodemográfico.

Como se pode ver, só na transición cara á vida adulta emerxe un elemento que non é de carácter simbólico, por máis que todo poida ter ese carácter nalgunha medida, os servizos públicos. Tamén destaca no grupo de idade seguinte a economía, pero agora xunto con (e por detrás de) outros elementos que teñen que ver coas identificacións.



5. Os servizos públicos

1. ¿Teñen impacto os servizos públicos?

Lembremos que os servizos públicos, aínda que nun modelo xeral que trataba de integrar os factores obxectivos da percepción de Galicia, isto é, os municipios, os servizos públicos e privados e a xestión da Xunta, non tiñan unha influencia significativa estatisticamente, si tiñan unha clara asociación tanto coa percepción do municipio como coa da xestión da Xunta. Ademais diso, os servizos públicos en xeral estaban no primeiro lugar no índice que mide a capacidade potencial que teñen diferentes elementos ou factores para producir impacto nas percepcións dos cidadáns sobre Galicia.

Comezaremos, xa que logo, afondando nesta cuestión, conscientes de que o modelo xeral, válido para o propósito que o xustificaba, non fai xustiza á importancia dos servizos públicos en Galicia.


Polo tanto, comezaremos, tomando agora como centro da análise os servizos públicos, vendo a súa influencia sobre os espazos en que se prestan:

- O espazo global de Galicia.
- O espazo local do municipio.
- O espazo factual da xestión da Xunta.

Para iso, presentamos tres gráficos que mostran a asociación entre as valoracións dos servizos públicos⁵ e as valoracións de Galicia, do municipio de residencia e da xestión da Xunta.


⁵ Para esta operación, fundimos as valoracións do último servizo utilizado e do máis frecuente, dándolle prioridade a este último.

A asociación máis estreita, medida en todos os casos pola función polinómica a partir da cal non encontramos mellora apreciable da correlación (nótese que a correlación non é, neste caso, linear), liga os servizos públicos co municipio de residencia, mentres que a relación coa percepción da Xunta é máis débil e coa de Galicia aínda máis.




En calquera caso, a asociación é sempre positiva, como cabía esperar, e significativa estatisticamente (mesmo as correlacións lineares, que son máis baixas, son significativas estatisticamente).

Ademais, as curvas amosan que a asociación non é homoxénea ao longo da escala. No caso do municipio de residencia e tamén no de Galicia, hai unha clara diferenza en tres segmentos da valoración (máis clara se nos referimos ao municipio):



- Hai un primeiro tramo (de 0 a 4 ou a 5) en que a pendente media da curva é máis grande, é dicir, en que a asociación é máis forte. Hai que concluír, polo tanto, que cando a valoración dos servizos públicos descende por debaixo da fronteira que limita as valoracións que cualificamos de *perigo* na segmentación da valoración global, degrádase máis rapidamente a percepción global do municipio de residencia e de Galicia, sobre todo a do primeiro.

- No outro extremo, hai un tramo (de 7 ou 8 a 10) no cal a asociación é tamén máis forte. É dicir, cando a valoración dos servizos públicos acada a fronteira que limita as valoracións que cualificamos de *seguridade*, elévase máis rapidamente a percepción global do municipio de residencia e de Galicia.



- No medio, as variacións na percepción dos servizos públicos teñen unha influencia menor sobre a percepción de Galicia e nula sobre a percepción do municipio de residencia.

A diferenza do que sucede coas percepcións do municipio de residencia e de Galicia, cando observamos a percepción da xestión da Xunta resulta que as tres zonas quedan reducidas a dúas:

- Na primeira (de 0 a 7), a pendente da curva é constantemente positiva e, aínda que moderada como no resto dos casos, clara. É dicir, en toda a zona chamada de *risco* da percepción dos servizos públicos, as variacións producen variacións na percepción da Xunta.

- Non obstante, na segunda non parece haber apenas ningunha relación. É dicir, cando a percepción dos servizos públicos entra na zona de *seguridade*, a percepción da Xunta non se beneficia das melloras engadidas.

É o sino da política: destaca moito máis o negativo que o positivo. De feito, como sabemos, a propia segmentación da escala de valoración da Xunta é diferente da dos servizos públicos, porque a vara de medir os políticos e os gobernos é diferente, e isto volve evidenciarse aquí doutro xeito: se ao goberno non se lle pode valorar ben polo bo na mesma medida que mal polo malo, é lóxico que cando as cousas funcionan ben (os servizos públicos, neste caso) non se aprecie un impacto global sobre a Xunta, mentres que cando funcionan mal si.

Polo tanto, si hai influencia da percepción dos servizos públicos sobre os espazos en que teñen presenza, e é significativa, aínda que moderada, como revelan as correlacións non lineares que presentamos, e esa influencia non é homoxénea ao longo da escala, o cal é un resultado interesante para avaliar o impacto da xestión nos cidadáns.

Revelan, dicimos, e o uso do termo é deliberado, pois trátase de asociacións que non establecen directa e declarativamente os cidadáns, senón que proceden da análise conxunta de valoracións separadas realizadas por aqueles.

Agora ben, polo modo en que medimos as percepcións, tamén podemos analizar a influencia dos servizos públicos a partir das declaracións de atribución causal directamente realizadas polos entrevistados.

Recuperando a información da análise anteriormente realizada das fontes de *risco* e de *seguridade* na percepción de Galicia, do municipio de residencia e da Xunta, a influencia dos servizos públicos queda expresada no seguinte cadro:

IMPACTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS NAS PERCEPCIÓNS GLOBAIS DOS CIDADÁNS	Impacto relativo sobre o risco	Impacto relativo sobre a seguridade
<i>Percepción do municipio</i>	13%	7%
<i>Percepción da Xunta</i>	10%	3%
<i>Percepción de Galicia</i>	12%	2%


Se as asociacións reveladas a través das funcións polinómicas que relacionaban as percepcións do municipio, de Galicia e da Xunta coa percepción dos servizos públicos eran débiles, con impactos desta última sobre aquelas en torno ao 2% (aínda que debemos advertir de que a representación das percepcións nunha escala sempre comporta un certo grao de aleatoriedade que reduce a estimación das asociacións que puidese haber entre as variables), na atribución causal vemos pesos bastante superiores.

A aleatoriedade é menor en canto a asociación se establece causalmente, dado que a propia causalidade restrinxe ou dificulta a resposta aleatoria. O resultado é que temos pesos entre o 10% e o 13% no espazo do risco e entre o 2% e o 7% no da seguridade, o que indica unha influencia dos servizos públicos moito maior que a que mostraban as correlacións, quedando establecido que, efectivamente, a percepción dos servizos públicos inflúen nas percepcións de Galicia, da Xunta e, sobre todo, do municipio de residencia.

2. A percepción dos servizos públicos globalmente considerados


Os servizos públicos en Galicia teñen unha percepción moi parecida á percepción global da comunidade autónoma, só algo mellor, cun peso do 56% para as posicións de *seguridade* (fronte a un 54%). En valoración media, esta diferenza é imperceptible.

Polo tanto, dos servizos públicos pódese predicar, como tamén de Galicia, que a marxe para a mellora é ampla, sobre unha percepción moderadamente positiva.



Ten interese, por outra parte, saber que hai diferenzas perceptivas ben claras se atendemos ás variables de análise.

A percepción dos homes é peor que a das mulleres, e a dos novos bastante peor que a dos maiores: a seguridade crece desde 40 puntos a 70 ao pasar dos novos aos de 60 ou máis anos. Non é estraño que exista esta diferenza perceptiva entre xeracións, pois é paralela a unha diferenza obxectiva de traxectoria biográfica: os maiores viron florecer os servizos públicos onde non os había, mentres que os máis novos naceron despois da súa implantación xeneralizada.



As diferenzas segundo o nivel de estudos son notables, cunha tendencia inversa: a maior nivel de estudos, peor percepción, ata o punto de pasar dun risco do 35% por debaixo dos secundarios a un 58% nos universitarios, 14 puntos por enriba do total da mostra.


A categoría socioeconómica mostra unha curva ascendente do risco desde os decisores aos empregados non-manuais, onde alcanza un 59%, para descender nos empregados manuais e, sobre todo, nos inactivos. É notable, en todo caso, que os decisores sexan os que mellor percepción teñen, entre os clasificados socioeconómicamente.




Dentro dos inactivos, por outra parte, hai unha forte heteroxeneidade, pois os pensionistas só teñen un risco do 27%, sendo o grupo da poboación con mellor percepción, algo mellor que a das amas de casa, en tanto que os estudantes superan o 50% de risco. Emporiso, son os parados os que acadan un risco máis alto, superior ao 60%.

A percepción é peor no hábitat máis urbano, cun salto importante ao superar os 10.000 habitantes. A Coruña e Pontevedra son as provincias con peor percepción, ao tempo que as que acumulan máis cidades grandes.


Desde o punto de vista ideolóxico, o risco decrece segundo nos movemos de esquerda a dereita, mentres que, en función da identidade, sentirse máis galego queda asociado cunha peor percepción dos servizos públicos, o cal, en parte, se explica pola menor idade dos que se senten máis galegos.




Os valores medios non engaden información substantiva e, como viñemos facendo en todo o bloque de percepción, presentámolos nos seguintes gráficos para facer posible unha comparación sintética e máis fácil das posicións das distintas categorías das variables de análise.




VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS segundo XÉNERO E IDADE




VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS segundo ESTUDOS




**VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA E RELACIÓN COA ACTIVIDADE**



**VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS
segundo HÁBITAT Y PROVINCIA**




VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PÚBLICOS segundo IDEOLOXÍA E IDENTIDADE



Vexamos agora o que hai detrás das posicións de risco e de seguridade para os servizos públicos.

Para empezar, preguntarémonos novamente que elementos dos servizos públicos teñen máis capacidade potencial para impactar globalmente. O seguinte gráfico amosa que o persoal que presta eses servizos é o máis importante e que a súa dimensión fundamental é a profesional.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto - percepción dos servizos públicos)



A eficacia, especificamente en *sanidade* pero tamén con carácter xeral, é a segunda dimensión máis destacada, e ten tamén unha relevancia particular en *transportes*. Séguea en importancia a calidade do servizo. O equipamento, os horarios e os prezos (que hai que entender ligados ao transporte, fundamentalmente) forman un grupo cun relativo alto nivel de importancia, por detrás dos antes citados. A cantidade de servizos e as instalacións son os últimos compoñentes cunha capacidade significativa de producir impacto na percepción dos servizos.

Entrando xa no impacto efectivo dos distintos factores, pódese dicir que, para os que están en posicións de risco, o problema con maior peso é a *falta de profesionalidade* na prestación dos servizos públicos, seguida da *falta de calidade (sobre todo no propio deseño da oferta)* e da *falta de eficacia*. Neste último caso, hai referencias específicas a servizos concretos, principalmente a *transportes e a sanidade*.

Secundariamente, encontramos tamén un problema de *oferta*, que se concentra en *cantidade de servizos ofrecidos e en horarios*. Por último, teñen un certo impacto os *recursos-equipos-instalacións e o custo*.

Nas posicións de seguridade, igualmente, a *profesionalidade* é o que ten maior impacto, aquí cun peso relativo superior ao dobre do que tiña no risco, quedando así como a principal virtude dos servizos públicos e, á vez, como o maior defecto, malia destacar máis como o primeiro que como o segundo.

Secundariamente, aparecen tamén a *calidade (aquí domina a calidade prestada)* e a *eficacia*, pero xa con pesos claramente inferiores.

En canto ás diferenzas por segmentos da poboación, comezando polas fontes de risco, hai diferenzas por idade, que sitúan os novos cun impacto diferencialmente superior en dous aspectos secundarios, como son a eficacia referida aos transportes e a oferta dos servizos. No outro extremo, os maiores distínguense polo impacto da que é á vez a fonte principal de boa ou mala percepción e a que máis dano fai, a dimensión profesional do persoal que presta directamente o servizo. Os adultos en idades centrais de actividade quedan diferenciados polo maior impacto da calidade ofrecida (35 a 44 anos) e dos equipos e instalacións e do prezo (30 a 34 anos).

Fontes de risco dos servizos públicos	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Profesionalidade	29%	30%	29%	22%	32%	20%	27%	34%	35%
Calidade	23%	24%	22%	18%	22%	18%	29%	21%	27%
Calidade ofrecida	20%	19%	20%	14%	21%	13%	27%	18%	21%
Calidade prestada	3%	3%	2%	4%	1%	3%	2%	1%	5%
Eficacia	20%	18%	22%	21%	19%	21%	18%	20%	21%
Eficacia en xeral	8%	7%	9%	5%	8%	9%	7%	10%	10%
Referida a transportes	7%	7%	7%	12%	9%	9%	8%	4%	4%
Referida a sanidade	4%	3%	5%	1%	1%	3%	3%	6%	7%
Referida a educación	1%	1%	1%	2%	0%	0%	0%	0%	0%
Oferta	10%	9%	11%	15%	7%	12%	10%	10%	6%
Cantidade de servizos ofrecidos	6%	5%	6%	8%	3%	6%	6%	6%	3%
Horarios	4%	3%	4%	6%	2%	5%	3%	5%	1%
Variedade de servizos ofrecidos	0%	0%	1%	1%	1%	0%	0%	0%	1%
Recursos-equipos-instalacións	8%	10%	7%	12%	9%	14%	10%	6%	4%
Prezo	6%	6%	6%	8%	8%	12%	4%	6%	4%
Información	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	0%	1%

Fontes de risco dos servizos públicos	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Profesionalidade	29%	41%	30%	27%	19%
Calidade	23%	27%	23%	21%	24%
Calidade ofrecida	20%	22%	19%	19%	19%
Calidade prestada	3%	4%	2%	2%	4%
Eficacia	20%	20%	18%	23%	22%
Eficacia en xeral	8%	11%	8%	8%	5%
Referida a transportes	7%	1%	7%	9%	13%
Referida a sanidade	4%	8%	3%	4%	3%
Referida a educación	1%	0%	0%	1%	1%
Oferta	10%	5%	9%	10%	16%
Cantidade de servizos ofrecidos	6%	3%	5%	7%	7%
Horarios	4%	2%	4%	2%	8%
Variedade de servizos ofrecidos	0%	0%	1%	0%	1%
Recursos-equipos-instalacións	8%	5%	8%	11%	9%
Prezo	6%	0%	8%	5%	8%
Información	0%	0%	0%	0%	0%

Consecuentemente coa asociación dos baixos niveis de estudos aos maiores e dos altos aos novos, os que non teñen estudos distínguense pola dimensión profesional do persoal que presta o servizo e os universitarios pola eficacia do transporte e pola oferta.

Fontes de risco dos servizos públicos	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Profesionalidade	29%	30%	29%	33%	31%	30%	39%	21%
Calidade	23%	23%	23%	23%	28%	1%	33%	13%
Calidade ofrecida	20%	20%	19%	21%	19%	24%	31%	9%
Calidade prestada	3%	2%	4%	2%	6%	1%	2%	3%
Eficacia	20%	19%	21%	25%	18%	16%	15%	26%
Eficacia en xeral	8%	8%	9%	8%	9%	10%	5%	8%
Referida a transportes	7%	7%	8%	9%	2%	6%	10%	14%
Referida a sanidade	4%	4%	4%	8%	7%	0%	0%	1%
Referida a educación	1%	1%	1%	0%	0%	0%	0%	3%
Oferta	10%	10%	9%	8%	7%	12%	3%	15%
Cantidade de servizos ofrecidos	6%	6%	5%	6%	3%	9%	3%	8%
Horarios	4%	4%	3%	2%	3%	3%	0%	6%
Variedade de servizos ofrecidos	0%	0%	1%	0%	1%	0%	0%	1%
Recursos -equipos-instalacións	8%	9%	7%	7%	5%	4%	6%	12%
Prezo	6%	7%	5%	3%	6%	10%	0%	8%
Información	0%	0%	1%	0%	2%	0%	0%	0%

Non hai diferenzas entre ocupados e non ocupados, pero si dentro dos non ocupados, pois as amas de casa fan fincapé na cuestión profesional e na eficacia (sobre todo en sanidade), en tanto que os pensionistas o fan coa calidade. Podemos precisar, entón, que, entre os maiores, os que sofren máis impacto pola cuestión do persoal que presta o servizo son as mulleres, as cales, por outra parte, son as que asumen con máis frecuencia determinados papeis, que implican un uso máis intensivo de certos servizos, como os sanitarios, consecuencia, en parte, do coidado de terceiras persoas, as chamadas dependentes, que recae en maior medida sobre aquelas.

Os parados concentran as súas diferenzas na profesionalidade e na calidade, e os estudantes, como os novos (dos que forman parte, xeralmente) volven sobre a eficacia no transporte e sobre a oferta.

Fontes de risco dos servizos públicos	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Profesionalidade	29%	37%	38%	32%	23%	26%	39%	25%	32%
Calidade	23%	21%	21%	27%	22%	19%	24%	25%	27%
Calidade ofrecida	20%	18%	18%	25%	17%	18%	18%	18%	22%
Calidade prestada	3%	2%	2%	2%	4%	1%	2%	2%	5%
Eficacia	20%	18%	21%	16%	24%	24%	16%	21%	16%
Eficacia en xeral	8%	9%	7%	7%	8%	11%	5%	4%	6%
Referida a transportes	7%	3%	8%	4%	12%	9%	5%	7%	6%
Referida a sanidade	4%	6%	2%	4%	3%	3%	5%	8%	3%
Referida a educación	1%	1%	4%	1%	0%	0%	1%	3%	0%
Oferta	10%	8%	3%	9%	12%	11%	4%	4%	11%
Cantidade de servizos ofrecidos	6%	4%	1%	4%	8%	7%	1%	0%	7%
Horarios	4%	4%	2%	5%	3%	4%	3%	3%	4%
Variedade de servizos ofrecidos	0%	0%	0%	0%	1%	1%	0%	0%	0%
Recursos-equipos-instalacións	8%	10%	8%	7%	8%	11%	10%	18%	3%
Prezo	6%	2%	5%	5%	10%	6%	2%	3%	9%
Información	0%	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	1%

Atendendo ao hábitat, destacaremos o maior peso que ten a profesionalidade no hábitat rural, fronte ao maior peso da calidade e da eficacia no máis urbano, que, quizais debamos entender como diferenzas entre dúas formas de ver os servizos, unha con maior atención ás persoas e outra con maior atención aos resultados, ou, como diferenzas reais entre o tipo de persoal adscrito aos servizos públicos no ámbito rural (menos profesional) e no urbano (máis profesional), ben que non dispoñemos de información para soste esta última hipótese. Lugo é a provincia que máis reproduce a tendencia do medio rural, mentres que A Coruña e Pontevedra o fan coa do medio urbano. Ourense destaca pola demanda implícita e diferenciada de equipamento e instalacións.



Se pasamos a examinar as fontes de boa percepción, o primeiro feito que se pon de relevo é que os mozos teñen un perfil distintivo. Para eles, a profesionalidade do persoal que presta o servizo ten unha importancia que é a metade da que esta fonte ten para o total da mostra, peso que se despraza cara á calidade prestada, a eficacia, os equipos e instalacións e a oferta.

Fontes de seguridade dos servizos públicos	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Profesionalidade	60%	55%	64%	30%	39%	60%	60%	61%	68%
Calidade	15%	16%	15%	20%	33%	10%	15%	15%	14%
Calidade prestada	11%	10%	11%	17%	24%	8%	8%	11%	9%
Calidade ofrecida	5%	5%	4%	3%	9%	2%	7%	4%	5%
Eficacia	11%	15%	8%	18%	11%	14%	15%	12%	7%
Recursos-equipos-instalacións	6%	6%	6%	15%	3%	7%	5%	6%	5%
Oferta	5%	5%	4%	13%	12%	7%	2%	3%	3%

O grupo de transición cara á idade adulta salienta o impacto da calidade, tanto prestada como ofertada e da oferta en xeral. Polo demais, os maiores son os que sobresaen por encima do conxunto en canto ao impacto da dimensión profesional do persoal que presta o servizo.

Fontes de seguridade dos servizos públicos	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Profesionalidade	60%	69%	60%	51%	45%
Calidade	15%	13%	15%	17%	19%
Calidade prestada	11%	9%	12%	11%	11%
Calidade ofrecida	5%	4%	4%	6%	9%
Eficacia	11%	6%	11%	16%	20%
Recursos-equipos-instalacións	6%	5%	6%	6%	7%
Oferta	5%	3%	5%	7%	6%

O grupo con menor nivel de estudos reproduce o perfil de impacto diferencial dos maiores, mentres que os estudos secundarios e universitarios destacan polo impacto da eficacia nos servizos.

Fontes de seguridade dos servizos públicos	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Profesionalidade	60%	55%	63%	62%	72%	61%	74%	36%
Calidade	15%	16%	15%	16%	11%	23%	12%	18%
Calidade prestada	11%	12%	10%	10%	8%	16%	9%	14%
Calidade ofrecida	5%	4%	5%	6%	3%	7%	3%	4%
Eficacia	11%	14%	9%	9%	8%	8%	7%	15%
Recursos-equipos-instalacións	6%	7%	5%	6%	3%	2%	0%	12%
Oferta	5%	5%	5%	4%	3%	5%	1%	15%

Os pensionistas reproducen o perfil de impacto diferencial dos maiores e dos que teñen menos estudos, superando incluso o peso que para eles ten a dimensión profesional, e o mesmo pasa cos parados con subsidios de desemprego. Os parados sen subsidios distínguense polo maior peso da calidade e os estudantes polos equipos e instalacións e pola oferta, é dicir, máis pola vertente comercial dos servizos e menos polas prestacións, nunha liña que poderíamos relacionar coa progresiva extensión do comportamento da demanda como demanda de consumo, mesmo no espazo público.

Fontes de seguridade dos servizos públicos	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Profesionalidade	60%	67%	73%	58%	51%	57%	72%	60%	57%
Calidade	15%	11%	10%	18%	18%	16%	8%	9%	20%
Calidade prestada	11%	7%	6%	12%	14%	11%	5%	4%	15%
Calidade ofrecida	5%	4%	4%	6%	4%	5%	4%	4%	5%
Eficacia	11%	11%	7%	10%	14%	12%	9%	12%	12%
Recursos-equipos-instalacións	6%	4%	4%	6%	8%	5%	3%	8%	8%
Oferta	5%	3%	4%	5%	6%	6%	3%	6%	3%

O hábitat rural coincide con maiores, pensionistas e baixos estudos no maior impacto da profesionalidade, xunto coa provincia de Lugo. Pontevedra distínguese polo maior peso da calidade prestada.

O seguinte esquema resume, do xeito que xa coñecemos, as diferenzas máis importantes, relativas ao impacto das fontes de seguridade, sobre o mapa sociodemográfico.



3. Os servizos públicos desagregados

Deseguido, imos abordar os servizos públicos de forma desagregada, con dous niveis de desagregación, un por áreas de servizo (educación, sanidade...) e o outro por servizos concretos (colexios de Primaria, colexios de Secundaria...; atención médica primaria, hospitais...), predominantemente o primeiro deles, debido a restricións de base estatística para chegar ao máximo detalle. En todo caso, nas táboas seguintes márcanse nun ton gris os datos que son soamente indicativos, por carecer de base estatística suficiente (tomamos un mínimo de 30 casos, cifra en que están de acordo a maior parte dos estatísticos como a mínima para poder ofrecer datos con algunha fiabilidade).

En primeiro lugar, imos ver o uso dos servizos públicos, que está contido nas dúas primeiras columnas do seguinte cadro.

Limitamos o uso ao último ano para podermos recoller un volume de información suficiente e asemade evitar grandes imprecisións de rememoración. Dentro dese período, só hai dúas áreas de servizo de uso maioritario, a sanidade e o transporte público, aínda que a primeira, cun 87%, supera amplamente á segunda (59%). O resto das áreas de servizo ten unha extensión do uso inferior ao 50%. A máis usada entre elas é a dos servizos administrativos (papelame e trámites de todo tipo), que alcanza un 40%; a distancia, encontramos a educación, cun 29%, quedando o resto cun uso marxinal, especialmente a área de vivenda (4%) e a área de servizos sociais (6%).

Correlativamente, como servizo usado máis recentemente, volvemos atopar con maior extensión a sanidade (53% dos casos) e o transporte público (25% dos casos), que acaparan, por tanto, case o 80% dos casos; o resto aparece marxinalmente.

Se consideramos os servizos desagregados, na medida en que as áreas antes citadas se poden desagregar facilmente, vemos que as dúas grandes áreas de uso –a sanidade e o transporte público– teñen cadanseus servizos dominantes: a primeira, a atención primaria, cun 67% de usuarios, acapara máis de 3/4 do uso total da área; a segunda, o autobús, cun 40% de usuarios, abrangue, pola súa vez, algo máis de 2/3 do uso total da área.

USO DE SERVICIOS PÚBLICOS NO ÚLTIMO ANO			VALORACIÓN	
Area de servizo	Usaron (múltiple; %)	Último usado (% columna)	Valoración último usado (media 0 a 10)	Valoración último e + frecuente (media 0 a 10)
Educación	29	7	7,4	7,5
Sanidade	87	53	7,8	7,7
Administración	40	6	6,3	6,6
Servizos sociais	6	2	8,4	8,6
Seguridade	10	2	5,7	6,1
Xustiza	12	2	5,1	5,3
Transporte público	59	25	7,0	7,0
Vivenda	4	1	5,8	6,3
Ns/Nc	0	2	-	-
Servizos concretos	Usaron (múltiple; %)	Último usado (% columna)	Valoración último usado (media 0 a 10)	Valoración último e + frecuente (media 0 a 10)
Colexios -Educación infantil e primaria-	10	2	7,7	7,8
Institutos -Educación secundaria-	10	3	7,5	7,4
Universidades -Educación universitaria-	6	1	6,6	6,7
Cursos extraescolares	4	1	7,7	8,1
Médico de cabeceira –atención primaria-	67	42	7,9	7,8
Hospitais –Atención hospitalaria-	11	6	7,5	7,4
Especialistas –Atención especializada-	5	3	7,8	7,5
Urxencias –servizos de urxencias-	4	2	6,5	6,7
Servizos administrativos	40	6	6,3	6,6
Gardaría –serv, Público de gardaría-	2	1	8,6	8,6
Residencia de anciáns –res, Públicas-	1	0	9,6	9,3
RISGA –Renda de integración social de Galicia-	0	0	-	-
IMSERSO –Inst, De Maiores e Servizos Sociais-	2	0	7,7	8,7
Minusválido –Serv, Públicos a minusválidos-	1	0	7,7	7,0
Polícia	9	2	5,6	5,9
Bombeiros	1	0	8,3	7,4
Servizos xudiciais	12	2	5,1	5,3
Tren	9	2	6,5	6,7
Avión	10	4	7,2	7,2
Autobús	40	18	7,0	7,0
Axudas compra da vivenda	2	1	5,0	5,8
Axudas alugamento da vivenda	2	0	7,5	7,2
Ns/Nc	3	3	-	-

Nas dúas columnas da dereita, temos as valoracións medias, nunha escala de 0 a 10. Esas valoracións solicitáronse para o servizo usado máis recentemente e, en caso de ser diferente deste, tamén para o servizo de uso máis frecuente, coa finalidade de dispoñer de maior base estatística.

Hai que dicir que, en xeral, cando de percepción falamos, remitir a medición a un feito recente é o que máis convén, de maneira que o representado na valoración na escala elixida sexa verdadeiramente a percepción e non unha idea cristalizada, onde a percepción terá un papel moi limitado, xunto con outros factores, ás veces moito máis potentes. A percepción ten a vantaxe de afastarse en maior medida do prexuízo e por iso nos parece preferible, se hai base estatística, tomar o valor correspondente ao servizo máis recente. Por outra parte, só hai dous servizos concretos en que, ao agregar o último uso e o uso máis frecuente, logramos recuperar un tamaño mostral suficiente, que non tiñamos só co último uso: educación universitaria e cursos extraescolares (lembramos que as cifras en ton gris non teñen base estatística e só deben ser consideradas a título indicativo, sen fiabilidade suficiente).

Por áreas, a dos servizos sociais, aínda que cun uso marxinal (como corresponde ao núcleo central da asistencia social, en principio), é a mellor valorada e a única que está por enriba de 8,0. A área máis próxima é a sanidade –cerca de 8,0–, pero por debaixo desta fronteira. A xustiza e os servizos de seguridade son as áreas con peores valoracións, a primeira no bordo do que consideramos na segmentación da valoración global *perigo* (5,1) e a segunda pouco por enriba (5,7). No medio, educación (7,4), transporte (7,0) e administración (6,3), por esta orde, son as tres áreas restantes das que temos datos fiables, pois a área de vivenda non ten base estatística suficiente.

Descendendo aos servizos concretos, alí onde hai desagregación e hai base estatística para tomar en consideración algún servizo, podemos destacar a moi boa valoración das residencias de anciáns (9,6) e, en segundo lugar, das garderías (8,6). En sanidade, os médicos de cabeceira (7,9) e os especialistas (7,8) superan ao resto dos servizos, destacando negativamente, no outro extremo, como punto débil da área, o servizo de urxencias, único que está por debaixo de 7,0. Por último, na área de transportes públicos, destaca a relativamente baixa valoración do tren, único servizo da área que está por debaixo de 7,0. O autobús e o avión teñen valoracións similares, algo mellor a do primeiro (7,2 fronte a 7,0).

Pero, desprazándonos máis ben ao terreo da imaxe e, quizais, da opinión, preguntamos tamén, con independencia do uso e do momento do uso, como ven os cidadáns as distintas áreas de servizo público, comparando con dous anos atrás, é dicir, a partir da xestión do novo Goberno galego⁶.

PERCEPCIÓN DE CAMBIO NOS SERVICIOS PUBLICOS (2 ULTIMOS ANOS)					
Area de servizo	Mellor	Peor	Igual	Ns/Nc	Mellor/Peor
	% fila				cociente
Educación	32	20	31	17	1,6
Sanidade	40	17	38	5	2,4
Administración	40	25	10	43	1,6
Servizos Sociais	37	7	36	20	5,3
Seguridade	28	26	38	8	1,1
Xustiza	15	27	37	22	0,6
Transporte público	37	14	39	10	2,6
Vivenda	16	56	20	7	0,3

⁶ Aínda que esta cuestión será tratada máis amplamente nun capítulo posterior, pois só moi parcialmente concirne á percepción, que é o obxecto de análise no bloque en que nos atopamos, non podemos deixar de incluír unha breve mención, sequera por manter unha certa unidade no tratamento do obxecto, os servizos públicos.

É importante ter en conta que a información sobre a percepción do cambio nos diferentes servizos públicos recollida no cadro superior está obtida a partir de taxas de non-resposta desiguais para cada ún deles, algunhas das cales podemos asociar á extensión do uso (como as baixas taxas de non-resposta de sanidade e transporte) e outras das cales se deben, máis ben, á súa maior ou menor circulación no espazo da opinión (o que explicaría a alta taxa de non-resposta dos servizos de administración e as máis baixas dos servizos de seguridade, vivenda, servizos sociais e, mesmo, xustiza).

Se calculamos a ratio entre os que cren que as cousas están mellor e os que cren que están peor (última columna da táboa), vemos que hai tres áreas en que a percepción positiva supera á negativa cunha razón superior ao dobre; estas áreas son servizos sociais, transporte público e sanidade.

No outro extremo, hai dúas áreas cun balance negativo, é dicir, con máis cidadáns que cren que empeoraron que os que pensan que melloraron, vivenda e xustiza. A percepción dos servizos de seguridade mantense case en equilibrio.

No medio, educación e administración (esta última cunha alta taxa de non-resposta) mantéñense na zona positiva, con ratios moderadas, pero claramente superiores a 1, punto de equilibrio.

Polo tanto, o balance xeral é bo, segundo o xuízo ou opinión dos galegos, ben que con algunhas lagoas que exixen atención, sen dúbida, na medida en que poidan entrar no ámbito de competencias da Xunta. En particular, a vivenda require unha actuación da Xunta que nos remite unha recomendación central precedente acerca da pertinencia de actuar sobre os municipios con carácter xeral, que agora encontra unha concreción na mencionada área da vivenda.

ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS					
Área de servizo	Goberno central	Goberno autonómico	Concellos	Ns/Nc	Peso G Autonómico
	% fila (múltiple)				cociente
Educación	29	47	12	26	0,53
Sanidade	26	53	7	25	0,62
Servizos Sociais	21	46	22	27	0,52
Seguridade cidadá	34	35	24	27	0,38
Xustiza	50	26	6	31	0,32
Transporte público	15	40	27	30	0,49
Vivenda	31	41	13	31	0,48
Funcionamento da economía	53	26	6	29	0,31
Medio Ambiente	29	46	14	28	0,52

Por outro lado, como amosan os datos contidos no cadro anterior sobre a atribución de competencias que fan os cidadáns entre distintas administracións, as competencias da Xunta están lonxe de resultaren claras para os galegos, o que sinala outro espazo de traballo (de información e comunicación) de considerable importancia, que será analizado en detalle máis adiante.

En xeral, a atribución de competencias móvese entre 1/4 e 1/3 de non-resposta. Estas cifras, por si soas, non son nin moito menos alarmantes. Pero, entre os que responden, sucede que en todos os casos a atribución de competencias se reparte entre as tres administracións e, aínda que se observa unha certa relación entre as competencias reais e as atribuídas (como mostra que se lle atribúan máis ao Goberno central as competencias en xustiza, por exemplo), a correspondencia é algo confusa. O máis significativo, á marxe desta relativa confusión, é como, nun campo en que as competencias non están claramente delimitadas por normas, se lle atribúe ao Goberno central a competencia (ou, poderíase entender, responsabilidade) sobre o funcionamento da economía.

Se dividimos a atribución á Xunta pola totalidade das respostas, vemos que é maioritaria en sanidade, mentres que ten os seus valores mínimos en funcionamento da economía, en xustiza, e, aínda que algo máis alto, en seguridade cidadá, quedando case en equilibrio en servizos sociais, medio ambiente e educación, lixeiramente por encima do punto de equilibrio, e en vivenda e transporte público, lixeiramente por debaixo del.

Vimos entón como perciben os galegos as distintas áreas dos servizos públicos, incluso de forma comparada co estado de cousas anterior a este goberno. E tamén vimos a atribución de competencias ás tres administracións. Pois ben, o cadro seguinte contén as valoracións das distintas áreas atendendo á atribución de competencias realizada.

Área de servizo	Goberno central	Goberno autonómico medias (0 a 10)	Concellos
Educación	7,2	7,2	7,3
Sanidade	7,9	7,7	8,1
Servizos Sociais	6,8	7,8	6,9
Seguridade	5,4	5,9	7,7
Xustiza	5,0	6,0	8,0
Transporte público	6,9	6,7	6,7
Vivenda	6,7	4,9	7,6

Naturalmente, nos servizos menos usados, sobre todo no cruzamento con administracións que para determinadas áreas teñen baixa atribución de competencias, non hai base estatística, pero quedan algunhas áreas onde podemos discriminar todas ou algunha administración.

En educación, os datos son fiables para a atribución ao Goberno central e ao Goberno autonómico, e resultan ser idénticos.

En sanidade, podemos discriminar todas as administracións, resultando que a atribución de competencias ao concello se asocia cunha valoración global mellor desta área. Por pouco, a Xunta está asociada á valoración máis baixa en sanidade.

En xustiza, só podemos discriminar o Goberno central, que obtén unha valoración baixa, de 5,0, nesta área, lixeiramente por debaixo das que obtiña como último servizo usado e como servizo máis frecuente, para o total.

Por último, en transporte público, encontramos unha pequena diferenza, favorable ao Goberno central; a Xunta e o concello están igualados.

En suma, a atribución de competencias mostra algunhas diferenzas, pero non moi acusadas, cando son fiables os datos, atopándose a Xunta en peor posición comparativa na área de sanidade. E debemos ter en conta a confusión que sinalabamos acerca das competencias, que podería estar influíndo nalgunhas diferenzas, como, por exemplo, as da área de sanidade, por confusión de responsabilidades.

4. Os servizos públicos desagregados e as fontes de boa e mala percepción

Por último, imos ofrecer unha breve información, breve porque non pode alcanzar, por razóns mostrais, todos os servizos, e, moito menos, unha análise de cada servizo que considere outras variables, de caracterización da mostra, por exemplo, sobre as fontes de percepción que producen impacto diferencial segundo o servizo público de que se trate. Serviranos unicamente para comparar os catro servizos con maior base estatística (por enriba de 30 casos, como último servizo utilizado).

Fontes de risco dos servizos públicos	Total	ÚLTIMO SERVICIO PÚBLICO UTILIZADO			
		Sanidade	Transporte	Educación	Servizos Administrativos
Profesionalidade	29%	46%	6%	29%	38%
Calidade	23%	33%	11%	9%	31%
Calidade ofrecida	20%	30%	7%	8%	28%
Calidade prestada	3%	2%	4%	1%	3%
Eficacia	20%	12%	27%	22%	20%
Eficacia en xeral	8%	3%	7%	14%	19%
Referida a transportes	7%	0%	21%	0%	1%
Referida a sanidade	4%	9%	0%	0%	0%
Referida a educación	1%	0%	0%	8%	0%
Oferta	10%	2%	24%	8%	2%
Cantidade de servizos ofrecidos	6%	1%	14%	6%	0%
Horarios	4%	1%	9%	0%	2%
Variedade de servizos ofrecidos	0%	0%	1%	2%	0%
Recursos-equipos-instalacións	8%	5%	13%	19%	0%
Prezo	6%	0%	15%	4%	5%
Información	0%	0%	1%	0%	1%

Queda claro, á vista dos datos, que hai un servizo onde a importancia das persoas é capital, pois teñen un grande impacto, tanto negativo como, sobre todo, positivo, que é a sanidade. Tamén destaca, secundariamente, por esta dimensión, que a diferenza máis en impacto negativo, a área de servizos administrativos.

Fontes de seguridade dos servizos públicos	Total	ÚLTIMO SERVIZO PÚBLICO UTILIZADO			
		Sanidade	Transporte	Educación	Servizos Administrativos
Profesionalidade	60%	77%	11%	43%	59%
Calidade	15%	11%	23%	24%	25%
Calidade prestada	11%	6%	21%	22%	5%
Calidade ofrecida	5%	4%	3%	3%	20%
Eficacia	11%	7%	24%	13%	12%
Recursos-equipos-instalacións	6%	2%	19%	10%	1%
Oferta	5%	1%	19%	2%	3%

De forma ben diferente, en transporte e educación impóñense a eficacia (no perfil de fontes de risco, sobre todo), a calidade (no perfil de fontes de seguridade, predominantemente) e os recursos (equipamento e instalacións). Transportes distínguese tamén pola oferta e polo prezo (como fonte de risco, neste caso).

Os servizos administrativos, ademais do xa mencionado impacto diferencial da dimensión profesional dos que os prestan, diferéncianse pola calidade, tanto para ben como para mal.

Polo tanto, a gran oposición entre perfís de fontes marcados polos profesionais que prestan os servizos e perfís marcados por oferta e prestacións distingue sobre todo a sanidade do resto, e, só secundariamente, os servizos administrativos. Chama a atención que esta dimensión non apareza en educación de maneira destacada, pero moi probablemente sexa porque en moitos casos os que avalían a educación non son os educandos senón os pais.

E, por outra parte, a distinción, que viamos nos estudantes mozos, asociada a unha demanda construída sobre patróns de consumo, distingue unicamente o transporte público, que, por outra parte, é o que máis clara e tipicamente implica a contrapartida directa dun prezo.

5. O balance fiscal. O que se obtén a cambio dos impostos

Aínda que o balance fiscal non é unha cuestión exclusivamente de servizos públicos, senón bastante máis ampla, nesta análise parece conveniente incluílo e, eventualmente, vencello á percepción deses servizos.

En primeiro lugar, este balance ofrece uns resultados moderadamente negativos. Se sumamos o saldo positivo e o equilibrado, este agregado oporíase ao saldo negativo cun valor do 42% fronte ao 48%. É dicir, domina o saldo negativo, pero non abraiantemente.


BALANCE FISCAL	
	%columna
Recibe máis do que paga	11
Recibe máis ou menos igual	31
Recibe menos do que paga	48
Ns/Nc	11

Para ver con que se asocian estas posicións, realizamos unha análise de correspondencias múltiples que nos permite situar en mapas, cunha intención máis topolóxica que métrica, as categorías que representan o balance fiscal e asocialas coas posicións de distintos grupos da poboación e, en particular, cos segmentos de distintas percepcións, con especial detalle da percepción dos servizos públicos.

No primeiro mapa, incluímos variables sociodemográficas e ideolóxicas: xénero, idade, estudos, posicións no eixe esquerda-dereita e posicións no eixe nacionalista (medidas nos dous casos, como xa temos dito, nunha escala de 0 a 10).

No segundo mapa, incluímos variables de percepción: de Galicia, da Xunta, do municipio de residencia e dos servizos públicos.

Como vemos, as posicións do balance debuxan dous segmentos consecutivos, case nunha liña vertical, en cuxo extremo inferior está o balance positivo; cerca deste, cara arriba, atopamos o balance en equilibrio e no extremo superior o balance negativo, claramente distanciados. Desprazada notablemente cara á dereita, encontramos a categoría dos que non saben.



En relación con esta disposición das categorías do balance, podemos analizar cada variable das incluídas no mapa:

- Os homes están moi cerca da posición de equilibrio, é dicir, máis ben na zona positiva, en tanto que as mulleres están máis próximas do balance negativo, cunha certa deriva cara á non-resposta.

- Os máis novos son os máis próximos, por idade, ao balance positivo e os maiores á non-resposta; todos os demais (25 a 59 anos, están máis cerca do balance negativo, derivando algo os de 45 a 59 anos cara á non-resposta).

- Os estudos sitúan o nivel máis alto (universitarios) relativamente máis cerca do balance negativo; o nivel intermedio máis cerca do equilibrio, pero con algunha tensión negativa; e os que non teñen estudos secundarios na zona da non-resposta.


- As posicións ideolóxicas debuxan unha curiosa figura: as máis centradas (entre esquerda e dereita, entre nacionalismo e non-nacionalismo), as máis eclécticas, poderíamos aventurar, están máis próximas ao balance negativo. Quizais fan máis contas ou as fan doutra maneira, ou pagan máis impostos, xa que están asociadas ao nivel de estudos máis alto. Pola súa parte, as posicións de esquerda e non-nacionalistas están, con algunha tensión negativa, como lles sucedía aos que teñen estudos secundarios, máis cerca da posición de equilibrio, mentres que a dereita e os nacionalistas están claramente asociados ao balance positivo. Os nacionalistas, ademais, están marcados pola súa asociación aos máis novos.

É dicir, a dereita é menos liberal (polo menos á hora de facer balance fiscal) que a esquerda, que se resinte apreciablemente do pagamento de impostos. Hai que considerar que a esquerda ten un perfil algo máis asociado ás clases medias (supervisores e técnicos) e ao emprego non manual. Así mesmo, o non-nacionalismo ten un perfil máis asociado ás clase medias.

- En suma, a dereita, por tradición proteccionista, seguramente arraigada en tempos predemocráticos, e o nacionalismo, polo peso dos máis novos (que non pagan impostos, practicamente), ao tempo que polo seu obxectivo de facer crecer o Estado na Administración autónoma, consideran que o balance fiscal é positivo, contra o estereotipo, polo menos no que se refire á dereita, da defensa do liberalismo, como é sabido, refractario aos impostos.

Pero ¿ten algo que ver a percepción do balance fiscal coa percepción dos espazos onde a fiscalidade opera (dentro do marco galego) e coa percepción dos servizos públicos que financia?

BALANCE FISCAL E PERCEPCIÓNS



Para analizar esta cuestión, dispoñemos do segundo mapa, no que volvemos ter as mesmas posicións das categorías do balance fiscal e tamén as posicións de *risco* e de *seguridade* da percepción de Galicia, da percepción da Xunta e da percepción do municipio de residencia. Aos servizos públicos reservámoslles un maior detalle na segmentación da súa valoración global, distinguindo *excelencia* (valor 10), *seguridade* (8 a 9), *risco* (6 a 7) e *perigo* (0 a 5).

Se tomamos as tres primeiras variables (Galicia, Xunta, municipio), vemos que a *seguridade* e o *risco* están claramente polarizados na súa asociación ao balance fiscal. E, efectivamente, isto mostra unha clara asociación entre percepción e balance fiscal: baixo o suposto de que, xeralmente, á xente non lle gusta pagar impostos, parece razoable afirmar, con estes datos na man, que, como cabía esperar e como desexaría calquera xestor público responsable que sucedese, que un servizo público ben percibido reconcilia os cidadáns coa carga fiscal, sen descartar que a boa percepción mesma dos servizos poida estar en parte condicionada por posicións ideolóxicas acerca da fiscalidade mesma, o que podería fortalecer a asociación sen que toda ela se poida atribuír a unha causalidade unidireccional.

A maior desagregación da valoración dos servizos públicos permite matizar algo máis, pero as posicións revelan que, aínda que o *risco* (*risco* + *perigo*) equivalente ao das demais percepciónes se situaría coa mesma claridade na zona do balance negativo (o *perigo* faino con máis claridade e o *risco* con algo menos, pero o agregado estaría onde os outros equivalentes), non sucedería o mesmo co agregado de *seguridade* (*seguridade* + *excelencia*), pois os seus dous compoñentes teñen, sobre todo o segundo, unha deriva cara á non-resposta, que deixa nunha certa indefinición o efecto dos servizos públicos sobre a percepción do balance fiscal, dentro de que comparten a tendencia xeral, segundo a cal unha boa percepción asóciase máis ben cun bo balance.

6. Percepción da xestión da Xunta


Trataremos neste capítulo a información sobre a percepción da xestión da Xunta, de forma equivalente a como o fixemos con Galicia, España, as comunidades autónomas, os municipios e os servizos públicos.

Respecto da xestión da Xunta, o primeiro que hai que dicir é que a percepción da xestión política se move nun sistema de referencia distinto do das percepcións dos espazos máis ou menos inmediatos onde se vive e do das prestacións de servizos privados ou públicos.

A percepción da xestión política, por razón das fortes mediacións ideolóxicas que a condicionan, que noutros ámbitos perceptivos se debilitan moito, parte dunha certa división previa entre partidarios e detractores, que, na medida en que é previa, é dicir, un prexuízo, e, polo tanto, ideolóxica, reduce o efecto do que sería dominante de non existir tal división, isto é, o efecto da percepción máis alta na escala utilizada.


Podemos soste que o efecto é este porque non hai ningunha percepción medida, que coñecemos, sen mediacións ideolóxicas especialmente acusadas, que non teña os seus estatísticos centrais por encima do punto medio da escala, ou sexa, ningunha na que non predominen as valoracións altas sobre as baixas.

A grande influencia que ten a ideoloxía na percepción da acción política, aínda que sexa a acción de goberno, coloca esta percepción a cabalo entre a percepción en sentido estrito e a opinión. Na perspectiva da opinión será tratada máis adiante, comparando xestión autónoma con xestión municipal e nacional. Pero aquí interézanos manter a liña analítica da percepción, na medida en que poida contribuir a aclarar ou complementar a análise da percepción dos servizos públicos e tamén na medida en que sempre convén poñer en contraste os problemas que hai nun espazo (Galicia, municipios galegos) coa acción que sobre eles despregan os que teñen a responsabilidade de gobernar. Trataremos de evitar as redundancias nos dous momentos en que abordaremos a xestión, como tamén os servizos públicos, tal como explicamos anteriormente, pero quizais sexa inevitable asumilas nalgún grao.



Como consecuencia práctica para a análise da percepción da Xunta, derivada das mediacións ideolóxicas que se impoñen sobre o obxecto, onde os servizos ou os espazos en que se desenvolve a vida da xente atopan a súa fronteira de seguridade na posición 8, na escala de 0 a 10, a avaliación da xestión política e dos mesmos políticos, polo cambio de sistema de referencia que impón a ideoloxía, que divide a priori, encontran a súa fronteira de seguridade máis abaixo, na posición 7. Esta apreciación precisa procede dunha cantidade de medicións apreciable, pero quizais non o bastante diversa como para afirmar taxativamente que sexa aplicable de igual forma á xestión nacional, á autonómica e á municipal. É posible que o sistema de referencia sitúe aínda máis abaixo a fronteira da seguridade para a xestión autonómica, pois co exame da distribución actual pode sosterse que a fronteira é 7 ou que é 6. Mantivemos, non obstante, a fronteira en 7, dándolle máis peso á repetición de medicións no ámbito da xestión pública en conxunto.

Pois ben, se admitimos esta fronteira, a percepción da xestión da Xunta mostra que o peso do risco, non do risco extremo (valoracións inferiores a 5, neste caso, cun desprazamento da fronteira nunha posición, igualmente), pero si do risco en conxunto, é maioritario e, polo tanto, que a xestión é manifestamente mellorable.




A seguridade segue unha curva de decrecemento desde as idades máis novas (36%) ata o grupo de 35 a 44 anos, onde o risco é máximo, cun 73% (26% de seguridade, por tanto), punto en que comeza a crecer ata chegar ao grupo de maior idade, onde a seguridade acada o 39%.

O nivel de estudos marca un mínimo de seguridade nos universitarios, cun 26%, mentres que os que teñen menos estudos chegan ao 41%.

A categoría socioeconómica con maior nivel de seguridade e menor risco é a dos empregados manuais (46% de seguridade), por encima mesmo da do grupo de pensionistas.




Os decisores, os supervisores e técnicos e os parados elevan o risco por encima do 70%. En xeral, os ocupados teñen máis risco que os non ocupados, pero dentro destes hai un grupo que se parece moito ao conxunto dos ocupados, o dos estudantes.



Por hábitat, a seguridade decrece ao medrar o tamaño dos municipios; por provincia, Ourense distínguese por un nivel de seguridade superior ao 40%, cifra que na Coruña está dez puntos por debaixo. Lugo e Pontevedra non chegan ao 40%.

Como indicio do peso da ideoloxía na percepción da xestión, vemos que as posicións ideolóxicas teñen taxas de seguridade ben diferentes, na dirección que cabería esperar, por un lado; por outro, hai, en cambio, unha mediación ideolóxica xeral, independente das posicións ideolóxicas concretas, posto que nin os que se poderían identificar ideoloxicamente coa Xunta actual alcanzan niveis de seguridade comparables –ningún grupo da poboación o fai– aos doutros obxectos. É dicir, os que se sitúan en posicións de esquerda superan por moi pouco o 40% de seguridade, pero se diferencian claramente dos situados no centro e á dereita, que presenta niveis significativamente máis baixos.

O mesmo pasa, pero de maneira máis acusada, en relación coa identidade: os que se sinten máis galegos que españois acadan un 41% de seguridade, fronte aos que se identifican máis ben como españois, que teñen unha taxa de seguridade de tan só o 16%.



Certo, entón, que as ideoloxías e identidades están presentes como elemento de discriminación por aproximación e rexeitamento, cunha potencia moi superior no caso da identidade, polo rexeitamento que queda de manifesto por parte dos máis identificados con España, moi superior ao da dereita. Isto, en si, é de interese, pois indica a existencia de posicións tendentes ao enfrontamento radical en torno á cuestión identitaria.


Pero, se os que se senten máis ben españois quedan ben distinguidos por un estendido e forte (38% en zona de perigo, entre 0 e 4) malestar coa Xunta, non encontramos senón unha morna aceptación entre os que se senten máis galegos, que apenas superan nun punto a minoritaria taxa de seguridade do 40%.

Non chove a gusto de todos, polo tanto, pero ¿chove a gusto de alguén acaso? Os gobernos son vistos cunha lente especialmente crítica, cun prexuízo que, xustificado ou non, impón unha limitación cognitiva severa. Hai, segundo este punto de vista, unha mediación ideolóxica de carácter xeral que rebaixa a percepción con independencia das posicións sociais, ideolóxicas e identitarias sen anular as diferenzas entre elas.


Os seguintes gráficos conteñen os resultados dos valores medios, onde podemos ver o dato máis relevante, correspondente aos que se senten máis ben españois, cuxa valoración é inferior a 5.0, única categoría entre as de todas as variables de análise na que iso sucede.

Os únicos grupos que alcanzan ou superan o valor 6.0 son os empregados manuais, a provincia de Ourense, o agregado de municipios de 5.001 a 10.000 habitantes e a posición ideolóxica de esquerda.


**VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA
segundo XÉNERO E IDADE**




**VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA
segundo ESTUDIOS**




**VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA E RELACIÓN COA ACTIVIDADE**



VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo IDEOLOXÍA E IDENTIDADE



VALORACIÓN GLOBAL DA XESTIÓN DA XUNTA segundo HÁBITAT Y PROVINCIA




Vexamos agora o que hai detrás das posicións de risco e de seguridade para a xestión da Xunta.

En primeiro lugar, as cuestións da acción política que teñen maior capacidade para producir impacto, tal como pode verse no seguinte gráfico, son, de forma destacada, dúas:

A primeira, o cumprimento (ou incumprimento) das promesas realizadas aos cidadáns. A dimensión de contrato (mandato, na terminoloxía dos politólogos) das promesas, xeralmente electorais, ten un alto valor para os cidadáns. Vén representar a fiabilidade dos electos, que é, xustamente, o que sempre está en dúbida para os electores, prexuízo, fundado ou non, que marca a barreira ideolóxica a que antes nos referimos.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto -percepción da Xunta-



A segunda, ten tamén especial interese porque é o xuízo global sobre a xestión (boa ou mala), xuízo que non aparece habitualmente nas medicións de percepción (sobre obxectos menos marcados ideoloxicamente), e que hai que entender en boa parte dos casos como prexuízo.

En terceiro lugar, a unha certa distancia xa do máximo, están as calidades persoais dos líderes, elemento que se engade (refírense á honradez, á fiabilidade, etc.) aos dous anteriores.

Só a partir do cuarto lugar encontramos elementos concretos de xestión, de acción de goberno, comezando polas infraestruturas vinculadas ao transporte, e, máis adiante, coa política económica e fiscal e coa política social.

Despois, volve un elemento de natureza máis ben simbólica, as calidades políticas dos líderes, que dá paso á política ambiental e á política de vivenda, para continuar outra vez cos líderes, en relación agora coa súa ideoloxía, e co modelo de estado.

Polo tanto, o que ten máis capacidade para impactar xira en torno aos líderes políticos, aínda que sexa indirectamente, e aos diversos xuízos ou prexuízos que sobre eles se poden formular, que se concretan en primeiro termo sobre a dimensión do mandato, en canto ao cumprimento de promesas.

Só en segundo plano aparecen os elementos concretos de xestión, incluídos os económicos. É posible que á Xunta non se lle impute un papel moi relevante no campo económico, como, efectivamente, veremos máis adiante na análise de competencias (só 1 de cada 4 lle atribúe as competencias en canto á marcha da economía á Xunta), pero tampouco hai unha atribución nula. Mesmo, en infraestruturas relacionadas co transporte, podemos supoñer que a atribución é sensiblemente superior, xa que 4 de cada 10 lle atribúen á Xunta competencias en materia de transporte público, e non aparece entre os tres primeiros elementos no ranking de importancia. Debemos supoñer, polo tanto, que na consideración que para os cidadáns teñen os políticos non hai só xestión. Sen ningunha pretensión de minimizar o papel desta, xestionar razoablemente ben é condición necesaria pero non suficiente. Veremos a continuación que ambos os eixes (o da política –e os políticos, que a encarnan, sen os cales non ten valor de realidade– e o da xestión concreta) teñen importante impacto, aínda que o primeiro o produce máis ben en negativo e o segundo máis ben en positivo.

As fontes de risco da xestión da Xunta están relativamente dispersas, pero son maioritariamente concretas, malia que en primeiro lugar encontremos o grupo xenérico de rexeitamento xeral da xestión, que é común na valoración da xestión política, debido á mediación ideolóxica a que xa nos referimos anteriormente.

Fonte máis definida de risco, pero sempre por encima da xestión concreta, é, en primeiro lugar, os *políticos*, dos cales se mencionan calidades estritamente políticas con algo máis de impacto que calidades persoais.

Despois destes dous grupos de fontes de risco (rexeitamento xeral á xestión e descalificación dos políticos), hai unha lista de obxectos concretos da xestión:

- Infraestruturas-transportes
- Política económica e fiscal, incluíndo o problema do emprego
- Servizos públicos, cun peso total do 10%, entre os que destacan educación e sanidade
- Medio ambiente
- Política social
- Vivenda

Por outra parte, aparecen cun peso apreciable o *cumprimento do prometido*, unha cuestión política de primeira orde de actualidade e, lembremos, a máis importante na percepción da Xunta, o *modelo de Estado*, e, moi residualmente, *as relacións interpartidistas* (os pactos).

A seguridade na percepción da xestión susténtase, pola súa vez, nun elemento concreto e dominante: *infraestruturas-transportes*, cun peso do 55%.

Moi secundariamente, aparece a *política económica e fiscal*, sen presenza agora de efectos sobre o emprego. E, despois, a política medioambiental, a política social, a xestión en xeral (como se ve, a mediación ideolóxica non opera en positivo o mesmo que en negativo, pois, se en negativo atopa a súa mellor expresión no rexeitamento total, en positivo non impide ver cousas concretas). Os políticos teñen tamén un peso apreciable, pero inferior ao que tiñan en negativo. Os servizos públicos tamén teñen menor peso, igual que a vivenda, que apenas aparece.

Polo tanto, na xestión ben valorada, o que máis destaca son as obras públicas, sobre todo se afectan a mobilidade, o transporte, como feitos e símbolos, á vez, do desenvolvemento dos territorios.

Fontes de risco da Xunta	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Xestión en xeral	14%	12%	16%	13%	12%	10%	10%	13%	22%
Xestión en xeral	9%	10%	9%	8%	10%	4%	6%	8%	15%
Todo mal	3%	2%	5%	5%	0%	6%	3%	3%	3%
Forma de actuar (sen proxecto, nesgada, inactiva)	2%	1%	3%	1%	2%	0%	1%	1%	4%
Os políticos	13%	15%	10%	18%	6%	14%	11%	11%	18%
Calidades políticas	8%	9%	7%	16%	6%	2%	7%	7%	11%
Calidades persoais	5%	6%	3%	2%	0%	12%	5%	4%	7%
Infraestruturas - transportes	12%	12%	13%	11%	11%	11%	15%	12%	12%
Política económica e fiscal	12%	11%	15%	11%	18%	8%	13%	16%	8%
Política económica e fiscal	8%	8%	8%	9%	8%	6%	11%	9%	5%
Política de emprego	4%	2%	7%	3%	11%	2%	2%	7%	2%
Xestión servizos públicos	10%	9%	12%	19%	14%	8%	10%	11%	5%
Educación	6%	5%	7%	14%	7%	7%	6%	5%	2%
Sanidade	4%	3%	5%	3%	5%	2%	4%	6%	2%
Cultura e ocio	0%	0%	0%	2%	1%	0%	0%	0%	0%
Cumprimento do prometido	7%	8%	6%	1%	7%	4%	7%	7%	11%
Política medioambiental	6%	7%	4%	9%	4%	7%	9%	4%	5%
Política social	6%	4%	9%	4%	7%	11%	7%	4%	5%
Política de vivenda	5%	5%	4%	4%	13%	13%	3%	3%	1%
Modelo de estado	5%	7%	2%	5%	3%	6%	5%	7%	2%
Relacións interpartidistas, pactos	1%	1%	0%	0%	0%	0%	1%	2%	0%

Se analizamos as diferenzas asociadas ás variables que vimos usando, aquelas que mellor construían o mapa sociodemográfico da mostra, vemos que, unha vez máis, os mozos, os que están na transición á vida adulta, os adultos e os maiores teñen trazos distintivos que podemos identificar.

Os mozos distínguense por dúas fontes de risco, nas que destacan por encima de calquera outro grupo: as calidades políticas dos líderes políticos e a xestión da educación.

No outro extremo, os maiores, en boa parte inactivos, destacan o reproche xenérico á xestión da Xunta, o reproche global aos políticos (agregando calidades políticas e persoais) e a atribución de incumprimento do prometido.

No espazo que chamamos da ocupación, só un grupo de idade (30 a 34 anos) ten un perfil de impacto diferenciado, no que sobresaie o impacto das calidades persoais dos políticos, o da política social e o da política de vivenda.

A política de vivenda, precisamente, xunto coa política de emprego, son as fontes de risco que distinguen o grupo de transición cara á vida adulta, en plena coherencia coa súa posición na traxectoria vital: en proceso de emancipación ou con esta nun horizonte próximo, emprego e vivenda son as claves para o normal desenvolvemento dese proceso.

Fontes de risco da Xunta	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Xestión en xeral	14%	21%	15%	12%	10%
Xestión en xeral	9%	10%	11%	8%	6%
Todo mal	3%	5%	4%	2%	2%
Forma de actuar (sen proxecto, nesgada, inactiva)	2%	7%	1%	2%	1%
Os políticos	13%	10%	12%	12%	20%
Calidades políticas	8%	7%	8%	8%	12%
Calidades persoais	5%	3%	4%	4%	9%
Infraestruturas - transportes	12%	8%	13%	15%	10%
Política económica e fiscal	12%	18%	11%	15%	11%
Política económica e fiscal	8%	14%	6%	11%	6%
Política de emprego	4%	4%	5%	4%	4%
Xestión servizos públicos	10%	4%	13%	11%	9%
Educación	6%	2%	6%	8%	8%
Sanidade	4%	1%	6%	3%	1%
Cultura e ocio	0%	0%	1%	0%	0%
Cumprimento do prometido	7%	13%	7%	5%	5%
Política medioambiental	6%	5%	5%	8%	8%
Política social	6%	7%	6%	6%	5%
Política de vivenda	5%	3%	4%	7%	5%
Modelo de estado	5%	2%	4%	4%	9%
Relacións interpartidistas, pactos	1%	1%	0%	0%	3%

Por outra parte, os que teñen menor nivel de estudos comparten cos grupos de máis idade o maior peso da xestión en xeral e do incumprimento do prometido, pero tamén se distinguen pola política económica. Os universitarios, en cambio, concentran a súa diferenza nos políticos.

Segundo a relación coa actividade, os que teñen un perfil máis marcado son os parados, cuxos dous grupos coinciden en destacar a política de vivenda, e, por separado, distínguense polo incumprimento do prometido (os que non teñen subsidios) e pola política económica e a xestión da sanidade (os que si teñen subsidios).


Fontes de risco da Xunta	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Xestión en xeral	14%	14%	14%	11%	18%	4%	12%	15%
Xestión en xeral	9%	9%	9%	4%	12%	4%	12%	10%
Todo mal	3%	4%	3%	4%	2%	0%	0%	4%
Forma de actuar (sen proxecto, nesgada, inactiva)	2%	1%	3%	3%	3%	0%	0%	1%
Os políticos	13%	13%	13%	10%	17%	8%	8%	15%
Calidades políticas	8%	8%	8%	6%	9%	5%	8%	14%
Calidades persoais	5%	5%	5%	4%	8%	3%	0%	1%
Infraestruturas-transportes	12%	11%	13%	14%	13%	15%	3%	11%
Política económica e fiscal	12%	13%	12%	12%	12%	5%	19%	12%
Política económica e fiscal	8%	8%	8%	9%	7%	5%	14%	9%
Política de emprego	4%	5%	4%	3%	6%	0%	5%	3%
Xestión servizos públicos	10%	11%	9%	10%	5%	9%	24%	14%
Educación	6%	7%	6%	6%	2%	8%	9%	11%
Sanidade	4%	4%	3%	5%	3%	2%	15%	1%
Cultura e ocio	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	2%
Cumprimento do prometido	7%	5%	9%	9%	10%	17%	0%	4%
Política medioambiental	6%	6%	6%	7%	5%	10%	3%	7%
Política social	6%	5%	8%	15%	4%	6%	7%	8%
Política de vivenda	5%	5%	4%	3%	2%	9%	11%	5%
Modelo de estado	5%	6%	3%	2%	3%	2%	2%	5%
Relacións interpartidistas, pactos	1%	1%	1%	0%	1%	0%	2%	1%

Os estudantes comparten cos mozos, dos que forman parte maioritariamente, o maior peso das calidades políticas e da educación.

Fontes de risco da Xunta	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Xestión en xeral	14%	16%	18%	10%	16%	16%	13%	13%	12%
Xestión en xeral	9%	10%	9%	6%	11%	11%	9%	10%	6%
Todo mal	3%	3%	2%	3%	4%	3%	2%	0%	6%
Forma de actuar (sen proxecto, nesgada, inactiva)	2%	3%	7%	1%	1%	2%	2%	2%	1%
Os políticos	13%	17%	8%	9%	14%	16%	16%	14%	6%
Calidades políticas	8%	12%	6%	6%	8%	11%	13%	7%	3%
Calidades persoais	5%	5%	2%	3%	6%	6%	4%	7%	3%
Infraestruturas-transportes	12%	12%	8%	14%	12%	11%	11%	11%	16%
Política económica e fiscal	12%	16%	16%	13%	9%	11%	15%	12%	14%
Política económica e fiscal	8%	11%	7%	9%	6%	7%	9%	7%	9%
Política de emprego	4%	5%	9%	4%	4%	3%	6%	4%	5%
Xestión servizos públicos	10%	8%	7%	12%	11%	11%	8%	10%	11%
Educación	6%	5%	4%	8%	6%	6%	5%	6%	7%
Sanidade	4%	3%	3%	5%	4%	4%	2%	3%	4%
Cultura e ocio	0%	1%	0%	0%	1%	1%	1%	0%	0%
Cumprimento do prometido	7%	7%	11%	10%	5%	6%	10%	8%	6%
Política medioambiental	6%	5%	6%	8%	6%	5%	3%	8%	8%
Política social	6%	3%	6%	8%	6%	7%	5%	3%	6%
Política de vivenda	5%	2%	6%	5%	6%	5%	4%	4%	5%
Modelo de estado	5%	3%	4%	2%	7%	5%	4%	5%	4%
Relacións interpartidistas, pactos	1%	0%	1%	2%	0%	1%	1%	1%	0%

Territorialmente, o hábitat máis rural só se distingue polo maior impacto negativo dos políticos, que queda moi diminuído no rural intermedio, onde, en cambio, sobresa a forma de xestionar e tamén a política de emprego. A única provincia que ten un elemento diferenciador é Lugo, polo maior peso das calidades políticas, aspecto que atopa o seu mínimo impacto en Pontevedra.

Polo tanto, podemos precisar algo máis a análise con que comezabamos, acerca do dobre eixe da percepción da Xunta (o dos xuízos e prexuízos xerais, notablemente ideolóxicos, e o da actuación concreta, ou xestión propiamente dita). Pois a tendencia a velar a percepción cunha certa descualificación ou desconfianza a priori, que se revelaba na relativa homoxeneidade coa que a valoración da xestión descende respecto da de calquera outro obxecto da percepción, non se produce de igual modo, porén, nos distintos espazos do mapa sociodemográfico.



Así, vemos que as cuestións que poderíamos vincular máis ao eixe do xuízo obxectivo distinguen máis claramente maiores-inactivos, mozos e parados. En cambio, por contraste, un grupo como o de transición á vida adulta (25 a 29 anos), ao que, obxectivamente, podemos supoñer afectado por dous problemas prácticos centrais nun proceso de emancipación ou na antesala deste, como son o emprego e a vivenda, distínguese exactamente por iso.

Pódese obxectar ¿por que os parados non se distinguen coa mesma claridade? É verdade que os parados destacan tanto a dimensión económica da xestión, que directamente os afecta, como a vivenda, que, na medida en que parcialmente están asociados a idades de acceso ao emprego, as do grupo de transición, ou, simplemente pola carga que supoñen os prezos cando se perde ou non se ten emprego, tamén os afecta obxectiva e moi directamente. Sen embargo, tamén salientan, como un terceiro elemento de xestión non tan especificamente ligado a eles, a sanidade, e, sobre todo, como un dos compoñentes do espazo dos xuízos ideolóxicos, o incumprimento.

Agora ben, se o incumprimento se presta moito a ser atravesado por prexuízos ideolóxicos xerais (desconfianza cara á política e cara ao público) ou partidistas (desconfianza cara ao que poida facer o adversario político), tamén se poden identificar, perceptivamente, incumprimentos concretos. De maneira que tamén os parados se desmarcarían bastante do modelo que concentra as diferenzas de impacto sobre elementos ideolóxicos.

Ao mesmo tempo, o espazo dos ocupados é o menos diferenciado, de forma que as fontes de risco vinculadas máis directamente ao eixe do xuízo xeralizador, máis marcado por prexuízos ideolóxicos, distinguen, sobre todo, aos mozos (que, non obstante, tamén se fixan na educación, que é un campo da xestión que os afecta directamente) e aos maiores. Dalgún modo, seguramente ben diferente nun e outro caso, estar fóra do espazo central da sociedade, definido pola ocupación, inflúe niso.

O abraiante impacto positivo das infraestruturas ligadas ao transporte marca case todos os grupos da mostra, de maneira que poderían ser caracterizados, en termos do seu perfil de fontes de seguridade, polo maior ou menor peso deste compoñente. Tomarémolo, por tanto, como referencia, pero sen esquecer outros trazos diferenciais que poidamos atopar.

Entre os homes, infraestruturas-transportes ten moito máis peso que entre as mulleres, que se distinguen polo impacto positivo da xestión económica. Igual que as mulleres fan os mozos e os de 35 a 44 anos, grupos para os que infraestruturas-transporte ten moito menos peso que para o resto, ao tempo que destaca a política económica e, no caso dos de 35 a 44 anos, a política social.

Fontes de seguridade da Xunta	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Infraestruturas - transportes	55%	64%	43%	39%	65%	58%	44%	57%	57%
Política económica e fiscal	14%	9%	20%	36%	4%	16%	20%	9%	11%
Política económica e fiscal	14%	9%	19%	36%	4%	16%	20%	9%	11%
Política de emprego	0%	0%	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%
Política medioambiental	8%	5%	11%	9%	14%	3%	5%	5%	10%
Política social	6%	3%	9%	4%	5%	11%	15%	3%	5%
Xestión en xeral	6%	7%	6%	4%	4%	0%	0%	6%	11%
Xestión en xeral	4%	5%	4%	0%	0%	0%	0%	6%	8%
Todo bien	2%	2%	2%	3%	4%	0%	0%	1%	3%
Cantidade de realizacións	0%	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	0%
Os políticos	8%	7%	8%	7%	1%	2%	6%	14%	6%
Calidades políticas	4%	4%	4%	7%	1%	0%	2%	8%	2%
Calidades persoais	4%	3%	5%	0%	0%	2%	4%	6%	4%
Xestión servizos públicos	3%	4%	1%	0%	6%	10%	4%	2%	1%
Educación	2%	3%	1%	0%	6%	9%	4%	2%	0%
Sanidade	0%	1%	0%	0%	0%	1%	0%	0%	0%
Cumprimento do prometido	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	0%
Política de vivanda	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	0%	0%

O grupo de transición cara á idade adulta é o que máis sobresaie polo impacto dos transportes e tamén é o único que o fai pola política medioambiental. A partir dos 45 anos, volvemos á tendencia dominante nas diferenzas en fontes de risco, co grupo de transición cara á inactividade, que se distingue polo peso dos políticos, e o dos maiores (inactivos) que se diferencia pola xestión en xeral, tendo ambos un peso dos transportes como o medio. Por último, o grupo de 30 a 34 anos, tamén cun peso dos transportes indiferenciado, sobresaie polo impacto da xestión dun servizo público, a educación.

Polo tanto, se nas fontes de risco o perfil diferencial de novos e maiores tiña en común o feito de bascular cara a un xuízo globalizador marcado por prexuízos ideolóxicos, agora distáncianse, xa que só os maiores manteñen o seu perfil marcado por un xuízo xeral (o da xestión), mentres que os novos mostran un impacto moi superior ao medio (máis do dobre) nunha dimensión de xestión concreta, a económica.

Podería dicirse que os maiores teñen unha certa tendencia a sobrevoar por encima do concreto, que teñen máis peso para eles os xuízos globais, e hai que subliñar que esta tendencia ou inclinación de ningún modo quere dicir que o maior impacto positivo sexa desta natureza, dado que para eles, como para o conxunto da mostra, o maior impacto positivo procede dos transportes.

Fontes de seguridade da Xunta	Total	Estudos			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Infraestruturas - transportes	55%	53%	60%	54%	19%
Política económica e fiscal	14%	12%	15%	13%	12%
Política económica e fiscal	14%	12%	15%	13%	12%
Política de emprego	0%	0%	0%	0%	0%
Política medioambiental	8%	10%	7%	2%	20%
Política social	6%	7%	4%	5%	15%
Xestión en xeral	6%	12%	5%	1%	9%
Xestión en xeral	4%	10%	3%	1%	2%
Todo bien	2%	2%	2%	0%	7%
Cantidade de realizacións	0%	0%	0%	0%	0%
Os políticos	8%	5%	5%	13%	19%
Calidades políticas	4%	3%	2%	8%	4%
Calidades persoais	4%	2%	3%	5%	14%
Xestión servizos públicos	3%	0%	1%	11%	5%
Educación	2%	0%	1%	10%	5%
Sanidade	0%	0%	0%	1%	1%
Cumprimento do prometido	0%	1%	0%	0%	0%
Política de vivenda	0%	0%	0%	0%	0%

O nivel de estudos máis baixo vén comportarse como o grupo de maior idade, ao que está asociado privilexiadamente, mentres que o grupo de estudos primarios sobresaie polo impacto dos transportes, o de secundarios polos políticos e a xestión da educación e o de universitarios ten un perfil máis variado, coa maior diferenza na xestión medioambiental, que é para este grupo a fonte con maior impacto positivo, por encima dos transportes (é o único caso en que isto sucede), no recoñecemento dos políticos (recordemos que este trazo distinguía o grupo de transición cara á inactividade -45 a 59 anos-), na política social e,

por último, nun xuízo global sobre a xestión, que aquí hai que entender, posto que falamos de impacto positivo, que significa unha atribución de que todo está ben.

Así, pois, a formación vén complicar algo as cousas, xa que mostra unha heteroxeneidade interna dos espazos do mapa sociodemográfico importante e, sobre todo, unha heteroxeneidade interna do perfil dos universitarios que rompe a división de tendencias (ao xuízo xeral, ao recoñecemento da xestión concreta) que noutros casos era moito máis clara. Cabe conxectar que iso é efecto da maior formación e dos seus efectos de enriquecemento do xuízo e de cantidade, variedade e calidade da información accesible.

Fontes de seguridade da Xunta	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudantes
Infraestruturas-transportes	55%	61%	50%	50%	56%	59%	0%	46%
Política económica e fiscal	14%	12%	15%	10%	13%	6%	0%	29%
Política económica e fiscal	14%	12%	15%	10%	13%	5%	0%	29%
Política de emprego	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Política medioambiental	8%	4%	11%	16%	7%	11%	0%	7%
Política social	6%	4%	7%	12%	4%	3%	0%	6%
Xestión en xeral	6%	6%	7%	4%	10%	0%	0%	6%
Xestión en xeral	4%	6%	3%	0%	9%	0%	0%	0%
Todo bien	2%	0%	3%	4%	2%	0%	0%	5%
Cantidade de realizacións	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%
Os políticos	8%	7%	8%	4%	8%	17%	100%	4%
Calidades políticas	4%	4%	3%	4%	1%	6%	100%	4%
Calidades persoais	4%	2%	5%	0%	8%	11%	0%	0%
Xestión servizos públicos	3%	4%	2%	1%	1%	5%	0%	1%
Educación	2%	4%	1%	1%	1%	5%	0%	1%
Sanidade	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Cumprimento do prometido	0%	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%
Política de vivienda	0%	0%	0%	1%	1%	0%	0%	0%

Neste caso, a diferenza entre ocupados e non ocupados móstrase clara e directamente: os primeiros salientan o peso dos transportes e os segundo non, sen que alcancen a diferenciarse por ningún outro trazo.

E, dentro dos non ocupados, as amas de casa distínguense polo maior impacto positivo da xestión medioambiental e da xestión social; os pensionistas, de acordo co que sucedía co conxunto dos maiores, fano pola xestión en xeral; os parados destacan polo recoñecemento dos políticos; e os estudantes, como os mozos, mostran un impacto maior da política económica.

Fontes de seguridade da Xunta	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Infraestruturas-transportes	55%	40%	46%	54%	67%	51%	43%	45%	66%
Política económica e fiscal	14%	22%	19%	11%	10%	20%	19%	18%	4%
Política económica e fiscal	14%	22%	19%	11%	10%	20%	19%	18%	4%
Política de emprego	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Política medioambiental	8%	14%	6%	7%	5%	7%	3%	14%	7%
Política social	6%	2%	6%	10%	4%	1%	11%	8%	7%
Xestión en xeral	6%	12%	13%	6%	2%	6%	11%	6%	6%
Xestión en xeral	4%	8%	11%	5%	0%	5%	5%	5%	3%
Todo bien	2%	3%	3%	1%	2%	1%	6%	0%	2%
Cantidade de realizacións	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	0%
Os políticos	8%	6%	4%	8%	8%	10%	9%	5%	6%
Calidades políticas	4%	5%	3%	2%	5%	5%	3%	3%	3%
Calidades persoais	4%	1%	2%	6%	4%	5%	6%	2%	3%
Xestión servizos públicos	3%	2%	4%	2%	4%	4%	3%	3%	2%
Educación	2%	1%	4%	2%	3%	3%	2%	2%	2%
Sanidade	0%	0%	0%	0%	0%	0%	1%	1%	0%
Cumprimento do prometido	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Política de vivenda	0%	0%	1%	0%	0%	0%	0%	1%	0%

As diferenzas territoriais máis importantes distinguen os municipios máis ben rurais pola dimensión económica e polo xuízo xeral sobre a xestión, coa política medioambiental como distintivo específico do hábitat máis rural, en tanto que os municipios máis grandes sobresaen polos transportes e os urbanos intermedios pola política social.


Tres provincias destacan pola dimensión económica, A Coruña, Lugo e Ourense, e unha polos transportes, Pontevedra. Ademais, Ourense faino tamén pola xestión medioambiental e Lugo pola política social e polo xuízo xeral sobre a xestión.




7. Os servizos privados

Os servizos privados teñen en Galicia unha percepción claramente mellor que a da Comunidade Autónoma, cun peso da seguridade do 66% (fronte ao 54% de Galicia globalmente considerada, 12 puntos máis de seguridade, unha diferenza relativa á alza de algo máis dun 20%).

En valoración media, son catro décimas de vantaxe (7,8 fronte a 7,4), que achegan a media á fronteira da seguridade. Hai marxe para a mellora, pero non tanto como nos servizos públicos ou no conxunto de Galicia ou nos municipios. En todo caso, xa sabemos que, para a mellora da percepción global da Comunidade Autónoma, obteríamos máis rendemento mellorando a percepción do municipio que mellorando a dos servizos privados.




As mulleres e as persoas máis novas, xunto co grupo de 30 a 34 anos, teñen mellor percepción dos servizos privados, sobre todo no caso dos mozos, porque teñen menos valoracións do grupo máis baixo. Os de maior idade tamén teñen mellor percepción, quedando as idades adultas centrais (35 a 59 anos), así como as de transición á vida adulta, como as que producen máis risco.




A medida que baixa o nivel de estudos, baixa o risco total, aínda que se incrementa a zona de peor percepción (a que viñemos chamando de perigo), o que queda compensado polo incremento tamén das valoracións máis altas (a excelencia).


A diferenza máis importante na percepción dos servizos privados separa a categoría dos decisores, que chegan a unha taxa de risco do 48% e, sobre todo, a unha taxa de perigo do 32%, 12 puntos por encima da media. En posición contraria, as amas de casa só teñen un 30% de risco.



Territorialmente, a diferenza máis importante distingue Ourense como a provincia con mellor percepción. Apenas hai diferenzas por hábitat. Apurando moito, o hábitat máis urbano, se temos en conta o tamaño das súas posicións de seguridade (só lixeiramente superior ao medio) e o das súas posicións de perigo ou risco extremo (lixeiramente inferior ao medio), pode considerarse, por último, un espazo cunha percepción dos servizos privados algo mellor que noutros estratos de hábitat.




Segundo as identidades, pódese ver que os que se senten máis españois que galegos forman o grupo que alcanza o nivel de seguridade máis alto, cun 72% (só 28% de risco). No que se refire á dimensión ideolóxica, a esquerda é o grupo con maior taxa de risco, aínda que as diferenzas non son aquí moi importantes. Dedúcese da comparación co total que os que non se auto-clasificaron nestas dúas dimensións teñen unha percepción claramente peor.






As valoracións medias achéganlles algún matiz a estas diferenzas, sobre todo ás máis pequenas, pero consideramos máis significativas as que teñen en conta as fronteiras da seguridade e o risco, como vimos facendo.

VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PRIVADOS segundo XÉNERO E IDADE




VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PRIVADOS segundo ESTUDOS





VALORACIÓN GLOBAL DOS SERVIZOS PRIVADOS segundo IDEOLOXÍA E IDENTIDADE



Antes de entrarmos nas fontes da percepción dos servizos privados, imos abordalos de forma desagregada. Márcanse nun ton gris os datos que son soamente indicativos, por careceren de base estatística suficiente (tomamos un mínimo de 30 casos, cifra coa que están de acordo a maior parte dos estatísticos como a mínima para poder ofrecer datos con algunha fiabilidade).

En primeiro lugar, imos ver o uso dos servizos privados, que está contido na primeira columna do seguinte cadro.

USO DE SERVICIOS PRIVADOS ÚLTIMO ANO			VALORACIÓN
Servizos	Uso último ano (múltiple%)	Último uso (%columna)	Valoración media (0 - 10)
Alimentación - bebidas	88	46	7,7
Vestido - calzado	83	13	7,7
Saúde	62	9	8,6
Hostalaría	54	9	7,9
Comunicacións	47	5	7,5
Coidado persoal	43	2	7,4
Servizos bancarios - financeiros	40	5	7,4
Ocio - espectáculos	39	3	8,0
Vivenda - reparacións	35	1	7,9
Seguros	31	2	7,2
Mobiliario - equipo fogar	31	3	8,4
Transporte privado	23	2	8,0
Educación privada	8	1	8,1
Total		100	7,8

Limitamos o uso ao último ano, para que puidésemos recoller un volume de información suficiente, ao tempo que evitar grandes imprecisións de rememoración. Dentro dese período, hai dous servizos que sobresaen por encima de todos os demais (alimentación-bebidas, vestido-calzado, con máis dun 80% de usuarios), e outros dous completan a fracción de uso maioritaria na nosa mostra (saúde e hostalaría). O resto, teñen as taxas de uso que indica o cadro, inferiores ao 50% da mostra.

Correlativamente, como servizos usados máis recentemente, volvemos atopar con maior extensión os catro de uso maioritario, aínda que agora cunha diferenza moito maior entre alimentación e o resto.

Na columna da dereita, temos as valoracións medias, nunha escala de 0 a 10. Esas valoracións solicitáronse para o servizo usado máis recentemente.

Hai que recordar, como xa manifestamos ao analizar os servizos públicos, que, en xeral, cando de percepción falamos, remitir a medición a un feito recente é o que máis convén, de maneira que o representado na valoración na escala elixida sexa verdadeiramente a percepción e non unha idea cristalizada, onde a percepción terá un papel moi limitado, xunto con outros factores, ás veces moito máis potentes.


O tipo de servizo mellor valorado é o dos servizos de saúde, con 8,6 sobre un máximo de 10, seguido de mobiliario-equipos para o fogar, con 8,4. Con 8,0, seguen os servizos de lecer-espectáculos e os transportes privados, moito mellor valorados que os públicos, aínda que a base estatística é pequena neste caso. Os servizos peor valorados son os seguros (7,2), e despois os servizos financeiros, os produtos e servizos para o coidado persoal e as comunicacións.

Será conveniente contrastar no futuro a diferenza entre servizos públicos e privados, pois hai un punto de diferenza a prol do transporte privado, 0,8 puntos a favor da sanidade privada e, aínda que a comparación da educación non é posible por falta de base na educación privada, o valor (a título puramente indicativo) é tamén favorable ao servizo privado. Certamente, hai que relativizar estes datos atendendo ao uso, que é moito máis alto nos servizos públicos, para todos os servizos citados na comparación.

Entrando xa nas fontes de risco e seguridade asociadas á boa ou mala percepción dos servizos privados, estes fundan a súa seguridade no bo facer, como é natural, e o seu principal problema é económico, isto é, o prezo e, en xeral, as condicións económicas. ¿Son estes os elementos máis importantes, segundo o consabido criterio da capacidade para producir impacto?

Efectivamente, tamén son os máis importantes, posto que o primeiro lugar do ranking ocúpao a profesionalidade, o segundo o prezo e o terceiro e o cuarto a calidade e a eficacia. Elementos estruturalmente importantes no paradigma do consumo, como a variedade ou as instalacións teñen aquí unha importancia apreciable pero menor. E, na mesma liña, a cantidade da oferta, os horarios e o equipamento, menor aínda.

Índice de importancia (capacidade para producir impacto -percepción dos servizos privados.)



Agora ben, hai que advertir que a relevancia da profesionalidade apunta ás persoas que prestan os servizos, que, en certo modo, indiscutiblemente importante, os constrúen ao tempo que os encarnan, polo que a referencia á profesionalidade implica máis elementos do que aparenta.

Imos aclarar un pouco os resultados de impacto efectivo, tanto en términos de produción de risco como de produción de seguridade, considerando agregados os elementos da oferta.

Fontes de seguridade dos servizos privados			
Profesionalidade	36%		
Calidade	27%	Calidade prestada	17%
		Calidade ofertada	10%
Oferta	11%	Variedade	11%
Eficacia	10%		
Condições económicas	9%		
Recursos - instalacións - equipos	5%		
Información	0%		

Fontes de risco dos servizos privados			
Condições económicas	45%		
Profesionalidade	17%		
Calidade	14%	Calidade ofertada	11%
		Calidade prestada	3%
Oferta	10%	Variedade	7%
		Cantidade	3%
Eficacia	6%		
Recursos - instalacións - equipos	6%		

O bo facer ten como primeiro elemento a *profesionalidade*, e, en segundo lugar, a *calidade*, sobre todo a *calidade prestada*.

Nun plano secundario, aparecen, positivamente, a oferta, da cal o que acapara practicamente todo o impacto é a *variedade* da oferta, é dicir, a calidade que conecta mellor coa fantasía de elección do consumidor, e tamén a *eficacia*.

A profesionalidade, moi por detrás das condicións económicas, tamén é unha fonte significativa de risco, xunto coa calidade e a oferta. É dicir, prezos á marxe, a profesionalidade, a calidade e a oferta forman o núcleo de discriminación dos servizos privados: cando estes elementos fallan ou funcionan, mobilizan a percepción global negativa ou positivamente.

E isto xa sucedía, quizais con máis claridade aínda, nos servizos públicos, onde os prezos non son visibles na maior parte dos casos.

Polo tanto, as políticas de fomento da calidade seguen tendo espazo para seren implantadas con efectos sobre o benestar dos cidadáns (consumidores), tanto no ámbito público como no privado. Políticas que deben poñer o foco no persoal, posto que, con maior ou menor profesionalidade, encarna o bo ou o mal facer do servizo e colócase no primeiro plano das percepcións positivas e negativas dos galegos.

Fontes de risco dos servizos privados	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Condições económicas	45%	39%	51%	33%	39%	49%	47%	46%	49%
Profesionalidade	17%	17%	17%	24%	21%	8%	12%	20%	14%
Calidade	14%	16%	12%	20%	5%	16%	12%	11%	17%
Calidade ofertada	11%	14%	8%	17%	2%	10%	7%	10%	15%
Calidade prestada	3%	3%	3%	3%	4%	5%	5%	1%	3%
Oferta	10%	10%	10%	9%	12%	4%	9%	10%	12%
Variedade	7%	7%	7%	8%	12%	4%	5%	6%	8%
Cantidade	3%	3%	2%	2%	0%	0%	2%	4%	4%
Eficacia	6%	10%	3%	8%	10%	5%	7%	7%	4%
Recursos-instalacións-equipos	6%	5%	7%	4%	11%	12%	10%	3%	4%

As fontes de risco impactan de maneira discriminante en distintos grupos de poboación identificables na mostra. A que produce máis dano (os prezos) distingue, en primeiro lugar, homes e mulleres, sendo estas as que sofren un impacto superior. Os prezos teñen tamén un impacto diferencial importante nas persoas maiores, que está asociado ao que acabamos de sinalar, e deixa ver que, efectivamente, son as mulleres, pero, sobre todo, como amas de casa, papel predominante nas idades máis altas, as que sofren os prezos en maior medida.

Os máis novos distínguense polo impacto da profesionalidade e a calidade, o grupo de transición cara á idade adulta faino igualmente pola profesionalidade, pero tamén pola variedade da oferta e polos recursos (equipos e instalacións) e este último elemento é o que tamén distingue as idades centrais do espazo sociodemográfico da ocupación (30 a 44 anos).

O nivel de estudos discrimina soamente os grupos extremos (sen estudos e estudos universitarios), estando o nivel máis baixo asociado (como mulleres e maiores, ou, máis ben habería que dicir, como as mulleres maiores) ao prezo, mentres que o segundo o está á calidade, diferenzas típicas da estratificación social.

Fontes de risco dos servizos privados	Total	Estudios			
		Sen est/Prim. Incompl.	Primarios/EXB/FPI/ESO	Bacharelato /BUP/COU/FPII	Universitarios
Condições económicas	45%	55%	44%	45%	30%
Profesionalidade	17%	17%	17%	14%	19%
Calidade	14%	15%	12%	11%	24%
Calidade ofertada	11%	14%	10%	6%	17%
Calidade prestada	3%	1%	3%	4%	7%
Oferta	10%	9%	10%	11%	10%
Variedade	7%	7%	6%	9%	10%
Cantidade	3%	2%	3%	2%	0%
Eficacia	6%	1%	8%	7%	8%
Recursos-instalacións-equipos	6%	1%	7%	8%	8%

Apenas hai diferenzas entre ocupados e non ocupados, pero si dentro dos non ocupados, onde encontramos a verificación de canto anticipabamos sobre as mulleres no papel de amas de casa (distinguidas polo prezo), grupo ao que acompaña cun perfil aínda máis acusado, no mesmo sentido, o dos parados sen subsidios. Os parados con subsidios distínguense pola oferta e pola eficacia. Os estudantes, como os mozos, pola calidade, aínda que, a diferenza destes, non o fan pola profesionalidade.

Fontes de risco dos servizos privados	Total	RELACION COA ACTIVIDADE						
		Ocupados	Non ocupados	Amas de casa	Pensionistas	Parado sen seguro	Parado con seguro	Estudiantes
Condicións económicas	45%	42%	48%	51%	47%	65%	37%	48%
Profesionalidade	17%	20%	14%	14%	17%	9%	10%	14%
Calidade	14%	14%	14%	14%	12%	1%	12%	19%
Calidade ofertada	11%	11%	11%	12%	10%	1%	12%	15%
Calidade prestada	3%	3%	2%	3%	2%	0%	0%	4%
Oferta	10%	9%	11%	9%	12%	14%	20%	7%
Variedade	7%	7%	7%	6%	8%	9%	6%	7%
Cantidade	3%	3%	3%	2%	4%	5%	0%	0%
Eficacia	6%	7%	6%	3%	7%	5%	21%	4%
Recursos- instalacións-equipos	6%	6%	6%	8%	5%	3%	0%	7%

Fontes de risco dos servizos privados	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Condicións económicas	45%	42%	49%	48%	44%	48%	44%	43%	43%
Profesionalidade	17%	19%	19%	15%	17%	13%	20%	21%	19%
Calidade	14%	12%	16%	18%	12%	14%	17%	13%	13%
Calidade ofertada	11%	10%	14%	15%	8%	11%	15%	12%	9%
Calidade prestada	3%	1%	3%	3%	4%	3%	2%	1%	3%
Oferta	10%	13%	8%	8%	9%	8%	10%	11%	12%
Variedade	7%	9%	7%	6%	6%	4%	7%	8%	10%
Cantidade	3%	4%	2%	2%	3%	3%	3%	3%	2%
Eficacia	6%	6%	0%	4%	10%	10%	3%	5%	4%
Recursos- instalacións-equipos	6%	7%	5%	6%	5%	5%	3%	6%	8%

Non hai, porén, diferenzas por existencia de fontes que teñan un peso diferencialmente superior nalgún estrato de hábitat ou provincia. Polo tanto, o impacto das fontes de risco é, para os servizos privados, independente do territorio; este é o único espazo perceptivo dos analizados en que isto sucede.



Se pasamos a analizar as fontes de seguridade, vemos que o bo facer, representado en primeiro lugar pola profesionalidade dos que o encarnan, as persoas que prestan (e constrúen, á vez, en gran parte) o servizo, pero tamén constituído pola calidade das prestacións e da oferta, pola eficacia, sustenta, xunto coa forma en que se pon o servizo no mercado (a oferta) e tamén co prezo e os recursos, a percepción positiva dos servizos privados, as posicións de seguridade desta percepción.

Pois ben, aquí non atopamos diferenzas apreciables entre homes e mulleres, pero si entre novos (en sentido estrito e en transición cara á vida adulta) e maiores. Os máis novos distínguense polo impacto da eficacia e o grupo de transición (25 a 29 anos) pola calidade e as condicións económicas, en tanto que os maiores mostran sentirse máis concernidos polo elemento que en xeral produce máis impacto positivo, a profesionalidade.

Fontes de seguridade dos servizos privados	Total	XÉNERO		IDADE					
		Home	Muller	De 16 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 44	De 45 a 59	60 e máis
Profesionalidade	36%	35%	37%	30%	26%	37%	35%	37%	42%
Calidade	27%	29%	26%	22%	32%	24%	26%	27%	29%
Calidade prestada	17%	18%	15%	13%	19%	14%	17%	16%	18%
Calidade ofertada	10%	10%	10%	8%	13%	10%	9%	11%	11%
Oferta	11%	11%	12%	14%	10%	14%	11%	14%	8%
Variedade	11%	10%	11%	13%	9%	13%	11%	13%	7%
Eficacia	10%	11%	8%	16%	9%	10%	13%	7%	6%
Condições económicas	9%	9%	9%	12%	15%	7%	8%	9%	7%
Recursos-instalacións-equipos	5%	4%	6%	4%	8%	6%	5%	4%	5%
Información	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%

Este perfil diferencial dos maiores coincide, pola súa sabida asociación, co dos estudos inferiores. Do resto de niveis de estudos, sobresaen os secundarios, aos que afecta diferencialmente o asunto das instalacións e o equipamento. En xeral, aos que teñen estudos secundarios ou superiores impáctalles menos a dimensión do persoal que presta os servizos, a profesionalidade.

Entre ocupados e non ocupados non hai diferenzas; no conxunto dos non ocupados, as amas de casa sobresaen (sendo máis ben maiores e con poucos estudos, aseméllanse ao conxunto desas categorías) polo peso da profesionalidade, mentres que pensionistas e parados destacan a calidade e os estudantes a oferta. Os parados sen subsidios destacan tamén a oferta, igual que os estudantes, sobre todo neste último caso, pola variedade desa oferta, aspecto, como sabemos, importante para o consumidor. Ademais, os estudantes teñen un impacto superior ao doutros grupos polas condicións económicas.

Só hai unha diferenza territorial salientable. A calidade distingue polo seu maior impacto a provincia de Ourense.

Fontes de seguridade dos servizos privados	Total	HÁBITAT				PROVINCIA			
		Ata 5.000	De 5.001 a 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Profesionalidade	36%	40%	36%	35%	35%	38%	40%	36%	32%
Calidade	27%	29%	22%	24%	28%	27%	24%	33%	26%
Calidade prestada	17%	18%	15%	15%	17%	16%	17%	24%	14%
Calidade ofertada	10%	11%	8%	9%	11%	11%	7%	9%	12%
Oferta	11%	9%	13%	14%	10%	10%	10%	6%	15%
Variedade	11%	8%	12%	13%	10%	9%	10%	6%	14%
Eficacia	10%	8%	13%	11%	9%	7%	12%	13%	10%
Condições económicas	9%	8%	6%	8%	10%	10%	8%	5%	9%
Recursos- instalacións-equipos	5%	4%	7%	5%	5%	6%	4%	4%	4%
Información	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%



Tras o esquema que sintetiza as diferenzas no impacto positivo das fontes de percepción, imos examinar esas fontes en relación con cada un dos servizos, na medida en que os tamaños mostrais o permiten. Consideraremos só sete deles, os que teñen unha frecuencia na mostra suficiente na última ocasión de uso.

As fontes de risco distinguen as compras máis cotiás, sobre todo a alimentación, polo impacto dos prezos. O vestido sobresa tamén polo impacto da profesionalidade, como a sanidade privada, a hostalaría e os servizos financeiros, distinguíndose igualmente estes dous servizos pola calidade (mala, neste caso). Na sanidade privada ten tamén un impacto sensible a cuestión das instalacións e equipos. Por último, as comunicacións e o ocio quedan diferenciados pola oferta en ambos os casos, e o primeiro tamén pola eficacia.

A profesionalidade, é dicir, as persoas e a súa actuación directa lastran os servizos de vestido, saúde, hostalaría e financeiros, que teñen que ver co corpo, os tres primeiros, ou cos bens, coa propiedade, o cuarto, e ambas as cousas xustifican que a intervención humana sexa crítica, tanto se produce a confianza necesaria para entregar (dalgún modo significativo) o corpo ou a propiedade ou o diñeiro, como se esa confianza quebra ou non alcanza o nivel requirido.

Fontes de risco dos servizos privados	Total	ÚLTIMO SERVIDO PRIVADO UTILIZADO						
		Produtos de alimentación e bebidas	Vestido e calzado	Saude	Comunicacións	Ocio, espectáculos e cultura	Hoteis, cafés e restaurantes	Servizos bancarios e financeirosiros
Condições económicas	45%	55%	52%	29%	21%	32%	23%	39%
Profesionalidade	17%	11%	28%	25%	6%	9%	31%	24%
Calidade	14%	11%	6%	12%	8%	16%	25%	24%
Calidade ofertada	11%	8%	5%	12%	6%	10%	20%	18%
Calidade prestada	3%	2%	0%	0%	3%	6%	6%	6%
Oferta	10%	12%	7%	7%	8%	18%	8%	1%
Variedade	7%	10%	5%	6%	1%	3%	4%	1%
Cantidade	3%	2%	1%	0%	8%	15%	1%	0%
Eficacia	6%	2%	6%	3%	48%	10%	1%	8%
Recursos- instalacións-equipos	6%	8%	2%	17%	6%	9%	5%	0%

Destes servizos, todos teñen tamén un impacto superior ao medio da profesionalidade como fonte de seguridade, pero só podemos destacar claramente os de saúde, hostalaría e financeirosiros. Sen dúbida, son os tres onde a interacción persoal e a necesidade de confianza son máis intensas.

A oferta ten maior impacto positivo, pola variedade necesaria á intensificación do consumo (moitas veces compulsivo, como é notorio, nestes servizos), en alimentación e vestido. Este último está tamén máis afectado polas condicións económicas.

Fontes de seguridade dos servizos privados	Total	ÚLTIMO SERVICIO PRIVADO UTILIZADO						
		Produtos de alimentación e bebidas	Vestido e calzado	Saude	Comunicacións	Ocio, espectáculos e cultura	Hoteis, cafés e restaurantes	Servizos bancarios e financeirosiros
Profesionalidade	36%	27%	38%	65%	17%	33%	47%	53%
Calidade	27%	31%	19%	16%	25%	17%	35%	14%
Calidade prestada	17%	19%	13%	6%	17%	14%	21%	5%
Calidade ofertada	10%	12%	6%	10%	8%	2%	14%	9%
Oferta	11%	18%	17%	5%	1%	2%	3%	1%
Variedade	11%	17%	17%	4%	0%	0%	2%	0%
Eficacia	10%	4%	2%	7%	53%	28%	2%	29%
Condições económicas	9%	10%	19%	1%	2%	8%	8%	1%
Recursos- instalacións-equipos	5%	8%	2%	3%	0%	8%	5%	1%
Información	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%	0%

A eficacia, por último, afecta máis as comunicacións (impacto positivo e negativo neste servizo, pero sobre todo positivo, pois acumula o 53% do total), ao lecer e aos servizos financeirosiros.

Polo tanto, alí onde o persoal conta menos, ou ben impacta a oferta ou ben a eficacia, e no campo financeiro contan ambas as dimensións, o mesmo que na saúde impactan á vez a profesionalidade e os recursos que fan posible e crible o efecto esperado, sempre crítico para o usuario.

8. Conclusións

A percepción de Galicia ten marxe para a mellora, pois se un 54% dos entrevistados se atopa en posicións de *seguridade* (8 a 10, na escala de 0 a 10), un 46% está en posicións de *risco* (0 a 7, na escala de 0 a 10), isto é de *división*, de *conflicto*, respecto do marco autonómico onde se desenvolve a súa vida.

Esta percepción de Galicia é moi similar á percepción que os galegos teñen de España, do marco superior ao autonómico.

Cando Galicia pode ser comparada cos seus pares, con outra ou outras comunidades autónomas, un 70% dos galegos considera que a súa comunidade é a mellor, mentres que un 15% a coloca no peor lugar. Como consecuencia, a posición comparada de Galicia para os galegos, é relativamente boa. Pero, unha vez máis, a distancia entre Galicia e a mellor comunidade autónoma mostra unha ampla marxe para a mellora, xa que, se a seguridade de Galicia está nun 54%, a da mellor comunidade autónoma distinta de Galicia está nun 79% (a peor comunidade autónoma nun 9%).

Madrid é a comunidade máis rexeitada, nove veces máis rexeitada que preferida. É destacable que o rexeitamento de Madrid baixe ao 16% entre os que se senten máis españois, 11 puntos por debaixo do que obtén no conxunto da mostra, para subir ao 25% entre os que se senten tan españois como galegos, cifra moi parecida á do conxunto, alcanzando a proporción do 33% entre os máis identificados con Galicia, máis do dobre que entre os máis identificados con España, o que fai pensar nun compoñente identitario moi marcado no rexeitamento de Madrid, que, se non todo, explica unha parte significativa deste. Madrid non é, obviamente, santo da devoción dunha parte dos galegos, e, en parte, é polo que representa como símbolo do centralismo.

A mellor percepción de Galicia atopámola entre os que mostran unha identidade galega máis marcada, por oposición aos que mostran unha identidade equilibrada ou favorable a España. Polo maior peso da identidade galega entre os novos, o grupo de menor idade ten tamén mellor valoración de Galicia. Porén, os maiores de 60 anos teñen tamén mellor percepción de Galicia.

Se comparamos Galicia con España en canto ás fontes de boa e mala percepción, Galicia resulta ser unha fotografía proxectada de España, na que se acentúan os pesos máis altos en positivo e en negativo.

Se comparamos Galicia coa mellor e a peor das comunidades autónomas, as fontes de risco da peor comunidade autónoma resultan ser as que sustentan a seguridade de Galicia (elementos simbólicos e relacionais), en tanto que estes mesmos elementos soportan a seguridade da mellor comunidade autónoma, aínda que con menor peso que en Galicia, pois teñen maior impacto os compoñentes económicos.

O factor interno de Galicia que ten maior influencia é a percepción do municipio de residencia. Mellorando a percepción do municipio de residencia, por cada 10 puntos de incremento das posicións de seguridade, obteríamos un rendemento marxinal de 3 puntos de incremento das posicións de seguridade na percepción de Galicia. Polo tanto, as políticas vinculadas ao ámbito local serían as máis produtivas na mellora de Galicia como espazo global para vivir.

Sendo os municipios o factor interno de maior influencia na percepción de Galicia, e sendo estes ámbitos, nunha das súas máis importantes dimensións, espazos de servizos, os servizos públicos son fundamentais e, desde a súa implantación local, irradian influencia na percepción global.

Ademais, os servizos públicos, pese á proliferación de elementos simbólicos e económicos, como fontes que sustentan a boa e a mala percepción de Galicia e dos municipios en primeiro plano, resultan ser o factor máis importante na percepción dos galegos, tanto no ámbito autonómico como no local, entendendo por máis importante aquilo que ten maior capacidade para producir impacto.

En consecuencia, os servizos públicos constitúen un espazo de oportunidade, pois, tendo gran capacidade para impactaren sobre a percepción global de Galicia e, sobre todo, en moita maior medida, sobre o factor independente máis potente daquela, como é a percepción do ámbito local, unha mellora significativa dos servizos públicos é o que produciría maior impacto positivo sobre a percepción global. Dedúcese que, polo menos, é obrigatorio evitar a súa deterioración, pois o efecto negativo tería similar magnitude.

En suma, o que sucede é que, sendo unha dimensión moi importante, hai un xeral axuste adaptativo ás súas actuais prestacións, de maneira que non produce grande impacto positivo ou negativo, pero produciríao se se deteriorase ou se mellorase, o que sitúa este elemento como unha oportunidade, pero tamén como un risco que hai que vixiar estreitamente.

Servizos públicos e xestión da Xunta están vinculados loxicamente e teñen especial relevancia nun proxecto destinado á Administración autonómica. Os servizos públicos teñen unha posición moi similar á de Galicia (56% de seguridade). A xestión da Xunta, por efecto da división ideolóxica previa coa que se percibe (percíbese e xúlgase á vez), ten, como é habitual na xestión política, unha valoración claramente inferior.

Os servizos privados son os mellor valorados polos galegos (66% de seguridade), aínda que non teñen a importancia dos servizos públicos.

O municipio de residencia ten unha percepción media claramente mellorable (43% de seguridade), que debería ser elevada pola súa proximidade á vida cotiá da xente e pola súa consecuente influencia sobre a percepción global de Galicia, que xa quedou establecida, co obxectivo de elevar a seguridade por encima do 50%.

Se administrativamente o termo exacto é *municipio*, socioloxicamente, é mellor pensar en cidades, vilas e aldeas, e en conglomerados urbanos diversos, como comarcas ou zonas metropolitanas. Pois estes conglomerados ofrécenlle ao individuo (e, polo tanto, pódono facer carente, tamén) un espazo onde instalarse, traballar, estudar, comprar, divertirse, é dicir, basicamente, un espazo de servizos, que funcionarán mellor ou peor, e un espazo de identificación simbólica e de relación social.

O municipio, en Galicia, está peor valorado, por termo medio, que o conxunto de Galicia, con máis da metade dos cidadáns en posicións de risco.

A Xunta ten un importante papel, como factor influente, a través da súa xestión, na percepción dos municipios. Se a Xunta mellora a súa xestión, por cada 10 puntos de mellora da seguridade na percepción da xestión da Xunta, obteremos máis de 2 puntos (máis do 20%) de rendemento en seguridade na percepción do municipio.

Por outra parte, sobre a percepción dos municipios inflúen positivamente ou negativamente certas características destes ou dos cidadáns, ademais das percepcións dos factores. Así, significativamente, a actividade turística (obxectivamente medida) contribúe a unha mellor percepción.

O que falla, principalmente, nas cidades e vilas galegas é o punto crítico do emprego, que se acentúa como problema no medio rural. Pero, en segundo lugar, tamén fallan os servizos públicos e o transporte, cuestións cuxo impacto xa vimos en relación coa percepción da xestión da Xunta.

De maneira que, na medida en que a distribución de competencias o permita e na medida en que a cooperación entre administracións poida facer operativas actuacións de mellora, operar sobre o ámbito local e, en xeral, sobre infraestruturas, especialmente as vinculadas á mobilidade, con especial atención ao emprego, sobre todo nas vilas e nas áreas rurais, é a mellor oportunidade para elevar a percepción de Galicia. En segundo lugar, os servizos deben ser mellorados na súa calidade e eficacia, tanto se son privados como se son públicos, e é posible intervir poñendo o foco sobre a formación das persoas que os prestan.

O municipio ideal é o que, cumprindo a condición necesaria de permitir que a xente gañe a vida, lle ofrece condicións ou elementos de identificación (emblemas, relacións, valores) e lle fai a vida cómoda cuns amplos e bos servizos, cuxa demanda principal se centra cara aos públicos, fonte de percepción máis importante.

Os servizos públicos teñen unha influencia apreciable nas percepcións dos espazos en que se prestan (o marco global de Galicia, o marco local do municipio de residencia, o marco factual da xestión da Xunta).

Globalmente considerados, os servizos públicos teñen unha percepción moderadamente positiva, pero con ampla marxe para a mellora, cunha taxa de risco superior ao 40%.

Na percepción dos servizos públicos inflúen moito o xénero, a idade, os estudos, o hábitat e a identidade: perciben mellor os servizos públicos as mulleres, os maiores, os que non teñen estudos, os hábitats máis pequenos e os que se senten máis españois. En cambio, na percepción da Xunta non hai diferenzas tan claras, pois o prexuízo ideolóxico uniformízao todo, excepto, claro está, cando vemos diferenzas en función da identidade, pois os que se senten máis españois son, con moito, os que peor perciben a xestión da Xunta, baixando o nivel de seguridade ata o 16%, menos da metade que no conxunto.

Nos servizos públicos, a profesionalidade está en primeiro plano, para ben (especialmente) e para mal, seguida da calidade e da eficacia. A percepción dirímese, entón, *no bo facer*, pero, sobre todo, na xeración de seguridade, encarnada en persoas actúantes.

A xestión da Xunta non ten fontes de risco dominantes, salvo se agregamos o rexeitamento global da xestión (moi condicionado ideoloxicamente) e o xuízo negativo aos políticos (ideolóxico, igualmente). Hai diversas cuestións concretas entre as que se dispersa o risco: infraestruturas-transporte, economía... Ten interese ver que os servizos públicos aparecen cun 10% do impacto negativo, incidindo en que si teñen peso en percepcións máis globais (Galicia, xestión), peso que, polo que se refire a Galicia, aparece directamente, en parte, e indirectamente, como aquí, a través da xestión. Outro elemento con algún peso negativo é o (in)cumprimento do prometido, que debemos destacar, pero non polo seu impacto actual, que é relativamente baixo, senón pola súa capacidade para producir impacto, que é a máis alta entre as fontes desagregadas de percepción.

A seguridade na percepción da Xunta si ten un elemento dominante, que é o de *infraestruturas-transporte*, cun 55% do impacto positivo total. Así, as obras e a mobilidade veñen ser feitos e símbolos do pulo público ao desenvolvemento e ao benestar.

Hai, por tanto, unha demanda implícita de calidade nos servizos, focalizada especificamente sobre as persoas que os prestan, mostrando que as políticas de promoción da calidade seguen a ter un espazo de acción e que deben centrarse, quizais, na formación para o servizo.

Dito isto, non debemos perder de vista que, por unha banda, o espazo local é o factor máis influente na percepción global de Galicia, polo que calquera actuación, incluída a actuación sobre os servizos, debe articularse en boa parte nese espazo e, por outra banda, é na percepción dese espazo local onde vemos maior impacto dos servizos.

Os servizos públicos forman parte, por outro lado, e parte moi importante, do balance fiscal (recíbese máis, menos ou de acordo co que se paga), que ofrece uns resultados moderadamente negativos. Se sumamos o saldo positivo e o equilibrado, este agregado oporíase ao saldo negativo cun valor do 42% fronte ao 48%. É dicir, domina o saldo negativo, pero non totalmente.

Tratando de observar a asociación entre percepción e balance fiscal, con carácter xeral podemos ver que a *seguridade* e o *risco* están claramente polarizados na súa asociación ao balance fiscal. E, efectivamente, isto mostra unha clara asociación entre percepción e balance fiscal: baixo o suposto de que, xeralmente, á xente non lle gusta pagar impostos, parece razoable afirmar, con estes datos na man, que, como cabía esperar e como desexaría calquera xestor público responsable que sucedese, que un servizo público ben percibido reconcilia os cidadáns coa carga fiscal.

En canto aos servizos privados, ten interese constatar que, prezos á marxe, que sempre son fonte de risco, todo xira, para ben e para mal, en torno á profesionalidade en primeiro termo (compoñente con maior capacidade para producir impacto e o que máis impacto positivo produce) e á calidade en segundo. Nisto parécese moito aos servizos públicos, poñendo por diante sempre o persoal actuante, que encarna o servizo e os seus valores, aínda que aquí irrompe, ademais, a oferta, como elemento relevante. É destacable que na oferta todo o peso se concentra sobre a *variedade*, correlato da fantasía de elección ilimitada do consumidor.

Hai, polo tanto, unha demanda implícita de calidade nos servizos, focalizada especificamente sobre as persoas que os prestan, mostrando que as políticas de promoción da calidade seguen tendo un espazo de acción e que deben centrarse, quizais, na formación para o servizo.

Será conveniente contrastar no futuro a diferenza entre servizos públicos e privados, pois hai un punto de diferenza a favor do transporte privado, 0,8 puntos a favor da sanidade privada e, aínda que a comparación da educación non é posible por falta de base na educación privada, o valor (a título puramente indicativo) é tamén favorable ao servizo privado. Certamente, hai que relativizar estes datos atendendo ao uso, que é moito máis alto nos servizos públicos, para todos os servizos citados na comparación.

Para unha xestión segmentada, que teña en conta a diversidade de públicos aos que se ten que dirixir a intervención da Administración, cómpre ter en conta que os elementos que sustentan as posicións de risco e de seguridade para cada un dos obxectos sobre cuxa percepción tomamos medidas se comportan de forma discriminada, que se pode comprender atendendo á súa relación co mapa sociodemográfico da mostra estudada.

Unha visión sintética e comparada pode verse no seguinte cadro, no cal, axudándonos de cores, tratamos de sinalar as diferenzas máis acusadas reducíndoas a grandes dimensións.

Así, a cor verde sinala o factor económico nos espazos para vivir, en tanto que a cor vermella o fai cos elementos relativos á identidade dos citados espazos; os servizos públicos están marcados en azul, o que se refire á mobilidade en amarelo, a seguridade (cidadá) en negra, a calidade de vida, en tipografía sen resaltar, e con outra cor sinálanse, tanto nos espazos para vivir como nos servizos e a xestión da Xunta, os políticos; por último, en relación cos servizos e a xestión da Xunta, ademais, distínguese o factor persoal en vermello escuro, as condicións económicas en amarelo escuro, a oferta en gris, incluíndo os recursos que se poñen en xogo (equipos, instalacións), quedando sinalados sen cor os elementos que teñen que ver coa actuación (calidade, eficacia, e, en canto á Xunta, os xuízos xerais sobre a xestión).

Do xeito máis sintético posible, como conclusión máis xeral, e asemade con interese operativo, podemos dicir que formas de integración na comunidade –elementos que non están necesariamente vencellados a unha identidade politizada nun sentido nacionalista, pero si capaces de produciren vinculación, pertenza, con alto valor simbólico (contorno natural, contorno social, vínculos persoais)–, o son case todo para a boa percepción de Galicia. Sentirse ben en Galicia susténtase fundamentalmente neste tipo de factores, e isto é certo para todos os grupos sociais, por máis que poidamos sinalar diferenzas significativas entre eles.

En sentido contrario, os problemas económicos, sexa o nivel xeral de desenvolvemento económico, sexa o emprego, tamén en todos os grupos sociais, non sen diferenzas entre eles, constitúen o factor con máis impacto no risco asociado á deficiente ou mala percepción de Galicia.

No medio desta polarización, que vén debuxar un país dividido entre o risco e a seguridade, do que uns galegos, os que o perciben ben, destacan virtudes esenciais, non continxentes (cómo é, cómo somos), mentres que para outros o mesmo o país bótao relativamente a perder algún tipo de déficit económico, xeral ou de emprego, os servizos públicos constitúen unha área de especial interese, xa que o seu impacto, sendo menor e máis localizado, é negativo e continxente, é dicir, modificable. Correspóndelle á xestión pública e aos actores mellorar os servizos, a oferta e a actuación. Lembremos, neste sentido, a demanda, implícita na percepción, de servizos sociais para maiores (grupo de pensionistas e amas de casa; persoas maiores en xeral) e a demanda de máis servizos públicos nas idades de 25 a 34 anos, probablemente de natureza ben diferente, por seren idades tipicamente reprodutivas e tamén de entrada no mercado de traballo, pois tamén esta demanda é dos parados.

FONTES DIFERENCIAIS DE RISCO E DE SEGURIDADE		Área da xuventude	Transición xuventude-ocupación	Área da ocupación	Transición ocupación-inactividade	Área da inactividade
Galicia	Fontes de risco	- Economía, emprego - O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Servizos públicos insuficientes - Vivenda	- Economía, emprego - Infraestruturas, transportes	- Economía, desenvolvemento económico	- Servizos sociais para maiores
	Fontes de seguridade	- O contorno natural (identidade)		- Economía - Identidade		- Identidade
	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Vivenda	- Seguridade - Xestión pública		- Servizos públicos - Economía, emprego
CCAA	Fontes de seguridade	- Calidade de vida - Economía	- Calidade de vida	- Economía - Contorno natural (identidade)		- Vinculos persoais (identidade)
	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía	- Seguridade	- Vinculos persoais (identidade) - Seguridade - Contorno social (identidade) - Os políticos
	Fontes de seguridade	- O contorno natural e social (identidade)	- O contorno natural (identidade) - Economía, emprego	- Economía, emprego		- Vinculos persoais (identidade) - Desenvolvemento económico - Calidade de vida
Municipios	Fontes de risco	- O contorno, a xente (identidade)	- Economía, emprego - Infraestruturas, transportes	- Infraestruturas, transportes - Economía, emprego - Servizos públicos		- Economía, emprego - O contorno, a xente (identidade) - Os políticos
	Fontes de seguridade	- O contorno, a xente (identidade)	- Servizos públicos	- Marco urbano (identidade) - Contorno natural (identidade)		- Vinculos persoais (identidade)

Servizos públicos	Fontes de risco	- Eficacia en transportes - Oferta de servizos		- Calidade - Oferta - variedade - Condicións económicas, prezos	- Persoas, profesionalidade - Eficacia na sanidade pública - Calidade
	Fontes de seguridade	- Calidade, Eficacia, - Equipos - instalacións, Oferta	- Calidade	- Eficacia	- Persoas, profesionalidade
Servizos privados	Fontes de risco	- Persoas, profesionalidade - Calidade	- Persoas, profesionalidade - Oferta - variedade - Instalacións, equipamento	- Instalacións, equipamento - Condicións económicas, prezos - Oferta - Eficacia	- Condicións económicas, prezos
	Fontes de seguridade	- Eficacia - Oferta, variedade - Condicións económicas, prezos	- Calidade - Condicións económicas, prezos	- Calidade	- Persoas, profesionalidade
Xestión Xunta	Fontes de risco	- Calidades políticas dos líderes - Xestión da educación	- Política de emprego - Política de vivenda	- Calidades persoais dos líderes - Política social - Política de vivenda	- A xestión en xeral - Os políticos - Incumprimento de promesas - Política social
	Fontes de seguridade	- Xestión económica	- Infraestruturas - transportes - Xestión medioambiental	- Xestión económica - Xestión en educación - Política social - Infraestruturas - transportes	- A xestión en xeral - A xestión medioambiental - Política social

4. IDEOLOXÍA, OPINIÓ SÓBRE A XESTIÓN E OS SERVIZOS PÚBLICOS, ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS E INTERESE POLA POLÍTICA



Neste capítulo imos analizar a parte do noso cuestionario que fai referencia a cuestións ideolóxicas e de avaliación da xestión da Xunta de Galicia, do goberno central e dos concellos. Tamén trataremos o funcionamento dos servizos públicos e o grao de interese e información que a sociedade galega manexa sobre as actividades dos distintos niveis de goberno.

Dividimos o capítulo en catro partes claramente diferenciadas: a primeira fai referencia á ideoloxía, a segunda á avaliación da xestión, a terceira aos xuízos dos cidadáns sobre servizos públicos e a cuarta ao nivel de interese e información sobre política.

1. Na primeira epígrafe analizarase a ideoloxía como elemento autónomo, isto é tomándoa como variable dependente dunha serie de variables socioeconómicas. Neste caso, o estudo sobre a ideoloxía atende tanto á propia ideoloxía do suxeito, como á percepción que este último posúe sobre diferentes actores políticos. Na medición da primeira delas, fixémonos no autopoñemento dos enquisados en dous tipos de escalas: a escala ideolóxica clásica esquerda-dereita e a que mide o grao de nacionalismo.

Na segunda, estúdase a proxección ideolóxica (nas escalas esquerda-dereita e nacionalismo–non nacionalismo) que os galegos fan dos partidos políticos e da Xunta de Galicia. É dicir, preguntouse a que lle atribúen maior importancia os suxeitos para distinguir aos partidos: co seu posicionamento na escala esquerda-dereita ou na escala nacionalismo–non nacionalismo. Tamén se pediu o posicionamento do Goberno galego nestas dúas escalas.

Ademais, incluímos unha pregunta sobre a identidade territorial dos enquisados, analizando a súa proximidade a España ou a Galicia.

2. O labor desempeñado pola Xunta de Galicia será analizado, en primeiro lugar, desde unha perspectiva comparada. Isto é, tendo en conta a opinión que os galegos teñen sobre a xestión do goberno central e dos concellos, en comparación coa Xunta de Galicia. Nun segundo momento, e xa tendo en conta unicamente o goberno rexional, coñeceremos a puntuación que a cidadanía lle outorga á Xunta nos apartados de honestidade, capacidade de goberno, cumprimento de promesas e relación co pobo galego.

3. Na epígrafe sobre servizos públicos analizaremos o xuízo retrospectivo (últimos dous anos) que os galegos realizan sobre o funcionamento dos principais servizos públicos. Tamén nos interesou coñecer a que nivel de goberno (nacional, autonómico ou local) lle atribúe a cidadanía a responsabilidade na xestión dos servizos públicos máis importantes.

4. A última das nosas epígrafes dará conta do interese pola política autonómica, nacional e local que ten a sociedade galega. De forma paralela, interrogamos aos nosos enquisados acerca do nivel de información que manexan sobre a actividade dos diferentes gobernos que operan ao seu redor. A ideoloxía e a identidade.

A ideoloxía no noso cuestionario mediuse, en primeiro lugar, a través da clásica escala en que o individuo pode situarse nalgún punto entre a extrema esquerda e a extrema dereita. Pero tamén damos cabida aquí a outra medición que pretende comprobar a intensidade do nacionalismo. É dicir, o grao en que a persoa se aproxima á ideoloxía nacionalista, nunha escala que vai de 0 a 10.

Completando este apartado, analízase a identidade territorial dos suxeitos, nunha pregunta con catro opcións de resposta: unicamente español, máis español que galego, tan español como galego, máis galego que español ou unicamente galego. Preténdese así obter información sobre outra dimensión importante na percepción política dos entrevistados.

Como puido comprobarse en capítulos precedentes, utilizamos o sentimento identitario–xunto con outras variables clásicas como o sexo, a idade, o hábitat, o nivel de estudos...– para analizar dunha maneira máis certa a percepción de Galicia, do municipio de residencia, dos servizos (tanto públicos como privados) e da xestión da Xunta de Galicia.

Porén, esta variable, coas de ideoloxía, ten en si unha entidade o suficientemente importante como para que dediquemos un apartado a estudalas, xa non como factores da percepción, senón de maneira autónoma, tratando de comprender mellor a sociedade galega. A isto dedicamos este apartado.

Con esta intención revisaremos a ideoloxía dende dúas perspectivas: por un lado, fixándonos no autopoñemento ideolóxico nas escalas de esquerda-dereita e nacionalismo, así como na definición da súa identidade; por outro, avaliando a localización que os individuos realizan dos partidos políticos e da Xunta de Galicia nos dous mencionados eixes.

Para estudar a ideoloxía imos ter en conta unha serie de variables socioeconómicas, como son o sexo, a idade, o nivel de estudos, a ocupación, a categoría profesional, a posición que o individuo ocupa no fogar, o hábitat e a provincia de residencia.

Como prometiamos ao inicio deste capítulo, para estudar de modo integral a ideoloxía, o noso enfoque atende a dous aspectos:

- Un primeiro describirá o seu autopoñemento nas escalas esquerda-dereita e nacionalismo–non-nacionalismo, e analizará a identidade dos individuos.
- Un segundo consistirá no estudo da proxección que este fai da ideoloxía nos partidos políticos e na Xunta de Galicia.

1. Ideoloxía e identidade

En primeiro lugar, e no que a autopoñemento ideolóxico esquerda-dereita se refire, hai que destacar que o que observamos en Galicia se achega moito á tendencia xeral das democracias occidentais avanzadas: a poboación tende a ocupar o punto medio da escala ideolóxica, afastándose dos extremos.

Os galegos sitúanse no punto 4,85 nunha escala de 0 a 10, sendo 0 a extrema esquerda e 10 a extrema dereita, co que demostran que non son unha excepción, senón que confirman a hipótese da moderación ideolóxica anteriormente enunciada. Pero esta circunstancia non nos impide encontrar algunhas pautas interesantes e peculiares da sociedade galega que pasamos a describir a continuación.

Tendo en conta os valores medios, as mulleres sitúanse lixeiramente máis centradas que os homes, aínda que a diferenza é mínima. As galegas sitúanse no 4,90 e os galegos no 4,81.

Como pode verse, a poboación no seu conxunto autopoñese lixeiramente á esquerda do espectro ideolóxico (4,85).

Tamén hai algunhas diferenzas se temos en conta a idade, xa que os novos, como vén sendo habitual, se autodefinen lixeiramente como máis de esquerda que aqueles que teñen máis idade. Establecemos seis categorías de idade, que son as seguintes:


Franxas	Xuventude			Mediana idade		Vellez
	1	2	3	4	5	6
Idade	16-24	25-29	30-34	35-44	45-59	60 ou máis
Posición	4,51	4,47	4,77	4,53	4,96	5,35

Se consideramos, por exemplo, que a xuventude abrangue as tres primeiras franxas de idade, que a mediana idade inclúe a cuarta e a quinta, e que a vellez se corresponde coa sexta, podemos observar unha tendencia moi clara aínda que con algúns altibaixos:

A maior idade, maior desprazamento dos individuos cara a posicións máis conservadoras.

Así, os individuos situados máis á esquerda son aqueles que teñen entre 25 e 29 anos (segunda franxa de idade), seguidos dos máis novos (16-24). Cando se alcanza a trintena, os valores son moi similares, e só será a partir dos 45 anos cando se produza un progresivo achegamento a posicións máis conservadoras.

O punto álxido alcánzase na franxa de maior idade, único momento en que os entrevistados se declaran de dereita (5,35), tal e como mostra o seguinte gráfico:




O nivel de estudos inflúe no autopoñemento ideolóxico dunha maneira moi concreta e constante, aínda que hai que ter en conta que nos encontramos ante valores, unha vez máis, moi centrados.

A tendencia observada é que a maior nivel de estudos, maior orientación cara á esquerda.

Así, as persoas que non cursaron ningún tipo de estudos autopoñen-se claramente cara á dereita da escala (5,8), mentres que os de estudos secundarios se sitúan xa á esquerda (4,66) e os universitarios son o grupo máis esquerdista (4,41).

En canto á ocupación, á esquerda sitúanse os estudantes (4,57) e á dereita as amas de casa (5,28) e os pensionistas (5,22). No referente a estudantes e pensionistas, probablemente estea actuando a idade, xa que é lóxico pensar o importante peso que teñen os mozos no sector dos estudantes e os maiores no dos xubilados.



O dato máis interesante é o das amas de casa, que ocupan a posición máis conservadora, superando mesmo os pensionistas.

Esta posición máis escorada das amas de casa cara á dereita quizais podería deberse ás súas propias características: un colectivo algo maior cá media de idade, con poucos estudos e non activo.

Por outro lado, os ocupados, os estudantes e os parados comparten valores moi similares, algo situados á esquerda. No caso dos parados, esta postura lixeiramente esquerdista podería estar relacionada co feito de que gozan dalgún tipo de prestación social que ofrece o estado de benestar, claramente asociado con políticas socialdemócratas, de centro-esquerda; porén, os nosos datos non nos permiten comprobar de maneira inequívoca esta hipótese.

As categorías socioeconómicas que imos ter en conta son, por orde de rango, as seguintes:

- Decisores
- Supervisores técnicos
- Autónomos non-expertos
- Empregados non-manuais
- Empregados manuais
- Non-clasificados


Os valores entre as diferentes categorías non difiren demasiado, oscilando entre os máis situados á esquerda –os decisores (4,56)– e todos aqueles individuos que, pola súa dispersión, incluímos na categoría *caixón dexastre* de non-clasificados (4,98).

Esta categoría está composta por todos aqueles individuos que se encontran fóra do mercado de traballo, isto é, os estudantes, amas de casa e pensionistas, que analizamos hai un momento e dos que, polo tanto, coñecemos xa as súas inclinacións.

A distribución ideolóxica tendo en conta a posición que o individuo ocupa no fogar concorda cos datos xa analizados mediante a idade e a ocupación.

A persoa principal do fogar mostra un autopoñemento ideolóxico que case concorda coa posición da mostra xeral (4,87), mentres que os cónxuxes (5,01) e os descendentes (4,70) se sitúan a ambos os lados do cabeza de familia.

**LOCALIZACION MEDIA pensando en ESQUERDA - DEREITA
segundo CATEGORIA SOCIOECONÓMICA e POSICION NO FOGAR**



Cómpre ter en conta que moitos dos cónxuxes son mulleres e amas de casa ao mesmo tempo, dous colectivos que, como vimos, se sitúan máis claramente no centro-dereita.


Os descendentes seguramente sexan tamén novos, o que podería explicar, polo menos en parte, que sexa este colectivo o que ofrezca o valor máis situado á esquerda (4,70). A idade podería tamén explicar a posición claramente de centro-dereita (5,19) da categoría “outras”, xa que seguramente sexa aquí onde se concentren as persoas de maior idade e os pensionistas.

No medio rural (vilas de ata 5.000 habitantes) alcázase un valor claramente de centro-dereita (5,15), pero estas cifras van descendendo, isto é, penetrando no centro-esquerda conforme o hábitat aumenta, acadando o valor máis esquerdista nas pequenas cidades (entre 10.001 e 50.000 habitantes). Nas grandes urbes estes valores repuntan unhas décimas ata descender ao 4,81.

Así, o debuxo da distribución ideolóxica por hábitat comeza no punto máis alto e, a partir de alí, descende de maneira constante ata que no outro extremo, o das grandes cidades, experimenta un leve repunte. A pesar deste aumento, a conclusión é clara:

No medio rural a ideoloxía é máis conservadora que no medio urbano.

**LOCALIZACION MEDIA pensando en ESQUERDA - DEREITA
segundo HABITAT e PROVINCIA**



Para terminar de analizar a ideoloxía esquerda-dereita, faremos unha breve descrición provincial moi relacionada co que acabamos de comentar sobre o hábitat.

As provincias da Coruña e Pontevedra –máis urbanas e poboadas– sitúanse no 4,79 e 4,75 da escala esquerda-dereita respectivamente, e as máis rurais de Lugo e Ourense no 5,05 e o 5,14. A tendencia, aínda que non moi abrupta, parece clara.

A segunda dimensión da ideoloxía proposta neste estudo é a que ten en conta o grao e intensidade dos sentimentos nacionalistas da poboación. No noso cuestionario medímolos a través do autopoñemento do individuo nunha escala de 0 a 10 na que o valor 0 significa que o enquisado non é nada nacionalista e 10 que acadou o grao máximo de nacionalismo.

En primeiro lugar, hai que dicir que a poboación galega tomada no seu conxunto se sitúa no punto 4,37 da escala, isto é, lixeiramente inclinada ao non-nacionalismo.


De feito, o único dato que supera a fronteira do 5 e que pode comezar a considerarse como lixeiramente nacionalista é o dos estudantes. Vaiamos por partes.

As mulleres son un pouco máis nacionalistas (ou menos non-nacionalistas, se se prefire) que os homes, e os novos que os maiores, con algunha tendencia interesante.

A franxa que consideramos xuventude (16-24, 25-29 e 30-34), no seu conxunto, ofrece valores moi parecidos aos que situamos na mediana idade (35-44 e 45-59). Os máis maiores, porén, son os que puntuaban máis baixo na escala do nacionalismo, tal e como podemos observar nos seguintes gráficos:

Franxas	Xuventude			Mediana idade		Vellez
	1	2	3	4	5	6
Idade	16-24	25-29	30-34	35-44	45-59	60 ou máis
Posición	4,90	4,78	4,01	4,88	4,22	3,75
Media	4,56			4,55		3,75

LOCALIZACIÓN MEDIA pensando en NON NACIONALISTA - NACIONALISTA segundo SEXO e IDADE




O dato máis claro respecto á idade é, polo tanto, o dos maiores (60 e máis anos) xa que son os que menos nacionalistas se declaran (3,75).

Como dicimos máis arriba, o único momento en que se traspasa a barreira do autopoñemento 5 e, polo tanto, podemos falar de individuos “algo nacionalistas”, é co grupo dos estudantes (5,05).

A outra cara da moeda represéntana, como parece lóxico, os xubilados, que ofrecen o valor medio (3,66) máis baixo de todos na escala de nacionalismo.

Estes dous datos son congruentes cos da idade: os máis novos, xeralmente estudantes, son máis nacionalistas (ou menos non-nacionalistas), en comparación cos demais estratos da sociedade galega.


Os máis vellos, xeralmente xubilados, declaran ser menos nacionalistas que as demais categorías, quizais xustamente pola súa avanzada idade.



Tendo en conta a categoría profesional do enquisado, apenas se pode distinguir unha tendencia clara, con valores moi próximos á media da poboación tomada no seu conxunto.


Con só unhas décimas de diferenza, os empregados manuais (4,70) e os supervisores técnicos (4,69) son os grupos profesionais máis nacionalistas (sempre tendo en conta que non traspasan o 5 na escala), mentres que son os autónomos non-expertos os que se consideran menos nacionalistas (4,04).

Estas tendencias vense dun modo máis claro se temos en conta a posición do individuo no fogar. Os cabezas de familia son os menos nacionalistas (4,02) e os descendentes son os que máis se acercarian a unha postura nacionalista (4,67).



Os datos de hábitat e provincia non permiten identificar unha tendencia clara en canto á distribución da ideoloxía nacionalista. Os valores oscilan entre o 4,88 de autopoñemento na escala de nacionalismo daqueles que viven en concellos de non máis de 10.000 habitantes e o 4,17 dos que habitan naqueles municipios de entre 10.001 e 50.000 habitantes.

Os datos provinciais tampouco revelan tendencia ningunha. É dicir, o hábitat tomado no seu conxunto non inflúe demasiado na variable ideolóxica nacionalismo, tal e como podemos observar no seguinte gráfico.



Complementaria á pregunta sobre o autopoñicionamento ideolóxico, o noso cuestionario inclúe outra que, como adiantamos ao principio desta epígrafe, interroga o enquisado directamente polo tipo de identidade territorial que manifesta.

Existen varias opcións de resposta posibles que pasamos a recordar a continuación: o individuo pode declararse unicamente español, máis español que galego, tan español como galego, máis galego que español ou unicamente galego. Como adoita suceder neste tipo de preguntas, o groso dos enquisados sitúase masivamente na categoría intermedia (sintome tan español como galego).

Para analizar os individuos que si declaran algún tipo de identificación depuramos e recodificamos a pregunta do noso cuestionario agrupando aqueles que se declaran como unicamente españois ou máis españois que galegos nunha única categoría (identificados con España) e os que se confesan máis galegos que españois ou unicamente galegos tamén nunha única categoría (identificados con Galicia).

O obxectivo de tal recodificación é aumentar o volume da mostra e simplificar a análise. No entanto, tamén utilizaremos os datos desagregados segundo o tipo de explotación de datos que realicemos en cada momento.

IDENTIDADE DEPURADA E RECODIFICADA	
IDENTIDADE	%
Máis españois que galegos + Só españois	8,3
Máis galegos que españois + Só galegos	26

Desta maneira, os resultados son: o 26% dos enquisados identificaríase con Galicia, mentres que o 8,3% estaría máis identificado con España.

Utilizamos agora, para precisar en maior medida, os datos desagregados, mantendo as categorías iniciais da pregunta.

Tendo isto en conta, hai que dicir que, daqueles individuos que se identifican con Galicia (26%), o 20% se sente máis galego que español e só o 6% nega calquera tipo de identificación con España e se define como unicamente galego.


Do lado dos identificados con España –moitos menos, como vimos– a intensidade encóntrase repartida case por igual entre os que se senten unicamente españois (4%) e os que se senten máis españois que galegos (4,3%).

Pasamos agora revista á identificación con Galicia e España tendo en conta as variables socioeconómicas clásicas.

O sexo do entrevistado é a primeira delas. As mulleres están lixeiramente máis centradas que os homes, xa que mentres que o 66% das galegas di sentirse tan española como galega, a porcentaxe dos seus compañeiros homes descende ata o 61%.

Hai que falar tamén aquí da maior tendencia das mulleres a situarse nas franxas de maior identificación con Galicia, cando, no caso dos homes, hai un peso maior da identificación con España. Se temos en conta a primeira división establecida (entre os que din ser “máis españois” e os que se consideran “máis galegos”), daqueles que se senten máis españois que galegos (8% da mostra total), o 65% son homes e só o 35% son mulleres. Ao contrario, de entre os que se senten máis galegos que españois (26%) o 53% son mulleres e o 47% homes.

Por idade, a maior parte dos enquisados de todas as idades sitúase principalmente en dúas categorías: “sintome tan español como galego” e “sintome máis galego que español”. Pero a tendencia destas dúas categorías é inversa: por un lado, a identificación “tan español como galego” describe unha curva constantemente ascendente conforme a idade do entrevistado aumenta, mentres que descende a identificación co sentirse máis galego a medida que incrementa a idade do entrevistado.




Analizando os estudos e a ocupación dos entrevistados, a tendencia tamén é á concentración no punto central e na categoría “máis galego ca español”, aínda que, neste caso, sensiblemente inferior que cando se ten en conta o sexo do entrevistado.

Conforme o nivel de estudos aumenta (pasa de primarios a secundarios e despois a universitarios), o volume daqueles que se define como “tan galego como español” descende. É dicir:

A maior nivel de estudos, maior identificación con Galicia.

Pero ¿cara a onde se dirixe a identificación daqueles enquisados con maior nivel educativo? A resposta non é nada fácil xa que non hai unha tendencia claramente definida.

A categoría “sintome máis galego que español” aumenta co paso de estudos primarios a secundarios, pasando do 19% ao 24%, pero descende cando se alcanza o nivel universitario. Só o 21% dos universitarios se considera “máis galego ca español”.




Por ocupación, o colectivo das amas de casa é o que máis se sente “tan español como galego” (70%), seguidos dos pensionistas (69%), dos parados (63%) e dos ocupados (62%). Pola contra, os estudantes (53%) son os que menos se identifican coa categoría “tan español como galego”.

Pode observarse a complementariedade destes datos de ocupación cos de sexo e idade: os máis novos, xeralmente estudantes, son os que máis galegos se senten, aínda que sempre primando a categoría “máis galego que español” (34%) sobre a de “unicamente galego” (7%).

Tendo en conta a categoría socioeconómica a que pertence o enquisado, chama a atención a porcentaxe de decisores que se declaran “unicamente españois” (13%). Porén, este dato dista de resultar revelador e representativo da sociedade galega no seu conxunto e probablemente teña a súa razón de ser no reducido número da mostra para esta categoría. Polo tanto, debe ser tomado con moita precaución e non debe levarnos a sacar conclusións precipitadas: parece describir unha tendencia que non estamos en condicións de confirmar.


Os que se senten principalmente tan españois como galegos son, por orde, os non-expertos (70%), seguidos dos decisores (66%), os empregados non manuais (63%), os supervisores técnicos (57%) e, por último, os empregados manuais (58%). En canto a aqueles que din ser máis galegos que españois, destacan os empregados manuais (32%) e dos supervisores e técnicos (25%).



Os datos de posición no fogar –como vén sendo xa habitual– non fan máis que confirmar a tendencia xa observada a través doutras variables de cabeceira: os descendentes (seguramente máis novos e, en gran proporción, estudantes) son os que se senten máis galegos (31%), e os cónxuxes defínense en maior medida tan españois como galegos (68%), aínda que non son o colectivo que menos galego se sente (posición que ocupa a categoría “outras”-13%- , composta maioritariamente por xubilados e anciáns).

As últimas variables de cabeceira analizadas aquí serán o hábitat e a provincia. Nos concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes é menor o sentirse galego que nos demais municipios (17%), mentres que son os que viven en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes onde máis galegos se senten (24%). A partir de 10.001 habitantes, medra a porcentaxe dos que din ser tan españois como galegos (66% nos concellos de 10.001 a 50.000 habitantes e 64% nos maiores de 50.001).

Por provincias apenas se observan diferenzas entre A Coruña, Ourense e Pontevedra na categoría “máis galego que español”, excepto para o caso de Lugo, cun 23% de persoas que din sentirse máis galegas que españolas.



1. A ideoloxía dos actores políticos

Fixáramonos agora na posición ideolóxica (esquerda-dereita e nacionalismo–non nacionalismo) que atribúen os galegos a dúas das institucións máis importantes dentro dun sistema democrático: os partidos políticos e o poder executivo rexional ou autonómico, neste caso, a Xunta de Galicia. Para iso empréganse tres variables: por un lado, pídeselles aos entrevistados que indiquen a que conceden máis relevancia á hora de distinguir os partidos políticos: o eixo esquerda-dereita, o eixo nacionalista, os dous por igual ou ningún dos dous. Por outra parte, pregúntaselles pola localización do goberno galego nas escalas de esquerda-dereita e de nacionalismo.

No que aos partidos políticos se refire, o dato máis revelador é o alto número de cidadáns que se acollen á opción “Non sabe / Non contesta” (24%). Tamén hai que ter en conta que algo máis do 19% dos enquisados responde que nin o eixo esquerda-dereita nin o de nacionalismo–non-nacionalismo son importantes á hora de distinguir os partidos políticos.

Os cidadáns que si se decantan por algunha das dúas escalas propostas para diferenciar aos partidos políticos constitúen o 47% da mostra, distribuída do seguinte modo: o 36% do total decántanse pola escala esquerda-dereita e o 11% pola nacionalista.

Parece claro, entón, que é a ideoloxía esquerda-dereita a fonte de distinción entre partidos políticos máis importante para os galegos.

Estes datos case non ofrecen diferenzas entre sexos; se acaso podemos observar unha lixeira tendencia por parte dos homes a sinalar en maior medida que as mulleres que nin o eixo esquerda-dereita nin o nacionalismo–non-nacionalismo son válidos para diferenciar aos partidos políticos (20% fronte ao 18% de mulleres).

As mulleres, en cambio, son máis proclives que os homes a recoñecer que non saben contestar ou, simplemente, a non facelo (31% fronte a 17%). No radical, porén, non hai demasiadas diferenzas entre sexos.


De entre os que contestan que é o eixe ideolóxico esquerda-dereita o máis importante para diferenciar as distintas formacións políticas do sistema de partidos galego, son os máis novos (35%) e os máis vellos (33%) os que menores porcentaxes ofrecen, coa excepción dos que teñen entre 25 e 29 anos (34%).

Esta tendencia podería deberse, en canto aos máis novos, á súa menor socialización política, debido á súa curta experiencia. No tocante aos máis vellos, a causa podería ser o feito de ter vivido parte da súa vida nun sistema político autoritario en que non só non se permitía, senón que se desincentivaba calquera tipo de participación e cultura política, tal e como demostrou amplamente a bibliografía especializada no tema.


Probablemente relacionado co anterior obsérvase que é o grupo dos máis anciáns –seguido do dos máis novos– o que en maior proporción se sitúa na opción “Non sabe / Non contesta” (35% e 23%, respectivamente).

O nacionalismo é sinalado en maior medida como fonte de diferenciación entre os partidos políticos nos dous grupos de idade máis novos (16-24, 22% e 25-29, 23%), aínda que moi por detrás do eixe esquerda-dereita (35% e 34%, respectivamente).

Son moitos menos, en cambio, os entrevistados cunha idade comprendida entre os 35 e os 60 e máis anos os que consideran o nacionalismo como a mellor forma de diferenciar as opcións partidistas.



Distribución IDENTIFICACIÓN PARTIDOS POLITICOS segundo ESTUDOS e OCUPACIÓN



A medida que o nivel de estudos da poboación aumenta, a importancia do eixe esquerda-dereita á hora de diferenciar os partidos políticos tamén aumenta, pasando do 35% dos individuos con estudos primarios ao 39% dos que terminaron os secundarios e ao 45% dos universitarios.


A tendencia no eixe nacionalista tamén é crecente (do 5% “sen estudos” que o consideran un factor importante para distinguir entre partidos políticos ata o 15% dos que teñen estudos secundarios), excepto na última categoría, a dos universitarios, no que se experimenta un descenso (12%).

Os estudantes son o colectivo que, cun 43%, sinalan o eixe esquerda-dereita como o máis importante para diferenciar os principais actores do sistema de partidos galegos, seguidos de ocupados e parados (ambos cun 37%). Os valores máis baixos acádanos os pensionistas (34%) e, sobre todo, as amas de casa (30%).

O eixe nacionalista téñeno en conta en maior grao os estudantes (22%) e en menor as amas de casa (8%) e os pensionistas (4%).

A categoría socioeconómica apenas ofrece diferenzas entre aqueles enquisados –a maioría– que consideran que é o eixe esquerda-dereita o máis importante á hora de distinguir os diferentes partidos políticos. Os valores oscilan entre o 39% dos supervisores técnicos e o 33% dos empregados manuais.

Onde si se encontran máis diferenzas é entre aqueles que sinalan o eixe nacionalismo–non nacionalismo como o máis importante na diferenciación partidista. Os empregados manuais (19%) e os autónomos non-expertos (17%) son os que, en maior medida, outorgan maior relevancia a este eixe de diferenciación, fronte aos supervisores técnicos (7%) e decisores (10%), que son as categorías socioeconómicas que menos o sinalan como fonte de diferenciación.




A persoa principal do fogar ou cabeza de familia é o grupo que máis destaca o eixe esquerda-dereita como diferenciador dos partidos políticos (38%), seguido dos descendentes (36%). Este último tamén é o colectivo que en maior medida sinala o grao de nacionalismo como a diferenciación principal entre partidos (17%), circunstancia esta asociada, seguramente, á súa menor idade.

No polo oposto están os cónxuxes (8%) e a propia persoa principal (9%). Os cónxuxes son tamén o colectivo que máis se abstén ou non sabe que contestar (31%).

O hábitat ofrece unha tendencia clara á hora de sinalar o eixe esquerda-dereita como crucial na diferenciación dos partidos políticos:

Canto máis urbano é o contorno, maior importancia se concede ó eixo esquerda-dereita para diferenciar aos partidos.



O 30% dos que viven nun concello inferior a 5.000 habitantes sinala o eixe esquerda-dereita como o máis importante para diferenciar os partidos políticos. A partir deste punto as porcentaxes aumentan a medida que o hábitat se fai maior: 34%, 38% e 39%, respectivamente, cando pasamos dos concellos de 5.000 a 10.000 habitantes, aos de 10.001 a 50.000 habitantes e destes ás cidades galegas (máis de 50.000 habitantes).

Tamén é interesante constatar que a porcentaxe de cidadáns que se refuxian na categoría “Non sabe / Non contesta” é máis elevada nos concellos máis pequenos (31%) e sensiblemente menor nos concellos maiores de 50.000 habitantes (18%).

O nacionalismo como factor de diferenciación dos partidos é tido en conta en maior grao tamén nos municipios de máis de 50.000 habitantes (13%), aínda que aquí as diferenzas co hábitat no que a porcentaxe de entrevistados que menciona o nacionalismo como eixe de distinción entre partidos máis importante son mínimas (9% nos concellos de 10.001 a 50.000 habitantes).

Por provincias, claramente son os ourensáns os que máis sinalan o eixe esquerda-dereita como decisivo na diferenciación entre partidos (42%), seguida a certa distancia por Pontevedra (39%). Destaca tamén que o 21% dos coruñeses non se decantan por ningún dos dous eixes e que sexa Lugo a provincia na que máis individuos opten polo socorrido “Non sabe / Non contesta” (33%).

No noso estudo, ademais de lles preguntar aos enquisados sobre o eixe que mellor identifica as diferenzas entre as formacións políticas do sistema de partidos galego, interesounos coñecer a localización que se fai da Xunta de Galicia. Solicitamos que se sitúe o Goberno galego tanto no eixe esquerda-dereita como na escala de nacionalismo.

A poboación no seu conxunto considera que a Xunta de Galicia se situaría no 4,51 nunha escala ideolóxica en que o 0, coma sempre, representa a esquerda máis radical e o 10 a dereita máis extrema.

Hai que recordar, como vimos algunhas páxinas máis atrás, que o autopoñicionamento medio dos galegos se situaba no 4,85, é dicir:

“A poboación galega sitúa a Xunta lixeiramente escorada cara á esquerda con respecto ao seu propio autopoñicionamento”.

	Poboación galega	Xunta de Galicia	Diferenza neta
Autopoñicionamento esquerda-dereita	4,85	4,51	+0,34
Autopoñicionamento nacionalismo–non nacionalismo	4,37	5,39	-1,02

Tamén perciben os entrevistados que a Xunta é máis nacionalista que o son eles, no seu conxunto: mentres que a poboación xeral se sitúa no valor medio 4,37 –sendo 0 nada nacionalista e 10 moi nacionalista– a Xunta de Galicia alcanza o valor medio de 5,39. Así:


O Goberno galego é percibido non só lixeiramente máis escorado á esquerda, senón tamén cara ao nacionalismo.

Os homes sitúan a Xunta un pouco máis á esquerda (4,33) que as mulleres (4,73), mentres que estas a consideran máis nacionalista (5,50) que os seus compañeiros homes (5,30).


Por outro lado, son os máis novos (4,43) e os máis vellos (4,45) os que a consideran máis escorada á esquerda, aínda que as diferenzas co resto de cotas de idade son de apenas unhas décadas.

Os mozos son tamén o grupo de idade que considera que a Xunta de Galicia está máis orientada cara ao nacionalismo, alcanzando unha valoración media do 5,63. Pero novamente as diferenzas coas demais cotas de idade non son relevantes.

**LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en ESQUERDA - DEREITA
segundo SEXO e IDADE**




**LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en NON NACIONALISTA -
NACIONALISTA
segundo SEXO e IDADE**




As persoas sen estudos primarios sitúan a Xunta máis centrada no eixe ideolóxico (4,7) e nacionalista (5,31) que as de estudos secundarios (4,44 e 5,48) e universitarios (4,40 e 5,58). É dicir, a maior nivel de estudos do individuo, máis percepción de que o goberno galego é máis de esquerdas e máis nacionalista.

Os estudantes son o grupo ocupacional que sitúa a Xunta en posicións moderadamente máis extremas, tanto no eixe esquerda-dereita como no nacionalista (4,21 e 5,74, respectivamente). As amas de casa e os parados, pola contra, son os que máis centrada perciben a Xunta no eixe esquerda-dereita (4,7). Os pensionistas e ocupados, por outra parte, consideran máis nacionalista ó goberno galego cás demais categorías de ocupación (5,23 e 5,28, respectivamente).

LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en ESQUERDA - DEREITA segundo ESTUDOS e OCUPACIÓN



LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en NON NACIONALISTA - NACIONALISTA segundo ESTUDOS e OCUPACIÓN




Por categoría socioeconómica, son os decisores os que sitúan a Xunta máis á esquerda (4,12), seguidos de cerca por empregados non-manuais (4,20) e autónomos non-expertos (4,28). O grupo dos supervisores técnicos, polo contrario, é o que sitúa a Xunta nunha posición máis centrada (4,87).


En canto ao nacionalismo, hai que falar do colectivo dos supervisores técnicos, que considera á Xunta máis nacionalista (5,60), fronte ao dos traballadores manuais (4,91) e autónomos non-expertos (5,14).

Con apenas unhas décimas de diferenza, a persoa principal do fogar sitúa a Xunta máis á esquerda (4,36) que os descendentes (4,57) e os cónxuxes (4,66). Tendencia oposta obsérvase na localización do Goberno galego na escala de nacionalismo: os cónxuxes sitúano no 5,54, os descendentes no 5,48 e o cabeza de familia no 5,21.

**LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en ESQUERDA - DEREITA
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA e POSICIÓN NO FOGAR**




**LOCALIZACION MEDIA GOBERNO GALEGO pensando en NON NACIONALISTA - NACIONALISTA
segundo CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA e POSICIÓN NO FOGAR**




Os enquisados que viven nos concellos maiores de 10.001 habitantes sitúan a Xunta de Galicia nunha posición máis esqurdistista na escala ideolóxica esquerda-dereita (4,44 nos concellos ata 50.000 habitantes e 4,33 nos maiores de 50.001 habitantes). Nos municipios de 5.001 a 10.000 habitantes, hai maior tendencia a centrar a posición do Goberno galego (4,97).

Se do que falamos é da localización da Xunta na escala que mide o grao de nacionalismo, a principal conclusión é que non podemos encontrar unha tendencia clara. Se acaso destacar que é nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes onde a consideran máis nacionalista (5,58), e menos nacionalista (5,25) nos máis pequenos (ata 5.000 habitantes).

Coruñeses, lugueses e pontevedreses sitúan o Goberno galego nun punto do eixe ideolóxico esquerda-dereita moi similar (4,44, 4,47 e 4,47, respectivamente). A excepción aquí son os ourensáns, que colocan á Xunta no punto medio de 4,82. A mesma tendencia, pero máis suave aínda, repítese no eixe nacionalista.





2. A xestión da Xunta de Galicia

A valoración da xestión da Xunta de Galicia será comparada aquí coa que os cidadáns galegos lles outorgan ao Goberno central e ao seu respectivo concello. Pedíuselles aos enquisados que puntuasen o labor desempeñado por estas tres institucións tomando como referencia o último ano.

De modo máis específico sobre o Goberno galego, quixemos coñecer a opinión da sociedade sobre a Xunta respecto a catro cuestións fundamentais para toda institución representativa: a honestidade, a capacidade de goberno, o cumprimento das promesas e a relación co pobo galego.

1. A xestión da Xunta de Galicia

O labor desempeñado pola Xunta de Galicia no último ano obtén a nota máis alta de entre os tres executivos obxecto de medición.

A sociedade galega outórgalle unha puntuación do 5,7 ao Goberno autonómico fronte ao 5,4 co que puntúan o Goberno central e os respectivos concellos.

A xestión da Xunta de Galicia é lixeiramente mellor valorada polas mulleres (5,8) que polos homes (5,6), e idéntica tendencia se observa na puntuación que as galegas lle outorgan ao Goberno central (5,5 fronte ao 5,3 dos homes) e ao seu concello (5,5 fronte ao 5,2 dos homes).

As galegas son, pois, algo máis xenerosas que os seus compañeiros homes á hora de avaliar a xestión desempeñada no último ano polos distintos executivos.

Por outra parte, os máis novos (16-34) son os entrevistados que mellor valoran o labor desempeñado no último ano pola Xunta de Galicia, cunha nota media que ascende ao 5,9.

Ao grupo dos máis novos séguelle de cerca o dos que teñen entre 45 e 59 anos, que puntúan a Xunta cun 5,8. Do outro lado da balanza, os que peor nota lle outorgan ao Goberno galego, un 5,6, son todos aqueles cidadáns que teñen entre 35 e 44 anos, que son tamén o único grupo de idade que suspende un executivo, o central, cun 4,9.

A Xunta de Galicia é o executivo mellor valorado en todos os grupos de idade menos en un, o dos cidadáns que teñen 60 ou máis anos. Este colectivo valora máis positivamente ao Goberno central (5,9) que á Xunta (5,7).

O Goberno central e o local acadan valoracións moi similares, ao comparar entre eles, se temos en conta os distintos grupos de idade. Para dous deles, os máis novos e os máis vellos, a puntuación ao Goberno central é superior á que lle outorgan ao concello.

Destaca aquí a puntuación que lle outorga o grupo de máis idade ao Goberno central, un 5,9, a máis alta de todas as rexistradas, tal e como se pode observar no seguinte cadro.

IDADE	Goberno central	Concello
16-24	5,6	5,5
25-29	5,0	5,2
30-34	5,0	5,0
35-44	4,9	5,2
45-59	5,3	5,5
60 e máis	5,9	5,4

Para os outros tres grupos de idade a puntuación é inversa e é agora o concello o que obtén unha nota media superior á do Goberno central. Estes grupos son os formados polas dúas categorías das idades medias (os de 35-44 anos e os de 45-59, cunha nota media de 5,2 e 5,5, respectivamente) e o segundo grupo da xuventude (25-29 anos e unha puntuación de 5,2).

A Xunta de Galicia é mellor valorada por aqueles cidadáns sen estudos ou con estudos primarios (5,8).

Cando o nivel de estudos ascende ata o nivel secundario e universitario, a puntuación descende, en ambos os casos, ata o 5,6.

O Goberno central tamén é mellor valorado polo grupo sen estudos (5,4) e, a partir de aí, a súa valoración descende pasando ao 5,3 de nota media outorgado polos cidadáns con estudos secundarios e ao 5,1 do dos universitarios.

NIVEL DE ESTUDOS	Xunta de Galicia	Gobierno central	Concello
Sen estudos	5,8	5,4	5,4
Secundarios	5,6	5,3	5,2
Universitarios	5,6	5,1	5,4

Analizando agora a ocupación, vemos que son os estudantes e os pensionistas (ambos cun 5,9 de valoración media) os dous colectivos que mellor nota lle dan ao labor desempeñado pola Xunta de Galicia no último ano.

A nota dada á Xunta polos estudantes está en clara sintonía cos datos xa analizados na idade; recordemos que o grupo dos máis novos (16-24) era o que maior puntuación lle outorgaba ao Goberno galego, un 5,9. Idéntica cifra que a que agora lle dan os estudantes.

Algo máis estraña parece a puntuación dos pensionistas (5,9), xa que, lembremos, cando tivemos en conta a idade, o grupo de 60 e máis anos (que é o que agrupa os pensionistas) non lle outorgaba a mellor nota á Xunta e, de feito, puntuaba máis alto o Goberno central que o autonómico. Porén, se nos fixamos na segunda opción dos pensionistas, o Goberno central, vemos que é puntuado cun 5,8, é dicir, só unha décima por debaixo da nota do Goberno galego.

A nota máis baixa á Xunta é a que lle conceden os ocupados (5,6), pero por unha marxe moi estreita, xa que esta puntuación só é tres décimas inferior á máis alta, a de estudantes e pensionistas, como acabamos de ver.

OCUPACIÓN	Xunta de Galicia	Gobierno central	Concello
Ocupados	5,6	5,1	5,2
Estudantes	5,9	5,5	5,6
Amas de casa	5,8	5,7	5,6
Pensionistas	5,9	5,8	5,5
Parados	5,8	5,0	5,3

A Xunta de Galicia é o executivo mellor valorado en todos os grupos ocupacionais e, por unha distancia considerable, pólo colectivo dos parados (oito décimas mellor valorado que o Goberno central) e dos ocupados (cinco décimas mellor valorado que o Goberno central).

O concello é o segundo executivo mellor valorado para ocupados, estudantes e parados, pero non para amas de casa e xubilados, que valoran mellor ao Goberno central.

Os empregados manuais son a categoría socioeconómica que mellor puntúa o labor desempeñado pola Xunta de Galicia no último ano: a súa puntuación alcanza o 6.

Aos empregados manuais séguenlles, a unha certa distancia, os supervisores e técnicos (5,6).

A nota máis baixa para a Xunta outórganlla os decisores (5,3), que son tamén o único grupo que valora peor á Xunta. O Goberno galego ten que compartir tal situación de privilexio co Goberno central, que tamén obtén unha nota media do 5,3 (aínda que neste caso é a puntuación máis alta).

CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA	Xunta de Galicia	Goberno central	Concello
Decisores	5,3	5,3	5,0
Supervisores e técnicos	5,6	4,8	5,0
Autónomos non-expertos	5,4	4,9	5,2
Empregados non-manuais	5,5	5,2	5,3
Empregados manuais	6,0	5,2	5,2

Pero o Goberno central só é mellor valorado que os concellos nesta categoría dos decisores, xa que no resto non obtén unha nota media superior: os supervisores e técnicos prefiren o concello ao que puntúan cun 5 (fronte ao 4,8 do Goberno central); os autónomos cun 5,2 (4,9 para o Goberno central) e os empregados non-manuais cun 5,3 (a puntuación do Goberno central é de 5,2).

Destaca tamén aquí que o Goberno central é o único executivo que suspende, e faino, ademais, en dúas categorías: a dos supervisores e técnicos (4,8) e a dos autónomos non-expertos (4,9).

A mellor puntuación, e a máis alta que encontramos ao longo de todo o estudo, é a que rexistra a categoría “outros” dentro da variable de cabeceira “posición do individuo no fogar”.

Este grupo puntúa o labor realizado polo Executivo galego no último ano cunha nota media do 6,6. Recordemos que este grupo está integrado por todas aquelas persoas que non son o cabeza de familia, o seu cónxuxe e os seus descendentes. Podemos encadrar aquí, polo tanto, os ascendentes e calquera outra persoa que dependa de e/ou viva no fogar.

Os demais grupos ofrecen puntuacións moi parellas e moito máis baixas que as da categoría “outros”, tal e como podemos observar no seguinte cadro informativo:

POSICIÓN DO INDIVIDUO NO FOGAR	Xunta de Galicia	Goberno central	Concello
Persoa principal	5,7	5,3	5,3
Cónxuxes	5,7	5,5	5,5
Descendentes	5,8	5,4	5,3
Outros	6,6	5,5	6,3

O concello recibe tamén unha nota moi alta por parte da categoría “outros” (6.3) e empata en valoración co Goberno central nas categorías da persoa principal do fogar (5,3) e os cónxuxes (5,5 neste caso). Os descendentes prefiren como segunda opción o Goberno central (5,4) antes que o concello (5,3).

Parece observarse unha lixeira relación entre vivir no ámbito rural e puntuar mellor a xestión da Xunta de Galicia no último ano.

As persoas que viven nos concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes son as que máis nota lle conceden ao Executivo galego (6,0), seguidas de cerca polo hábitat inmediatamente inferior, o dos concellos de ata 5.000 habitantes, que puntúan á Xunta cun 5,9.

Nas zonas máis urbanas, aínda que só por unhas décimas de diferenza, valórase peor o Executivo galego: 5,7 nos concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes e 5,6 nos de máis de 50.001 habitantes.

HÁBITAT	Xunta de Galicia	Goberno central	Concello
Ata 5.000	5,9	5,7	5,4
5.001-10.000	6,0	5,8	5,6
10.001-50.000	5,7	5,1	5,4
Máis de 50.000	5,6	5,4	5,2

Como podemos apreciar no cadro, a Xunta é o executivo mellor valorado en todos os hábitats, habendo variación nas valoracións de Goberno central e concello, aínda que xeralmente se avallía mellor o labor desempeñado polo Goberno central nun segundo lugar.

PROVINCIA	Xunta de Galicia	Goberno central	Concello
A Coruña	5,6	5,3	5,2
Lugo	5,7	6,0	5,3
Ourense	6,2	5,6	5,6
Pontevedra	5,7	5,2	5,4

A provincia de Ourense (6,2) outórgalle unha nota media bastante superior á xestión da Xunta de Galicia que as de Lugo (5,7), Pontevedra (5,7) e A Coruña (5,6).

O dato provincial máis relevante quizais sexa o que ofrece a provincia de Lugo, único lugar en que a Xunta non é o executivo mellor valorado, senón o Goberno central (6,0).

2. Honestidade, capacidade, cumprimento e proximidade na Xunta de Galicia

Abandonamos xa a perspectiva comparada para centrarnos unicamente na puntuación que obtén o Goberno galego en catro cuestións fundamentais en todo sistema democrático, como son: a honestidade, a capacidade de goberno, o cumprimento das promesas e a relación co pobo galego.

A honestidade é unha calidade moi importante en todo goberno representativo, xa que é o que ofrece garantías á cidadanía de que o representante público vai cumprir a súa función buscando o ben común e non o seu particular.

A capacidade dun goberno é algo que ten que ver coa súa eficacia e a súa eficiencia, é dicir, coa consecución dos obxectivos marcados contando cuns recursos públicos certamente limitados.

O cumprimento das promesas ten que ver coa credibilidade postelectoral dun executivo, é dicir, coa adecuación á realidade de polo menos parte do programa de goberno con que se presentou ás eleccións.

Por último, a frase “relación co pobo galego” poderíase resumir nunha única palabra: proximidade. A proximidade marca o grao de achegamento dos gobernantes aos problemas e preocupacións que en cada momento lle van xurdindo á poboación que representan e gobernan.

Pedíuselles aos enquisados que puntuasen de 0 a 10 a Xunta de Galicia en cada unha destas catro cuestións e os resultados que obtivemos son os seguintes.

	Honestidade	Capacidade	Cumprimento de promesas	Relación co pobo
XUNTA DE GALICIA	5,97	5,95	5,25	5,96

A puntuación en honestidade, relación co pobo galego e capacidade son moi parecidas e de diferenzas case inapreciables (5,97, 5,96 e 5,95, respectivamente). Un pouco máis distante sitúase o cumprimento das promesas, coa puntuación máis baixa, que, a pesar de ocupar o último lugar, aproba (5,25). Vexamos os datos tendo en conta as nosas variables de cabeceira.

As puntuacións, tendo en conta o sexo do entrevistado, son practicamente idénticas nos catro apartados obxecto de estudo: honestidade (5,94 homes, 5,99 mulleres), capacidade (5,90 homes, 6,01 mulleres), cumprimento de promesas (5,20 homes, 5,30 mulleres) e relación co pobo galego (5,97 homes, 5,94 mulleres).

As mulleres outórganlle mellor puntuación á Xunta de Galicia en todos os apartados menos no que mide a relación do Goberno co pobo galego. Porén, a diferenza é practicamente inapreciable nas puntuacións por sexo, polo que resulta imposible alcanzar calquera tipo de conclusión que vincule de maneira concluínte a puntuación en honestidade, capacidade, cumprimento de promesas e relación co pobo e o sexo do entrevistado.

Pero, se o que temos en conta é a idade do enquisado en vez do seu sexo, si podemos encontrar xa algún tipo de tendencia interesante. A puntuación do Goberno galego en honestidade, por exemplo, é máis alta nos dous últimos grupos de idade: os que teñen entre 45 e 59 anos puntúan a Xunta cun 6,17 e os máis maiores de todos (máis de 60 anos) cun 6,24.

XUNTA DE GALICIA	Homes	Mulleres
Honestidade	5,94	5,99
Capacidade	5,90	6,01
Cumprimento	5,20	5,30
Relación galegos	5,97	5,94

Na xuventude (16-24, 25-29 e 30-34) podemos establecer algunhas tendencias internas. A puntuación da Xunta en honestidade é maior entre o primeiro (5,84) e o último grupo da xuventude (5,84) para, a partir de aquí, descender levemente no primeiro grupo das idades medias (os de 35-44, 5,73). Unha vez superada a barreira dos 44 anos, a valoración alcanza as súas cifras máis altas.

É dicir, cúmprese a ecuación de que a maior idade, mellor valoración da Xunta de Galicia no apartado de honestidade.

As puntuacións da Xunta en capacidade de goberno reparten a súa mellor valoración nos dous extremos: os máis novos (6,12) e os máis vellos (6,03).

Os que puntúan peor o Goberno galego (5,58) son, porén, todos aqueles enquisados encadrados na segunda categoría da xuventude (25-29).

As notas que acada o Goberno galego no apartado de cumprimento de promesas son as máis baixas de todas, non chegando ningunha delas a superar o cinco e medio de puntuación. O grupo de idade que mellor puntúa é, unha vez máis, o dos máis novos (5,40), seguido dos que teñen entre 45 e 59 anos (5,33).

XUNTA DE GALICIA	16-24	25-29	30-34	35-44	45-59	Máis de 60
Honestidade	5,84	5,47	5,84	5,73	6,17	6,24
Capacidade	6,12	5,58	5,94	5,89	5,98	6,03
Cumprimento	5,40	4,89	5,26	5,15	5,33	5,30
Relación galegos	6,01	5,66	6,06	5,81	6,11	5,98

A Xunta suspende (4,89) no grupo de idade 25-29, que revela ser o máis crítico en cuestións de cumprimento de promesas, xa que é aquí o único lugar en que o Goberno galego non alcanza o aprobado.

Por último, a relación do Executivo cos galegos é mellor valorada entre os cidadáns de entre 30 e 34 anos e entre aqueles que teñen entre 45 e 59 (6,06 e 6,11, respectivamente).

Este apartado é o único en que se supera a barreira dos seis puntos en tres ocasións, pois ás xa mencionadas dos grupos de idade 30-34 e 45-59 úneselles agora a dos máis novos (16-24), que puntúan o Goberno galego cun 6,01.

O colectivo de idade que menor nota lle outorga á Xunta na súa relación co pobo galego é o dos que teñen entre 25 e 29 anos (5,66), que se mostra, unha vez máis, o colectivo máis crítico.

Aqueles entrevistados que recoñecen non estar en posesión de ningún tipo de estudos ou só ter cursado estudos primarios concédenlle á Xunta de Galicia a nota máis alta en honestidade, un 5,96. De aí descéndese ata o 5,89 dos que cursaron estudos secundarios, para pasar máis tarde ao valor máis alto, o dos universitarios (6,10).

É dicir, os dous extremos da escala educativa son os que máis puntuación lle outorgan ao Goberno galego, e son especialmente os universitarios os que máis confían na honestidade do executivo.

A valoración da capacidade de goberno no Executivo galego segue unha pauta totalmente distinta e son agora os que menos estudos teñen os que máis confianza depositan na Xunta (5,99).

As valoracións descenden moi suavemente, iso si, conforme o nivel educativo do enquisado aumenta: 5,88 para os que teñen estudos secundarios e 5,84 para os universitarios.

A tendencia resúmese, xa que logo, no seguinte: a maior nivel de estudos, menor puntuación se lle outorga á capacidade de goberno da Xunta de Galicia.

A evolución das puntuacións no apartado de cumprimento de promesas segue unhas pautas contrarias ás da capacidade da Xunta de Galicia: a maior nivel educativo, maior puntuación.

XUNTA DE GALICIA	Sen estudos	Secundarios	Universitarios
Honestidade	5,96	5,89	6,10
Capacidade	5,99	5,88	5,84
Cumprimento	5,17	5,38	5,48
Relación galegos	5,93	5,97	6,11

Así, do 5,17 dos estratos da sociedade con menores niveis educativos, pásase ao 5,38 dos cidadáns con estudos secundarios e, por último, ao 5,48 dos universitarios.

Tamén referente á proximidade co pobo galego, ter un maior nivel educativo inflúe á alza na puntuación que os individuos lle outorgan a Xunta de Galicia. Os entrevistados sen estudos puntúan tal relación goberno-cidadanía cun 5,93 e os que teñen estudos secundarios, cun 5,97.

Os universitarios son o colectivo que lle concede a nota máis alta ao Goberno galego na valoración da proximidade entre o Goberno galego e os cidadáns, como tamén en tódalas demais categorías, cun 6,11.

Se ata este momento vimos que as diferenzas nas valoracións da honestidade da Xunta de Galicia, tendo en conta o nivel educativo do individuo, non eran relevantes, vemos agora que son maiores, se tomamos en consideración a ocupación.

O grupo ocupacional que, por encima dos demais, valora mellor ao Goberno galego é o dos pensionistas, cunha cualificación media de 6,37 puntos. Aos pensionistas séguenlles as amas de casa e os estudantes (5,99 e 5,97, respectivamente).

No que se refire á capacidade do Goberno galego reina o optimismo, xa que son tres as categorías ocupacionais nas que se superan os seis puntos: en primeiro lugar sitúanse os estudantes (6,29), logo os pensionistas (6,10) e, por último, as amas de casa (6,03). Os que peor puntúan á Xunta nesta cuestión son os ocupados (5,79).

XUNTA DE GALICIA	Ocupados	Estudantes	Amas de casa	Pensionistas	Parados
Honestidade	5,80	5,97	5,99	6,37	5,84
Capacidade	5,79	6,29	6,03	6,10	5,86
Cumprimento	5,15	5,55	5,15	5,40	5,10
Relación galegos	5,82	5,26	5,97	6,15	5,70

A Xunta de Galicia recibe a súa mellor puntuación no tocante ao cumprimento das súas promesas, unha vez máis, no grupo ocupacional dos estudantes (5,55).

Aos estudantes séguelles outro grupo especialmente predisposto a avaliar positivamente o Goberno galego, o dos pensionistas (5,40). No lado contrario están os parados, que son os que peor puntúan a Xunta (5,10) cando se trata de cumprir aquilo que promete.

Os pensionistas (6,15) e as amas de casa (5,97) son os colectivos que puntúan máis alto o Executivo rexional na súa relación co pobo galego. Esta vez o que valora peor é o grupo que noutros apartados sempre estivera á cabeza en canto á súa puntuación, os estudantes (5,26).

O grupo dos non-clasificados na variable de cabeceira “categoría socioeconómica” é o que máis alta puntuación lle outorga ao Goberno galego en materia de honestidade. A súa puntuación é dun 6,15, fronte a un 5,90 e 5,81 das dúas seguintes categorías por orde de máxima puntuación, decisores e empregados non-manuais, respectivamente.

XUNTA DE GALICIA	Decisores	Supervisores e técnicos	Autónomos non-expertos	Empregados non-manuais	Empregados manuais	Non clasificados
Honestidade	5,90	5,78	5,67	5,81	5,68	6,15
Capacidade	5,66	5,56	5,63	5,86	5,74	6,16
Cumprimento	4,95	4,98	4,97	5,25	5,14	5,38
Relación galegos	5,77	5,83	5,85	5,65	5,83	6,12

Nas notas sobre capacidade de goberno, volven ser os non clasificados o grupo que mellor valorara (6,16), fronte a supervisores e técnicos (5,56) e autónomos non expertos (5,63), os dous grupos que valoran peor á Xunta de Galicia.

No referente ao cumprimento de promesas, son tres os grupos que a suspenden á Xunta: decisores (4,95), autónomos non-expertos (4,97) e supervisores e técnicos (4,98). O grupo que lle dá unha puntuación máis alta é, outra vez, o dos non-clasificados (5,38).

As puntuacións en “relación co pobo galego” son moito máis altas que as de cumprimento das promesas. A máis alta de todas, como vén sendo habitual, é a dos non-clasificados (6,12) e a máis baixa corresponde á dos empregados non-manuais (5,65).

A maior puntuación acadada na avaliación da honestidade do executivo galego, se temos en conta a posición que o individuo ocupa no fogar, é a que rexistra a categoría “outras”, formada maioritariamente por persoas maiores e xubilados.

O seu 6,78 queda a moita distancia dos seus dous inmediatos seguidores, a persoa principal do fogar (6,09) e os cónxuxes (6,00). O grupo que rexistra unha cifra máis baixa é o dos descendentes, cun 5,77 de puntuación media para a Xunta de Galicia no seu apartado de honestidade. Este grupo, formado maioritariamente por mozos e estudantes, é o único grupo que non alcanza a barreira dos 6 puntos.

Se falamos de capacidade do Goberno galego, volven ser os integrantes da categoría “outras” os que ofrecen, con moita vantaxe, a nota máis alta (6,53). A esta categoría “outras” séguelles os cónxuxes, que tamén superan, esta vez por escasa marxe, a barreira dos seis puntos (6,02).

XUNTA DE GALICIA	Persoa principal	Cónxuxes	Descendentes	Otras
Honestidade	6,09	6,00	5,77	6,78
Capacidade	5,94	6,02	5,89	6,53
Cumprimento	5,40	5,19	5,11	5,62
Relación galegos	6,06	5,98	5,81	6,21

Descendentes (5,11) e cónxuxes (5,19) están a punto de suspender ao Goberno galego na valoración do cumprimento das súas promesas. O grupo “outras” volve ser aquí o que máis puntuación lle outorga á Xunta (5,62), como tamén é o caso na súa avaliación da relación co pobo galego (6,21).

Ao grupo “outras” séguelles, tamén cunha nota superior aos seis puntos, a categoría de “persoa principal” (6,06). Do lado das puntuacións máis baixas hai que falar dos descendentes, grupo que só puntúa a Xunta de Galicia cun 5,81 no apartado de proximidade ás demandas e sensibilidades do pobo.

Tendo en conta o hábitat en que vive o individuo, podemos observar unha suave tendencia na avaliación da honestidade do Goberno galego. No medio rural a valoración da Xunta é mellor que no urbano, tal e como podemos apreciar claramente no seguinte cadro:

XUNTA DE GALICIA	Ata 5.000 habitantes	Entre 5.001 e 10.000	Entre 10.001 e 50.000	Máis de 50.000 habitantes
Honestidade	6,07	6,26	5,92	5,90
Capacidade	6,07	6,11	5,97	5,82
Cumprimento	5,27	5,10	5,29	5,21
Relación galegos	5,97	5,98	5,98	5,92

No que se refire á valoración da capacidade do Goberno galego existe a mesma propensión a valorar mellor no medio rural que no urbano. Así, nos concellos máis pequenos e, sobre todo, naqueles de ata 10.000 habitantes é onde a Xunta obtén a súa máxima puntuación (6,07 e 6,11, respectivamente). No entanto, no medio urbano, as puntuacións descenden do 6 ao 5,97 nos concellos de ata 50.000 habitantes e ao 5,82 nos maiores de 50.001 habitantes.

A relación da Xunta de Galicia co pobo galego, tendo en conta o hábitat en que vive o enquisado, tampouco permite observar ningunha tendencia clara, xa que as puntuacións son moi similares (5,97; 5,98; 5,98 e 5,92).

Se comparamos os datos de hábitat cos provinciais, podemos observar algunha continuidade interesante, aínda que as cifras, como estamos vendo, non son concluíntes.

As provincias máis rurais de Ourense e Lugo valoran mellor á Xunta (6,22 e 6,12, respectivamente) que as máis urbanas da Coruña e Pontevedra (5,81 e 6,00), confirmando a impresión de que é na Galicia rural onde, aínda que só sexa por unhas décimas, a confianza na honestidade da Xunta de Galicia é maior.

As notas que obtén o Executivo rexional en materia de capacidade de goberno son sensiblemente superiores en Ourense (6,25) e Pontevedra (6,08) e máis baixas na Coruña (5,76).

Pontevedra é a provincia que máis se distancia do resto na valoración do cumprimento de promesas da Xunta (5,46), xa que nas demais case se suspende ao Goberno galego (5,11 Lugo; 5,13 A Coruña e 5,18 Ourense).

XUNTA DE GALICIA	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Honestidade	5,81	6,12	6,22	6,00
Capacidade	5,76	5,91	6,25	6,08
Cumprimento	5,13	5,11	5,18	5,46
Relación galegos	5,83	5,93	6,12	6,06

Por último, cómpre sinalar que os ourensáns (6,12), seguidos polos pontevedreses (6,06), son os galegos que mellor valoran á Xunta, esta vez en canto á súa relación co pobo galego. Os lugueses encóntranse nunha posición intermedia (5,93) e os coruñeses son os que castigan cunha nota máis baixa o Goberno galego (5,83).

3. Servizos públicos

Neste punto imos analizar o modo en que os galegos avalían o funcionamento dos principais servizos e asuntos públicos. Pasaremos revista á educación, á sanidade, aos servizos administrativos, aos servizos sociais, á seguridade, á xustiza, ao transporte, á vivenda.

Tal xuízo será retrospectivo, xa que se lles solicitou aos enquisados que avaliasen cada un destes asuntos e servizos tendo en conta o seu funcionamento con respecto aos dous últimos anos. Concretamente, espérase que os cidadáns sexan capaces de avaliar retrospectivamente se o funcionamento de tales servizos é mellor, peor ou igual que hai dous anos.

Os xuízos retrospectivos teñen a vantaxe de que adoitan basearse na experiencia –tanto directa como indirecta– e, sobre todo, porque a miúdo levan emparellado un mecanismo de premio-castigo, segundo sinala a tradición sociolóxica da elección racional. É dicir, se un individuo é capaz de avaliar a xestión pasada dun ente público e a tal boa ou mala xestión lle outorga un alto grao de importancia, entón está en condicións de premiar ou castigar tal tipo de xestión, xa sexa votándolle, deixando de votarlle ou, simplemente, manifestando o seu apoio, satisfacción, simpatía ou orgullo de pertencer á comunidade.

No ámbito estritamente electoral a importancia dos xuízos retrospectivos está fóra de toda dúbida e foi obxecto dun amplísimo estudo empírico por parte da literatura especializada. O ámbito da avaliación dos servizos públicos e o seu impacto na aceptación dos gobernos, porén, non foi estudado suficientemente.


Os datos que presentamos aquí están en condicións de botar un pouco máis de luz sobre a forma en que os galegos avalían o funcionamento dos servizos públicos que reciben, información que xa de por si resulta valiosa.

Relacionado co xuízo retrospectivo está a atribución de responsabilidade e, en última instancia, o mecanismo premio-castigo, tal e como esbozabamos hai un momento. Pero para que tal atribución de responsabilidade sexa posible, o cidadán debe ser capaz de identificar o executivo encargado da xestión de tal servizo. O problema é que, en moitas ocasións, os cidadáns castigan ou emiten xuízos negativos asociados a xestores *inocentes*, é dicir, ás veces un goberno situado nun determinado nivel (local, autonómico ou nacional) rende contas por unha mala xestión que non cometeu porque, simplemente, non dispón de tal competencia.

Para coñecer a opinión da cidadanía sobre este asunto, preguntóuselles directamente aos enquisados sobre o encargado de xestionar a educación, a sanidade, a seguridade cidadá, os servizos sociais, a xustiza, o transporte público, a vivenda, o funcionamento da economía e o medio ambiente.

A nosa aproximación á opinión dos galegos sobre os servizos públicos céntrase cunha indagación sobre o financiamento de tales servizos. Interesounos saber se consideran que a carga fiscal que soportan se corresponde ou non cos servizos que reciben a cambio.

O esquema analítico adoptado pódese observar de maneira máis gráfica no seguinte cadro:



1. O funcionamento dos servizos públicos

Como acabamos de adiantar na parte introdutoria desta epígrafe, preguntámoslles aos nosos entrevistados a súa opinión sobre o funcionamento dos principais servizos públicos en comparación cos dous últimos anos. Concretamente, preguntouse se se considera que o funcionamento da educación, sanidade, servizos administrativos, servizos sociais, seguridade, xustiza, transporte e vivenda é mellor, peor ou igual que hai dous anos.

Tendo en conta os valores medios da totalidade da mostra, podemos establecer as seguintes conclusións:

MELLOR QUE HAI DOUS ANOS		IGUAL QUE HAI DOUS ANOS		PEOR QUE HAI DOUS ANOS	
Servizo	%	Servizo	%	Servizo	%
Sanidade	40	Serv. administrativos	43		
Servizos sociais	37	Transporte	39		
Educación	32	Seguridade	38	Vivenda	56
		Xustiza	37		

Dos oito servizos públicos sondados, a maior parte (catro deles) agrúpase na resposta “igual que hai dous anos”, manténdose tamén aquí a tendencia cara ao punto medio xa observada noutras partes deste mesmo estudo.

Non obstante, esta tendencia podería estar ocultando unha opinión un tanto inconsistente sobre o funcionamento do servizo público que se pide que o enquisado avalie (por exemplo, porque nunca o utilizou ou non pensara niso anteriormente). É dicir, ás veces resulta menos custoso sinalar que un determinado servizo segue igual, que hai dous anos que optar pola opción de “Non sabe / Non contesta”.

As porcentaxes da resposta “Igual que hai dous anos” están moi próximas ás de “mellor que hai dous anos”, oscilando entre o 32% dos que consideran que a educación está mellor que hai dous anos e o 43% que cren que os servizos administrativos foron o servizo público que de maneira máis clara permaneceu igual que hai dous anos.

O único servizo claramente considerado peor na súa evolución temporal é o da vivenda pública ou protexida. Este pesimismo en canto ao funcionamento dos servizos de vivenda probablemente está relacionado coa dificultade de acceso á compra dun inmovible entre amplos sectores da sociedade ou, entre os que si puideron acceder á propiedade, polo alto grao de endebedamento que soportan moitas familias galegas.

Este dato é moi revelador, xa que a vivenda non só é o servizo público sinalado como o de peor funcionamento con respecto aos dous últimos anos, senón que a porcentaxe de entrevistados que a valoran peor é relativamente alta (56%).

Os saldos netos, é dicir, a diferenza entre os que din que o funcionamento dun servizo público está mellor e os que cren que está peor que hai dous anos ofrece os seguintes resultados:

SERVIZO	MELLOR	PEOR	SALDO
Educación	31,9	20,2	+ 11,7
Sanidade	40,2	16,7	+ 23,5
Servizos administrativos	25,3	10,2	+ 15,1
Servizos sociais	36,6	7,3	+ 29,3
Seguridade	28,4	25,5	+ 2,9
Xustiza	14,6	27	- 12,4
Transporte	37,3	13,5	+ 23,8
Vivenda	16,4	56,3	- 39,9

Ademais do caso xa analizado da vivenda, chama a atención o saldo neto negativo que ofrece a xustiza (-12,4). A opinión dos galegos sobre o funcionamento dos demais servizos sociais ofrece saldos positivos. O máis alto é o dos servizos sociais (+29,3), seguido do transporte (+23,8) e da sanidade (+23,5). O saldo neto máis modesto é para a seguridade (+2,9), seguida da educación (+11,7) e dos servizos administrativos (+15,1).


Polo tanto, servizos sociais, transporte e sanidade son os servizos públicos que mellor evolución experimentaron nos dous últimos anos. A xustiza –ademais da vivenda– son os que peor comportamento tiveron.

Chegados a este punto, resulta interesante ver se estes datos medios da poboación en xeral ofrecen particularidades ao utilizar unha serie de variables de cabeceira tales como o sexo, a idade, o nivel de estudos, a ocupación, a categoría socioeconómica, a posición do individuo no fogar, o hábitat e a provincia de residencia. Aplicaremos estas variables a cada un dos servizos públicos obxecto de estudo.

As mulleres, á hora de avaliar o funcionamento da educación pública, son lixeiramente máis negativas que os homes. O 31,6% das mulleres cre que a educación funciona mellor que hai dous anos, fronte a un 32,2% de homes que opinan o mesmo. O 21% das galegas cre que a educación funciona peor que hai dous anos, fronte a un 19% dos galegos.

Esta tendencia podería deberse a que aínda son as mulleres as que maioritariamente adoitan levar os nenos ao colexio e, deste xeito, teñen unha visión moito máis real do estado dos servizos educativos que os homes, que –todo sexa dito de paso– pouco a pouco se van incorporando a este tipo de labores antes realizados en exclusiva polas mulleres. Os homes adoitan tender a avaliar os servizos educativos en abstracto e as mulleres tendo en conta a súa experiencia directa.

Tamén o uso dos servizos sanitarios é algo que realizan maioritariamente as mulleres (tanto pola súa propia saúde como pola dos seus fillos); porén, non se observa aquí unha tendencia parecida á da educación, senón que é xustamente a contraria. Son agora as mulleres as que valoran mellor que os homes.



A porcentaxe de homes que entenden que houbo unha mellora nos dous últimos anos é maior que a de mulleres que pensan así para todos os servizos excepto sanidade, seguridade e educación.

O maior desacordo na valoración positiva dos servizos públicos entre homes e mulleres prodúcese na xustiza (os homes valóranla 4,4 puntos mellor que as mulleres), seguida do transporte (+3,1) e dos servizos sociais (2,3).

No que a valoración negativa do funcionamento dos servizos públicos nos dous últimos anos se refire, as frecuencias están máis repartidas, xa que son os homes os máis pesimistas en servizos administrativos (+1,8), seguridade (+1,1) e vivenda (+0,5), mentres que as mulleres valoran peor o funcionamento da educación, sanidade, servizos sociais e transporte.

SERVIZO	PEOR		SALDO	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Educación	19,4	20,9		+ 1,5
Sanidade	14,6	18,6		+ 4
Servs. administrativos	11,1	9,3	+ 1,8	
Servizos sociais	6,9	7,7		+ 0,8
Seguridade	26,1	25	+ 1,1	
Xustiza	27	27	=	=
Transporte	13,3	13,7		+ 0,4
Vivenda	16,8	15,9	+ 0,5	

SEXO E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Mulleres	Homes
Sanidade	Mulleres	Mulleres
Servizos administrativos	Homes	Homes
Servizos sociais	Mulleres	Homes
Seguridade	Homes	Mulleres
Xustiza	Homes / Mulleres	Homes
Transporte	Mulleres	Homes
Vivenda	Homes	Homes

Por idade, os que mellor valoran o funcionamento da educación son os máis novos (entre 16 e 24 anos, 38%) e os que peor son tamén os novos, esta vez os que teñen entre 25 e 29 anos (27%), o que parece indicar que coa primixenia incorporación ao sistema educativo, a valoración do funcionamento dos servizos é alta, e, ao ir avanzando cursos, descende sensiblemente.

Outra tendencia interesante aquí é o aumento do volume dos “Non sabe / Non contesta”, conforme avanza a idade: nas dúas primeiras franxas de idade (16-24 e 25-29) é practicamente inexistente, pero, a partir dos 30 anos, momento en que o individuo xa está fóra do sistema educativo, incrementa desde o 20% dos que teñen entre 30-35 ata o 29% dos máis vellos.

Isto indica claramente que o feito de estar dentro do sistema educativo fai que se teña unha opinión máis formada do seu funcionamento.

Os que valoran mellor o funcionamento da sanidade son agora os estratos sociais de maior idade, quizais tamén porque sexan os que máis a utilizan e coñezan.

O 47% dos anciáns sitúase no recadro dos que mellor a valoran, seguidos dos que teñen entre 45 e 59 anos (42%). Os entrevistados de idades medias (30-34 e 35-44) son os que peor avalían o funcionamento do sistema sanitario galego (23% e 20%, respectivamente).

A porcentaxe dos “Non sabe / Non contesta” é aquí moi baixa, oscilando entre un 4% dos máis novos e un 7% dos máis maiores, que podería estar indicándonos que, quen máis e quen menos, se formou unha idea sobre como marcha do funcionamento da sanidade nos últimos dous anos. Cando analicemos outros servizos públicos, veremos que esta circunstancia non sempre se cumpre e que son xustamente os máis anciáns os que adoitan inhibirse en maior medida ante o enquisador.

Ao falar dos servizos administrativos, chámamos a atención que na valoración positiva todos os grupos de idade ofrezan porcentaxes moi parecidas, sen manifestar unha tendencia clara. Tal tendencia si se observa, en cambio, na opción de peor funcionamento.

É o grupo dos que teñen entre 25 e 29 anos os que peor opinión teñen (22%) sobre o funcionamento dos servizos administrativos, e, ademais, fano dobrando as porcentaxes dos demais grupos de idade.


Isto podería deberse a que é nestas idades cando os cidadáns entran máis en contacto coa Administración pública e son capaces de identificar as súas deficiencias e limitacións. De feito, os demais grupos de idade ofrecen uns valores de “Igual valoración do funcionamento” moi altos en comparación cos que teñen entre 25-29 anos, o que podería estar indicando que teñen unha opinión menos formada. Como indicabamos máis arriba, estas porcentaxes poderían interpretarse tamén como unha forma disimulada de “Non sabe / Non contesta”, que aquí, por certo, é bastante alta (superior ao 20% na maioría dos casos).

Os servizos sociais, como xa vimos, son un servizo público moi ben valorado polo conxunto da cidadanía, ata o punto de que os que mellor os valoran –os novos de entre 16 e 24 anos (44%) e os que teñen entre 45 e 59 anos (41%)– superan o recadro “Igual que hai dous anos”, algo bastante raro tendo en conta a tendencia da sociedade galega a situarse masivamente no punto medio de toda valoración ou opinión.

As valoracións negativas son aquí moi baixas, sendo o grupo de idade comprendido entre 35 e 44 anos o que peor valora (9%) o servizo.

O funcionamento dos servizos públicos de seguridade cidadá valórase sensiblemente mellor por parte dos estratos sociais máis novos.

Se tomamos como referencia os tres primeiros grupos (16-24, 25-29 e 30-34), que definimos como novos, e comparamos o seu valor medio cos que ofrecen os grupos de mediana idade (35-44 e 45-59) e o dos maiores (60 e máis), vemos que o 36% dos mozos valora o servizo mellor que hai dous anos, fronte ao 24% das idades medias e o 26% dos máis maiores.



A xustiza é valorada masivamente polos galegos como un tipo de servizo que se mantivo igual nos dous últimos anos. De entre os que cren que melloraron, a maior parte corresponde ao segundo dos bloques da xuventude (25-29), pero o dato máis destacable é, sen dúbida, a grande magnitude dos valores negativos.

A tendencia, do lado dos que consideran que a xustiza foi a peor, é a aumentar coa idade. Os que valoran mellor son os máis novos (19%) e, a partir de aí, a idade marca un aumento do pesimismo ata chegar ao grupo de máis idade, que é tamén o máis pesimista (31%).

Todo o contrario sucede na avaliación do funcionamento dos servizos públicos de transporte, que gozan do favor maioritario dos galegos.

Os máis novos (16-24: 40%, 25-29: 48%) e os máis vellos (41%) son os que os valoran claramente mellor o transporte público.

Quizais esta circunstancia é debida a que son estes dous grupos de idade os que máis usan e coñecen o transporte público. Polo contrario, son menos os grupos de idades intermedias (e o último grupo da xuventude) que opinan que o funcionamento de tales servizos é mellor que hai dous anos (30%, 31% e 35%, respectivamente).

As valoracións negativas tamén están encabezadas polos máis novos, reforzando a nosa hipótese de que os novos –como maiores usuarios xunto cos anciáns– se dividen en opinións claramente favorables ao funcionamento do transporte, pero tamén hai un grupo máis crítico dentro da xuventude (19%) que considera que a súa evolución foi a peor nos últimos dous anos.

Como xa vimos, para os galegos os servizos públicos de vivenda son os que peor evolucionaron nos dous últimos anos, e esta opinión é maioritaria en todos os grupos de idade, especialmente entre os máis novos.


Os novos son os sectores de idade máis proclives á compra ou alugamento dunha vivenda e, mediante o seu descontento na evolución do servizo, poden estar externalizando a dificultade de acceso á propiedade ou o elevado prezo dos arrendamentos que padecen.

A tendencia, tal e como deixa claro o seguinte cadro, é moi acusada:

VALORACIÓN	IDADE					
	16-24	26-29	30-34	35-44	45-59	+60
Peor	67,3	65,7	63,8	56,6	51,6	50,3
Igual	17,7	20,6	19,3	22,4	23,5	17,4
Mellor	13,2	12,0	11,8	14,0	19,0	19,7
NS/NC	1,8	1,7	5,1	7,0	5,9	12,7

O recadro “Peor” é superior á suma dos recadros “Igual” e “Mellor”, dato que nos ofrece unha idea do marcada que é a valoración negativa dos galegos sobre o funcionamento dos servizos públicos de vivenda.

No entanto, hai que ter en conta a limitada marxe de manobra que os poderes públicos teñen no tema da vivenda. As construcións de vivendas novas e os prezos desorbitados, que moi a miúdo se alcanzan, débense á acción da iniciativa privada e, ante iso, os poderes públicos pouco poden facer.



IDADE E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS		
SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	25-29	16-24
Sanidade	30-34	60 e máis
Servizos administrativos	25-29	25-29
Servizos sociais	35-44	16-24
Seguridade	45-59	16-24
Xustiza	45-59	25-29
Transporte	16-24	25-29
Vivenda	16-24	60 e máis

Segundo o nivel de estudos, a valoración do funcionamento dos servizos públicos de educación e sanidade é moi parecida. Nos dous casos obsérvase unha tendencia positiva entre ter un menor nivel de estudos e valorar mellor o servizo. Isto é, os que menos estudos teñen valoran mellor que os que teñen máis estudos.

Así, a porcentaxe de cidadáns sen estudos primarios que valoran positivamente a educación e a sanidade cífrase no 32% e no 42% respectivamente, mentres que os que teñen estudos secundarios descenden ata o 32% para a educación e ata o 38% para a sanidade. Os niveis máis baixos alcázanse entre os universitarios: 24% para educación e 32% para sanidade.

A maior nivel de estudos, polo tanto, menor valoración positiva da evolución do funcionamento da sanidade e educación públicas.


Outra tendencia, bastante lóxica por outra parte, é que a maior porcentaxe de entrevistados que responde “Non sabe / Non contesta” corresponda cos cidadáns con menores niveis de estudo. Esta tendencia obsérvase non só na educación e na sanidade, senón tamén na avaliación do funcionamento do resto dos servizos públicos que foron obxecto de estudo.

Os que mellor valoran os servizos administrativos son os universitarios (30%), aínda que tamén é este colectivo o que os valora peor (10%). Pero o dato que máis destaca aquí é o altísimo nivel dos que consideran que tales servizos administrativos permanecen igual que hai dous anos. De feito, o valor dos universitarios (51%) é o máis alto de todos os rexistrados na enquisa para esta pregunta. Repetimos unha vez máis que esta tendencia a considerar que todo segue igual pode ser considerada, polo menos en parte, unha forma encuberta de responder “Non sabe / Non contesta”.

A tendencia observada nos servizos sociais é a contraria á que descubrimos no caso da educación e da sanidade:

Os cidadáns con maior nivel de estudos fan unha valoración máis positiva e menos negativa dos servizos sociais.

Así, son os universitarios os que ofrecen unha valoración máis positiva (44%) e menos negativa (4%), mentres que os cidadáns sen estudos experimentan a tendencia contraria: son os que máis negativamente valoran o servizo xunto cos de estudos primarios (7% e 8%, respectivamente) e menos positivamente (33%).




Os grupos sen estudos (34%) e con estudos secundarios finalizados (29%) son os que máis valoran a seguridade. Por debaixo destas cifras sitúanse os universitarios (23%) que, porén, non son os que peor valoran o servizo; tal posto ocúpalo os cidadáns con estudos primarios (27%).

Os que mellor valoran a xustiza son os de estudos primarios (16%), mentres que é o colectivo sen estudos o que fai unha peor valoración (29%), seguido dos universitarios (26%). O máis salientable aquí é que a xustiza ofrece o nivel de aceptación (enquidados que responden que o seu funcionamento é mellor que hai dous anos) máis baixo de todos, incluso superando a vivenda que, como vimos, é o servizo público que peor evolucionou nos dous últimos anos.

Aínda que as oscilacións nas porcentaxes son moi suaves, a valoración do funcionamento do Sistema Público de Transportes é mellor e peor entre os que menos estudos teñen.

É dicir, os sen estudos son os que en maior medida consideran que o sistema de transportes está en franca melloría (38%), fronte aos universitarios (36%), por exemplo. Pero son tamén os sen estudos o grupo que valora máis negativamente a evolución do servizo (14%), aínda que empatao, iso si, cos que dispoñen de estudos medios e primarios (tamén 14%).

Por último, cómpre destacar que os valores optimistas da evolución da vivenda nos últimos anos teñen dúas características: son moi baixos (aínda que non tanto como no caso da xustiza) e moi parecidos entre si se temos en conta o nivel de estudos do enquisado.



Máis da metade dos enquisados de todos os grupos de estudos pensan que o servizo público de vivenda foi a peor nos últimos dous anos: os sen estudos ofrecen unha cifra do 59%, os de estudos primarios do 50%, os de estudos secundarios do 55% e os universitarios do 56%.

NIVEL DE ESTUDOS E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Universitarios	Sen estudos primarios
Sanidade	Sen estudos primarios	Sen estudos primarios
Servizos administrativos	Secundarios	Universitarios
Servizos sociais	Sen estudos primarios	Universitarios
Seguridade	Sen estudos primarios	Sen estudos primarios
Xustiza	Sen estudos primarios	Sen estudos primarios
Transporte	Sen estudos primarios / Secundarios	Sen estudos primarios
Vivenda	Sen estudos primarios	Secundarios

Segundo a ocupación, os que mellor valoran o funcionamento da educación pública nos dous últimos anos son os estudantes (42%).

Os demais grupos ocupacionais ofrecen valores uns dez puntos inferiores: parados, 32%; amas de casa, 31% e ocupados e pensionistas, 30%. Estes últimos son os que peor valoran a educación pública (22%), seguidos dos ocupados (21%). Os estudantes son o grupo ocupacional que menos se refuxia en “Non sabe / Non contesta”, só un 2% o fai, fronte a un 29% de

pensionistas. Aquí podemos ver claramente o contraste entre os que están dentro do sistema educativo e os que hai moitos anos que o abandonaron.

As amas de casa son as que, con diferenza, valoran mellor o funcionamento do sistema sanitario (47%).

Ás amas de casa séguelles outro grupo eminentemente usuario de tales servizos, como é o dos pensionistas (44%). De novo, os sectores que máis usan o servizo son os que mellor valoración lle outorgan.

Do lado das peores opinións no funcionamento da Rede Pública Sanitaria están, en primeiro lugar, os parados (21%) e, en segundo, os ocupados (19%). O grupo dos estudantes é o que menor proporción ofrece (6%) neste apartado de valoración negativa, pero o que máis se refuxia na opción central de "Seguen igual que hai dous anos" (46%).


Estudantes, ocupados e pensionistas son os sectores ocupacionais que mellor valoran os servizos administrativos, os tres con valores próximos ao 26%. As amas de casa e os parados son os que menor proporción de optimistas rexistran, ambos cun 22%.

As opinións máis negativas ao bo funcionamento deste servizo están repartidas entre os ocupados (14%) e os parados (12%). Os estudantes son o grupo que menor índice de baixa valoración do funcionamento dos servizos administrativos rexistra, cun 4,5%, seguidos das amas de casa (7%) e dos xubilados (8%).

O grupo dos estudantes é o que máis alta consideración ten da evolución dos servizos sociais (47%).

Aos estudantes séguenlles os ocupados e os parados (ambos 36%). As valoracións negativas, non obstante, están encabezadas polos pensionistas (10%), as amas de casa (8%) e os ocupados (8%).

Os estudantes, cun 2%, son o grupo ocupacional menos pesimista en canto á valoración do funcionamento dos servizos sociais nos últimos dous anos.



Os estudantes son tamén o grupo que, dunha maneira máis clara, percibe a seguridade como un servizo público cuxo funcionamento veu mellorando nos últimos tempos.

O 40% dos estudantes que aquí se sitúan contrasta cos demais grupos ocupacionais que non superan o 30%, a excepción dos pensionistas (31%).

Os estudantes son tamén o grupo menos pesimista na valoración do funcionamento da seguridade. Os máis pesimistas son os pensionistas (32%) e as amas de casa (26%), é dicir, os grupos sociais máis inactivos e potencialmente máis vulnerables e desprotexidos.

Os servizos de xustiza, tal como estamos vendo ao longo de toda esta epígrafe, ofrecen cifras positivas de funcionamento nos dous últimos anos moi reducidas. Estudantes (19%) e ocupados (16%) son os máis optimistas, e pensionistas (11%) e parados (11%), os menos.

Pensionistas (32%), ocupados (28%) e parados (27%) son os máis pesimistas na evolución do funcionamento da xustiza; os estudantes (17%), fieis ao seu maior optimismo en xeral, son os menos pesimistas. As amas de casa (25%) mantéñense, esta vez, nunha posición intermedia.


Os estudantes (44%) e os pensionistas (39%) son os que mellor valoran o funcionamento do transporte público, aínda que tamén son os estudantes o colectivo cun maior número de descontentos coa evolución do transporte nos dous últimos anos (18%). Unha vez máis, esta circunstancia demostra que o grupo dos estudantes (e o dos máis novos en xeral), adoita aos dous extremos da opinión.

A maioría dos nosos enquisados considerou –tal como vimos observando tamén ao ter en conta outras variables de cabeceira– que a vivenda é un servizo público en franco retroceso no que se refire ao seu funcionamento recente.

Todos os grupos ocupacionais superan o 50% de descontento sobre a evolución da vivenda, sendo o máis descontento de todos o dos parados (69%).

Seguramente esta circunstancia é debida a que a súa posición de exclusión do mercado laboral incide tamén na súa consideración pesimista sobre a evolución da vivenda. É probable que a maioría dos parados non estean en condicións de afrontar o custo dunha hipoteca ou dun alugamento e iso lles faga ser máis pesimistas que o resto de grupos ocupacionais.

Os demais grupos ofrecen porcentaxes moi parellas e todas elas igualmente avultadas: ocupados e estudantes, 57%; amas de casa, 55%, e pensionistas, 54%.



OCUPACIÓN E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS


SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Pensionistas	Estudantes
Sanidade	Ocupados	Amas de casa
Servizos administrativos	Ocupados	Estudantes
Servizos sociais	Parados	Estudantes
Seguridade	Pensionistas	Estudantes
Xustiza	Pensionistas	Estudantes
Transporte	Estudantes	Estudantes
Vivenda	Parados	Estudantes

Emprendemos agora a análise da avaliación do funcionamento dos servizos públicos nos dous últimos anos tendo en conta a categoría socioeconómica do individuo.

O máis destacable ao falarmos da educación é que o grupo socioeconómico que mellor valora o seu funcionamento é o dos decisores (42%), a moita distónica dos demais (non-clasificados, 33% e supervisores técnicos e empregados non-manuais, 31%).

Os autónomos non-expertos (24%) e os traballadores manuais e non manuais (21%) son, polo contrario, os que consideran, en maior medida, que a evolución dos servizos de educación foi a peor nos dous últimos anos.

FUNCIONAMENTO dos Servizos comparando con hai DOUS anos CAT. SOCIOECONÓMICA



Non clasificados (44%) e empregados manuais (40%) son, no entanto, as categorías socioeconómicas que mellor valoran a evolución dos servizos sanitarios nos dous últimos anos, mentres que son agora os decisores (27%) e os supervisores técnicos (22%) os que se mostran máis pesimistas.

Supervisores técnicos (29%) e decisores (27%) son os que en maior medida consideran que o funcionamento dos servizos administrativos mellorou nos dous últimos anos. Trátase de dúas categorías socioeconómicas que, a priori, e por cuestións relacionadas coa súa máis alta responsabilidade laboral, deberían estar familiarizadas co aparato burocrático do Estado, o que tamén podería explicar que os decisores (empatados cos empregados manuais) sexan tamén o colectivo que peor opinión ten sobre a evolución do aparato administrativo nos últimos anos (18%).

Os empregados non-manuais (39%), os manuais (38%) e os non-clasificados (37%) son os sectores máis optimistas na súa evolución do funcionamento, dos servizos sociais. Os valores que dan conta do pesimismo na evolución dos servizos sociais son moi baixos, froito da gran aceptación que ten esta clase de servizos. Aínda así, podemos sinalar aos supervisores e técnicos como o colectivo máis pesimista, cunha porcentaxe do 11%.

O incremento na melloría do funcionamento da seguridade é maior nas últimas tres categorías socioeconómicas: os empregados non-manuais (32%), os manuais (30%) e os non-clasificados (29%).

O pesimismo é maior entre os que máis teñen que perder, é dicir, entre os xefes e propietarios dos medios de produción. Así, os decisores son o colectivo que cre en maior medida que a seguridade foi a peor nos últimos anos (39%), seguidos dos autónomos non-expertos (30%).

As valoracións sobre a xustiza, en termos netos, son claramente negativas tamén cando temos en conta a categoría socioeconómica. Novamente as categorías profesionais que están na cúspide tenden a percibir a evolución no tempo do servizo como máis intensamente negativa:


algo máis do 38% dos decisores así o consideran, seguidos dos supervisores técnicos e dos autónomos non-expertos (ambos cun 28%).

O transporte público, polo contrario, encontra as cifras máis positivas entre aqueles sectores máis baixos dentro das categorías socioeconómicas, é dicir, entre os empregados manuais e os non-clasificados (38% e 39% respectivamente).

Os decisores, polo contrario, son o colectivo que considera que o transporte público foi claramente a peor (14%), só superados polos non-clasificados (15%).

Por último, a vivenda é considerada maioritariamente como un servizo público cuxo funcionamento foi claramente a peor nos últimos dous anos. Tendo en conta esta tendencia común a todas as categorías profesionais, observamos que existe unha clara tendencia a un maior pesimismo no tema da vivenda entre as categorías máis humildes, probablemente porque son eles os que notan en maior grao os rigores do mercado hipotecario e de alugamentos.

Aquí situaríase o 69% dos empregados manuais e o 57% dos empregados non-manuais. Os menos pesimistas son, por esta orde, os autónomos non-expertos (49%), os supervisores técnicos e os decisores (ambos 55%).



CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS		
SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Autónomos non-expertos	Decisores
Sanidade	Decisores	Non clasificados
Servizos administrativos	Empregados manuais	Supervisores técnicos
Servizos sociais	Supervisores técnicos	Empregados non-manuais
Seguridade	Decisores	Empregados non-manuais
Xustiza	Decisores	Supervisores técnicos
Transporte	Non clasificados	Non clasificados
Vivenda	Empregados manuais	Supervisores técnicos

Se temos en conta agora a posición do individuo no fogar, vemos que a valoración do funcionamento da educación pública nos dous últimos anos é máis alta entre os integrantes da categoría outras (ascendentes, persoas maiores) e os descendentes (45% e 34%, respectivamente). O valor máis baixo obsérvase entre os cónxuxes (29%).

Os xuízos retrospectivos máis negativos da educación encóntranse na persoa principal e nos cónxuxes (ambos 21%), é dicir, entre o pai e a nai, fronte a uns fillos algo menos pesimistas (18%) e aos avós ou outras persoas dependentes que puideren formar parte do fogar.

A sanidade pública é maioritariamente avaliada cun saldo positivo moi claro polos integrantes da categoría "outros" (83%) e, como cabería esperar, polos cónxuxes (40%).

Isto seguramente sexa así, como xa observamos noutras partes deste mesmo estudo, porque se trata dos dous colectivos que máis uso fan dos servizos de saúde e que conteñen en maior medida persoas maiores, pensionistas, mulleres e amas de casa, sectores que, como vimos, tenden a valorar positivamente a evolución da sanidade nos últimos anos. Do lado do pesimismo atopámonos cos cónxuxes (21%) e coa persoa principal do fogar (17%).

As persoas principais do fogar, tal vez porque coñecen o asunto máis de primeira man que os demais membros da familia, son o grupo que en maior medida (27%) avalían máis positivamente a evolución no funcionamento dos servizos administrativos nos últimos dous anos. Os descendentes, polo contrario, son os máis pesimistas na evolución deste servizo (11%).

A categoría outros –formada maioritariamente por xubilados e persoas maiores– avalía positivamente e, ademais, de maneira masiva o funcionamento dos servizos sociais (71%).

A este colectivo séguelle o dos descendentes (39%), e á cabeza das valoracións negativas –sempre moito máis baixas– aparecen os cónxuxes (11%), seguidos de cerca polas persoas principais do fogar (7%).

Os descendentes (mozos e, moitos deles, universitarios) son os que valoran máis positivamente a evolución nos últimos anos da seguridade, cunha cifra que supera sensiblemente o 32%.

A xustiza é o servizo público que peor evolución experimentou para os galegos despois da vivenda, tal e como vimos afirmando. Tamén por posición no fogar se observa esta circunstancia, xa que os valores negativos case triplican aos positivos.

Os que pensan que o servizo experimentou unha melloría no seu funcionamento nos dous últimos anos son, en primeiro lugar, os descendentes (18%), seguidos da persoa principal do fogar (14%). Do lado das opinións negativas é a persoa principal o colectivo cunha porcentaxe máis elevada (31%), seguido dos cónxuxes (26%) e dos descendentes (22%). O apartado “outros” experimenta aquí un valor moi baixo (12%) en comparación coas magnitudes dos demais membros do fogar.

Os membros desta categoría refúxianse masivamente no recadro “Igual que hai dous anos” (79%), o que pode ser entendido de dúas formas: como unha maneira de indicar que o tema xustiza lles resulta moi alleo e/ou como unha forma de absterse sen ter que recorrer ao “Non sabe / Non contesta”.

O xuízo retrospectivo do funcionamento do transporte público máis favorable corresponde tamén á categoría “outros” (49%), seguidos de lonxe polo outro colectivo, a priori, usuario preferente do servizo, o dos descendentes (39%). Este grupo é tamén o máis crítico con tal evolución (16%).

A persoa principal é a que mellor considera a evolución dos servizos públicos de vivenda (19%); os descendentes, polo contrario, son os menos optimistas (14%). Do lado do pesimismo na evolución do servizo, o colectivo cunha porcentaxe máis elevada é o de “outros” (67%), seguido dos descendentes (61%).

POSICIÓN NO FOGAR E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS		
SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Outras	Persoa principal
Sanidade	Outras	Cónxuxes
Servizos administrativos	Persoa principal	Descendentes
Servizos sociais	Outras	Cónxuxes
Seguridade	Descendentes	Persoa principal
Xustiza	Descendentes	Persoa principal
Transporte	Outras	Descendentes
Vivenda	Persoa principal	Outras

A Galicia urbana, é dicir, as cidades de máis de 50.001 habitantes, é menos optimista en canto á evolución no tempo da educación pública, xa que só algo máis do 29% dos habitantes das grandes cidades consideran que o funcionamento do servizo mellorou.

Tendencia contraria obsérvase, como parece lóxico, no medio rural. Os membros dos concellos de ata 10.000 habitantes son os que mellor valoran (34%), seguidos das concellos de ata 5.000 habitantes (33.9%).

As opinións negativas da evolución do sistema público de educación son tamén maiores no hábitat urbano (22% nas grandes cidades e 21% nos concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes).

Por provincias son Ourense (35%) e Pontevedra (33%) as máis optimistas na evolución da educación e A Coruña é a máis pesimista de todas (24%).

A avaliación do funcionamento da sanidade ofrece unha tendencia parecida á da educación, xa que é no medio rural onde se considera que tal funcionamento foi a mellor: os concellos máis pequenos (ata 10.000 habitantes) son os que ofrecen as porcentaxes máis elevadas.

Estes datos contrastan cos da Galicia urbana, moito menos optimista e –o que é máis revelador– máis pesimista: o 19% dos habitantes dos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes cren que os servizos sanitarios foron a peor nos dous últimos anos; o 17% dos habitantes dos municipios de máis de 50.001 habitantes pensan o mesmo, mentres que no rural os valores son moito máis baixos (11% nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes).

Por provincias non se observan demasiadas diferenzas no optimismo (se acaso, cómpre dicir que é A Coruña a máis optimista), pero si no pesimismo. A provincia máis pesimista na súa consideración da evolución da sanidade pública nos dous últimos anos é Pontevedra (20%) e a menos Lugo (12%).



Os servizos administrativos gozan dunha consideración máis favorable no medio rural que no urbano: 35% nos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes e 28% nos concellos de ata 5.000 habitantes, fronte a un 24% dos municipios que superan os 10.001 habitantes.

O mesmo sucede na consideración contraria: o mundo urbano é máis pesimista con respecto a este servizo que o rural. O 13% dos enquisados que viven nas cidades de máis de 50.001 habitantes e o 10% dos que o fan en municipios de entre 10.001 e 50.000 habitantes, consideran que a evolución no funcionamento dos servizos administrativos foi a peor, fronte a un 7% e 8% dos habitantes dos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes e os de ata 5.000, respectivamente.

A Coruña e Ourense, cunha porcentaxe do 27% son as provincias máis optimistas e Pontevedra (23%) a menos. As consideracións negativas da evolución no funcionamento do servizo, esta vez, están moi niveladas e todas ofrecen unha cifra en torno ao 10%.

A tendencia nos servizos sociais e a seguridade é tamén proclive cara a un maior optimismo na consideración do seu funcionamento no medio rural. O mundo urbano éo moito menos. E, ao revés, experimentase un maior pesimismo na cidade que no campo.

Nos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes, o 46% dos enquisados e o 39% dos municipios máis pequenos consideran que a evolución dos servizos sociais foi a mellor, fronte a unhas porcentaxes moito máis modestas recollidas nos concellos maiores de 10.001 habitantes (34% e 36%, respectivamente).



Idéntica pauta se observa en canto á seguridade, aínda que as porcentaxes son máis modestas: 34% e 30% nos concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes e nos de ata 5.000, respectivamente, e 28% nos que teñen máis de 50.000 habitantes. A porcentaxe é aínda máis baixa nos municipios de entre 10.001 a 50.000 habitantes (27%).

Un maior pesimismo na avaliación retrospectiva do funcionamento dos servizos sociais e a seguridade é tamén a tónica no mundo urbano. Así, o 9% dos habitantes das cidades galegas (municipios maiores de 50.000 habitantes) e o 8% dos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes, fan unha avaliación negativa da evolución dos servizos sociais (nos concellos máis pequenos só un 5% se sitúa nesta categoría).

O mesmo sucede na seguridade: 29% (concellos de máis de 50.000 habitantes) e 25% (concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes) para o mundo urbano e 21% (concellos entre 5.001 a 10.000 habitantes) e 24% (concellos ata 5.000 habitantes) para o rural.

Por provincias, a menos optimista de todas en canto á avaliación da evolución no funcionamento dos servizos sociais é Pontevedra (33%) e Pontevedra é tamén a máis pesimista (8%), xunto coa Coruña.

Ourense é a provincia en que a seguridade é considerada como un servizo público que evolucionou positivamente nos últimos dous anos en maior medida. Un 33% dos enquisados así o sostén, fronte a un 27% dos que viven na Coruña, provincia menos optimista.

Do lado das valoracións máis negativas, encóntrase á cabeza A Coruña (24%). As menos pesimistas son Ourense e Pontevedra, con só un 17% de enquisados que consideran que a evolución da seguridade foi a peor nos dous últimos anos.

A avaliación do funcionamento dos servizos de xustiza cambian a tendencia que vimos observando ata agora e as cifras vólvense máis parellas e confusas.

A mellor valoración da xustiza atopámola nos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes (17%) e nos maiores de 50.000 (16%). O pesimismo na evolución do servizo é maior nos concellos máis pequenos (29%) e nos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes (26%). Obsérvase, polo tanto, unha división dentro do medio rural e do urbano na avaliación do funcionamento dos servizos públicos de xustiza.

Por provincias, hai que observar que Pontevedra (18%) e Ourense (15%) son as provincias con maior número de enquisados en posicións optimistas en canto á súa valoración da evolución dos servizos de xustiza. O outro lado da balanza, o das opinións negativas, é ocupado por Pontevedra (20%) e Ourense (18%).

A avaliación do funcionamento do transporte público nos dous últimos anos tamén ofrece unha tendencia difusa: crese que mellorou nos concellos de ata 5.000 habitantes e naqueles entre 10.001 e 50.000 habitantes (38%). Mentres que as opinións sobre a evolución negativa son máis avultadas no mundo urbano, sobre todo nas grandes cidades (14%) e nos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes.

Ourensáns (40%) e lugueses (39%) son un pouco máis optimistas que coruñeses (37%) e pontevedreses (36%) en materia de transportes. Os máis pesimistas na súa valoración da evolución do transporte público localízanse en Lugo (11%).


A vivenda volve sinalar unha clara división entre o mundo urbano e rural. Mentres que os enquisados que viven no mundo rural sosteñen, en maior medida, que a evolución dos servizos públicos de vivenda nos últimos dous anos foi a mellor, os habitantes das cidades son moito máis pesimistas.


Así, o 21% dos habitantes dos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes e o 20% dos máis pequenos cren que a evolución da vivenda mellorou, fronte a un 15% de galegos habitantes de grandes cidades e un 13% de habitantes de concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes que cren o mesmo.

Entre o 61% e o 60% dos habitantes dos concellos superiores a 10.000 habitantes, consideran que a evolución da vivenda foi a peor. As cifras no medio rural son máis baixas: 49% nos concellos menores de 5.000 habitantes e 41% nos de entre 5.001 a 10.000.

As cifras provinciais sosteñen que Lugo (19%) e A Coruña (18%) son os lugares cun maior número de cidadáns que consideran que a evolución dos servizos públicos de vivenda foron a mellor se temos en conta os dous últimos anos.

Pontevedra (68%) e Ourense (52%), polo contrario, ofrecen cifras moito máis avultadas e que deixan ben ás claras que son provincias habitadas por enquisados que maioritariamente valoran a evolución do servizo como claramente deficitaria.





HÁBITAT E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	Concellos de máis de 50.001 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Sanidade	Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Servizos administrativos	Concellos de máis de 50.001 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Servizos sociais	Concellos de máis de 50.001 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Seguridade	Concellos de máis de 50.001 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Xustiza	Concellos de ata 5.000 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.
Transporte	Concellos de máis de 50.001 hab.	Concellos de ata 5.000 hab.
Vivenda	Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	Concellos de 5.001-10.000 hab.

Nota: Vilas pequenas (ata 5.000 habitantes), vilas grandes (5.001-10.000), cidades pequenas (10.001-50.000) e grandes cidades (máis de 50.001 habitantes)

PROVINCIA E XUÍZO RETROSPECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

SERVIZO PÚBLICO	MAL FUNCIONAMENTO	BO FUNCIONAMENTO
Educación	A Coruña	Ourense
Sanidade	Pontevedra	A Coruña
Servizos administrativos	Lugo	Ourense
Servizos sociais	Pontevedra	Lugo
Seguridade	Pontevedra	Ourense
Xustiza	Pontevedra	Pontevedra
Transporte	Ourense	Ourense
Vivenda	Pontevedra	Lugo

En resumidas contas, o mundo rural valora máis positivamente a evolución do funcionamento dos servizos públicos de educación, sanidade, servizos administrativos, servizos sociais, seguridade e vivenda que o mundo urbano. E, ao revés, os habitantes das cidades son, en xeral, máis pesimistas que os das vilas e aldeas, á hora de avaliar a evolución do funcionamento dos principais servizos públicos.

2. ¿Quen xestiona que?

Unha vez establecida a opinión retrospectiva da sociedade galega sobre a evolución do funcionamento dos principais servizos públicos nos últimos dous anos, cómpre coñecer quen cren estes cidadáns que é o organismo público que xestiona cada un destes servizos.

Tal responsabilidade na xestión é importante para que o cidadán constrúa o seu xuízo sobre a boa ou mala marcha do servizo en cuestión. Hai que ter en conta que nos movemos aquí no terreo da opinión e dun tipo de opinión non demasiado forte e pensada. É dicir, probablemente sexa esta a primeira vez que moitos dos nosos enquisados son interrogados pola responsabilidade da xestión dos distintos executivos en materia de servizos públicos.

A iso únese outra circunstancia, en moitas ocasións prodúcese a paradoxo de que un determinado nivel de poder executivo (concello, comunidade autónoma ou goberno central) é obxecto de boa ou mala opinión en función dunha xestión da que non é competente e, por conseguinte, nunca realizou. O premio ou castigo a unha xestión inexistente podería ser aquí a consecuencia final da confusión sobre a competencia nun servizo.

Pasamos agora a analizar as atribucións de xestión que os galegos fan de cada un dos principais servizos públicos que analizamos anteriormente dando cabida a dous novos asuntos: o funcionamento da economía e o medio ambiente.


Para a maior parte da sociedade galega o organismo executivo que xestiona a educación é a Xunta de Galicia (47%).

Porén, un 29% dos enquisados cre que é o Goberno central o competente e un 12% pensa que son os diferentes concellos. Todas as variables de cabeceira confirman esta tendencia, segundo podemos observar na seguinte táboa. No entanto, a análise pormenorizada que agora emprendemos desvelaranos algunhas tendencias interesantes.

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	29	54
Mulleres	30	41
Xente nova	33	46
Idade media	28	56
Maiores	26	37
Sen estudos	28	41
Estudios secundarios	36	58
Universitarios	31	70
Ocupados	30	56
Estudantes	39	46
Amas de casa	20	40
Pensionistas	27	34
Parados	23	46
Decisores	22	54
Supervisores	22	57
Autónomos	33	51
Non-manuais	40	54
Manuais	25	54
Non-clasificados	28	41
Cabeza de familia	28	51
Cónxuxes	28	43
Descendentes	33	45
Outros	6	65
Concellos de ata 5.000 hab.	31	39
Concellos de 5.001-10.000 hab.	29	39
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	28	51
Concellos de máis de 50.001 hab.	29	52
A Coruña	30	48
Lugo	31	41
Ourense	30	41
Pontevedra	27	50
TOTAL	29	47

Se desagregamos estas cifras por sexos, encontrámonos con que os homes se achegan un pouco máis aos datos medios da sociedade no seu conxunto que as mulleres: un 41% das galegas atribúenlle a competencia á Xunta fronte ao 54% dos galegos.

As porcentaxes dos outros dous organismos xestores permanecen moi parellas: un 30% de mulleres atribúenlle as competencias ao Goberno central fronte a un 29% de homes, e un 12% de homes e mulleres fan o propio cos diferentes concellos.



Por idade, o colectivo máis seguro de que é a Xunta de Galicia o organismo encargado de xestionar os servizos públicos de educación son todos aqueles cidadáns encadrados no que conviños en denominar as idades medias, é dicir, os comprendidos entre os 35 e 44 anos, por un lado, e os que teñen entre 45 e 59.

O saldo neto deste grupo de idade é do 56%, fronte ao 37% dos máis vellos e ao 46% dos mozos. Este último colectivo da xuventude ofrece, ademais, un dato moi curioso: é o que en maior medida lle atribúe ao Goberno central as competencias sobre educación. Porén, obsérvanse diferenzas entre os tres grupos encadrados na xuventude.

Os máis novos de todos, isto é, os que teñen entre 16 e 24 anos, son tamén os que máis seguros están de que é o Goberno central o xestor da educación. O 40% dos enquisados máis novos así o cre.

Conforme a idade avanza, a seguridade descende; así, o segundo grupo de novos (entre 25 e 29 anos) ofrece unha porcentaxe menor (32%) e o terceiro (30-34) aínda menor (28%).

Non obstante, nos tres grupos a opinión de que é a Xunta a encargada da xestión sempre supera a que considera que é o Goberno central. De maneira moi débil no grupo dos máis novos: o 41% fronte ao 39%, de modo que as porcentaxes case se reparten por igual demostrando que os máis novos non teñen moi claro quen xestiona a educación.

A incógnita despéxase coa idade: o segundo grupo ofrece xa un diferencial moito maior entre os que cren que é a Xunta (52%) e o Goberno central (32%) o encargado da educación. Nos seguintes grupos de idade a diferenza é aínda maior naqueles que teñen entre 35 e 44 anos (o 28% cren que é o Goberno central fronte ao 59% que cren que é a Xunta).


Existe unha relación directa entre un maior nivel de estudos e a consideración de que a educación é unha competencia que xestiona e desenvolve a Xunta de Galicia.

O 30% dos galegos sen estudos primarios considera que o xestor é o Goberno galego, fronte a un 58% dos que fixeron estudos secundarios e un 71% dos universitarios.

O grupo que pensa, polo contrario, que a competencia se xestiona desde Madrid é, en primeiro lugar, o dos estudos secundarios (36%) seguido dos universitarios (31%) e do grupo de estudos primarios (29%).

Ocupados (56%), parados (46%) e estudantes (46%) son os grupos ocupacionais máis seguros de que é a Xunta o organismo encargado da xestión da educación pública, fronte aos pensionistas (34%) e amas de casa (40%).

O grupo dos estudantes (39%) –quizais influídos pola súa curta idade– é o que en maior medida sinala o Goberno central como o responsable da xestión da educación.



O colectivo dos supervisores técnicos (58%) é o grupo profesional, xunto con decisores e empregados manuais (ambos cun 54%), que máis seguro se mostra na competencia da Xunta de Galicia en materia educativa.

Os non-clasificados son o único grupo que non supera o 50% de atribución da competencia ao Goberno galego (exactamente un 42% dos integrantes deste grupo sinalao como o competente).

Os empregados non-manuais son, por outro lado, o colectivo que lle atribúe en maior número ao Goberno central a competencia en educación pública. xa que case un 40% dos individuos aquí encadrados así o asegura.

A categoría “outros” dentro da variable de cabeceira “posición do individuo no fogar” está integrada maioritariamente polos ascendentes (avós, principalmente) e calquera outro tipo de familiar que puidese vivir no fogar. Trátase dun grupo de idade avanzada, xeralmente inactivos e pensionistas.

Pois ben, son estas persoas da categoría outros as que, con máis seguridade, mostran en que é a Xunta de Galicia o organismo que se encarga da xestión da educación (65%), seguidos a unha certa distancia da persoa principal do fogar (51%).

Os descendentes –xeralmente mozos e estudantes– son os que en maior medida (33%) sinalan o Goberno central como o encargado da dispensa da educación.

No mundo urbano considérase dun modo moito máis claro que é a Xunta a encargada da educación.

Así, nos concellos de ata 5.000 habitantes e de entre 5.001 e 10.000 habitantes, respectivamente, o número de enquisados que sinalan a Xunta como xestor principal (39% en ambos os casos) é menor que nos concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes e que nos de máis de 50.000 habitantes que alcanzan cifras do 51% e o 52%, respectivamente. E, ao contrario, é nos concellos menores de 5.000 habitantes onde en maior medida se considera que a educación é algo que xestiona o Goberno central (31%).

Os datos provinciais son outra forma de analizar o impacto de hábitat e veñen confirmar o que estamos afirmando:

As provincias máis urbanas (A Coruña e Pontevedra) son as que concentran un maior número de individuos que cren que é a Xunta o organismo que xestiona a educación pública (48% e 50%, respectivamente) fronte a Lugo e Ourense (41% e 40%).

Támén se observa a tendencia contraria: as porcentaxes de Lugo e Ourense (ambas superan o 30%) son sensiblemente superiores ás da Coruña (29,7) e Pontevedra (27%) en canto á idea de que é o Goberno central o encargado de xestionar os servizos públicos de educación.

As competencias en materia de sanidade tamén son maioritariamente percibidas pola poboación como en mans da Xunta de Galicia. Algo máis da metade da mostra (53%) sostén que é o Goberno galego o que xestiona a competencia.

Un 26% cre, porén, que o competente é o Executivo central e só o 7% pon en mans dos concellos as competencias sanitarias.

As diferenzas na opinión entre sexos son moi significativas. O 60% dos homes, fronte ao 47% de mulleres, falan da Xunta como o executivo competente en sanidade.

As porcentaxes de homes e mulleres que cren que é o Goberno central o que xestiona a sanidade están, polo contrario, moi parellos (25% de homes e 27% de mulleres).

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	25	60
Mulleres	27	47
Xente nova	29	53
Idade media	29	63
Maiores	26	41
Sen estudos	25	46
Estudios secundarios	31	69
Universitarios	23	77
Ocupados	26	62
Estudantes	30	53
Amas de casa	25	46
Pensionistas	25	40
Parados	23	59
Decisores	35	56
Supervisores	18	69
Autónomos	27	61
Non-manuais	26	64
Manuais	30	50
Non-clasificados	26	47
Cabeza de familia	23	56
Cónxuxes	28	48
Descendentes	28	54
Outros	39	36
Concellos de ata 5.000 hab.	29	45
Concellos de 5.001-10.000 hab.	29	44
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	27	53
Concellos de máis de 50.001 hab.	22	61
A Coruña	25	57
Lugo	28	48
Ourense	26	49
Pontevedra	26	52
TOTAL	26	53

Por idade fixarémonos, igual que cando analizamos a educación, nos saldos netos das tres categorías de xuventude, as dúas das idades medias e a da vellez.

O saldo neto da xuventude que cre que é a Xunta a competente en sanidade alcanza o 53% dos enquisados destas idades (16-29, 25-29 e 30-34); o das idades medias (35-44 e 45-59), o 63%. O da vellez é o máis baixo, co apenas un 41%.


Tal e como ocorría coa educación, os máis novos son tamén os que colocan en maior medida a sanidade en mans do Goberno central. O saldo neto da xuventude alcanza o 28% fronte ao 24% dos das idades medias e o 26% dos maiores. Obsérvase pois a tendencia característica da xuventude a colocar as competencias de xestión dos principais servizos públicos en mans do Goberno central.


Aqueles enquisados que admiten non estaren en posesión de ningún tipo de estudos colocan en moita menor proporción (46%) a competencia sanitaria en mans da Xunta de Galicia que aqueles que si cursaron estudos (secundarios, 69%, e universitarios, 77%).

Os cidadáns con estudos secundarios, porén, superan os que non teñen estudos primarios na súa consideración de que é o Goberno central o competente. A proporción é 31% a 26%. Os universitarios son o grupo que menos coloca no Goberno de Madrid a competencia sanitaria (23%).

Se falamos de ocupación, obsérvase que claramente o grupo dos ocupados (62%) é o que máis aposta pola Xunta como o organismo competente en sanidade, seguido de parados (59%) e estudantes (53%). O colectivo máis distante é o dos pensionistas, con só un 40% dentro desta opinión.


Pero non son os pensionistas (25%) senón os estudantes (30%) o grupo ocupacional que, en maior número, aposta polo Goberno central como o competente na sanidade pública. Os parados (23%) son os que menos fan esta asociación sanidade-Goberno central.





Supervisores técnicos e empregados non-manuais (69% e 64%, respectivamente) son os grupos ocupacionais que máis apostan por lle atribuír a competencia de sanidade á Xunta de Galicia, os non-clasificados (47%) e os traballadores manuais (50%), os que menos.

A consideración de que é o Goberno central o xestor do sanitario concéntrase maioritariamente nos dous extremos: nos decisores (35%) e nos traballadores manuais (30%), a moita distancia dos supervisores técnicos (18%), grupo ocupacional que menos coloca no poder central a competencia sanitaria.



Se nos fixamos agora na composición interna do fogar, vemos que a persoa principal do fogar é a que encabeza a opinión de que é a Xunta a que xestiona a sanidade (56%), seguidas de cerca polos descendentes (54%).

O dato máis sorprendente aquí é o da categoría “outros” (que inclúe, como dixemos antes, persoas maiores, inactivas e xubilados; principalmente). Trátase do único grupo en que a consideración de que as competencias sanitarias están en mans do Goberno central supera á que ve na Xunta de Galicia o organismo xestor. A proporción é 39% a 36%.


O mundo urbano (concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes e de máis de 50.000 habitantes) considera en moita maior proporción que o mundo rural que é a Xunta de Galicia a encargada de xestionar as competencias relacionadas coa sanidade pública.

Os datos son reveladores: o 61% dos enquisados que viven nos concellos máis grandes así o consideran, seguidos do 53% dos que habitan os municipios de entre 10.001 a 50.000 habitantes. As porcentaxes dos concellos menores de 5.000 habitantes e os de entre 5.001 a 10.000 habitantes son netamente inferiores (45% e 44%, respectivamente).

A tendencia contraria tamén se cumpre: o mundo rural tende a colocar as competencias sanitarias en maior medida que o mundo urbano en mans do Goberno central. 29% e 28% nos concellos de ata 5.000 e de entre 5.001 a 10.000 habitantes, fronte ao 27% e 22% dos concellos entre 10.001 a 50.000 e maiores de 50.000 habitantes, respectivamente.

Os datos provinciais, unha vez máis, corroboran os do hábitat: na Coruña (57%) e Pontevedra (52%) considérase en maior medida que en Lugo (48%) e Ourense (49%) que é a Xunta de Galicia a que xestiona a sanidade

En Lugo (28%) e Ourense (26%), por outra parte, hai un maior número de enquisados que cren que é o Goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero o encargado da prestación dos servizos sanitarios.



Se no caso da educación e a sanidade a maioría dos entrevistados tiñan claro que era a Xunta de Galicia o organismo competente, no caso da seguridade cidadá as cousas non están tan claras.

Dezaoito das nosas segmentacións (homes, mozos, idades medias, estudos secundarios, universitarios, ocupados, estudantes, parados, supervisores, traballadores non-manuais, cabezas de familia, descendentes, outros grupos familiares, vilas grandes, cidades pequenas, Lugo e Ourense) sinalan o Goberno central como o organismo competente principal.

De feito, o Goberno central é sinalado polo 34% da mostra como o principal executivo competente en materia de seguridade cidadá. A Xunta supérao por un punto porcentual, xa que o 35% dos galegos a consideran como a posuidora das competencias en seguridade.

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)	Concello Competente (%)
Homes	44	36	23
Mulleres	25	34	25
Xente nova	37	36	28
Idade media	39	38	24
Maiores	25	31	19
Sen estudos	28	32	23
Estudos secundarios	45	44	28
Universitarios	59	43	27
Ocupados	42	39	23
Estudantes	38	34	36
Amas de casa	20	32	28
Pensionistas	27	30	18
Parados	37	35	21
Decisores	27	29	30
Supervisores	46	41	24
Autónomos	46	34	18
Non-manuais	43	40	26
Manuais	35	39	22
Non-clasificados	28	33	25
Cabeza de familia	39	36	20
Cónxuxes	24	36	26
Descendentes	37	35	28
Outros	76	17	9
Concellos de ata 5.000 hab.	32	35	16
Concellos de 5.001-10.000 hab.	33	28	19
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	35	34	27
Concellos de máis de 50.001 hab.	36	37	30
A Coruña	35	37	26
Lugo	35	34	18
Ourense	34	32	21
Pontevedra	33	35	25
TOTAL	34	35	24

Mulleres, maiores, sen estudos, amas de casa, pensionistas, traballadores manuais, traballadores non-clasificados, cónxuxes, concellos de ata 5.000 habitantes, as grandes cidades e as provincias da Coruña e Pontevedra son os segmentos da sociedade que sinalan a Xunta de Galicia como a principal responsable da seguridade na sociedade galega.

Por primeira vez os concellos aparecen como unha institución importante na xestión dun servizo público e, en ocasións, alcanzan unha porcentaxe moi próxima á do Goberno central e á da Xunta de Galicia. Nunha ocasión –a opinión dos decisores– ocupa o primeiro posto en canto a porcentaxe. Pero vaíamos por partes.


A maioría dos homes (44%) cren que é o Goberno central o responsable da seguridade cidadá, mentres que as mulleres, na súa maior parte, responsabilizan a Xunta de Galicia (34%) da xestión da seguridade cidadá.


Os tres grupos de novos (16-24, 25-29 e 30-34) dubidan moito entre o Goberno central e a Xunta de Galicia, ofrecendo porcentaxes practicamente idénticas, aínda que a tendencia é a considerar o Goberno central como o encargado de xestionar a seguridade cidadá.

Destaca a alta porcentaxe de entrevistados novos (16-24) que sinalan o concello como o responsable da xestión do servizo, o 34%, que constitúe a porcentaxe máis alta de entre todos os grupos de idade.

Nas idades medias non hai unha tendencia clara e as diferenzas nas porcentaxes, como sucedía coa xuventude, non son moi marcadas. O primeiro grupo de idade (35-44) decántase lixeiramente por concederlle a competencia en seguridade á Xunta (41%) fronte ao Goberno central (40%), mentres que o segundo grupo (45-59) considera o Goberno central (38%) o responsable da xestión, por encima da Xunta (35%). As porcentaxes que sinalan aos concellos son moi inferiores en ambos os grupos (25% e 24%, respectivamente).


Os máis maiores decántanse máis claramente pola Xunta (31%), fronte ao Goberno central (25%) e o concello (19%).





Os grupos con maiores niveis de estudos tenden a considerar o Goberno central como lixeiramente competente en materia de seguridade cidadá, fronte á Xunta de Galicia. Así, o 45% dos enquisados con estudos secundarios sinalaron o Goberno central como o competente. A cifra de universitarios é aínda máis clara, o 59% pensan no Goberno central.

Os entrevistados con estudos primarios, porén, consideran que é a Xunta de Galicia o organismo principalmente responsable en materia de seguridade cidadá (34%). Un 31% dos enquisados deste mesmo grupo cre, no entanto, que o competente é o Goberno central. As tendencias, como se pode observar, son claras, aínda que non concluíntes.



A maioría dos ocupados (42%) cre que é o Goberno central o que ten a competencia en seguridade, fronte a un 39% que pensa que é a Xunta a encargada da súa xestión. Dentro do grupo dos estudantes tamén son maioría os que pensan no Goberno central como o principal xestor e responsable da seguridade: 38% fronte a un 34% que cre que é a Xunta. O concello alcanza aquí unha porcentaxe considerable, o 36%.

As amas de casa decántanse, en cambio, pola Xunta como o principal xestor da seguridade (33%). Un 28% deste colectivo pensa, porén, que o competente é o concello e un 20% o Goberno central. Os pensionistas tamén falan da Xunta en primeiro lugar (30%), pero difiren da amas de casa ao destacar, en segundo lugar, o Goberno central (27%) en vez do municipio (18%).

Os parados achéganse moito ao perfil dos ocupados, responsabilizando o Goberno central (37%), en primeiro lugar, da xestión da seguridade cidadá. Unha alta proporción de parados fala tamén da Xunta (35%) e, xa a maior distancia, dos concellos (21%).

O grupo socioeconómico dos decisores é o único que coloca en primeiro lugar o municipio na súa consideración de quen é o organismo institucional encargado da xestión en materia de seguridade cidadá.

O 30% dos decisores así o considera, seguido de cerca dos que pensan que son a Xunta (29%) e o Goberno central (27%).

Supervisores técnicos (46%), autónomos non-expertos (46%) e empregados non-manuais (43%) comparten o feito de considerar maioritariamente que é o Goberno central o encargado de xestionar a seguridade cidadá.

Os empregados manuais e os non-clasificados consideran que o organismo competente en seguridade é, en primeiro lugar, a Xunta de Galicia (39% e 33%, respectivamente). O Goberno central ocupa a segunda posición en importancia (35% e 28%) e o concello a terceira (22% e 25%).

Aínda que as diferenzas son moi pequenas, obsérvase unha tendencia moi curiosa en canto á atribución da responsabilidade na xestión da seguridade cidadá tendo en conta o hábitat en que vive o individuo. Establécese unha pequenísima diferenza interna entre as dúas categorías que definimos como ámbito rural e as dúas do urbano.


Os enquisados dos concellos de ata 5.000 habitantes tenden a considerar a Xunta de Galicia como o organismo competente en seguridade: Un 35% dos enquisados así o asegura, fronte a un 32% que cre que é o Goberno central.

Tendencia lixeiramente contraria experimentase nas localidades de entre 5.001 e 10.000 habitantes: agora son unha lixeira maioría (33%) os que consideran que o competente é o Goberno central, fronte a un 28% que cre que é o autonómico.

No ámbito urbano repítese esta división interna, de modo que os municipios de entre 10.001 e 50.000 habitantes comparten cos concellos de tamaño inmediatamente inferior o feito de sinalar o Goberno central como o responsable da xestión do servizo fronte á Xunta de Galicia. As porcentaxes aquí difiren só en sete décimas: o 34,8% cre que é o Goberno central o responsable, fronte ao 34,1% que pensa na Xunta.

Porcentaxes moi parellas aínda que de tendencia contraria pódense observar nas grandes cidades (máis de 50.000 habitantes): o 36,8% cre que o competente é a Xunta de Galicia, fronte ao 36,2% que considera que é o Goberno central o encargado de xestionar a seguridade cidadá.

A Coruña e Pontevedra consideran maioritariamente a Xunta de Galicia como o organismo responsable da xestión da seguridade (37% e 35%, respectivamente), fronte a valores máis discretos de Lugo (34%) e Ourense (32%). Estas dúas provincias son as que consideran en primeiro lugar o Goberno central como o principal responsable da xestión do servizo (35% e 34%, respectivamente).




A maioría dos galegos considera que é a Xunta de Galicia o organismo que detecta as competencias en materia de servizos sociais e, ademais, fano dunha maneira moi clara.

Case o 46% dos enquisados así o cre, fronte ao 21% que pensa que a competencia recae no Goberno central e o 22% que fai o propio co concello.

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)	Concello Competente (%)
Homes	25	54	21
Mulleres	17	39	23
Xente nova	26	44	23
Idade media	20	56	24
Maiores	18	36	17
Sen estudos	19	41	21
Estudos secundarios	29	53	25
Universitarios	24	68	25
Ocupados	23	55	24
Estudantes	26	42	25
Amas de casa	13	43	20
Pensionistas	18	35	19
Parados	32	37	20
Decisores	32	39	23
Supervisores	18	58	21
Autónomos	24	53	25
Non-manuais	24	56	24
Manuais	24	50	25
Non-clasificados	19	39	21
Cabeza de familia	20	52	22
Cónxuxes	15	42	23
Descendentes	28	42	21
Outros	28	63	14
Concellos de ata 5.000 hab.	21	45	16
Concellos de 5.001-10.000 hab.	20	38	22
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	21	42	25
Concellos de máis de 50.001 hab.	21	50	24
A Coruña	22	45	25
Lugo	21	44	20
Ourense	18	46	20
Pontevedra	21	47	19
TOTAL	21	46	22

Existen certas diferenzas entre homes e mulleres. En primeiro lugar, a porcentaxe de homes que sosteñen que é a Xunta de Galicia a que ten no seu poder as competencias en seguridade cidadá é superior ao de mulleres (54% fronte a 39%). As mulleres, porén, colocan en segundo lugar o concello, 23% fronte ao 21% de homes, xa que eles optan polo Goberno central como segunda opción (25% fronte ao 17% de mulleres) tal e como podemos apreciar no seguinte gráfico:



O grupo de idade que en maior medida sinala a Xunta como a responsable dos servizos sociais que se dispensan en Galicia é o comprendido entre os 35 e os 44 anos (59%), seguido do de 45-59 (52%). É, polo tanto, nas idades medias onde o Goberno galego é considerado en maior medida responsable dos servizos sociais.

O grupo de idade situado no outro extremo é o dos máis maiores (60 e máis anos) con só un 36% dos seus membros sinalando a Xunta de Galicia. Os dous primeiros grupos de idade (19-24 e 25-29) sinalan ao Goberno central antes que ao concello á hora de sinalar a segunda institución encargada dos servizos sociais. É dicir, descartando os que sinalan a Xunta como a dispensadora, que son a maioría, é o Goberno central o que, nestes dous grupos, ocupa a segunda posición con valores do 28% para os máis novos e do 26% para os de idades comprendidas entre os 25 e os 29 anos.


Tendencia contraria experimentan os restantes grupos de idade, a excepción dos máis maiores, que ofrecen cifras moi similares (18% para o Goberno central e 17% para o concello). Aqueles enquisados con idades comprendidas entre os 30 e os 34 anos, así como as dúas categorías das idades medias prefiren o concello antes que o Goberno central á hora de sinalar a segunda institución encargada da dispensa dos servizos sociais.

A maior nivel de estudos, maior conciencia de que é a Xunta de Galicia a encargada de xestionar a política social en Galicia. O 68% dos universitarios así o cre, fronte ao 53% dos cidadáns con estudos secundarios e o 30% dos sen estudos.

A segunda posición está moi repartida: o concello para os universitarios (25%) e os sen estudos (18%), e o Goberno central para os que cursaron estudos secundarios (29%).

Os ocupados son o grupo que máis sinala a Xunta como a responsable da política social (55%), seguidos a unha certa distancia polas amas de casa (43%) e os estudantes (42%). Estas porcentaxes, aínda sendo maioritarias, baixan bastante cando examinamos os parados (37%) e pensionistas (35%).

A segunda opción á hora de examinar quen xestiona a política social é o concello para: os ocupados (24%), as amas de casa (20%) e os pensionistas (19%). O Goberno central, en cambio, é citado polos estudantes (26%) e, sobre todo, polos parados (32%).




Os supervisores técnicos e os empregados non-manuais son os que máis claro o teñen: a Xunta de Galicia é a responsable da xestión dos servizos sociais (58% e 56%, respectivamente).

Destaca aquí a baixa porcentaxe dos decisores e dos non-clasificados (39% en ambos os casos) na atribución da competencia do servizo á Xunta.

O concello é a segunda opción favorita de todas as categorías socioeconómicas, excepto no caso dos decisores, que falan en maior medida do Goberno central (32%) antes que do concello (23%).

A categoría “outros” do punto “posición do individuo no fogar” é a que lle atribúe máis claramente á Xunta as competencias de política social (63%). Tal claridade quizais estea relacionada co feito de que se trate da categoría que con maior regularidade se beneficia de tales servizos.


Á categoría “outros” séguelle a da persoa principal do fogar (52%). No segundo posto na atribución de responsabilidades pola xestión dos servizos sociais sitúase o concello para cónxuxes (23%) e persoa principal do fogar (22%), e Goberno central para descendentes e outros (ambos cun 28%).



As grandes cidades (50%) e os concellos máis pequenos (45%) son os hábitats nos cales os enquisados apostan máis maioritariamente por considerar a Xunta de Galicia como o organismo responsable da xestión dos servizos sociais.

O segundo posto é sempre para o concello (22% nos concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes, 24% nos de máis de 50.000 e 25% nas localidades de entre 10.001 a 50.000 habitantes), excepto nas vilas pequenas, en que o Goberno central é citado explicitamente como segunda opción (21%) á hora de considerar a institución responsable da política social.

Por provincias, é en Pontevedra (47%) e Ourense (46%) onde máis se cita a Xunta como portadora das competencias en materia social, aínda que as diferenzas coas outras dúas provincias galegas non son moi grandes (45% na Coruña e 44% en Lugo).




A xestión dos servizos públicos de xustiza atribúese maioritariamente ao Goberno central por parte dos galegos.

O 50% dos enquisados cre que a xustiza se presta a escala nacional fronte a pouco máis dun 25% que considera que é unha competencia autonómica e un 6% que a coloca no seu municipio.

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	58	27
Mulleres	42	23
Xente nova	56	27
Idade media	58	27
Maiores	34	22
Sen estudos	43	23
Estudios secundarios	64	30
Universitarios	73	32
Ocupados	59	29
Estudantes	59	26
Amas de casa	39	24
Pensionistas	36	20
Parados	51	25
Decisores	44	48
Supervisores	61	24
Autónomos	60	25
Non-manuais	65	28
Manuais	52	29
Non-clasificados	42	24
Cabeza de familia	53	25
Cónxuxes	43	23
Descendentes	51	29
Outros	75	6
Concellos de ata 5.000 hab.	46	23
Concellos de 5.001-10.000 hab.	42	21
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	50	27
Concellos de máis de 50.001 hab.	54	27
A Coruña	53	27
Lugo	46	22
Ourense	50	21
Pontevedra	48	26
TOTAL	50	25

Por sexos, os homes decántanse maioritariamente por considerar a xustiza como un servizo público claramente situado no ámbito estatal (58%). As mulleres tamén, pero cunha porcentaxe inferior (42%).


As idades medias (cun valor medio das dúas categorías cifrado nun 58%) son os grupos de idade en que a xustiza é vista en maior medida como un servizo público estatal, seguido dos novos (56% de valor medio ás tres categorías). A moita distancia están os máis vellos (34%).



A maior nivel de estudos, maior atribución ao nivel estatal das competencias sobre xustiza. O 73% dos universitarios así o considera, o 64% dos que están en posesión de estudos secundarios e o 30% dos sen estudos.

O nivel da comunidade autónoma como ámbito de competencia da xustiza é citado en segundo lugar e segue a mesma pauta educacional que no caso do nivel estatal: os universitarios son o grupo que máis o citan en segundo lugar (32%) e logo veñen os de estudos secundarios (30%) e os sen estudos (22%).


Os ocupados e os estudantes (ambos cun 59%) son os grupos ocupacionais que máis aluden ao nivel estatal en canto ás competencias sobre a xustiza. A porcentaxe máis baixa é a que lles corresponde aos pensionistas (36%), que quizais non entendan demasiado a distribución administrativa dos servizos de xustiza ou lles parezan demasiado alleos á súa vida cotiá, ao contrario que o que sucedía con outros servizos públicos como a sanidade ou os servizos sociais, que coñecen moi ben.



Os decisores son o único grupo de todos os analizados que sitúan maioritariamente a competencia sobre xustiza no ámbito autonómico (48%) antes que no estatal (44%). Traballadores non-manuais (65%) e supervisores e técnicos (61%) son, polo contrario, os grupos que máis sitúan á xustiza no nivel estatal.

A categoría "outras" na posición do individuo no fogar ofrece uns resultados moi afastados dos valores medios, polo que imos evitar incluílas na análise. Ademais, non temos datos para esta categoría referidos á escala local.


Das tres categorías restantes, é a da persoa principal do fogar a que máis considera a xustiza como unha competencia situada no nivel central (53%), seguido de cerca dos descendentes (51%).



Os concellos de ata 5.000 habitantes e os de entre 5.001 e 10.000 son os lugares nos que a xustiza é vista en menor grao como unha competencia estatal (46% e 42%), fronte ao mundo urbano, moito máis inclinado a colocar a xustiza en tal nivel (50% dos enquisados que viven en concellos de entre 10.001 e 50.000 habitantes e 54% dos que viven nas grandes cidades galegas).

A provincia da Coruña é na que en maior medida se fala da xustiza como unha competencia nacional (53%), seguida de Ourense (50%) e Pontevedra (48%) e, xa a unha certa distancia, de Lugo (46%).

A Coruña (27%) e Pontevedra (26%) son os lugares en que o nivel autonómico de competencia da xustiza é sinalado en maior medida como a segunda opción dos enquisados.



As competencias sobre transporte público, para a maioría dos galegos, correspóndenlle á Xunta de Galicia.

A porcentaxe está clara, un 40% dos enquisados así o cre, fronte a un 27% que pensa que tales competencias son máis ben municipais e un 15% que as coloca en mans do Goberno central.


	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)	Concello Competente (%)
Homes	18	46	30
Mulleres	13	34	25
Xente nova	17	45	30
Idade media	17	45	30
Maiores	12	29	20
Sen estudos	14	36	24
Estudos secundarios	18	53	35
Universitarios	21	49	40
Ocupados	18	49	29
Estudantes	17	42	37
Amas de casa	8	31	27
Pensionistas	14	27	18
Parados	17	47	28
Decisores	20	37	29
Supervisores	18	43	30
Autónomos	18	51	25
Non-manuais	18	49	34
Manuais	17	52	19
Non-clasificados	13	34	33
Cabeza de familia	17	40	27
Cónxuxes	10	36	27
Descendentes	17	43	29
Outros	8	55	3
Concellos de ata 5.000 hab.	15	40	19
Concellos de 5.001-10.000 hab.	15	34	22
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	14	43	26
Concellos de máis de 50.001 hab.	16	38	36
A Coruña	15	42	26
Lugo	16	34	24
Ourense	14	38	29
Pontevedra	16	42	29
TOTAL	15	40	27

Os homes tenden a avultar moito máis as súas respostas, é dicir, a porcentaxe de galegos que responden que as competencias sobre transporte residen na Xunta (46%) é maior que o que ofrecen as galegas (34%), e o mesmo sucede cando se lles atribúe a competencia aos concellos (30% para os homes e 25% para as mulleres) ou ao Goberno central (18% de homes e 13% de mulleres).

A porcentaxe de mulleres que se acollen ao recadro “Non sabe / Non contesta” é, porén, moi superior á dos homes (38% fronte a un 23% de homes).

O 50% dos novos de entre 25 e 29 anos aseguran que é a Xunta o organismo competente en materia de transporte, seguidos de cerca polo primeiro dos grupos das idades medias (35-44), cun 49% dos seus membros que sosteñen o mesmo.

Destacan aquí as baixas porcentaxes das persoas máis maiores e súa altísima porcentaxe na opción “Non sabe / Non contesta” (superior ao 49%), o que indicaría que este colectivo non é capaz de identificar nitidamente o executivo responsable da xestión dos servizos de transporte público.




A maior nivel de estudos, aumenta o número de individuos que ve no concello ao depositario dos servizos públicos de transporte. As persoas sen estudos que así o consideran ascenden ao 19%; os que teñen estudos secundarios, ao 35%; e os universitarios, ao 40%.

Porén, a maioría dos entrevistados, incluso se temos en conta o nivel de estudos, sinala á Xunta de Galicia como a xestora e responsable do transporte. A tendencia aquí non é uniforme, como no caso dos concellos, senón que son os individuos con estudos secundarios os que alcanzan a porcentaxe máis alta (53%). Os dous extremos, sen estudos e universitarios, ofrecen porcentaxes máis baixas (27% e 49%, respectivamente).

Por ocupación, o grupo dos ocupados (49%) é o que máis claramente sinala a Xunta como a depositaria da competencia, seguido de cerca polos parados (47%). No polo oposto están os pensionistas (27%), que parecen non ter moi claro quen xestiona o servizo se atendemos ao avultada que é a súa porcentaxe de “Non sabe / Non contesta” (51%).


Os estudantes son o grupo que sinala en maior medida –aínda que sempre despois da Xunta– ao concello como xestor do transporte público (37%), porcentaxe esta moi superior a calquera dos outros grupos ocupacionais.



Os empregados manuais e os autónomos non-expertos (ambos preto do 52%) son os grupos socioeconómicos máis conscientes de que é a Xunta a responsable do transporte público. No outro extremo están os non-clasificados (34%) e os decisores (37%), que, aínda ofrecendo as porcentaxes máis baixas, seguen colocando a Xunta de Galicia no seu punto de mira.


Os empregados non-manuais (34%) e os non-clasificados (33%) ofrecen as porcentaxes máis altas na súa consideración de que é o concello o organismo que xestiona o transporte público.

O grupo “outros” (55%) e o dos descendentes (43%) son os que, dentro do fogar, sinalan máis claramente ao Goberno galego como o depositario das competencias en materia de transporte público. Tamén son os descendentes os que colocan en maior medida en segundo lugar aos concellos como depositarios das responsabilidades relacionadas coa mobilidade das persoas (29%).



Por hábitat, é nos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes onde a porcentaxe de enquisados que falan da Xunta como a xestora do servizo é maior (43%), seguida de cerca dos concellos máis pequenos (40%) e dos municipios maiores de 50.000 habitantes (38%). O concello como segunda opción na xestión do transporte público é maioritario tamén aquí, nas grandes aglomeracións urbanas (36%).

Por provincias, A Coruña e Pontevedra (42% ambas) son os lugares onde a Xunta é identificada en maior medida como a responsable da xestión do transporte. Ourense e Pontevedra (29% ambas) son, polo contrario, as provincias que –aínda sinalando a Xunta en primeiro lugar– sosteñen en maior medida que é o concello o que xestiona o transporte.



As competencias sobre a xestión do solo e a vivenda protexida non están demasiado claras entre os galegos aínda que unha lixeira maioría de enquisados se decanta por consideralas autonómicas (41%) fronte á posibilidade de que sexan exercidas polo poder central (30%).


	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	34	47
Mulleres	27	35
Xente nova	39	41
Idade media	31	50
Maiores	21	31
Sen estudos	27	35
Estudios secundarios	41	52
Universitarios	42	63
Ocupados	33	51
Estudantes	44	35
Amas de casa	25	32
Pensionistas	22	30
Parados	28	47
Decisores	36	49
Supervisores	28	56
Autónomos	28	52
Non-manuais	38	55
Manuais	34	42
Non-clasificados	29	33
Cabeza de familia	29	45
Cónxuxes	25	38
Descendentes	37	39
Outros	16	59
Concellos de ata 5.000 hab.	29	38
Concellos de 5.001-10.000 hab.	26	37
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	31	40
Concellos de máis de 50.001 hab.	32	45
A Coruña	30	43
Lugo	29	38
Ourense	32	39
Pontevedra	31	41
TOTAL	30	41

Os homes opinan maioritariamente que as competencias sobre vivenda residen na Xunta de Galicia (47%) e, só despois, no Goberno central (34%). As mulleres tamén fan este percorrido aínda que ofrecen porcentaxes inferiores, moi na liña doutras análises xa realizadas. O 35% das galegas cre que a vivenda é algo que lle incumbe á Xunta e outro 27% cre que é o Goberno central o que a xestiona. O “Non sabe / Non contesta” é lixeiramente máis alto nas mulleres que nos homes (37% fronte a 25%).

Cando analizamos a opinión conforme o criterio da idade, encontrámonos cunha grande disparidade de opinións. Os únicos que consideran que é o Goberno central o que xestiona en maior medida a vivenda pública son o grupo dos máis novos (16-24 anos). O 43% deste grupo así o considera, fronte ao 33% que cre que quen a xestiona é a Xunta.

Os demais grupos de idade seguen a pauta de considerar a Xunta como principal xestora da vivenda. A porcentaxe máis alta alcánzana o primeiro grupo das idades medias (35-44) cun 55%, seguido dos que teñen entre 45 e 59 anos cun 45%.

Destaca tamén aquí a altísima porcentaxe da resposta “Non sabe / Non contesta” do grupo de maior idade (60 e máis anos), que supera o 48%. Este dato podería estar revelando que se trata dun colectivo en que o tema da vivenda en xeral e das competencias da vivenda en particular lle resulta moi alleo e distante.




Segundo o nivel de estudos aumenta, medra tamén a proporción dos que consideran que é a Xunta de Galicia a encargada de xestionar a vivenda. Así, o grupo dos sen estudos primarios ofrece unha porcentaxe do 25%; o dos estudos secundarios, do 52%, e o dos universitarios, do 63%.

Esta mesma tendencia obsérvase cando se toma en consideración o Goberno central como institución que xestiona a vivenda: sen estudos 21%, estudos secundarios 41% e universitarios 42%.

Os ocupados (51%) e os parados (47%) son os que en maior medida sinalan a Xunta de Galicia como a competente en materia de vivenda. As porcentaxes máis baixas alcázanlas os pensionistas (30%) e as amas de casa (32%).

Os estudantes (44%) son o único grupo ocupacional que considera maioritariamente que é o Goberno central o que xestiona a vivenda.

De entre os demais, destacan os ocupados, que –aínda que sinalan a Xunta como a principal xestora– tamén conteñen un bo número de individuos que nomean o Goberno de Madrid como o responsable na materia (33%).




Supervisores e técnicos (56%) e empregados non-manuais (55%) son as categorías socioeconómicas que máis claro teñen que é a Xunta a encargada de xestionar a vivenda. Os que en menor medida fan esta identificación son aqueles individuos encadrados dentro da categoría non-clasificados (33%).

Tendo en conta a posición que ocupa o individuo no fogar, é o grupo da persoa principal a que sinala máis inequivocamente que é o Goberno galego o responsable en vivenda (45%), e faino ofrecendo unha porcentaxe que se sitúa a moita distancia dos demais grupos.


O grupo dos descendentes, integrado na súa maioría por mozos e estudantes, ofrece unhas porcentaxes de atribución da responsabilidade da xestión na vivenda moi parellas entre a Xunta de Galicia (39%) e o Goberno central (37%).

A categoría analítica “outros” non a tivemos en conta nesta análise, aínda que si nos gráficos e cadros do capítulo, por carecer de datos sobre o nivel local da competencia en vivenda e por ofrecer unha porcentaxe a prol da Xunta de Galicia extremadamente alta (59%) e outra sobre o Goberno central moi baixa (16%).



O mundo urbano parece conter un maior número de enquisados que aseguran que a vivenda é unha competencia desenvolvida e xestionada polo Goberno galego. Nas grandes cidades a porcentaxe de individuos que teñen esta opinión alcanza o 45% e no anterior grupo, o dos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes, a porcentaxe descende ata o 40% pero, aínda así, mantense en niveis algo máis altos que os do medio rural (38% nos concellos máis pequenos e 37% nos dun tamaño inmediatamente superior).

Esta mesma tendencia experimentábase tamén a escala provincial. A Coruña e Pontevedra, as provincias galegas máis urbanas, ofrecen porcentaxes maiores que as de Ourense e Lugo en canto á consideración de que é a Xunta a competente en vivenda. O 43% dos coruñeses e o 41% dos pontevedreses así o pensan, fronte ao 38% dos lugueses e o 39% dos ourensáns. As diferenzas, sexa como for, non son moi marcadas.



Preguntamos no noso cuestionario sobre cal é o organismo público encargado de xestionar o funcionamento da Economía. Sen dúbida se trata dunha pregunta que resultou moito máis difícil de contestar para os nosos entrevistados que outras que tiñan que ver con servizos públicos máis cotiáns e coñecidos, tales como a educación, a sanidade ou o transporte público.

O elevado índice na categoría de “Non sabe / Non contesta” testemuña o que acabamos de dicir, pero tamén podería estar indicando que a identificación do executivo xestor da marcha da economía é algo distante e abstracto, algo que non pertence á vida cotiá do individuo e que lle esixe un forte exercicio de abstracción, xa que non se dispón dunha experiencia directa.

	Gobierno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	59	31
Mulleres	48	22
Xente nova	63	24
Idade media	59	29
Maiores	38	26
Sen estudos	46	25
Estudos secundarios	70	31
Universitarios	78	32
Ocupados	62	30
Estudantes	63	24
Amas de casa	45	22
Pensionistas	38	25
Parados	53	26
Decisores	59	38
Supervisores	65	27
Autónomos	58	33
Non-manuais	68	32
Manuais	53	23
Non clasificados	47	24
Cabeza de familia	51	30
Cónxuxes	48	23
Descendentes	61	25
Outros	36	51
Concellos de ata 5.000 hab.	48	23
Concellos de 5.001-10.000 hab.	44	26
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	57	26
Concellos de máis de 50.001 hab.	55	29
A Coruña	54	27
Lugo	49	26
Ourense	50	24
Pontevedra	55	27
TOTAL	53	26


A maioría dos galegos pensa que é o Goberno central o que ten no seu poder as competencias de xestión económica (53%). Un 26% da sociedade opta por que é a Xunta de Galicia a responsable e só un 6% fala dos municipios.

Os homes están máis seguros que as mulleres de que é o Goberno central o principal responsable da marcha da economía (o 59% fronte ao 48%) e sitúan máis en segundo lugar a posibilidade de que tal xestión lle corresponda á Xunta de Galicia (31% fronte a 22%). As mulleres, como vén sendo xa habitual, acóllense bastante máis que os homes á resposta de “Non sabe / Non contesta” (un 37% fronte a un 22% de homes).

O grupo dos novos no seu conxunto –que inclúe, como vimos afirmando ao longo de todo este estudo, tres categorías; a saber, 16-24, 25-29 e 30-34– é o que máis claramente sostén que é o Goberno central o encargado de xestionar o funcionamento da economía. O grupo da xuventude ofrece unha porcentaxe media do 63% fronte ao 59% do neto das idades medias (35-44, 45-59) e a sorprendentemente baixa porcentaxe dos maiores, 38%.

O realmente importante do grupo de idade máis avanzado é, porén, a súa elevadísima porcentaxe (46%) de “Non sabe / Non contesta”, a máis alta de todos os grupos de idade que analizamos. Unha vez máis parece que os maiores desconectan dos temas que non entenden ou que lles resultan afastados dos seus intereses e o seu eido cotián.

Os valores netos referentes á xestión da economía por parte da Xunta de Galicia –a segunda opción destes grupos– experimentan unha tendencia contraria e son agora as idades medias (29%) as que superan en proporción á xuventude (24%).




A maior nivel de estudos, maior consideración de que é o Executivo central o encargado da xestión da economía.

O 33% dos cidadáns que reconece non estar en posesión de ningún tipo de estudos sostén esta atribución de responsabilidade cara á política económica. A partir de aquí a cifra aumenta espectacularmente, alcanzando o 70% no grupo dos que cursaron estudos secundarios e o 78% dos universitarios.


A mesma tendencia obsérvase tamén na segunda opción de resposta, é dicir, cando o cidadán sostén que o responsable da política económica non é o Goberno central senón o autonómico. Do 20% dos sen estudos pásase ao 31% dos de estudos secundarios e ao 32% dos universitarios.

A categoría “Non sabe / Non contesta” tamén descende espectacularmente –como cabería esperar– conforme o nivel educativo do individuo aumenta. Do 53% dos sen estudos pásase ao 13% dos de estudos secundarios e, finalmente, ao 7% dos universitarios.

Os estudantes (63%), fieis á súa tendencia centralista observada ao longo de toda esta epígrafe, son o colectivo que máis se refire ao Goberno central como o depositario das responsabilidades sobre o funcionamento da economía. A moi pouca distancia sitúanse os ocupados (62%). As porcentaxes do resto de categorías ocupacionais descenden abruptamente, sendo os pensionistas o grupo con valor máis baixo (38%).



Os ocupados (30%) e os parados (26%) son os grupos que, en segundo lugar, citan de maneira máis profusa a Xunta de Galicia como entidade responsable da política económica. As amas de casa (22%) substitúen esta vez aos pensionistas como grupo menos numeroso á hora de sinalar o Goberno galego.



Os empregados non-manuais (68%) e os decisores (59%) son as categorías socioeconómicas con maiores porcentaxes sinalando a competencia do Goberno central no funcionamento da economía. No extremo oposto están os non-clasificados (47%) e os empregados manuais (53%).


Decisores (38%) e autónomos non-expertos (33%) son, esta vez, as categorías que elixen unha segunda opción de xestión da economía, a Xunta, de maneira máis numerosa. Os que menos elixen esta segunda opción son, de novo, os empregados manuais (23%).

Os descendentes (61%) son os membros do fogar que, con moita diferenza, falan do Goberno central como o principal responsable do funcionamento da economía.

O único colectivo que se achega ao de descendentes é o da persoa principal do fogar (51%).

O grupo codificado como "outros" é o único colectivo analizado neste apartado que cre maioritariamente que é a Xunta (51%) a responsable do funcionamento da economía e non o Goberno central (36%).


Os cónxuxes (xeralmente mulleres e, en moitas ocasións, amas de casa) destacan, máis que por falar do Goberno central ou do autonómico, pola súa tendencia a agruparse na opción de "Non sabe / Non contesta" (36%).



Se nos fixamos agora no hábitat, vemos que a porcentaxe de entrevistados que sosteñen que é o Goberno central o responsable do funcionamento da economía é maior no mundo urbano (57% e 55% nos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes e as grandes cidades, respectivamente) que no rural (48% e 44% nos concellos de ata 5.000 habitantes e nos de 5.001 a 10.000, respectivamente).

Os datos provinciais corroboran o que acabamos de establecer, as provincias de Pontevedra (55%) e A Coruña (54%) ofrecen porcentaxes maiores que Ourense (50%) e Lugo (49%) en canto á atribución de responsabilidade maioritaria da economía ao Goberno central.

	Goberno central competente (%)	Xunta de Galicia Competente (%)
Homes	33	52
Mulleres	26	41
Xente nova	34	49
Idade media	31	56
Maiores	23	31
Sen estudos	26	39
Estudios secundarios	36	62
Universitarios	39	69
Ocupados	34	57
Estudantes	36	47
Amas de casa	20	40
Pensionistas	23	28
Parados	28	55
Decisores	40	48
Supervisores	31	57
Autónomos	28	59
Non-manuais	43	50
Manuais	28	50
Non-clasificados	25	39
Cabeza de familia	29	46
Cónxuxes	24	42
Descendentes	34	49
Outros	12	80
Concellos de ata 5.000 hab.	22	44
Concellos de 5.001-10.000 hab.	22	42
Concellos de 10.001 a 50.000 hab.	34	48
Concellos de máis de 50.001 hab.	32	47
A Coruña	31	46
Lugo	24	43
Ourense	24	44
Pontevedra	30	49
TOTAL	29	46



Os valores para a segunda opción, a Xunta de Galicia, son moi parecidos en todas as provincias galegas: A Coruña (27%), Lugo (26%), Ourense (24%) e Pontevedra (27%).

O último asunto público que analizaremos aquí será o medio ambiente, unha cuestión que foi gañando relevancia e prioridade entre cidadáns e gobernos nos últimos anos.


A maioría dos galegos (46%) cre que a xestión do medio ambiente é un asunto propio da Xunta de Galicia aínda que unha porcentaxe nada desdeñable (29%) pon tal competencia en mans do Goberno central. Unha porcentaxe xa moito menor, un 14%, responde que se trata dunha xestión municipal.

Como vén sendo habitual, os homes ofrecen porcentaxes máis avultadas que as mulleres na súa consideración de que é a Xunta a competente en materia de medio ambiente (52% fronte a 41% de mulleres), pero tamén cando se considera que é o Goberno central (33% fronte a 26%) e o concello. O apartado de “Non sabe / Non contesta” é, tamén aquí, un asunto maioritariamente feminino: un 35% fronte a un 20% de homes.

As idades medias (56%) sinalan en maior medida que a xente nova (49%) que é a Xunta de Galicia o principal organismo encargado da política medioambiental.

Os novos (34%) inclínanse lixeiramente máis que aqueles encadrados nas idades medias (31%) a considerar o Goberno central o responsable, aínda que sempre con valores máis baixos que os referentes á Xunta de Galicia.

Os máis maiores destacan, como vén sendo habitual, na súa concentración no recadro “Non sabe / Non contesta” (45%), algo que aquí resulta congruente coa idea de que a preocupación polo medio ambiente é un asunto de recente aparición que parece non lles ter impactado de maneira igual que a outros estratos da poboación.




Estar en posesión dun maior nivel de estudos implica que a porcentaxe de resposta favorable á Xunta de Galicia en materia de competencias sobre medio ambiente tamén aumenta.

Do 27% dos sen estudos pásase a un 62% dos que teñen estudos secundarios e, finalmente, a un 70% de universitarios. O mesmo sucede coa segunda opción favorita dos enquisados, o Goberno central. Conforme o nivel de estudos aumenta, son tamén máis os que citan o Executivo central como competente en materia medioambiental: pásase do 18% dos que non teñen estudos ao 36% dos de estudos secundarios e ao 39% dos universitarios.

Ocupados (57%) e parados (55%) son os que, en maior proporción, sinalan a Xunta de Galicia como o principal xestor e, polo tanto, responsable da política de medio ambiente. No extremo oposto están os pensionistas (28%), que destacan tamén pola súa elevada indecisión (47% “Non sabe / Non contesta”).

O Goberno central como responsable da política medioambiental é citado como opción secundaria maioritaria polos estudantes (36%) e os ocupados (34%) e é unha opción máis ben residual para as amas de casa (20%).




Autónomos non-expertos (59%) e supervisores técnicos (57%) son as dúas categorías socioeconómicas que en maior medida falan da Xunta como o principal responsable do medio ambiente.

Os empregados non-manuais (43%) e os decisores (40%) son, en cambio, os grupos que sinalan como segunda opción maioritaria o Goberno central á hora de encontrar un responsable da política medioambiental.

Dentro do fogar hai que falar dos descendentes (49%) e das persoas principais do fogar (46%) como os dous grupos que máis claramente sinalan a competencia da Xunta na cuestión do medioambiente, se deixamos en suspenso a categoría "outros", que ofrece unha porcentaxe que se nos antolla extremadamente alta (80%).

Os descendentes son tamén o grupo que sinala como segunda opción maioritaria o Goberno central (34%) a moita diferenza do resto de grupos.



Por hábitat, o mundo urbano (48% nos concellos de entre 10.001 a 50.000 habitantes e 47% nas grandes cidades) identifica máis claramente que o rural a Xunta como responsable do medio ambiente (44% nos concellos máis pequenos e 42% nos de entre 5.001 a 10.000 habitantes).

O Goberno central como segunda opción é tamén maioritario no mundo urbano: 34% nos municipios de entre 10.001 a 50.000 habitantes e 32% nas grandes cidades, fronte ao 22% dos restantes municipios.

Por provincias, Pontevedra (49%) e A Coruña (46%) son as que máis claramente identifican a Xunta como a responsable en materia medioambiental.

4. O interese pola política

Este último apartado está destinado a coñecer o interese da sociedade galega pola política tanto no ámbito nacional como no autonómico e local. Para medilo realizamos dúas preguntas diferentes.

A primeira delas interroga directamente ao enquisado polo seu grao de interese pola política (moito, bastante, pouco ou nada). Esta pregunta repetiuse tres veces, unha para coñecer o interese pola política rexional, outra para a nacional e outra para a municipal.

A segunda pregunta consistiu en coñecer o grao de información subxectivo da sociedade galega sobre as actividades dos distintos niveis de goberno. Esta pregunta ofrécelle ao enquisado catro opcións: moi informado, bastante informado, pouco informado ou nada informado sobre as actividades do Goberno autonómico, central e local.

1. Interese e información política

Construímos unha escala de 1 a 4 que mide o grao de interese do entrevistado sobre as políticas autonómica, nacional e municipal, na que 1 significa “non estar nada interesado”; 2, “pouco interesado”; 3, “bastante interesado” e 4, “moi interesado”. O punto medio, polo tanto, sitúase no 2,5.

A tendencia xeral é que a política autonómica se coloque entre a política local –a que máis interesa– e a nacional –a que menos.

Temos que dicir aquí que o grao de interese da sociedade galega é máis ben escaso e próximo ao punto 2, que revela pouco interese polos asuntos políticos.

Estes datos non son unha excepción nin algo característico de Galicia como comunidade política, senón que constitúen a tendencia maioritaria nas democracias occidentais avanzadas. Os cidadáns demostran escaso interese pola política.

Tendo en conta o sexo do entrevistado, observamos que os homes demostran un pouco máis de interese pola política que as mulleres nos tres ámbitos obxecto de enquisa.

Porén, non estamos ante valores positivos de interese pola política, senón que, aínda que con cifras menos contundentes que no caso das galegas, os galegos amosan tamén pouco interese pola política.

SEXO	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Homes	2,26	2,43	2,58
Mulleres	1,90	2,11	2,28

Aqueles enquisados con idades comprendidas entre os 35 e os 44 anos son os que máis interese relativo mostran pola política autonómica, xa que puntúan cun 2,40. Ben é certo que os demais valores son moito máis negativos, sendo o máis extremo deles o rexistrado no grupo de idade dos máis vellos (2,10).

A política nacional é o nivel político que menos interese esperta na cidadanía galega, tamén se temos en conta os datos por idade. A cifra máis alta é só un 2,18 de interese mostrado por aqueles que teñen entre 45 e 59 anos.

Pero o dato máis sobresaínte aquí é o que ofrecen os que teñen entre 25 e 29 anos, que rexistran un 1,97 de interese pola política, é dicir, rebaixan a fronteira do 2 e entran no terreo do escaso interese pola política nacional (que sería o valor 1).

IDADE	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
16-24	2,11	2,33	2,52
25-29	1,97	2,27	2,44
30-34	2,03	2,28	2,50
35-44	2,13	2,40	2,53
45-59	2,18	2,35	2,50
60 e máis	2,00	2,10	2,24

A política que suscita máis interese relativo é, porén, a municipal. En todos os grupos de idade, sen excepción, cúmprese esta norma. Os que máis interese mostran pola política local son o grupo da mediana idade que ten entre 35 e 44 anos (2,53), seguido de cerca dos máis novos (2,52). Os máis maiores, polo contrario, son o colectivo que menos interese mostran pola política municipal (2,24).

A maior nivel de estudos, maior interese pola política, tanto autonómica como nacional e local.

Así, os sen estudos puntúan cunha media un 2,13 de interese pola política autonómica; os de estudos secundarios, un 2,55; e os universitarios, un 2,74. Coa política nacional sucede o mesmo: do 1,95 de interese dos sen estudos pásase ao 2,30 e ao 2,55 dos grupos con estudos secundarios e universitarios, respectivamente. A política local tamén segue a norma: 2,31; 2,69 e 2,79 é a evolución no interese seguindo as nosas tres categorías de nivel de estudos.

Nótese que os valores 2,69 e 2,79, correspondentes ao interese pola política local nos grupos de estudos secundarios e universitarios, respectivamente, entran xa nun moderado interese pola política. O mesmo sucede, aínda que con valores máis modestos, coas cifras que estes dous grupos ofrecen en política autonómica.

Os universitarios son o único grupo que está en valores positivos para os tres tipos de política aquí analizados.

ESTUDOS	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Sen estudos	1,95	2,13	2,31
Secundarios	2,30	2,55	2,69
Universitarios	2,55	2,74	2,79

Os grupos dos ocupados e dos estudantes, ambos cun 2,42, son os dous colectivos que máis interese mostran pola política autonómica. No polo oposto sitúanse os grupos tradicionalmente máis afastados destas cuestións, as amas de casa (2,01) e os pensionistas (2,20).

Os dous únicos colectivos que alcanzan cifras positivas de interese pola política, neste caso pola política local, son, novamente, os ocupados (2,60) e os estudantes (2,57). A partir de aquí, os tres restantes grupos ofrecen xa datos negativos, repetindo na posición máis baixa as amas de casa e os pensionistas, ambos cun 2,20.

O colectivo das amas de casa, referido á política nacional, é o grupo que menos interese mostra e alcanza un valor, 1,81, que entra no territorio do nulo interese.

No outro extremo, aínda que tamén cun valor moi baixo, están os ocupados, colectivo que máis interese relativo demostra cara á política nacional (2,20).

OCUPACIÓN	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Ocupados	2,20	2,42	2,60
Estudantes	2,19	2,42	2,57
Amas de casa	1,81	2,01	2,20
Pensionistas	2,00	2,10	2,20
Parados	2,01	2,20	2,33

Supervisores e técnicos (2,55) e decisores (2,52) sitúanse nos valores máis altos en canto a interese pola política autonómica se tomamos como referencia a categoría socioeconómica dos individuos. Ambos os colectivos sitúanse practicamente no centro da escala (2,5). Moito máis abaixo están os empregados manuais e os non-clasificados (ambos no 2,17), que comparten a posición de menor interese pola política galega.

No punto exacto do “pouco interese” pola política nacional (punto 2 da nosa escala) colócanse os non-clasificados e os empregados manuais, constituíndose así como os dous colectivos que menos interese mostran pola política a escala de toda España. Decisores e supervisores e técnicos (2,39 e 2,28, respectivamente) volven ser os grupos cun maior grao de interese pola política nacional.

Por último, cómpre destacar que mostran un interese lixeiramente positivo pola política local os supervisores e técnicos (2,75), os empregados non-manuais (2,62) e os decisores (2,58).

No punto medio sitúanse os autónomos non-expertos (2,50) e, do lado dos que mostran un interese lixeiramente negativo polo local, sitúanse, por esta orde, os empregados manuais (2,29) e os non-clasificados (2,32).

CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Decisores	2,39	2,52	2,58
Supervisores e técnicos	2,28	2,55	2,75
Autónomos non-expertos	2,14	2,35	2,50
Empregados non-manuais	2,18	2,40	2,62
Empregados manuais	2,01	2,17	2,29
Non clasificados	2,00	2,17	2,32

Tendo en conta a posición que o individuo ocupa dentro do fogar, os que máis interese demostran pola política galega son o grupo da persoa principal ou cabeza de familia (2,36) seguido do grupo dos descendentes (2,31), aínda que ambos os colectivos ofrecen un balance lixeiramente negativo.

O grupo cun menor interese por este tipo de política é o dos cónxuxes (2,09), integrado maioritariamente, como sabemos, por mulleres e amas de casa.

A política nacional é seguida cun maior interese relativo tamén polo grupo da persoa principal do fogar (2,23) e de novo son aquí os cónxuxes os portadores dun interese que comeza a entrar na categoría de "nada interesado" (1,86).

Os descendentes sitúanse no punto medio xeométrico da escala que mide o interese pola política local (2,50), constituíndose, ademais, como o grupo que máis interese demostra. A categoría "outras" (maiores e xubilados) substitúe, esta vez, os cónxuxes como o colectivo que menos interese mostra (2,20).

POSICIÓN NO FOGAR	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Persoa principal	2,23	2,36	2,48
Cónxuxes	1,86	2,09	2,26
Descendentes	2,08	2,31	2,50
Outras	2,03	2,03	2,20

O hábitat do individuo marca unha tendencia interesante, aínda que moi suave, no interese pola política autonómica: cando se pasa do mundo rural ao urbano aumenta o interese relativo pola política galega.

As cifras así o demostran, os galegos que viven no rural ofrecen uns datos de interese do 2,16 e o 2,28, segundo vivan en concellos de ata 5.000 habitantes ou naqueles de entre 5.001 e 10.000 habitantes. Estas cifras son un pouco inferiores ás rexistradas nos municipios de entre 10.001 a 50.000 habitantes (2,29) e nas grandes cidades (2,33). Idéntica tendencia se observa no interese pola política nacional, aínda que con valores algo máis baixos.

As cousas en canto ao interese cidadán pola política local non están tan claras e non se observa unha división entre o mundo rural e o urbano ao estilo da que acabamos de ver. As grandes cidades son o lugar onde o interese polo local é máis grande (2,51), e a cifra ofrece, ademais, un cariz lixeiramente positivo. A partir de aí os algarismos descenden paulatinamente ata acadar a cota máis baixa, o 2,36 de interese pola política local nos concellos máis pequenos.

HÁBITAT	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
Ata 5.000	1,92	2,16	2,36
5.001-10.000	2,04	2,28	2,45
10.001-50.000	2,13	2,29	2,39
Máis de 50.000	2,17	2,33	2,51

Os datos provinciais confirman o observado no caso do interese pola política autonómica e a nacional, xa que os valores das provincias máis urbanas da Coruña (2,29 e 2,10) e Pontevedra (2,26 e 2,08) superan, lixeiramente iso si, os alcanzados polas máis rurais de Lugo (2,22 e 1,99) e Ourense (2,23 e 2,07).

PROVINCIA	Interese pola política nacional	Interese pola política autonómica	Interese pola política municipal
A Coruña	2,10	2,29	2,45
Lugo	1,99	2,22	2,45
Ourense	2,07	2,23	2,31
Pontevedra	2,08	2,26	2,42

Pasamos agora a analizar a segunda pregunta do noso cuestionario, a que mide o nivel de información da cidadanía galega sobre as actividades levadas a cabo tanto polo goberno autonómico como polo central e o municipal.

Os homes –como vén sendo habitual– mostran cifras sensiblemente superiores que as mulleres e este apartado referente ao nivel de información sobre as actividades da Xunta de Galicia non é unha excepción.

Os galegos cifran o seu nivel de información nun 2,23 fronte ao 1,98 das mulleres. Esta cifra é practicamente idéntica no caso do nivel de información dispoñible sobre a política nacional e un pouco máis baixa que no caso da política municipal, tal e como podemos apreciar no seguinte cadro informativo:

A política municipal, ademais de ser a mellor valorada en canto a interese, éo tamén en coñecemento. Esta tendencia obsérvase non só no sexo, senón tamén nas demais variables de cabeceira que analizamos aquí.

SEXO	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Homes	2,24	2,23	2,33
Mulleres	1,98	1,98	2,11

O grupo de idade relativamente mellor informado sobre as actividades que realiza o Goberno galego é o dos que teñen entre 35 e 44 anos (2,20), seguido dos de entre 45 e 59, aínda que as diferenzas tendo en conta a idade non son moi significativas.

O que si é significativo é que todos os grupos de idade ofrecen cifras negativas en canto ao nivel de información dispoñible, incluso en política municipal, esfera política coa que os enquisados afirman estar máis familiarizados.

Como mostra diso, cómpre destacar que os máis informados de todos os grupos de idade son os enquisados máis novos (16-24) cando son interrogados polo seu nivel de coñecemento da política local. Tal cifra, a pesar de ser a máis alta, é sorprendentemente baixa, un 2,32, e non alcanza o valor positivo de coñecemento (a partir do 2,50).

IDADE	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
16-24	2.05	2.07	2.32
25-29	2.11	2.14	2.27
30-34	1.97	1.89	2.23
35-44	2.15	2.20	2.18
45-59	2.25	2.18	2.27
60 e máis	2.04	2.05	2.14

O nivel de información sobre política autonómica tendo en conta a variable educacional é moi similar ao da política nacional, o que pode darnos unha idea do reducido das súas cifras.

Os universitarios, en termos relativos, son o grupo que máis nivel de información sobre as actividades da Xunta de Galicia manexa (2,43), fronte aos outros grupos de estudos máis baixos: 2,24 dos que teñen estudos secundarios e 2,02 dos sen estudos ou con estudos primarios.

Esta mesma tendencia (maior información a maior nivel de estudos) obsérvase tamén cando nos fixamos na política nacional e na local.

Mención especial merece a cifra dos universitarios neste último nivel de goberno, un 2,52, único momento en que se alcanzan cifras positivas de información.

ESTUDOS	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Sen estudos	2,03	2,02	2,14
Secundarios	2,22	2,24	2,37
Universitarios	2,42	2,43	2,52

Os niveis de coñecemento das actividades do Goberno galego segundo a ocupación do individuo non alcanzan en ningún momento valores positivos. A cifra relativamente máis alta é a dos ocupados (2,20), seguida de estudantes e pensionistas (ambos cun 2,07). A máis baixa, por debaixo da barreira do dous, a das amas de casa (1,93).

O panorama en política nacional é moi similar, cos mesmos grupos nas posicións de máis e menos informado (ocupados, 2,22, por un lado; e amas de casa, 1,94, por outro). O mesmo sucede no apartado de política local, aínda que con cifras relativas un pouco máis altas: ocupados e estudantes (2,29 e 2,28, respectivamente), pensionistas (2,15), amas de casa (2,11) e parados (2,13).

OCUPACIÓN	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Ocupados	2,22	2,20	2,29
Estudantes	2,04	2,07	2,28
Amas de casa	1,94	1,93	2,11
Pensionistas	2,07	2,07	2,15
Parados	1,99	2,00	2,13

Os decisores ofrecen un nivel de información sobre a política e iniciativas da Xunta de Galicia que roza o punto medio da nosa escala (2,41). Os demais grupos socioeconómicos comparten valores inferiores e negativos, sendo o máis baixo o dos non clasificados (2,04).

As cifras máis altas, aínda que sempre negativas, alcánzanse no grao de información que os enquisados din ter sobre as actividades do seu concello. Sobresae aquí, por arriba, o grupo dos supervisores e técnicos (2,45) e o dos empregados manuais e non clasificados, por abaixo (2,18 en ambos os casos).

CATEGORÍA SOCIOECONÓMICA	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Decisores	2,22	2,41	2,45
Supervisores e técnicos	2,20	2,16	2,41
Autónomos non-expertos	2,26	2,19	2,22
Empregados non-manuais	2,21	2,18	2,26
Empregados manuais	2,08	2,11	2,18
Non clasificados	2,04	2,04	2,18

As categoría de “outras” e a dos cónxuxes, cando falamos da posición que ocupa o individuo no fogar, descenden da barreira dos dous puntos, que marca a barreira do “pouco informado” e o comezo do “nada informado”.

“Outras” alcanza o 1,70 e os cónxuxes o 1,99 en información sobre as actividades da Xunta de Galicia. Os valores en política nacional e municipal son moi similares tal e como podemos apreciar no seguinte cadro:

POSICIÓN NO FOGAR	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Persoa principal	2,20	2,17	2,24
Cónxuxes	1,99	1,99	2,14
Descendentes	2,10	2,12	2,27
Outras	2,04	1,70	1,75

Os datos, tendo en conta o hábitat do individuo, comparten a única característica común da súa baixa magnitude, xa que o valor máis alto de todos é o daqueles enquisados que viven nos concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes. Este grupo alcanza o 2,28 de información dispoñible sobre as actividades do seu concello.

HÁBITAT	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
Ata 5.000	2,03	2,04	2,20
5.001-10.000	2,17	2,14	2,28
10.001-50.000	2,12	2,06	2,17
Máis de 50.000	2,16	2,18	2,27

As cifras obtidas a escala provincial son tamén baixas e moi parecidas entre si, polo que non se poden nin deben sacar conclusións definitivas. En política autonómica só cabería destacar unha leve tendencia a un maior nivel de información relativo en Lugo (2,16) e Ourense (2,12) sobre Pontevedra (2,08) e A Coruña (2,09).

En política nacional, as provincias máis informadas –aínda que sempre situadas en valores negativos e con moi pouca diferenza sobre as menos informadas– son as de Pontevedra (2,15) e Lugo (2,14). Nos asuntos locais repite Lugo (2,37) e, esta vez, A Coruña (2,23).

PROVINCIA	Información pola política nacional	Información pola política autonómica	Información pola política municipal
A Coruña	2,07	2,09	2,23
Lugo	2,14	2,16	2,37
Ourense	2,09	2,12	2,16
Pontevedra	2,15	2,08	2,16

5. Conclusións

A ideoloxía tomada como elemento autónomo á percepción móstranos, en primeiro lugar, que a sociedade galega non é distinta da maioría das sociedades democráticas en tanto que os galegos tenden a ocupar maioritariamente o punto medio da escala ideolóxica esquerda-dereita.

A sociedade galega, no seu conxunto, autoposiciónase lixeiramente á esquerda, ocupando o punto 4,85, onde 0 representa a esquerda máis extrema e 10 a dereita máis extrema.

Obsérvase que a maior idade do enquisado, maior desprazamento cara a posicións máis conservadoras e a maior nivel de estudos, maior localización en valores de esquerda. Tendo en conta a ocupación, o sector (social) máis conservador é o das amas de casa, superando mesmo os pensionistas. Tamén é importante sinalar que no medio rural a ideoloxía é máis conservadora que no urbano

A poboación galega sitúase no punto 4,37 da escala nacionalismo–non-nacionalismo, isto é, lixeiramente inclinada ao non nacionalismo.

Os máis vellos (60 anos e máis) son os que menos puntúan na escala nacionalista, en tanto que os estudantes acadan as puntuacións máis altas, probablemente influenciado pola idade.

A sociedade galega no seu conxunto tende a sentirse tan española como galega, na pregunta sobre identidade.

Conforme a idade aumenta, incrementa tamén a porcentaxe de individuos que se colocan na categoría “tan español como galego”. O contrario sucede a medida que incrementa o nivel de estudos.

A ideoloxía esquerda-dereita é o criterio dominante de discriminación no ámbito da política, moi por encima da nacionalista-non nacionalista.

Canto máis urbano é o ambiente do individuo, máis aumenta a consideración do eixe esquerda-dereita como factor determinante para a identificación das diferentes formacións do sistema de partidos galegos.

A poboación sitúa a Xunta de Galicia lixeiramente escorada á esquerda e ao nacionalismo que a súa propia posición en ambas as escalas.

Cando aumenta o nivel de estudos do individuo, medra tamén a consideración do Goberno galego como máis de esquerdas e máis nacionalista.

O labor desempeñado pola Xunta de Galicia no último ano obtén a nota máis alta de entre os tres executivos obxecto de medición.

Por outra parte, os máis novos (16-34) son os entrevistados que mellor valoran o labor desempeñado pola Xunta de Galicia. De feito, o Goberno galego é o executivo mellor considerado por todos os grupos de idade menos un, o dos cidadáns, que teñen 60 ou máis anos.

A Xunta de Galicia é mellor puntuada por aqueles cidadáns sen estudos ou con estudos primarios, e son os estudantes e os pensionistas os dous colectivos que mellor nota lle outorgan ao labor desempeñado pola Xunta no último ano.

O Goberno galego é o executivo mellor valorado en todos os grupos ocupacionais e, por unha distancia considerable, polo colectivo dos parados e ocupados. Tamén hai que destacar aquí que os empregados manuais son a categoría socioeconómica que mellor puntúa o labor desempeñado pola Xunta de Galicia.

Pasando xa a analizar a puntuación da Xunta en honestidade, capacidade, cumprimento e relación co pobo, hai que dicir que se cumpre a ecuación de que a maior idade mellor valoración da Xunta de Galicia no apartado de honestidade. As puntuacións da Xunta en capacidade de goberno reparten a súa mellor valoración nos dous extremos: os máis novos e os máis vellos.

A Xunta suspende no grupo de idade 25-29, que se revela como o máis crítico en cuestións de cumprimento de promesas, xa que é aquí o único lugar en que o Goberno galego non chega ao aprobado.

Os dous extremos da escala educativa son os que máis puntuación lle conceden ao Goberno galego, e son especialmente os universitarios os que máis confían na honestidade do executivo. Por outra parte, observamos que, no referente á capacidade de goberno da Xunta de Galicia, se cumpre a ecuación de que a maior nivel de estudos menor puntuación.

A evolución das notas no apartado de cumprimento de promesas segue un percorrido moi parecido ao que xulgaba a capacidade da Xunta de Galicia, isto é, a maior nivel educativo maior puntuación. Os universitarios son, unha vez máis, o colectivo que concede unha nota máis alta.

O grupo ocupacional que, por encima dos demais, valora en maior medida o Goberno galego é o dos pensionistas. A iso hai que lle engadir que a Xunta recibe a súa mellor puntuación no apartado de cumprimento de promesas, unha vez máis, no grupo ocupacional dos estudantes (5,6).

A maior puntuación alcanzada e, ademais, con moita diferenza se temos en conta a posición que o individuo ocupa no fogar, é a que rexistra a categoría "outras", formada maioritariamente, como sabemos, por persoas maiores e xubilados. E se falamos de capacidade do Goberno galego, volven ser os integrantes da categoría "outras" os que ofrecen, con moita vantaxe, a nota máis alta, que, ademais, roza o notable (6,8).

Os servizos sociais, o transporte público e a sanidade son os servizos públicos que mellor evolución experimentaron nos dous últimos anos. A vivenda e a xustiza constitúen o outro lado da balanza e son os que peor comportamento tiveron.

A porcentaxe de mulleres que pensan que o funcionamento da educación pública empeorou é lixeiramente maior que a dos homes. Por outra parte, a porcentaxe de homes que entenden que houbo unha mellora nos dous últimos anos é maior que a de mulleres que pensan así para todos os servizos excepto sanidade, seguridade e educación.

Os que valoran mellor o funcionamento da sanidade son os estratos sociais de maior idade, quizais porque son os que máis a utilizan e coñecen. O grupo dos que teñen entre 25 e 29 anos destaca por ser o que peor opinión ten do funcionamento dos servizos administrativos e, ademais, fano dobrando as porcentaxes dos demais grupos de idade. Os servizos públicos de seguridade cidadá son sensiblemente mellor valorados no seu funcionamento polos estratos sociais máis novos.

A tendencia na valoración negativa da xustiza é a aumentar coa idade. Os menos pesimistas son os máis novos e, a partir de aquí, a idade marca un aumento do pesimismo ata chegar ao grupo de máis idade, que é tamén o máis pesimista. Porén, os máis vellos –ademais dos máis novos– son os que valoran claramente mellor o transporte público.

Os novos adoitan ser os sectores de idade máis proclives á compra ou alugamento dunha vivenda e, mediante o seu descontento na evolución do servizo, poden estar externalizando a dificultade de acceso á propiedade ou o elevado prezo dos alugamentos.

A maior nivel de estudos, menor valoración positiva da evolución do funcionamento da sanidade, a educación pública e os servizos sociais.

A xustiza ofrece o nivel de aceptación (enquisados que responden que o seu funcionamento é mellor que hai dous anos) máis baixo de todos, incluso superando á vivenda, que é o servizo público que peor evolucionou nos dous últimos anos.

Segundo a ocupación, os que mellor valoran o funcionamento da educación pública, os servizos sociais e a seguridade nos dous últimos anos son os estudantes e as amas de casa, que son as que, con diferenza, valoran mellor o funcionamento do sistema sanitario.

Todos os grupos ocupacionais superan o 50% de descontento sobre a evolución da vivenda, sendo o máis negativo de todos o dos parados.

O pesimismo na valoración da seguridade é maior entre os que máis teñen que perder, é dicir, entre os decisores e os autónomos non-expertos. O transporte público, polo contrario, encontra as cifras máis positivas entre aqueles sectores máis baixos dentro da categoría socioeconómica, é dicir, entre os empregados manuais e os non-clasificados. Existe tamén unha clara tendencia a un maior pesimismo no tema da vivenda entre estas dúas categorías, probablemente porque son eles os que notan en maior grao os rigores do mercado hipotecario e de alugamentos.

A sanidade pública é maioritariamente avaliada cun saldo positivo polos integrantes da categoría “outros” dentro do fogar e polos cónxuxes. Esta categoría “outros” –formada maioritariamente por xubilados e persoas maiores– avalía positivamente e, ademais, de maneira masiva o funcionamento dos servizos sociais. Os descendentes (novos e, moitos deles, universitarios) son os que valoran máis positivamente a evolución nos últimos anos da seguridade.

Os enquisados do medio rural son moito máis optimistas que os do medio urbano nos seus xuízos sobre a evolución do funcionamento dos servizos públicos de educación, sanidade, servizos administrativos, servizos sociais, seguridade e vivenda. E, ao revés, os habitantes das cidades son, en xeral, máis pesimistas que os dos municipios máis rurais á hora de avaliar a evolución do funcionamento dos principais servizos públicos.

Para a maior parte da sociedade galega o organismo que xestiona a educación é a Xunta de Galicia. Por idade, o colectivo máis seguro de que é a Xunta o organismo encargado de xestionar os servizos públicos de educación son todos aqueles cidadáns encadrados no que convimos en denominar as idades medias, é dicir, os comprendidos entre os 35 e 44 anos, por un lado, e os que teñen entre 45 e 59. Ademais, obsérvase unha relación directa entre un maior nivel de estudos e a consideración de que a educación é unha competencia que xestiona e desenvolve a Xunta de Galicia.

As persoas da categoría “outros” (xubilados e persoas maiores), dentro da variable de cabeceira que se fixa na posición que o individuo ocupa no fogar, son as que máis seguridade mostran no seu xuízo de que é a Xunta de Galicia o organismo que se encarga da xestión da educación. Idéntico xuízo tenden a facer aqueles galegos que viven nas cidades e nas provincias da Coruña e Pontevedra.

As competencias en materia de sanidade tamén son maioritariamente percibidas pola poboación como en mans da Xunta de Galicia. Así, algo máis da metade da mostra sostén que é o Goberno galego o que xestiona a competencia. As diferenzas na opinión entre sexos son moi significativas: o 60% dos homes fronte ao 47% de mulleres falan da Xunta como o executivo competente en sanidade.

Aqueles enquisados que admiten non estar en posesión de ningún tipo de estudos colocan en moita menor proporción a competencia sanitaria en mans da Xunta de Galicia que aqueles que sí cursaron estudos (secundarios ou universitarios). Neste mesmo sentido, a Galicia urbana considera en moita maior proporción que a rural que é a Xunta a encargada de xestionar as competencias sanitarias.

As persoas maiores e os xubilados contidos na categoría “outros” dentro do fogar constitúen o único grupo en que a consideración de que as competencias sanitarias están en mans do Goberno central supera á que ve na Xunta de Galicia o organismo xestor.

A maioría dos homes cren que é o Goberno central o responsable da seguridade cidadá, mentres que as mulleres, na súa maior parte, responsabilizan a Xunta de Galicia de tal xestión. Destaca aquí, que o grupo socioeconómico dos decisores sexa o único que coloca en primeiro lugar o municipio na súa consideración de quen é o organismo institucional encargado da xestión en materia de seguridade.

A maioría dos galegos considera a Xunta de Galicia como o organismo que posúe as competencias en materia de servizos sociais e, ademais, fano dunha maneira moi clara. Nas idades medias é onde o Goberno galego é considerado en maior medida responsable deses servizos sociais.

A maior nivel de estudos, maior conciencia de que é a Xunta a encargada de xestionar a política social en Galicia. O feito de ser supervisor técnico ou empregado non manual favorece tamén a consideración da Xunta como responsable da xestión dos servizos sociais.

Por outro lado, a categoría “outros” na posición do individuo no fogar é a que lle atribúe máis claramente á Xunta as competencias de política social.

Os servizos públicos de xustiza son considerados maioritariamente polos galegos como xestionados a escala estatal. A tendencia observada máis clara aquí é a que sosteñen que a maior nivel de estudos maior atribución á escala estatal das competencias sobre xustiza.

As competencias sobre transporte público, para a maioría dos galegos, correspóndenlle á Xunta de Galicia e, novamente, un maior nivel de estudos fai que o número de individuos que ven o concello como o depositario de tales servizos aumente.

As competencias sobre vivenda non están demasiado claras entre os galegos, aínda que unha lixeira maioría se decanta por consideralas autonómicas. Cando o nivel de estudos aumenta, crece tamén a proporción dos que consideran que é a Xunta de Galicia a encargada de xestionar a vivenda.

Os estudantes son o único grupo ocupacional que considera maioritariamente que é o Goberno central o que xestiona a vivenda. A persoa principal do fogar, por outro lado, é o grupo que sinala máis inequivocamente que é o Goberno galego o responsable en vivenda.

A maioría dos galegos pensa que é o Goberno central o que ten no seu poder as competencias de xestión económica. Un 26% da sociedade pensa que é a Xunta de Galicia a responsable e só un 6% fala dos municipios. A categoría “Non sabe / Non contesta”, moi avultada cando falamos de economía, descende espectacularmente conforme o nivel educativo do individuo aumenta.

Os descendentes son os membros do fogar que, con moita diferenza, falan do Goberno central como o principal responsable do funcionamento da economía e o grupo codificado como “outros” ofrece a peculiaridade de ser o único que cre que é a Xunta de Galicia a responsable do funcionamento da economía e non o Goberno central. Se nos fixamos agora no hábitat, vemos que a porcentaxe de entrevistados que sosteñen que é o Goberno central o responsable do funcionamento da economía é maior no mundo urbano que no rural.

A maioría dos galegos cre que a xestión do medio ambiente é un asunto propio da Xunta de Galicia, aínda que unha porcentaxe nada desdeñable (29%) coloca tal competencia en mans do Goberno central.

Os cidadáns encadrados na mediana idade sinalan en maior medida que os novos que é a Xunta o principal organismo encargado da política medioambiental. Do mesmo modo, estar en posesión dun maior nivel de estudos implica que a porcentaxe de resposta favorable á Xunta de Galicia en materia de competencias sobre medio ambiente tamén aumente. Finalmente, o hábitat urbano identifícase máis claramente que o rural coa consideración de que é a Xunta a responsable de xestionar o medio ambiente.

A tendencia xeral é que a política autonómica se sitúe entre a política local, a que máis interesa en termos relativos, e a nacional, a que menos.

O grao de interese da sociedade galega sobre política é máis ben escaso e próximo ao punto 2 dunha escala de 1 a 4 (cuxo punto medio é 2,5), que revela pouco interese polos asuntos políticos. Esta tendencia non é diferente da observada na maioría das sociedades occidentais avanzadas.

Tendo en conta o sexo do entrevistado, observamos que os homes demostran un pouco máis de interese pola política que as mulleres nos tres ámbitos obxecto de enquisa (autonómico, nacional e municipal).

O dato máis sobresaínte tendo en conta a idade dos entrevistados é o que ofrecen os que teñen entre 25 e 29 anos, que rexistran un 1,97 de interese pola política, é dicir, traspasan a fronteira do 2 e entran no terreo do nulo interese pola política nacional (que se situaría no valor 1).

A maior nivel de estudos, maior interese pola política, tanto autonómica como nacional e local. Neste sentido, os universitarios son o único grupo que se sitúa en valores positivos para os tres tipos de política analizados.

O colectivo das amas de casa, referido á política nacional, é o grupo que, polo contrario, menos interese mostra e alcanza un valor, 1,81, que entra no territorio do nulo interese.

O hábitat do individuo marca unha tendencia interesante, aínda que moi suave, no interese pola política autonómica: cando se pasa do mundo urbano ao rural, aumenta o interese relativo pola política galega.

Os homes –como vén sendo habitual– mostran cifras sensiblemente superiores que as mulleres, e o apartado referente ao nivel de información sobre as actividades da Xunta de Galicia non é unha excepción.

Por encima de calquera outra circunstancia, destaca o feito de que todos os grupos de idade ofrecen cifras negativas en canto ao nivel de información dispoñible, incluso en política municipal, esfera política coa que os enquisados afirman estar máis familiarizados.

Mención especial merece a cifra dos universitarios no seu nivel de información sobre a política local, un 2,52, único momento en que se alcanzan cifras positivas.

As categoría de “outras” e a dos cónxuxes, cando falamos da posición que ocupa o individuo no fogar, descenden da barreira dos dous puntos, que marca a posición do “pouco informado” e o comezo do “nada informado”.

ANEXO 1: ENFOQUE DA INVESTIGACIÓN. METODOLOXÍA



1. Introducción. A pregunta é: ¿Por que adoptar un enfoque ou outro?

O obxecto último do estudo é a sociedade galega, perfilada desde unha perspectiva analítica particular, tanto á hora de focalizar a observación sobre uns elementos ou outros (espazos e niveis da percepción), como á hora de focalizar as mostras sobre uns colectivos ou outros. O punto de vista que en todo momento adoptamos é o da **percepción** que os cidadáns teñen sobre diversos obxectos definitorios do espazo público.

Pois ben, o primeiro que hai que sinalar, no plano metodolóxico, é que a percepción é da orde da casuística, non da estrutura. A percepción é concreta e case tan variada como o produto das situacións polos individuos. Polo tanto, o seu lugar non é o discurso senón a declaración puntual.

En efecto, é inútil o intento de atrapar a percepción no discurso, posto que o discurso eleva todo ao plano ideolóxico (das ideas sobre a realidade), é dicir, ao plano das imaxes, no que a percepción se perde, anulada na súa especificidade polo estereotipo.

Entón, o que propomos é que a metodoloxía se cinga ás esixencias dos obxectivos, atendendo á natureza destes: se dos elementos determinantes do comportamento dos actores (en xeral) debemos tomar como centro do noso traballo a percepción, sendo esta da orde da casuística, abórdemola no plano da casuística, preguntándolle a cada individuo dunha mostra representativa dos cidadáns pola súa percepción.

Pensamos que é posible facer isto mediante enquisa, baixo o enfoque metodolóxico distributivo, pois todos os compoñentes do proceso cognitivo da percepción son medibles. A esta cuestión dedicáremoslle un certo espazo máis adiante. Polo contrario, entendemos que na práctica non sería posible facer isto mediante entrevistas abertas ou grupos de discusión, baixo o enfoque estrutural, pois o intento levaríanos a un deseño semellante ao da mostraxe estatística, moito máis custoso e menos produtivo, xa que a interferencia das imaxes interporíase continuamente, censurando e desfigurando as percepcións concretas.

2. ¿Como medir a percepción? ¿Obteremos información relevante, fiable e exhaustiva?

Baixo o suposto de que o que pretendiamos facer era medir a percepción, daremos conta do que consideramos o método máis adecuado para iso e dos resultados que ofrece.

Á hora de medir a percepción, adoitan cometerse tres erros clásicos, tan importantes como frecuentes.

O primeiro erro é preguntarlle ao entrevistado por todos os detalles identificados polo analista previamente –preguntámoslle tanto polo que concretamente lle concirne como polo que non lle concirne, tanto polo que conecta coas súas necesidades concretas como polo que non conecta con elas– limitámonos a proxectar a nosa percepción do proceso ou dos procesos que queremos abordar sobre o cidadán, censurando así a súa propia percepción. Pero este erro ten outra vertente, pois non é soamente que demostramos que non nos interesa o cidadán. Ademais, dicindo que medimos a percepción, abórdamola omitindo radicalmente canto se sabe acerca de como se produce esa percepción. Máis grave aínda, omitimos o xeito en que verdadeiramente a percepción produce impacto sobre a sociedade e sobre o comportamento. E, en consecuencia, producimos información irrelevante, cando non enganosa, por máis que formalmente sexa impecable.

En segundo lugar, cando desarticulamos un país ou os seus servizos nas súas partes compoñentes e sometemos cada unha delas a xuízo do cidadán, poñemos a este na posición (falsa) do analista, co resultado esperable dunha escasa calidade da medición. A mala calidade da medición é o principal inimigo da **fiabilidade**.


Finalmente, e como corolario dos dous erros anteriores, ao preguntarlles aos cidadáns por cuestións que son irrelevantes para eles, molestamos e inquietamos os entrevistados, o que sempre é negativo (e xa é hora de que a investigación teña en conta os efectos dos seus dispositivos de produción primaria de información na vida da xente) e non produce bos resultados.

Non é posible medir ben a percepción sen cumprir dúas condicións: atender de verdade á voz do cidadán, encorsetando o menos posible a súa expresión, e atender aos pasos do proceso de percepción. En realidade, se cumprimos rigorosamente a segunda condición, cumpriremos a primeira.

Polo tanto, imponse partir dunha teoría sobre a percepción que guíe os nosos pasos posteriores.

O proceso de percepción parte do real, pero non é o real, pois hai unha mediación, a cal reside nos sentidos e no cerebro, que fai que o real chegue á conciencia dos suxeitos amplificado, amortecido, deformado...

En calquera caso, o proceso é sempre o mesmo e ten algunhas características fundamentais invariables, que representamos no esquema adxunto.



En primeiro lugar, o real chega ao suxeito, filtrado por múltiples mediacións, e produce un impacto sobre o eixe principal que orienta o seu comportamento. No caso da sociedade, o eixe principal do comportamento é o que pon en contraste o que se paga (impostos, prezos) e o que se recibe (servizos), ou, se se prefire, o que pon en contraste o que se espera e o que se recibe.

Desta maneira, cando algo sucede, inmediatamente (o cidadán sempre ten activada a súa demanda) impacta sobre algunha forma de percepción global.


Pero os humanos, polo menos aqueles cuxa cultura arrinca da tradición grega e latina, toleramos mal os ocos da razón. De forma que, cando a un cidadán lle pasa algo que impacta apreciablemente sobre a súa percepción global nalgún nivel, inmediatamente busca unha causa, pois só así pode cerrar a percepción nun xuízo. Este cerramento é necesario, tanto se a explicación é verdadeira como se é falsa, e forma parte indisoluble da percepción.

Por último, cerrado o proceso da percepción, o cidadán tenderá a reaccionar dalgún xeito no marco limitado das súas posibilidades. Esta reacción, agregada, produce un efecto colectivo que fai que as sociedades se desenvolvan máis ou menos e de variadas formas, coas consecuencias económicas, sociais e políticas que diso se deriven.

De acordo con este esquema do proceso, quedan marcados os puntos da medición, pois, necesariamente, deberemos medir en que fallan as cousas, en que funcionan ben, cal é a percepción global, por que algo se clasifica como un fallo ou como un acerto (na percepción do cidadán) e cal vai ser a reacción previsible.

Con toda esta información, poderemos avaliar o efecto agregado ao que antes aludiamos en termos dun índice que chamamos de *risco* (*social neste caso*).

Pero, ¿como organizamos concretamente a medición de todos estes indicadores? Obviamente, debemos remitirnos, como xa postularamos, ao obxectivo do estudo.



Se ten un interese máis que descritivo e analítico preguntarlles aos cidadáns é porque a súa percepción representa o éxito ou o fracaso social. É dicir, preguntámoslles aos cidadáns porque a súa percepción é síntoma central do estado do país. E o estado do país depende do **impacto global** que produce o que pasa (e do signo dese impacto), depende de se a percepción dana ou non substantivamente o conxunto articulado da súa expectativa.

É esta unha cuestión crucial, pois hai que darse conta de que **non é a lista de problemas posibles o que importa, senón o problema ou os dous ou tres problemas (como moito) que a un cidadán determinado lle destrúen a súa expectativa ou a deterioran apreciablemente**. A secuencia correcta é a seguinte:

A sociedade desenvólvese con determinados éxitos e con determinados fracasos; uns e outros situaranse, obxectivamente, en relación con certas dimensións ou atributos teoricamente perceptibles por parte do cidadán.

Agora ben, pode que o cidadán, polo modo específico en que eses atributos se articulan coas súas necesidades concretas, expectativas, demandas... non perciba un éxito ou un fracaso determinado da sociedade. **Neste caso, de nada nos serve saber como valora o cidadán cada un dos atributos, ao tempo que o cidadán estará escasamente interesado en valoralos e, con frecuencia, pouco capacitado para iso.**


E pode que o cidadán si perciba un éxito ou un fracaso determinado da sociedade. Parecera, nun exame superficial, que aquí si nos interesaría saber como valora o cidadán os atributos implicados, pero sigamos razoando.

Pode que esa percepción do cidadán, negativa ou positiva, non alcance a modificar a súa percepción global, é dicir, que non teña impacto sobre as súas necesidades nin sobre as súas expectativas. **Igualmente, neste caso, non serve de nada saber como o cidadán valora cada un dos atributos.**

E é posible que si, que a percepción do cidadán modifique de forma apreciable, incluso radical, a súa percepción global, que teña un impacto importante en relación coas súas necesidades ou expectativas. **Neste caso si que nos interesa descender ao nivel da dimensión ou atributo do servizo.**

Pero ¿interésanos saber como valora o cidadán ese atributo? Se somos consecuentes co noso obxectivo, a resposta é non. O que verdadeiramente nos interesa é rexistrar qué fallou exactamente (desde a percepción do cidadán), contra que necesidade ou expectativa atentou, qué faltou para que as cousas funcionen correctamente... e ponderar a información atendendo ao impacto global, isto é, **a canto se deteriorou a percepción global, pois deste canto dependerá, loxicamente, a cantidade de risco (custo social) que xerou o fallo; simetricamente, podémolo ver desde o lado da seguridade (beneficio social).**

Consecuentemente co proceso de percepción, coa correspondente medición dos fitos do citado proceso, teremos uns resultados. Para ver a correspondencia dos tres niveis, proceso-mediación-resultados, moi sinteticamente, pódese examinar o esquema seguinte.



Pero, se esta correspondencia, sobre todo a que vincula a medición co proceso de percepción, garante a relevancia e a fiabilidade, ¿obteremos acaso datos moi relevantes e fiables, pero deixaremos fóra moitas cousas menos relevantes cuxo impacto agregado potencial é, porén, moi apreciable ou podería selo?

A resposta é múltiple. En primeiro lugar, hai que dicir que, situados como estamos na orde da casuística, a experiencia demostra que a percepción concreta é variadísima. Ben que se poden agregar as percepcións individuais en grandes dimensións ou en dimensións intermedias, a composición destas contén, en xeral, moitos e moi variados detalles. ¿Todos os detalles? Non, pero si todos os que, na realidade actual, poden producir algún impacto.

Agora ben, a expresión “na realidade actual” sinala unha limitación, que é a da construción do futuro. Ao respecto, hai que dicir, en primeiro termo, que debemos renunciar á ilusión de que escoitando ao cidadán se vai perfilando inmediatamente o mellor futuro. O cidadán non constrúe o futuro; transmítenos a súa interpretación da realidade actual. Esa interpretación non é útil en si mesma, senón a través da análise. E a análise ten dous grandes niveis. O primeiro é o nivel da análise cuantitativa, que comeza no deseño da medición e remata na construción de determinados índices. Identifica, sinala, ordena, asocia, pero, por si mesmo, non constrúe. O segundo é o nivel da análise cualitativa, que integra a análise cuantitativa na perspectiva do coñecemento da sociedade, e serve de base para a construción da realidade.

Polo tanto, a construción do futuro, o seu deseño, non pode ser un resultado inmediato da análise cuantitativa que aquí realizamos, que fala directamente da realidade actual, senón que debe ser producida, sobre a base da información cuantitativa, construtivamente. É dicir, o futuro hai que inventalo, pero con coñecemento pertinente. E os proxectos invéntanos os analistas e os políticos, non os cidadáns.

3. A xerarquización dos atributos

Coa metodoloxía que propomos, os atributos quedan inmediatamente xerarquizados en tres dimensións, que poden ser tratadas, para maior facilidade de lectura dos resultados, como dúas:

1. A importancia dos atributos

Esta é unha cuestión, como se sabe, de moi difícil manexo, que, desde sempre, supón un reto para a investigación. Obter valoracións ou opinións dos suxeitos con fiabilidade non é tarefa fácil, pero faise habitualmente con éxito. Agora ben, cando de medir a importancia das cousas se trata, as dificultades son case insalvables.

Se sometemos a cuestión directamente aos entrevistados sen precaucións, os resultados serán, de forma inexorable, 'aplanados' e sobrevalorados por un efecto que podemos chamar de 'insaciabilidade' do suxeito. Iso fai imprescindible tomar a precaución de limitar o valor atribuíble polo suxeito a un compoñente polo custo correlativo que deberá soportar nos demais. Pero, cando temos moitos compoñentes, os dispositivos orientados a esta función (por exemplo, os sistemas *Trade Off* ou *Conjoint Analysis*) amósanse tecnicamente inviables ou inaccesibles polo custo.

Non nos imos estender discutindo os variados procedementos ensaiados para xerarquizar pola súa importancia os compoñentes dun sistema de atributos, senón que entraremos directamente na nosa proposta.

A primeira cuestión que hai que despexar **é qué podemos entender por Importancia dos compoñentes da percepción**. Contemplamos dous enfoques alternativos.

Desde unha certa perspectiva, podemos pensar que existe unha xerarquización de tipo estrutural e estable, que ordena os atributos, sequera dunha forma parcial (é dicir, como unha árbore con distintas ramas). Se isto for así e se puider medir, tal medida serviría para ponderar as valoracións e axudaría, sen dúbida, a tomar decisións de priorización máis acertadas. Mesmo axudaría a tomar decisións previas ás valoracións.

Desde outra perspectiva, máis próxima á realidade accesible, poderíamos pensar que o máis importante é aquilo que é máis urgente mellorar.

Ambas ideas son incompletas e compatibles. A primeira é interesante; parte dunha hipótese que sabemos certa (hai unha orde estrutural; de feito, toda estrutura é parcialmente ordenada), pero non hai unha árbore, senón diversas árbores e, ademais, a medición da importancia nun sistema tal non pode ser nunca estable, pois debe depender necesariamente da valoración. Polo tanto, mantemos que si hai unha orde estrutural, pero non hai unha medida estable que a represente, senón que, cuantitativamente, ten moitos estados posibles (sen necesidade de rupturas estruturais), condicionados, entre outras cousas, pola valoración (pola percepción que esta representa, máis ben).

A segunda é unha perspectiva, tal como a formulamos deliberadamente, pragmática pero incompleta, pois falta por definir que é o que quere dicir a expresión 'máis urgente'. Se non definimos esta expresión, non faremos senón desprazar o problema da importancia ao problema da urxencia, que vén ser da mesma orde.

Proporemos dous criterios de 'urxencia': un está contido na nosa metodoloxía de **priorización segundo o impacto na percepción global, medido como representación do risco**. Ao noso xuízo, este é un criterio de urxencia, e, xa que logo, de importancia pragmática, indiscutible (sempre que se acepte a técnica de estimación). Pero, obviamente, é un criterio limitado, pois soamente considera a óptica da mala percepción. Falta, sen dúbida, a óptica da boa percepción e do **beneficio que, pola súa vez, representa**.

Pero esta perspectiva non está tan afastada da primeira como puidese parecer. Fagamos o percorrido ao revés: se identificamos un indicador que cando vai mal produce moito custo e cando vai ben moito beneficio, **pragmaticamente**, calquera centraría nel a súa atención, porque a súa utilidade (no sentido de elasticidade) será máxima. Agora ben, ¿acaso non apunta tamén este feito unha posición **estrutural** preeminente? Dito doutro xeito, ¿pode non ser estruturalmente importante un compoñente que se comporta dese modo?

Isto móstranos que o xogo custo/beneficio é un vehículo eficaz e sinxelo para conducirnos a dous obxectivos:

- xerarquizar os atributos, para guiar unha estratexia xeral. O máis importante, é dicir, aquilo que ten máis capacidade para modificar a percepción global, deberá ser tido en conta sempre á hora de actuar sobre a sociedade; e
- seleccionar adecuadamente os temas urxentes, cuestión que nos conduce ao segundo criterio de xerarquización, que abordamos a seguir.

2. O risco e o beneficio

A segunda dimensión é a que serve para construír a primeira, aínda que debemos facer notar que non hai dependencia entre elas, é dicir, que se pode construír con elas un plano, con estrutura de espazo vectorial.

Trátase da medida do impacto, positivo ou negativo, que ten cada atributo sobre a percepción do conxunto de cidadáns ou dun subconxunto destes. A primeira dimensión, a da importancia, limita o plano a un semiplano, pois non ten máis que valores positivos. A segunda, a do impacto, en cambio, ten valores positivos (seguridade-beneficios) e negativos (risco-custos). Polo tanto, podemos xerarquizar os atributos atendendo ao impacto efectivo, atendendo á capacidade potencial para impactar ou á combinación das dúas variables.

Para facer todas estas operacións cómpre resolver un problema, como é o da transformación da escala de valoración, que representa o impacto producido sobre a percepción global, que é ordinal, pese ás aparencias, en números reais. A solución é construír unha distancia (no sentido matemático do termo), e a maneira de facelo, malia que omitiremos detalles matemáticos para non sobrecargar este xa amplo anexo, fúndase na *Teoría matemática da comunicación*⁷.

⁷ O teorema en que se basea o método é o Teorema de Shannon (SHANNON E. Claude, WEAVER Warren, *Teoría matemática da comunicación*, Forja Comunicación). A idea de usar estes elementos teóricos como punto de partida para construír unha distancia que transforme escalas ordinais en escalas de intervalo derivámola de aplicacións anteriores da mesma idea que ten feito o profesor Luis Garrido para construír diversos índices.

O Teorema de Shannon demostra, se traducimos a fórmula matemática á linguaxe corrente, que a cantidade de información que contén unha mensaxe é inversamente proporcional á probabilidade de que se produza. Sobre esta idea, consideramos cada par de valores consecutivos da escala ordinal e aplicamos a definición de información derivada do teorema citado para calcular a distancia entre eles. Pódese demostrar que o resultado é unha distancia matemática, para todos os puntos da escala.

4. Deseño técnico

Para describir como faremos operativo canto argumentamos sobre obxectivos e metodoloxía, debemos dar conta de:

- Como definimos a poboación.
- Como estratificamos a poboación.
- Como fixamos a mostraxe.
- Con que mostra traballamos.
- Cal é a marxe de erro.
- Como realizamos as entrevistas.
- Como tratamos a información primaria.

1. Poboación

Poboación xeral: cidadáns residentes en Galicia, de 16 ou máis anos, fronteira coincidente coa idade legal para a entrada no mercado de traballo.

2. Criterios de estratificación e distribución

Estratificamos a mostra por provincia e por tamaño do hábitat. A distribución das mostras é non-proporcional, dado que a necesidade de representar estratos con tamaños poboacionais moi desiguais con tamaños mostrais nunca inferiores a un mínimo nos levaría, noutro caso, a unha mostra total innecesariamente elevada.

3. Sistema de mostraxe

A mostraxe foi estratificada, non-proporcional, polietápica, por conglomerados, con selección aleatoria, en primeira etapa, de fogares, e, con selección en segunda etapa das unidades finais, por cotas de xénero, idade, situación laboral e estudos rematados.

4. Tamaño e descrición da mostra

O deseño mostral está condicionado polas especificacións do apartado de estratificación e distribución da mostra, así como polos tamaños mínimos que consideramos adecuados en cada caso.

Partimos da seguinte distribución poboacional por provincia e hábitat:

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5.001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC.AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%	18%	16%	31%	35%
	15-Coruña (A)	41%	4%	8%	13%	15%
	27-Lugo	13%	5%	3%	2%	3%
	32-Ourense	13%	6%	2%	1%	4%
GALICIA	36-Pontevedra	34%	3%	4%	14%	13%

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5.001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC.AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%	18%	16%	31%	35%
	15-Coruña (A)	100%	10%	20%	33%	37%
	27-Lugo	100%	39%	19%	17%	25%
	32-Ourense	100%	44%	13%	11%	32%
GALICIA	36-Pontevedra	100%	8%	12%	40%	39%

Para determinar o tamaño da mostra, agregamos os estratos inferiores na Coruña e Pontevedra, deixándoos desagregados en Lugo e Ourense, debido ao gran peso relativo nestas provincias do estrato inferior.

Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5.001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
CC.AA. de residencia	Provincia de residencia					
TOTAL	TOTAL	100%		34%	31%	35%
	15-Coruña (A)	100%		30%	33%	37%
	27-Lugo	100%	39%	19%	17%	25%
	32-Ourense	100%	44%	13%	11%	32%
GALICIA	36-Pontevedra	100%		20%	40%	39%

Sobre esta estratificación final, tomamos como cifra mínima, para cada estrato provincia * hábitat, 100 casos, o que ofrece un total de 1.400 unidades. A isto agregáramoslle 600 unidades adicionais, que se distribuíron proporcionalmente, de maneira que tivesen máis mostra os estratos meirandes. O resultado foi o seguinte:

Poboación xeral: Tamaño municipio de residencia		TOTAL	Ata 5000 habitantes	De 5.001 10.000	De 10.001 a 50.000	Máis de 50.000
	Provincia					
TOTAL	TOTAL	2.000	578	225	584	613
	15-Coruña (A)	544	174		180	190
	27-Lugo	480	131	115	114	120
	32-Ourense	475	133	110	109	124
GALICIA	36-Pontevedra	501	141		181	179

5. Marxes de erro

A marxe de erro para datos globais foi calculada para poboacións infinitas. Orientativamente, para un nivel de confianza do 95,5%, no caso máis desfavorable ($p = q = 50$), baixo o suposto dunha mostraxe aleatoria simple, o erro de mostraxe sería de + 2,2%.

6. Tipo de entrevista

A entrevista foi telefónica, asistida por ordenador. O motivo principal é a crecente inaccesibilidade física dos fogares, especialmente dalgúns tipos de fogares, por razóns de estratificación social e de dispoñibilidade das persoas nos horarios aceptados para entrevistas domiciliarias.

7. Cuestionario

O cuestionario, como quedou establecido ao definir o método de medición, baséase en curtas secuencias de preguntas, que arrincan sempre dunha valoración global nunha escala de 0 a 10 e que se despregan en posteriores preguntas abertas. A súa duración media estivo lixeiramente por debaixo de 22 minutos.

8. Traballo de campo

O traballo de campo realizouse entre os días 15 de xuño e 14 de xullo de 2006.

9. Codificación

A codificación das preguntas abertas efectuouna o equipo técnico, conservando o máximo detalle, con distintas posibilidades de agregación, pois, para o tipo de medición proposto, este proceso é crítico.

10. Control de calidade

Aplicouse un sistema de control xeral da calidade dos traballos que comprende todas as súas fases, con rexistro estatístico dos resultados, segundo un manual de calidade construído no curso da implantación dun sistema de calidade suxeito ás normas ISO-9000, certificado por AENOR co código 1575/2002.

ANEXO II: CUESTIONARIO



ANEXO II: CUESTIONARIO

ESTUDO N.º xxx-xxxx-01-10-01-1-01

|_|_|_|_|

CUESTIONARIO N.º

Bo día/boa tarde. O meu nome é _____, da empresa Qíndice. Estamos realizando unha enquisa sobre asuntos de interese para os galegos. ¿Tería vostede a amabilidade de contestarme algunhas preguntas? Só o vou entreter uns minutos. As súas respostas serán tratadas de xeito absolutamente confidencial, de forma agregada, para efectos puramente estatísticos. Moitas grazas pola súa colaboración.

¿Pódeme dar algúns datos moi sinxelos antes de comezar?

- C.1. Datos de cota do primeiro interlocutor.

Xénero	Idade	Estudos	Relación coa actividade
Home	16 a 24	Universitarios	Ocupados
Muller	25 a 29	Secundarios	Non ocupados
	30 a 34	Inferiores	
	35 a 44		
	45 a 59		
	60 e máis		

(Se entra en cota, continuar; se non entra en cota, pasar a C.2.)

- C.2. Datos de cota para outros posibles entrevistados (só se o primeiro interlocutor está fóra de cota).

Xénero	Idade	Estudos	Relación coa actividade
Home	16 a 24	Universitarios	Ocupados
Muller	25 a 29	Secundarios	Non ocupados
	30 a 34	Inferiores	
	35 a 44		
	45 a 59		
	60 e máis		

(Se algún membro do fogar cumpre cota, contactar e facer a entrevista; en caso contrario, agradecer a colaboración e finalizar; nunca se realizará máis dunha entrevista por fogar).

1. A percepción de Galicia no marco de España. Comparación con outras comunidades autónomas

a) Valoración de España

- P.1. En primeiro lugar, voulle pedir que pense en España como un país para vivir. ¿Como o valoraría, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é o país ideal e 0 que é un país pésimo para vivir?

Valoración	__ __
Non sabe	98
Non contesta	99

P.1.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.1.1.1.(Só se a resposta a P.1.1 foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.2.)

P.1.2 (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.1.2.1. (Só se a resposta a P.1.2 foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.2.)

P.1.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.1.3.1.(Só se a resposta a P.1.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.2.)

b) Galicia e as comunidades autónomas

- P.2. ¿Coñece vostede outras comunidades autónomas, distintas de Galicia, o suficientemente ben como para saber como se vive nelas, xa sexa porque estivo alí ou porque o informaron persoas PRÓXIMAS a vostede? ¿Cales? (múltiple; non suxerir)

P.2.1. ¿Coñéceas directamente ou a través de persoas próximas a vostede? (só as que dixo que coñece)

	Coñece	Directamente	Indirectamente
- Andalucía	1	1	0
- Aragón	2	1	0
- Asturias	3	1	0
- Baleares	4	1	0
- Canarias	5	1	0
- Cantabria	6	1	0
- Castela – A Mancha	7	1	0
- Castela e León	8	1	0
- Cataluña	9	1	0
- Extremadura	10	1	0
- A Ríoxa	12	1	0
- Madrid	13	1	0
- Murcia	14	1	0
- Navarra	15	1	0
- País Vasco	16	1	0
- Valencia	17	1	0
- Ceuta e Melilla	18	1	0

(Neste momento, o programa computa unha das seguintes situacións:

1. Non coñece ningunha comunidade distinta de Galicia, (ir a P.3.)
2. Coñece só unha comunidade distinta de Galicia. (ir a P.4.)
3. Coñece dúas ou máis comunidades distintas de Galicia, (ir a P.5.)

- P.3. ¿Como valora Galicia, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é unha comunidade ideal e 0 que é unha comunidade pésima para vivir?

Valoración

Non sabe 98 (pasar a P.8.1.)

Non contesta 99 (pasar a P.8.1.)

P.3.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.3.1.1. (Só se a resposta a P.3.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

P.3.2. (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.3.2.1. (Só se a resposta a P.3.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

P.3.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.3.3.1. (Só se a resposta a P.3.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

- P.4. Entre _____ (comunidade que coñece, segundo P.2.) e Galicia, ¿cal considera mellor para vivir?

- Galicia |_1_|_|1_|

- A comunidade de.. |_|_|

(Pasar a P.6.1.)

- P.5. Das comunidades autónomas seguintes (Citar as que coñece segundo P.2. e incluír tamén Galicia) ¿Cal é a que vostede considera mellor para vivir? ¿E cal considera peor para vivir?

	Mellor	Peor
- Andalucía	1	1
- Aragón	2	2
- Asturias	3	3
- Baleares	4	4
- Canarias	5	5
- Cantabria	6	6
- Castela – A Mancha	7	7
- Castela e León	8	8
- Cataluña	9	9
- Extremadura	10	10
- Galicia	11	11
- A Ríoxa	12	12
- Madrid	13	13
- Murcia	14	14
- Navarra	15	15
- País Vasco	16	16
- Valencia	17	17
- Ceuta e Melilla	18	18

(Neste punto, o programa computará as dúas comunidades que foron situadas na posición de “mellor” e de “peor”, respectivamente, a partir de P.4. e de P.5.)

P.6.1. (Mellor comunidade autónoma) ¿Como valoraría a comunidade autónoma____, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é unha comunidade ideal e 0 que é unha comunidade pésima para vivir?

Valoración	_ _ _
Non sabe	98 (P.6.2.)
Non contesta	99 (P.6.2.)

P.6.1.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.6.1.1.1. (Só se a resposta a P.6.1.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.6.1.2. (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.6.1.2.1. (Só se a resposta a P.6.1.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.6.2.)

P.6.1.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.6.1.3.1. (Só se a resposta a P.6.1.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.6.2.)

P.6.2. (Peor comunidade autónoma) ¿Como valoraría a comunidade autónoma_____, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é unha comunidade ideal e 0 que é unha comunidade pésima para vivir?

Valoración	_ _ _
Non sabe	98 (P.7.)
Non contesta	99 (P.7.)

P.6.2.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.6.2.1.1. (Só se a resposta a P.6.2.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.7.)

P.6.2.2. (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.6.2.2.1. (Só se a resposta a P.6.2.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.7.)

P.6.2.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.6.2.3.1. (Só se a resposta a P.6.2.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.7.)

- P.7. (Soamente se coñece dúas ou máis comunidades distintas de Galicia en P.2. e non citou Galicia como mellor nin como peor) Non citou vostede Galicia como a mellor nin como a peor. ¿Como a valoraría, entre 0 e 10?

Valoración

|—|—|

(Se a valoración é superior á da mellor ou inferior á da peor, o programa identificará a inconsistencia e pasará a P.7.1.; noutro caso, pasará a P.7.1.1.)

Non sabe

98 (pasar a P.8.1.)

Non contesta

99 (pasar a P.8.1.)

P.7.1. Valorou Galicia máis alto/máis baixo que a que considera mellor/peor. ¿Produciuse un erro ao identificar a mellor/peor comunidade autónoma ou nalgunha das valoracións? (o programa recordará a mellor, a peor e as súas valoracións)

- Erro nas posicións

1 (Pasar a P.7.1.1., recordando que volvemos falar de Galicia)

- Erro na valoración de Galicia

2 (Rectificar a valoración de Galicia, conservando a orixinal, e pasar a P.7.1.1., recordando que volvemos falar de Galicia)

- Erro na valoración da mellor/peor

3 (Rectificar a valoración, conservando a orixinal, e pasar a P.7.1.1., recordando que volvemos falar de Galicia)

- Erro en posicións e valoracións

4 (Rectificar valoracións, conservando as orixinais e pasar a P.7.1.1., recordando que volvemos falar de Galicia)

P.7.1.1. (Soamente se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.7.1.1.1. (Soamente se a resposta a P.7.1.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

P.7.1.2. (Soamente se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.7.1.2.1. (Só se a resposta a P.7.1.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

P.7.1.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)

¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.7.1.3.1. (Só se a resposta a P.7.1.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.8.1.)

P.8.1. (todos) De entre todas as comunidades autónomas españolas ¿cal cre vostede que é a que mellor fama ten para vivir?

	Mellor
- Andalucía	1
- Aragón	2
- Asturias	3
- Baleares	4
- Canarias	5
- Cantabria	6
- Castela – A Mancha	7
- Castela e León	8
- Cataluña	9
- Extremadura	10
- Galicia	11

- A Ríoxa	12	
- Madrid	13	
- Murcia	14	
- Navarra	15	
- País Vasco	16	
- Valencia	17	
- Ceuta e Melilla	18	
- Non sabe	99	(P.8.2.)

(Se citou a mellor valorada das coñecidas –P.5.- ou a Galicia, P.8.2.)

P.8.1.1. (Mellor comunidade autónoma s/P.8.1., que non sexa a sinalada entre as que coñece nin Galicia) ¿Como a valoraría, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é unha comunidade ideal e 0 que é unha comunidade pésima para vivir?

Valoración	_ _ _
Non sabe	98 (pasar a P.8.2.)
Non contesta	99 (pasar a P.8.2.)

P.8.2. (todos) De entre todas as comunidades autónomas españolas ¿cal cre vostede que é a que peor fama ten para vivir?

	Peor
- Andalucía	1
- Aragón	2
- Asturias	3
- Baleares	4
- Canarias	5
- Cantabria	6
- Castela – A Mancha	7
- Castela e León	8
- Cataluña	9
- Extremadura	10
- Galicia	11
- A Ríoxa	12
- Madrid	13
- Murcia	14

. Navarra	15	
. País Vasco	16	
. Valencia	17	
. Ceuta e Melilla	18	
. Non sabe	99	(P.9.1.)

(Se citou a peor valorada das coñecidas –P.5.- ou a Galicia, P.9.1.)

P.8.2.1. (Peor comunidade autónoma s/P.8.2., que non sexa a sinalada entre as que coñece nin Galicia) ¿Como a valoraría, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é unha comunidade ideal e 0 que é unha comunidade pésima para vivir?

Valoración	_ _ _
Non sabe	98 (pasar a P.9.1)
Non contesta	99 (pasar a P.9.1)

P.9.1. (Todos) Se vostede puidese, ¿preferiría seguir vivindo en Galicia ou elixiría vivir noutro lugar de España?

- Galicia	1
- Outro lugar	2
- Non sabe	8
- Non contesta	9

P.9.2. Se algún dos seus amigos tivese que elixir unha comunidade autónoma para fixar a súa residencia, ¿a súa primeira recomendación sería Galicia?

- Si	1
- Non	2
- Non sabe	8
- Non contesta	9

2. A percepción do municipio no marco dos municipios galegos

- P.10. ¿Como valora o municipio onde vostede vive, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é un lugar ideal e 0 que é un lugar pésimo para vivir?

Valoración	_ _ _
Non sabe	98 (pasar a P.11.)
Non contesta	99 (pasar a P.11.)

*P.10.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9).
¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta
(10)/bastante alta (8 e 9)?*

*P.10.1.1. (Só se a resposta a P.10.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún
aspecto máis concreto en relación con isto?*

(Pasar a P.11.)

*P.10.2. (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a
súa valoración non sexa máis alta?*

*P.10.2.1. (Só se a resposta a P.10.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún
aspecto máis concreto en relación con isto?*

(Pasar a P.11.)

*P.10.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa
(0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi
baixa (0 a 3)?*

*P.10.3.1. (Só se a resposta a P.10.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún
aspecto máis concreto en relación con isto?*

(Pasar a P.11.)

- **P.11. ¿Cal é o municipio de Galicia con mellor fama como lugar para vivir? ¿Coñéceo vostede directamente porque estivo alí, coñéceo a través de persoas próximas a vostede ou por outros medios?**

- | | |
|--------------------------------|---|
| - COÑÉCEO DIRECTAMENTE | 1 |
| - COÑÉCEO POR PERSOAS próximas | 2 |
| - COÑÉCEO POR OUTROS MEDIOS | 3 |
| - Non sabe/non contesta | 9 |

- **P.12. ¿Como valora este municipio, entre 0 e 10, onde 10 indicaría que é un lugar ideal e 0 que é un lugar pésimo para vivir?**

Valoración	_ _
	(se 1 ou 2 en P.11., pasar a P.12.1.; noutro caso, ir a P.13.1.)
Non sabe	98 (pasar a P.13.1.)
Non contesta	99 (pasar a P.13.1.)

P.12.1. (Só se valorou entre 8 e 10) A súa valoración é moi alta (10)/bastante alta (8 e 9). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10)/bastante alta (8 e 9)?

P.12.1.1. (Só se a resposta a P.12.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.13.1.)

P.12.2. (Só se valorou entre 6 e 7) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.12.2.1. (Só se a resposta a P.12.2. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar a P.13.1.)

P.12.3. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3)?

P.12.3.1. (Só se a resposta a P.12.3. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

(Pasar A P.13.1.)

P.13.1.(Todos) Se vostede puidese, ¿preferiría seguir vivindo no municipio onde vive ou elixiría vivir noutro lugar de Galicia?

- | | |
|----------------|---|
| - O mesmo | 1 |
| - Outro lugar | 2 |
| - Non sabe | 8 |
| - Non contesta | 9 |

P.13.2. Se algún dos seus amigos tivese que elixir un municipio para fixar a súa residencia ¿a súa primeira recomendación, dentro de Galicia, sería o municipio onde vostede vive?

- | | |
|----------------|---|
| - Si | 1 |
| - Non | 2 |
| - Non sabe | 8 |
| - Non contesta | 9 |

3. Percepción dos servizos en Galicia

a) Os servizos públicos

P.14. Voulle propoñer agora que falemos de organismos que prestan servizos públicos. Voulle ler unha lista de tipos de servizos. Dígame, por favor, cales recorda ter usado no último ano. (LER) (para cada un dos que usou)

P.14.1. ¿Pode concretar máis que servizo era?

P.14.2. Daqueles servizos públicos que utilizou o último ano (LER). ¿Cal utilizou máis recentemente?

P.14.2.1. Centrándonos no último servizo público utilizado, ¿pode concretar cando utilizou ese servizo por última vez?

	Último contacto				
	Cont últ ano	1 mes	3 meses	6 meses	1 ano
- Educación	1	1	2	3	4

Especificación do servizo (precodificado e aberto)

- Educación infantil e primaria	1				
- Educación secundaria	2				
- Educación universitaria	3				
- Outros (especificar) _____					
- Sanidade	1	1	2	3	4

Especificación do servizo (precodificado e aberto)

- Atención primaria	1				
- Atención hospitalaria	2				
- Atención especializada	3				
- Outros (especificar) _____					
- Servizos administrativos	1	1	2	3	4

Especificación do servizo _____

- Servizos sociais	1	1	2	3	4
--------------------	---	---	---	---	---

Especificación do servizo _____

- Seguridade	1	1	2	3	4
--------------	---	---	---	---	---

Especificación do servizo _____

- Xustiza	1	1	2	3	4
-----------	---	---	---	---	---

Especificación do servizo _____

- Transporte	1	1	2	3	4
--------------	---	---	---	---	---

Especificación do servizo _____

- Vivenda	1	1	2	3	4
-----------	---	---	---	---	---

Especificación do servizo _____

P.15. I mos centrarnos en _____ (SERVIZO MÁIS RECENTE) Atendendo á súa experiencia máis recente ¿como o valoraría vostede, entre 0 e 10?

Valoración

Non sabe 98 (pasar a P.15.7.)

Non contesta 99 (pasar a P.15.7.)

P.15.1. (Só se valorou entre 8 e 10) Deu vostede unha valoración global moi alta (10) / bastante alta (8 a 10). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10) / bastante alta (8 a 10)?

P.15.1.1. (Só se a resposta a P.15.1. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.15.2. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (ler):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO |_|_|_|
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO |_|_|_| puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO |_|_|_| puntos

(Pasar a P.15.7.)

P.15.3. (Só se valorou entre 6 e 7), A súa valoración está lonxe de ser das máis altas ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.15.3.1. (Só se a resposta a P.15.3. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.15.4. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO |_|_|_|
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO |_|_|_| puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO |_|_|_| puntos

(Pasar a P.15.7.)

P.15.5. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa baixa (4 0 5)/tan baixa (0 a 3)?

P.15.5.1. (Só se a resposta a P.15.5. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.15.6. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO |__|__|
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO |__|__| puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO |__|__| puntos

(Pasar a P.15.7.)

P.15.7. Se tivese que volver a usar os servizos de _____ e puidese facelo a través dun organismo público ou privado, ¿cal escollería?

- Público 1
- Privado 2
- Non sabe 8
- Non contesta 9

P.16. Volvendo aos servizos públicos que usou no último ano, se tivese que dicir cal deles (LER) utiliza con máis frecuencia ¿cal diría?

_____ (se coincide co último, pasar a P.16.1.; noutro caso, pasar a P.17.)

P.16.1. Do resto de servizos que usou no último ano, ¿cales utilizou nos últimos 6 meses?

_____ (se ningún, pasar a P.18.)

P.16.2. Destes servizos, ¿cal utilizou con máis frecuencia?

- P.17. ¿Como o valoraría, entre 0 e 10?

- Valoración |__|__| (Se a valoración é superior á do mellor ou inferior á do peor, o programa identificará a inconsistencia e pasará a P.17.1.; noutro caso, pasará a P.17.1.1.)
- Non sabe 98 (pasar a P.17.3.)
- Non contesta 99 (pasar a P.17.3.)

P.17.1.1. (Só se valorou entre 8 e 10) Deu vostede unha valoración global bastante alta. ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa bastante alta?

P.17.1.2. (Só se a resposta a P.17.1.1. foi xenérica ou pouco precisa) ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.17.1.3. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO ||
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO || puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO || puntos

(Pasar a P.17.3.)

P.17.2.4. (Só se valorou entre 6 e 7) A súa valoración está lonxe de ser das máis altas. ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?

P.17.2.5. ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.17.2.6. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO ||
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO || puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO || puntos

(Pasar a P.17.3.)

P.17.2.7. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa (0 a 3) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa baixa (4 ou 5)/tan baixa (0 a 3)?

P.17.2.8. ¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.17.2.9. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO puntos

(Pasar a P.17.3.)

P.17.3. Se tivese que volver usar os servizos de _____ e puidese facelo a través dun organismo público ou privado, ¿cal escollería?

- Público 1
- Privado 2
- Non sabe 8
- Non contesta 9

b) Os servizos privados

- P.18. Para terminar coas valoracións, voulle propoñer que falemos dos seguintes tipos de compras ou contratación de servizos. Dígame, por favor, cales fixo vostede no último ano (LER):

P.18.1. Destes servizos, ¿cal é o último que vostede utilizou?

P.18.2. ¿Cando comprou por última vez?

	Último ano		Última compra			
	Últ. sem	Últ. mes	Últ. trim.	Últ. sem.	Últ. ano	
- Produtos de alimentación e bebidas	1	1	2	3	4	5
- Vestido e calzado	1	1	2	3	4	5
- Vivenda (incluído reparacións), auga, electricidade, gas e outros combustibles	1	1	2	3	4	5
- Mobiliario e equipamento do fogar	1	1	2	3	4	5
- Saúde (farmacia, aparellos e asistencia médica privada)	1	1	2	3	4	5

- Transportes privados (inclúe compra e reparación de vehículos e mudanzas)	1	1	2	3	4	5
- Comunicacions (inclúe servizos de correos, mensaxaría, liñas telefónicas e aparatos)	1	1	2	3	4	5
- Ocio, espectáculos e cultura (inclúe aparatos e as súas reparacións)	1	1	2	3	4	5
- Ensino privado	1	1	2	3	4	5
- Hoteles, cafés e restaurantes	1	1	2	3	4	5
- Bens e servizos para o coidado persoal	1	1	2	3	4	5
- Seguros	1	1	2	3	4	5
- Servizos bancarios e financeiros	1	1	2	3	4	5

- P.19. Imos centrarnos en _____ (última compra),. Atendendo á súa experiencia máis recente neste servizo, ¿como o valoraría vostede entre 0 e 10?

Valoración

Non sabe 98 (pasar a P.19.9.)

Non contesta 99 (pasar a P.19.9.)

P.19.1. (Só se valorou entre 8 e 10) Deu vostede unha valoración global moi alta (10) / bastante alta (8 a 10). ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa moi alta (10) / bastante alta (8 a 10)?

P.19.1.1. (Só se a resposta a P.19.1. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún aspecto máis concreto en relación con isto?

P.19.2. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO

- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO puntos

- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA ESTE SERVIZO puntos

(Pasará a P.19.9.)

*P.19.5. (Só se valorou entre 6 e 7) A súa valoración está lonxe de ser das máis altas
¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración non sexa máis alta?*

*P.19.5.1. (Só se a resposta a P.19.5. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún
aspecto máis concreto en relación con isto?*

P.19.6. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO |||
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO ||| puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA
ESTE SERVIZO ||| puntos

(Pasar a P.19.9.)

*P.19.7. (Só se valorou entre 0 e 5) A súa valoración é bastante baixa (4 ou 5)/moi baixa
(0 a 3) ¿Cal diría vostede que é o principal motivo de que a súa valoración sexa baixa (4
0 5)/tan baixa (0 a 3)?*

*P.19.7.1. (Só se a resposta a P.19.7. foi xenérica ou pouco precisa)¿Pode detallar algún
aspecto máis concreto en relación con isto?*

P.19.8. Voulle pedir que valore as seguintes cuestións, entre 0 e 10 (LER):

- 1 A SÚA SATISFACCIÓN CON ESTE SERVIZO |||
- 2 O GRAO DE CUMPRIMENTO DESTE SERVIZO ||| puntos
- 3 A UTILIDADE, OS BENEFICIOS QUE LLE PROPORCIONA
ESTE SERVIZO ||| puntos

(Pasar a P.19.9.)

P.19.9. Se tivese que volver facer a mesma compra ou usar o mesmo servizo de _____, ¿faríao coa mesma empresa ou establecemento ou cambiaría?

- | | |
|------------------|---|
| - Mesmo provedor | 1 |
| - Cambiaría | 2 |
| - Non sabe | 8 |
| - Non contesta | 9 |

4. Variables posicionais de análise

- P.20. Á hora de distinguir os partidos políticos, ¿a que lle dá vostede máis importancia, a que estean máis á esquerda ou máis á dereita ou a que sexan máis ou menos nacionalistas?

- | | |
|-----------------------------|---|
| - Eixe esquerda – dereita | 1 |
| - Eixe nacionalista | 2 |
| - Ningún (non ler) | 3 |
| - Ambos por igual (non ler) | 4 |
| - Non sabe | 8 |
| - Non contesta | 9 |

P.21.1. Pensando nas expresións esquerda e dereita ¿En que punto se situaría Vde., entre 0 e 10, onde 0 representa a esquerda máis extrema e o 10 a dereita máis extrema?

□□□

P.21.2. ¿E en que punto se situaría Vde., entre 0 e 10, onde 0 significaría que non é nada nacionalista e 10 que é moi nacionalista?

□□□

P.22.1. ¿Onde situaría vostede o Goberno galego, entre 0 e 10, onde 0 indicaría que está na esquerda máis extrema e 10 na dereita máis extrema?

□□□

P.22.2. ¿E onde situaría o Goberno galego, entre 0 e 10, onde 0 indicaría que non é nada nacionalista e 10 que é moi nacionalista?

□□□

- P.23. ¿Con cal das seguintes frases se identifica en maior medida?

- Síntome unicamente español 1
- Síntome máis español que galego 2
- Síntome tan español como galego 3
- Síntome máis galego que español 4
- Síntome unicamente galego 5
- Non sabe/non contesta 9

- P.24. ¿Cre vostede que o funcionamento destes servizos é mellor, peor ou igual que hai dous anos? (LER)

	Mellor	Peor	Igual
- Educación	1	2	3
- Sanidade	1	2	3
- Servizos administrativos	1	2	3
- Servizos sociais	1	2	3
- Seguridade	1	2	3
- Xustiza	1	2	3
- Transporte	1	2	3
- Vivenda	1	2	3

- P.25. Tendo en conta o que vostede e a súa familia reciben en servizos sanitarios, Seguridade Social, ensino, estradas, etc. ¿diría vostede que obtén máis do que paga en impostos e cotizacións, máis ou menos o que paga ou menos do que paga?

- Máis do que paga 1
- Máis ou menos igual 2
- Menos do que paga 3
- Non sabe/non contesta 9

- P.26. Nunha escala de 0 a 10, na que 0 é moi mala xestión e 10 moi boa xestión, ¿como valoraría vostede o labor desempeñado no último ano polas seguintes institucións?

- | | | | |
|----------------------|-------|-------------|-----------------|
| - Goberno central | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |
| - A Xunta de Galicia | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |
| - O seu Concello | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |

(Se 88 ou 99 en Xunta de Galicia, pasar a P.27)

P.26.1 (Só se valorou a Xunta de Galicia entre 7 e 10) ¿Cal ou cales foron os principais acertos da Xunta para que vostede a valore positivamente?

¿Podería sinalar tamén algún erro significativo para vostede?

P.26.2. (Só se valorou a Xunta de Galicia entre 5 e 6) ¿Cal ou cales foron os principais acertos da Xunta?

¿Cales foron os principais erros?

P.26.3. (Só se valorou a Xunta de Galicia entre 0 e 4) ¿Cal ou cales foron os principais erros da Xunta para que vostede a valore negativamente?

¿Podería sinalar tamén algún acerto significativo para vostede?

- P.27. De 0 a 10, ¿que puntuación lle daría ao Goberno galego en _____

- | | | | |
|---------------------------|-------|-------------|-----------------|
| - HONESTIDADE | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |
| - CAPACIDADE | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |
| - CUMPRIMENTO DE PROMESAS | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |
| - RELACIÓN CO POBO GALEGO | _ _ _ | Non sabe 88 | Non contesta 99 |

- P.28. Polo que vostede sabe, ¿quen se encarga de xestionar os seguintes servizos ou asuntos públicos?

	G. Cen	G. Aut	Conc.	NS	NC
- Educación	1	2	3	8	9
- Sanidade	1	2	3	8	9
- Seguridade cidadá	1	2	3	8	9
- Servizos sociais	1	2	3	8	9
- Xustiza	1	2	3	8	9
- Transporte público	1	2	3	8	9
- Vivenda	1	2	3	8	9
- Funcionamento da economía (desemprego, inflación)	1	2	3	8	9
- Medio ambiente	1	2	3	8	9

- P.29. En xeral, ¿considérase vostede moi informado, bastante informado, pouco informado ou nada informado sobre as actividades que desenvolve o Goberno central?

¿E sobre as actividades do Goberno autonómico?

¿E sobre as actividades do seu concello?

	G. central	G. autonómico	Concello
- Moi informado	1	1	1
- Bastante informado	2	2	2
- Pouco informado	3	3	3
- Nada informado	4	4	4
- NS	8	8	8
- NC	9	9	9

- P.30. En liñas xerais ¿diría vostede que a política nacional lle interesa moito, bastante, pouco ou nada?

¿E a política da súa comunidade autónoma?

¿E a política do seu municipio?

	P. Nacional	P. Autonómica	P. Municipal
- Moito	1	1	1
- Bastante	2	2	2
- Pouco	3	3	3
- Nada	4	4	4
- NS	8	8	8
- NC	9	9	9

5. Variables sociodemográficas de análise

- IDADE (último aniversario)



- SEXO

- Home 1
- Muller 2

- POSICIÓN NO FOGAR

- Persoa principal
- Cónxuxe
- Fillo/a
- Pai/nai
- Irmán/irmá
- Outro parentesco
- Sen parentesco

- NIVEL DE ESTUDOS TERMINADOS

- Sen estudos 1
- Primarios incompletos 2
- Primarios completos/EXB I 3
- EXB II/ESO 4
- Formación Profesional I 5
- Bacharelato/BUP 6
- PREU / COU 7

- Formación Profesional II/III 8
- Universitarios Medios 9
- Universitarios Superiores 10
- Doutoramento/Posgrao/Máster 11

- OCUPACIÓN

¿A que se dedica actualmente? (Só unha resposta. Se hai máis dunha, darémoslles prioridade a calquera situación de ocupación (traballa) e despois á situación de paro. Por exemplo, se unha persoa estuda, pero busca emprego, situarémolo como parado. Se estuda, pero traballa, situarémolo como ocupado, na forma que corresponda).

- Estudiante universitario 21
- Estudiante ESO-Bacharelato 22
- Outros estudantes 23
- Labores do fogar 2
- Pensionista 3
- Parado sen subsidio 4
- Parado con subsidio 5
- Axuda familiar 6
- Traballa sen contrato 7
- Asalariado privado contrato temporal 8
- Asalariado privado contrato indefinido 9
- Asalariado público contrato temporal 10
- Asalariado público contrato indefinido 11
- Funcionario 12
- Autónomo 13
- Cooperativista 14
- Empresario con empregados 15

(SÓ AOS QUE ESTÁN OCUPADOS OU PARADOS: ¿Cal é a súa categoría profesional? (ANOTAR DETALLE E CODIFICAR POSTERIORMENTE) _____

- CATEGORÍA PROFESIONAL

- | | |
|--|---|
| - Director xeral/ Xerente/ Empresario activo/ Autónomo | 1 |
| - Integrante equipo directivo/alto cargo | 2 |
| - Funcións técnicas non directivas | 3 |
| - Mando intermedio (supervisor, capataz, encargado) | 4 |
| - Empregado. | 5 |

¿Cantos subordinados ten ao seu cargo laboralmente?

- | | |
|---------------|---|
| - Non ten | 1 |
| - Menos de 10 | 2 |
| - Máis de 10 | 3 |

Tipo de traballo. (Só para ocupados e parados dos niveis: Autónomos sen empregados, e Empregados) Pensando na ocupación ou oficio que Vde. desempeña actualmente no seu traballo, ¿podería dicirme, por favor, que predomina no seu traballo...?

- | | |
|---|---|
| - Dedícase, sobre todo, a procesar información | 1 |
| - Dedícase, sobre todo, a tratar con persoas | 2 |
| - Dedícase, sobre todo, a manexar máquinas de produción | 3 |

Formación específica. E, respecto desa mesma ocupación ou oficio ¿realizou Vde. estudos especificamente orientados a ela, foi necesario para poder desempeñala unha aprendizaxe práctica ou trátase dunha ocupación que non lle exixiu ningún esforzo especial de aprendizaxe?

- | | |
|------------|---|
| - Estudos | 1 |
| - Práctica | 2 |
| - Nada | 3 |

Tipo de empresa. (Agás autónomos) E a empresa ou entidade ¿é pública (organismo ou empresa de calquera administración, local, provincial, autonómica, estatal) ou privada?

- | | |
|-----------|---|
| - Pública | 1 |
| - Privada | 2 |

- NACEMENTO. ¿PODERÍA DICIRME EN QUE COMUNIDADE AUTÓNOMA NACEU VOSTEDE? ¿E O SEU PAÍ? ¿E A SÚA NAI?

	Entrevistado	Pai	Nai
- Galicia	1	1	1
- Asturias	2	2	2
- Cantabria	3	3	3
- País Vasco	4	4	4
- Navarra	5	5	5
- A Ríoxa	6	6	6
- Aragón	7	7	7
- Cataluña	8	8	8
- Baleares	9	9	9
- País Valenciano	10	10	10
- Murcia	11	11	11
- Andalucía	12	12	12
- Extremadura	13	13	13
- Canarias	14	14	14
- Castela – A Mancha	15	15	15
- Castela e León	16	16	16
- Ceuta, Melilla	17	17	17

- DATOS DO ENTREVISTADO E DO ENTREVISTADOR

Entrevistador: *a túa parte nesta enquisa non pode ser un traballo de calidade se non é supervisable. É obvio que hai algúns casos de persoas sen teléfono ou de persoas que se negan a dar o seu enderezo e teléfono, pero estes casos deben ser reducidos á mínima expresión. Para iso, deberemos explicarllo ao entrevistado, máis ou menos como segue:*

Agradecemoslle moito a súa colaboración. Só lle vou pedir unha cousa máis. ¿Pódeme dicir, por favor, o seu nome, enderezo e un teléfono de contacto? É imprescindible, para que este traballo sexa útil, que se poida verificar a súa autenticidade e a súa correcta realización. Ese é o único motivo de que solicitemos estes datos, que non serán utilizados para outros fins, nin sequera de promoción comercial, baixo responsabilidade da empresa que realiza o estudo.

Entrevistador: *se é necesario, recordar os datos da empresa (Q.índice S.L.) e a persoa e teléfono de contacto (Juan Carlos Rodríguez Rojo, Tfno. (91) 351.18.45)*

- NOME DA PERSOA ENTREVISTADA:

- ENDEREZO:
- TELÉFONO:
- MUNICIPIO:
- PROVINCIA:
- NOME E APELIDOS DO ENTREVISTADOR:
- CÓDIGO ENTREVISTADOR:

Os datos contidos neste cuestionario foron recollidos de acordo coas normas metodolóxicas indicadas e expresan a opinión nese momento da persoa entrevistada sobre todas as preguntas formuladas.

Esta entrevista realizouse de acordo coas normas do Código de Conduta ESOMAR e as indicacións do Briefing.

- NOME E APELIDOS DO ENTREVISTADOR/A:**SINATURA DO ENTREVISTADOR/A:**